

DESCUBRIENDO

**Anuario
de Estudios
e Investigación
de Deza**

Número 14



Coordinadora do SED

Begoña Blanco Blanco, concelleira de Cultura

Coordinadora Administrativa do Anuario

Cecilia Doporto Regueira

Consello de redacción

José Ramón López Fernández

Xoán Carlos García Porral

José Ramón Pérez Salgado

Redacción e intercambio

Seminario de Estudos de Deza

Patronato Cultural de Lalín, Concello de Lalín

Apdo. 179 – 36500 Lalín (Pontevedra)

Tfno. 986 784 004 – Fax 986 782 042

E-mail: lalin@lalin.org

A responsabilidade polas opinións vertidas en *Anuario Descubriendo* corresponden en exclusiva aos autores e autoras dos artigos.

Fotografía de Cuberta

“Seguimos camiñando” – Consello de Redacción

Maquetación e impresión

Técnicas & Gramaxe, SL

Supervisión lingüística

Alba Rozas Arceo

Tradución dos resumos e palabras clave ao inglés

Isabel Mancebo

ISSN: 1139-7527

D.L. PO 7-99

© Seminario de Estudos de Deza

DESCUBRINDO

**Anuario
de Estudios
e Investigación
de Deza**

Número 14



Esta nova entrega do *Anuario de Estudios e Investigación de Deza* constitúe un retallo de esencias que pon a cuberto outro anaco de historia da nosa Comarca. O *Descubriendo* número 14 despunta garboso de entre as nosas sólidas raiceiras para, xa como volume escrito, permanecer a resguardo para a veciñanza dos tempos que están por vir grazas ao labor dos virtuosos e entregados membros do equipo do *Seminario de Estudios de Deza* (SED) e ao apoio decidido dun goberno que cre no esencial quefacer do SED.

Asenta este *Descubriendo* a tradición continuada de poñer a salvagarda os nosos alicerces, tras un proceso de reactivación do SED iniciado o pasado ano con vontade de permanencia. Permanencia para proseguir investigando aspectos insólitos, curiosos ou descoñecidos da nosa terra e para conferirles vida inmorredoira en forma de fragmentos da que é a gran enciclopedia galega de Deza.

É unha dita ver que neste novo *Descubriendo* se incorporan traballos achegados por novas persoas colaboradoras co *Seminario de Estudios de Deza* que contribúen a construír este compendio de saber, sinal de identidade compartida. Unha obra que mesmo representa un referente para que outras latitudes se animen a sementar idéntica práctica nos seus territorios e poidan así, co decorrer cronolóxico, atesourar un legado documental de valor incalculable.

Neste décimo cuarto número o equipo do SED descóbrenos e pon en valor elementos característicos do noso patrimonio como os nosos cruceiros e camiños; revélanos interesantes apuntamentos biográficos de singulares personaxes destas terras como Laxeiro, Xesús Golmar ou Manuel González Ferradás “o Naranxo”, entre outros; recolle interesantes notas históricas sobre Deza; comparte connosco escritos inéditos como unha carta dun astrónomo húngaro a José Rodríguez González “o Matemático de Bermés” ou unha crónica e poemas que Xesús Golmar dedicou a Joaquín Loriga. Faino nun exercicio de composición rigorosa do que emerxe un corpus documental de dezaseis valiosas pezas que son as que conforman este *Descubriendo* nº 14.

Os habitantes do noso que están por vir terán na colección do *Anuario Descubriendo Deza* un instrumental decisivo para coñecer o medio no que viviron os seus devanceiros: unha biblioteca monográfica do saber dezaio.

José Crespo Iglesias
Alcalde de Lalín

LIMIAR

Neste limiar do *Consello de Redacción* tratarase de desvelar e alumear os contidos que este ano 2021 se presentan a través do *Anuario Descubrindo*, un anuario que chega á súa edición número 14. Reflicte a Real Academia Galega que un limiar é a “*parte que introduce unha obra escrita, onde se tratan cousas sobre a mesma obra ou sobre o autor*”. Pois ben, parte da nosa responsabilidade será que o lector se familiarice cos contidos dos catorce artigos e as dúas comunicacións que este ano presenta o *Descubrindo 14*.

Dicía D. José Lucas Labrada na súa obra “*Descripción económica del reyno de Galicia*”, que a Terra de Deza se atopaba a 4 leguas ao nacente de Padrón, e que producía trigo, centeo e millo, e alí existían 33 teares e 3 feiras. Mais de 200 anos despois de que o Sr. Labrada aportara estos datos e outros a maiores sobre a nosa Comarca, trataremos, neste volume, de seguir achegando información relevante sobre estas terras.

Estrutúrase o presente volume en 5 arterias principais: Arte, Arquitectura e Patrimonio / Biografía / Historia / Xeografía / Comunicacións.

Conta o primeiro dos apartados cun artigo que versa sobre a importancia do paso do Camiño de Inverno a través da Comarca de Deza, reflectindo os cruceiros (manifestacións artísticas da arte popular) que o peregrino pode atopar ao longo deste traxecto. Un segundo artigo servirá de canle para a divulgación, conservación e valoración do patrimonio a través dun proxecto de dinamización do territorio, potenciando, así mesmo, gastronomía e produtos agroalimentarios.

Un extenso apartado sobre biografías nos levará cronoloxicamente ao s. XVIII para vivir os avatares da vida de D. Luis Rodríguez Varela, “o Conde Filipino”, descendente dunha liñaxe oriúnda da parroquia de Santa Comba (Agolada). Xa entrado o s. XIX, atoparemos asentado en Trasdeza a D. Beltrán Legerén, contrutor de fábricas de curtidos. Entre finais do s. XIX e mediados do s. XX deambulaba por estas terras Manuel González Ferradás, “o Naranxo”, personaxe inmortalizado nos retratos de Laxeiro ou no libro de D. Ramón de Valenzuela, e en datas similares transcorría a vida de D. Primo Castro Vila, un alcalde do concello de Agolada durante a II República. Inician este apartado uns apuntamentos sobre as biografías de D. Xosé Otero Abeledo “Laxeiro” e D. Xesús Golmar Rodríguez.

No tocante á Historia, trasladarémonos á parroquia de San Mamede do Castro (Silleda) concretamente á Casa de Negreiros, onde no transcurso do s. XVI e comezos do XVII residía unha importante liñaxe. Seguindo a liña iniciada no *Descubriendo 13*, preséntase a visita pastoral a terras de Trasdeza do ano 1701, polo bispo de Lugo D. Lucas Bustos de la Torre. Formando parte da súa correspondencia persoal, D. José Rodríguez González, “o Matemático de Bermés”, recibía na súa residencia de París en 1818, unha carta do astrónomo húngaro Pál Tittle. Documentación procedente do Arquivo da Deputación de Pontevedra permitirá establecer a división do Partido Xudicial de Lalín, entre os anos 1835 e 1836. Aspectos administrativos acontecidos durante o s. XIX son a orixe dos termos Trasdeza e Silleda, empregados de forma indistinta para aludir a ese concello. O último grande arranxo da demarcación parroquial do Arciprestado de Deza tivo lugar no ano 1891. Previamente fora efectuado un proxecto iniciado en 1888 e rematado en marzo de 1889.

Da xeografía da Comarca do Deza dará conta D. Guillermo Schulz, que se convertirá no primeiro xeólogo que a recorra. As súas aportacións científicas quedarán reflectidos nos preciaos cadernos de campo.

Dúas son as comunicacións presentadas neste ano 2021. A primeira delas, recollida nunha publicación do xornal “*La Provincia*”, do ano 1926, versa sobre a crónica e os poemas adicados ao aviador Loriga, consistindo a segunda nun poema a ese intrépido Comandante de Aviación.

O Consello de Redacción

ÍNDICE

ARTE, ARQUITECTURA E PATRIMONIO

Cecilia Doportu Regueira

Os cruceiros no Camiño de Inverno ao seu paso pola Comarca do Deza13

José Luis Rodríguez Jácome

Roteiros de Lalín. Un proxecto de dinamización socioeconómica baseado na divulgación, conservación e posta en valor do patrimonio.....35

BIOGRAFÍA

María Rosario Golmar Saavedra

Apuntamentos sobre as biografías e a relación entre Laxeiro e Xesús Golmar (artigo no xornal *Razón*, 1933)..... 75

Daniel González Alén

Manuel González Ferradás, “O Naranxo” (1879-1945)..... 89

José Ramón Pérez Salgado

D. Beltrán Legerén, construtor de fábricas de curtidos: xenealoxía familiar e industrial (1807-1854) 113

Ángel Luis Utrera Baza

Primo Castro Vila en primeira persoa. O único alcalde republicano electo do Concello de Agolada (1880-1950) 141

Antonio Vidal Neira e José Ramón Pérez Salgado

D. Luis Rodríguez Varela “O Conde Filipino” (1768-1824): xenealoxía e liñaxe 169

HISTORIA

- Diego Frade Amil*
Trasdeza ou Silleda? Apuntamentos históricos sobre o nome
dun concello 197
- Daniel García Coego*
Orixe e historia da Casa de Negreiros de San Mamede do Castro 219
- Xoán Carlos García Porral*
Proxecto do arranxo parroquial do Arciprestado de Deza
de 1888-1889 (previo ao definitivo de 1891) 245
- Óscar González Murado*
O antigo arciprestado de Trasdeza. A visita de Bustos de la Torre
no ano 1701 275
- José Ramón López Fernández*
A división municipal do partido xudicial de Lalín (1835-1836) 305
- Carmen Villanueva e J. A. Docobo Durántez*
Unha carta do astrónomo húngaro Pál Tittel a José Rodríguez
González, o Matemático de Bermés 345

XEOGRAFÍA

- Juan López Bedoya*
Guillermo Schulz en el corazón de Galicia. Las valiosas
interpretaciones de un geólogo alemán en el noreste de la provincia
de Pontevedra (1832-1833) 369

COMUNICACIÓN

- María Rosario Golmar Saavedra*
Crónica e poemas de Xesús Golmar sobre Xoaquín Loriga 413
- Pedro Santos*
Joaquim Loriga Taboada 427

ARTE, ARQUITECTURA E PATRIMONIO

OS CRUCEIROS NO CAMIÑO DE INVERNO AO SEU PASO POLA COMARCA DO DEZA

Cecilia Doporto Regueira

Resumo

A Galicia interior ten a necesidade de implementar unha serie de estratexias como poden ser as diferentes rutas de peregrinación (Camiño de Inverno e Ruta da Prata), destacando o paisaxismo, o sector gastronómico e cultural, creando parques e rutas vinculadas ao patrimonio rural e outras actividades que sirvan para potenciar os recursos territoriais, tendo en conta a singularidade desta Comarca do Deza (Xunta de Galicia, 2011). Os cruceiros son obras de grande arraigo dentro da vida e da xeografía galegas e a súa evolución tivo moito que ver na consolidación e expansión por toda Galicia destes bens etnográficos. Nesta comunicación deixamos reflectidos os cruceiros que o peregrino pode encontrar ao seu paso por esta comarca, seguindo o Camiño de Inverno.

Palabras chave

Camiño de Inverno, etnografía, cruceiros, Comarca do Deza

Abstract

Inland Galicia needs to introduce a range of strategies such as the different pilgrimage routes (the Winter Way and the Silver Route), with an emphasis on the landscape, the gastronomy and cultural sectors, while creating parks and routes related to the rural heritage as well as other activities aiming at boosting the territory's resources and, at the same time, taking into account the uniqueness of the Deza region (Xunta de Galicia, 2011). Stone crosses are works of art with a significant influence on Galician life and geography, and its evolution was deeply related to the consolidation and expansion of these ethnographic elements within the whole of Galicia. This paper presents the stone crosses pilgrims doing the Winter Way can find when they walk on their way through this region.

Key Words

Winter Way, Ethnography, Stone crosses, Deza region

1. CAMIÑO DE INVERNO

Dada a importancia das rutas xacobeas a Santiago de Compostela, especialmente neste Ano Santo 2021-2022, en que a Xunta de Galicia impulsa a recuperación e promoción de novas rutas e camiños, queremos facer fincapé especialmente nun itinerario que levaba anos agardando ser recoñecido oficialmente como ruta de peregrinación e que foi recoñecido como un novo Itinerario Oficial do Camiño de Santiago en agosto do ano 2016.

Desde que a Xunta de Galicia fixo o tan merecido recoñecemento do Camiño de Inverno como ruta alternativa ás que xa estaban recoñecidas para gañar o xubileu, cada ano vese medrar a afluencia de peregrinos por estes camiños que foran moi transitados e coñecidos polos arrieiros e segadores que ían a Castela para facer a seitura nos últimos séculos. Foi deseñada polos romanos como vía natural de entrada en Galicia e usada en época medieval como camiño real desde Castela. Entra na nosa comunidade a través da provincia de León, evitando así ter que subir no inverno polo alto do Cebreiro (que, por mor da neve, era case imposible transitar polas escasas corredeiras existentes). O Camiño de Inverno, desde O Bierzo, desvíase cara ás Médulas (declaradas Patrimonio da Humanidade no ano 1997), O Barco de Valdeorras, A Rúa, Quiroga, Monforte de Lemos, Chantada, Rodeiro, Lalín (no lugar da Laxe, parroquia de San Miguel de Bendoiro, únese á Vía da Prata) e Silleda, para entrar xa na Comarca do Ulla, ata chegar a Santiago de Compostela.

O recoñecemento como ruta oficial foi de suma importancia para a Comarca do Deza e para aquelas vilas por onde transcorre o vello Camiño de Inverno para activar o sector turístico, gastronómico e cultural, supoñendo unha grande oportunidade de desenvolvemento polo impacto económico favorable en ingresos e nivel de vida dos seus municipios e do comercio local, e polas posibilidades de emprego no sector turístico. Temos un rico patrimonio cultural que se está dando a coñecer a través de rutas e de artigos publicados outros anos no *Descubriendo* (publicación do Seminario de Estudos do Deza), en

prensa e revistas, coa única finalidade de poñer en valor igrexas, capelas, castros, mámoas, cruces, cruceiros, petos de ánimas, pazos, carballeiras, lendas, gastronomía...

Sen lugar a dúbidas, cando este Camiño de Inverno goce do mesmo prestixio que outros camiños das Rutas Xacobeas, os peregrinos contribuirán economicamente no sector turístico axudando a paliar a precaria economía dos lugares por onde pasa e que neste intre se encontra agravada pola pandemia que vimos sufrindo desde hai case dous anos. Nesta comunicación queremos achegar un pequeno inventario do seu patrimonio etnográfico, en concreto dos cruceiros, no recorrido desde a súa entrada na Comarca do Deza ata que remata no último lugar do concello de Silleda.



Vista do mapa co Camiño de Inverno desde Ponferrada a Santiago

O Camiño de Inverno de Chantada a Lalín ten dúas variantes desde o lugar de Penasillás. Unha vai polo chamado Camiño da Virxe, no que hai un viacrucis, chega ata o Monte do Faro e culmina no punto máis alto coa ermida da Nosa Señora do Faro. A este lugar máxico miles de romeiros acoden no día grande da Virxe, o 8 de setembro, con gran devoción para

oír a misa na capela, que constitúe a última construción do século XVII. Outros romeiros seguramente acoden á romaría para dar boa conta do polbo e da paisaxe que desde alí se divisa.

A Serra do Faro, con máis de 1.100 metros de altura, divide a provincia de Lugo e a de Pontevedra. Esta desviación, pasando polo monte Faro, é recomendable polas excelentes vistas que se poden contemplar dos montes galegos como Pena Trevinca, Os Ancares, Manzaneda e O Farelo, entre outros, dependendo o alcance das vistas das inclemencias do tempo.

1.1. Cruceiros

Nas manifestacións artísticas e, encadrado na arte popular, coñecemos como *cruceiro* o conxunto formado por unha plataforma de varias gradas colocadas de forma piramidal e un pedestal que soporta un varal ou columna. Sobre esta aséntase o capitel, rematado nunha cruz, ou ben figurada coa imaxe de Cristo no anverso ou ben con dobre imaxe no reverso. Tamén, aínda que máis escasos, son os cruceiros de desencravo ou de medio desencravo, dependendo do número de figuras que rodean a cruz.

Neste lugar hai un cruceiro que lle foi encargado no seu día ao canteiro Vidal Payo, quen realizou a representación dun desencravo completo. Aínda que está no límite entre as dúas provincias (Lugo e Pontevedra), e consideramos que é unha peza singular dentro dos chamados cruceiros de desencravo completo, que non son moi frecuentes polo custo elevado dos mesmos, xa que levan varias figuras.

Ao lado dereito da capela hai un grande espazo aberto e alí está situado o cruceiro de desencravo do santuario do Monte do Faro, que pertence á parroquia de Santiago de Requeixo. Este cruceiro foi encargado polo Partido Popular, que gobernaba na Xunta de Galicia cando celebraron a primeira romaría na curota do Monte Faro. O custe do mesmo foi un millón seiscentas mil pesetas (Fernández de la Cigoña 2001).

Está composto por tres chanzos cadrados sobre os que se asenta unha dobre base cilíndrica: a inferior, adobiada cunha serpe coa mazá na boca, e a superior, que leva tres cunchas de vieira colocadas de forma simétrica. O varal grosso, de sección cilíndrica, liso e de pouca altura, leva varias figuras. Na parte inferior están representadas as figuras de Adán e Eva. Encima desas dúas figuras de vulto redondo aparece a Virxe Nai de Deus, baixo a advocación da Virxe do Faro. O capitel de factoría cuadrangular, colariño na parte inferior e en cada unha das esquinas, remata cun anxo de corpo enteiro sostendo a base que soporta o conxunto das oito figuras que conforman o desencravo. Na cruz latina, de sección circular, a figura de Xesús aparece baixo o cartel INRI, cos brazos xa desencravados, para

baixar o corpo sen vida valéndose dunha saba colocada por debaixo dos brazos e suxeita por dous homes empoleirados en escaleiras colocadas na parte posterior da cruz. Observando a escena están as figuras de tres mulleres: a Virxe María axeonllada no centro e, por cada lado, María Magdalena e Salomé. A cada lado destas dúas figuras, cara a diante, sitúase a esfínxe de dous anxos alados de menor tamaño. Este cruceiro pertence aos chamados devocionarios e serve para dar volta a procesión os días de festa.




Detalles do cruceiro de desencravo do Santuario do Monte do Faro. Santiago de Requeixo, 1992. (Ilustración de Carlos Santos)

Os peregrinos que non tomen esa ruta e decidan coller o camiño máis curto e menos dificultoso, ao chegar ao lugar de Penasillás, seguen o camiño que os leva a Mouricios e San Vicente e, ao chegaren aos límites coa provincia de Pontevedra, cruzan o corredor

rápido que une Monforte con Lalín, onde está indicado o camiño, entrando por Vilanova e baixando cara á parroquia de San Xiao de Camba. Nesta parroquia vanse encontrar cunha igrexa de tipo rural, dunha soa nave e que aínda conserva elementos do románico (paredes da nave central, arco de triunfo e capiteis) e foi modificada en época barroca. Cómpre destacar nas inmediacións desta igrexa a Casa-Fortaleza de Camba e unha sepultura que atribúen a Fernando de Camba, en estado de conservación moi regular. Aquí atópase outro cruceiro no campo da festa, no lateral dereito da igrexa parroquial.

Nunha esquina do campo da festa, no lateral dereito a carón da igrexa e do camiño, está situado o cruceiro da parroquia de San Xiao de Camba. A plataforma está composta de dous chanzos de pedra, de




*Cruceiro de San Xiao
de Camba (Rodeiro).
(Ilustración de Carlos Santos)*

forma cuadrangular, na que se asenta a base ou pedestal cúbico, biselado. O varal é octogonal, empeza e remata cuadrangular. O capitel é cuadrangular, de tronco piramidal invertido, e remata cunha cruz tamén octogonal, lisa e sen imaxes. Na intersección dos brazos ten unha cruz riscada de pequeno tamaño. Ao lado da plataforma hai una pedra rectangular que no seu día puido ser una mesa ou altar na que se apoiaban os santos cando se facían as procesións polo día das festas. Os veciños contáronnos que, polas festas desta parroquia, na honra de San Xiao, sacan o santo en procesión e alí dan volta cara á igrexa. É un cruceiro cativo (menos de tres metros de altura) e o seu estado de conservación non é todo o bo que se desexaría, xa que as pedras presentan separacións notables.

Ao paso pola parroquia de Santa María de Río, enfronte da igrexa parroquial (nunha esquina do campo da festa e a carón dun cruce de camiños), hai outro cruceiro de iguais características que o mencionado anteriormente. Neste caso, a plataforma é de tres graos cuadrangulares, a base é de forma cúbica biselada, o varal é octogonal e liso e remata na mesma peza cun capitel cuadrangular no que se asenta a cruz latina, lisa e sen imaxe. É mester destacar que neste lugar existen pendellos en estado de abandono. Estes alpendres semiabertos foron usados para dar acubillo ás vendedoras e aos feirantes para protexérense da auga e do sol. Tiñan un pequeno mostrador feito tamén de lousas para pousar as mercadorías. Hoxe están en total abandono ou foron reutilizados para outros usos (galiñeiros, alpendres).

Seguimos o camiño cara a Rodeiro, onde non hai ningún cruceiro. Observamos que o recorrido está sinalado con certa frecuencia cun fito que nos indica a dirección a seguir. Ao deixar o núcleo urbano de Rodeiro, vaise cara á Ponte do Hospital (este topónimo indícanos que neste lugar houbo un hospital de peregrinos) cara a Penerbosa, Puza e Penela, ata chegar á parroquia de San Xulián de Pedroso, onde atopamos, antes de chegar á igrexa, outro cruceiro na encrucillada de tres camiños.

A diferenza dos citados anteriormente, este non ten plataforma, está chantado nunha pena e non ten pedestal ou base, simplemente un varal octogonal liso e un capitel cuadrangular no que se sostén unha cruz sen imaxe. Non topamos ningunha inscrición e a altura non chega aos tres metros.



*Cruceiro da parroquia de Santa María de Río (Rodeiro).
(Ilustración de Carlos Santos)*

O cruceiro tiña una mesa diante, hoxe está abandonada, pousada no chan. A mesa ou pousadoiro é unha especie de columna de 60 centímetros e, na parte superior, ten unha cruz riscada e unha pequena cavidade para botar a auga bendita. Chamounos a atención que, encima da rocha na que está sostido o varal e debaixo de tres pedriñas pequenas, había un papel dobrado á metade, ao abrilo vimos que se trataba dunha foto de dous peregrinos que deixaron pegada ao seu paso polo lugar. O cruceiro é de utilidade pública e devocional, cando saen as imaxes en procesión pasan ao seu redor. Non está moi ben conservado.

Seguindo o camiño e cruzando a ponte medieval de Pedroso, no lugar chamado O Mesón, cara ao concello de Lalín, novamente aparece indicado con outro fito o camiño cara ao lugar de Palmaz e segue ata chegar a Lalín de Arriba, que anteriormente era a parroquia de San Martiño de Lalín. Hoxe este núcleo de edificacións está integrado no casco urbano



Cruceiro de San Xiao de Pedroso (Rodeiro). (Ilustración de Carlos Santos)

e pertence á parroquia da Nosa Señora das Dores de Lalín. Aquí hai unha igrexa prerrománica da que só quedan elementos románicos e houbo un mosteiro dúplice do que nada se conserva, só documentación da cesión do cenobio. Esta igrexa ten unha soa nave rectangular cunha ábsida cadrada orientada leste-oeste. Conserva, no exterior do testeiro, un vano de tipoloxía románica, con dúas pequenas columnas acanaladas de fuste monolítico, bases áticas e capiteis con decoración vexetal. Sobre cada un dos capiteis, atopamos un cimacio de perfil en chafrán que se prolonga a cada lado a modo de imposta. Sobre estes cimacios volta o arco de medio

punto a modo de arquivolta (Chao Castro 2002). Curiosamente, baixo esta fiestra que se abre no testeiro da ábsida, figura unha inscrición en caracteres góticos minúsculos que di: ERA DE MYLL CCCC LXXXV e, nunha placa de mármore, figura un pequeno resumo histórico desta igrexa, realizado polo científico lalinense D. Ramón María Aller Ulloa:


ERA DE MYLL CCCC LXXXC = ERA DE 1485
HACIA 980 FUNDÓ EL MONASTERIO DE S. MARTÍN DE
LALÍN EL OBISPO DE MONDOÑEDO D. ARIAS PELÁEZ
SEGÚN EL TESTAMENTO DE SU SOBRINA D^a ADOSINDA
FECHADO EN 1019
SEGÚN DATOS DE D. RAMÓN M^a ALLER ULLOA

No exterior pódense observar outros elementos que confirman que, nas orixes, esta igrexa foi románica, como son os aleróns da nave sobre canzorros, o arco de triunfo e a portada setentrional. Tamén se pode observar que foi elevada pola ábsida e, neste caso, a decoración de bólas é propia da arte gótica. Tamén na portada occidental se ve a simple vista a elevación sobre a que asentou a espadana, que sinala que foi ampliada posteriormente e pode que o remate desa reforma fose a data que deixou anotada o investigador Aller Ulloa. Os amantes da arte románica deben facer unha parada aquí.

O Cruceiro de Lalín de Arriba é o máis antigo de toda a Comarca do Deza, data de 1675 e está situado no medio nunha encrucillada de camiños preto dunha fonte e dunha casa grande, que pertence á familia Moure, a escasos metros da igrexa prerrománica.

Está constituído por unha plataforma de tres chanzos de cantería que forman unha pirámide cuadrangular truncada. No primeiro chanzo está inserida una mesa. A base do pedestal, de forma cuadrangular, está achafranada e remata cunha caveira en cada unha das esquinas. Ten imaxes da Paixón: por diante unha escada e tralla, á dereita ten un lagarto, á esquerda ten uns tenaces, martelo e cravos. Na parte de diante, figura unha inscrición moi erosionada: ESTA OBRA/C-VDOV/AÑO DE 1675. Ten varal octogonal liso, capitel cuadrangular con astrágalo octogonal e ábaco curvo coas esquinas en chafrán e volutas enroscadas. Cada unha das

caras está decorada con cabezas de anxo (situadas na parte cóncava). A cruz latina, de sección octogonal lisa, remata floreada (aínda que presenta un estado de desgaste elevado). No anverso da cruz está Cristo crucificado con tres cravos, baixo o cartel INRI, cabeza á fronte, mans abertas, perizoma ou pano de pureza anoado ao lado esquerdo e pé dereito derriba do esquerdo. No reverso a Virxe do Rosario, sobre a cabeza dun anxo a modo de peaña, viste túnica e manto desde a cabeza e leva un rosario nas mans.



*Cruceiro no tramo do Camiño de Inverno ao seu paso por Lalín de Arriba.
Detalles do capitel e da cruz (Ilustración de Carlos Santos)*

Os peregrinos aproveitan para refrescarse nunha fonte que hai ao lado da casa do Moure e ver a igrexa prerrománica de Lalín de Arriba, que paga a pena visitar. Baixan pola rúa Calzada cara ao albergue da Laxe (parroquia de San Miguel de Bendoiro). Alí rematamos o primeiro día de viaxe, non sen antes parar no cruceiro do Polígono Lalín 2000 (os terreos nos que está situado pertencen á parroquia de Santa María de Filgueira).

Este é un cruceiro recente que foi posto na marxe esquerda da estrada N-525, de Ourense a Santiago, cando se inaugurou o Polígono Lalín 2000. O autor da construción deste ben etnográfico foi o Sr. Vidal Payo Fernández e nel plasmou un desencravo moi similar ao do Monte Faro, como xa deixamos constancia.



Detalles de cada unha das partes do desencravo do cruceiro situado á saída de Lalín (Polígono Lalín 2000). (Ilustracións de Carlos Santos)

Foi labrado no ano 1992-93 e consta dunha plataforma cuadrangular de tres chanzos de granito. A base é monolítica, cilíndrica e está decorada con catro cunchas de vieira. Na parte superior vaixe adelgazando e fai una pequena gorxa, cun reborde moi marcado. O varal é cilíndrico con varias figuras (todas elas colocadas en pequenas peañas), sendo a primeira, en sentido ascendente, a do Pelegrín¹. Na metade ten as figuras de Adán e Eva

1. O Pelegrín foi a mascota embaixadora para o Xacobeo de 1993.

espídos, tapando a súa nudez coas mans. Na parte superior está o apóstolo Santiago, ataviado coas vestimentas propias dun peregrino: bastón cun cabazo, sombreiro de ala con cuncha, capa e alforxa. O capitel é cilíndrico, con catro anxos ao redor separados entre si por unha cuncha de vieira. Os anxos soportan unha base ou ábaco cuadrangular na que se asenta a cruz coa representación dun desencravo. A cruz latina, de sección cilíndrica, ten anverso baixo o cartel coas iniciais INRI, a efixie de Cristo coas mans liberadas dos cravos e sostido por Xesús de Arimatea e Nicodemo, observados polas tres Marías que presencian a escena con dor, sendo a figura central a da Virxe María que acompañan María Salomé (nai de Santiago O Maior e de Xoán) e mais a figura de María Magdalena. Facendo garda, en primeiro termo, están as figuras dos soldados romanos que custodiaban a cruz. Polo reverso óllanse dúas figuras masculinas de costas, subidas a dúas escadas para facer posible o desencravo. É unha obra ategada de figuras. Este cruceiro foi encargado para a inauguración do Polígono Lalín 2000 e a súa función é de adobío da zona e, ao estar no medio dun lago artificial, non se observa que sexa utilizado para culto polos peregrinos. Está asinado no varal, na parte esquerda do mesmo: Payo.

O segundo tramo do Camiño de Inverno pola Comarca do Deza sae do lugar da Laxe, onde está un albergue de peregrinos, e vai en dirección ao lugar de Eirexe, parroquia de San Miguel de Bendoiro. Preto da igrexa, á marxe esquerda do camiño e dentro dun terreo particular, atopamos un dos cruceiros máis fermosos e mellor conservados de toda a comarca e un dos de maior altura.

O cruceiro da parroquia de San Miguel de Bendoiro está formado por unha plataforma de dous chanzos de granito sobre os que se apoia a base monolítica, dividida en dous tramos: o primeiro paralelepípedo e o segundo de forma rectangular con rebaixe cóncavo na parte superior. O varal é monolítico, de sección cilíndrica e presenta un lixeiro éntase ou engrosamento na parte central do mesmo para corrixir o efecto óptico. O capitel é de tronco piramidal invertido (corintio), con follas de acanto e caulículos, rematando nos catro vértices con volutas. No medio da parte cóncava destaca centrada a cara dun anxo. A cruz latina é de sección

cilíndrica rugosa. No anverso sitúase a figura de Cristo crucificado baixo o cartel INRI, coa cabeza ladeada á dereita, o pano de pureza con nó tamén do mesmo lado do que un anxo recolle, co Santo Graal, o sangue que mana do seu costado.

No reverso, apoiada sobre a figura dun anxo a modo de peaña, atópase a Virxe Dolorosa en actitude suplicante (as mans xuntas e a mirada cara ao ceo), vestida con túnica de abundantes e profundos pregos e manto sobre a cabeza con coroa de metal. A Virxe ten o corazón atravesado por una espada metálica.


Aínda que agora, pola cantidade de maleza, apenas se pode ler a inscrición, xa a examinaremos noutra ocasión e di o seguinte:

LO HIZO ROSA MAREQUE/ES
PROPIEDAD/ DE LA CASA/JOSE CARBALLO M.

O ano da súa construción foi 1910. Manifestáronnos os veciños que Rosa encargou este cruceiro en Santiago para cumprir unha promesa. Sobre este cruceiro comentaba sempre o Sr. Payo que fora mudado de lugar cando se fixo a ampliación da vía de Ourense a Santiago, que el mesmo fixera esa mudanza para o lado oposto da súa primitiva localización e incluso se lle acortara un pouco o varal porque era moito máis alto. Aínda así, é o cruceiro que ten o varal máis longo de todos os existentes no Concello de Lalín.



Cruceiro da parroquia de San Miguel de Bendoiro (Lalín) e detalle do anverso do cruceiro. (Ilustración de Carlos Santos)



Dúas das cinco cruces do viacrucis da parroquia de San Miguel de Bendoiro (Lalín) a carón da igrexa. (Ilustracións de Carlos Santos)

Xusto enfronte deste cruceiro, situado no lugar da Igrexa, na marxe dereita da estrada citada, a uns cen metros de distancia, desviándose un camiño cara á igrexa, pódense ver restos dun viacrucis, a ambos os lados do camiño. No ano 1980 había seis cruces de diferentes tamaños, hoxe só quedan cinco e unha moi estragada. Axuntamos fotos por se poden resultar de interese para a súa posta en valor e recuperación.

Continuamos o camiño cara á parroquia de San Martiño de Prado, facendo un pequeno desvío para contemplar o pazo de Bendoiro e, de camiño tamén, o pazo de Liñares, dous dos mellores exemplos das construcións da nobreza da Comarca do Deza, con grandes escudos de armas e chemineas.

Pasando pola ponte románica de Taboada (xa do concello de Silleda) ata chegar á igrexa da parroquia de Santiago de Taboada, onde hai un cruceiro no medio dunha grande área de descanso, entre a igrexa, a casa reitoral e un cruce de camiños.

É un dos máis fermosos do camiño. Empeza cunha plataforma de cinco graos grandes, cuadrangulares. A base é de forma cilíndrica e vai pasando a octogonal, para rematar cunha mesa ou pousadoiro grande encima, na que podemos observar unha pequena cavidade para poñer alí a auga bendita. O varal monolítico está formado por dous corpos cónicos acanalados, engrosando na parte media baixa e rematando na parte superior de forma circular. O capitel é cuadrangular, de tronco piramidal de forma invertida, con moitos enfeites e un anxo en cada una das catro caras (a unión entre o varal e o capitel está reforzada por unha abrazadeira de ferro). A cruz é de forma cilíndrica, representando un talo leñoso, con varios nós. No anverso da cruz está a escultura de Cristo crucificado coas mans abertas, a cabeza ladeada cara ao lado dereito, con coroa de espiñas, e tamén unha coroa aos pés. No remate da cruz, aparece o cartel INRI. No reverso da cruz, encima dunha peaña, está representada a Virxe en actitude de oración, coas mans xuntas.

Este cruceiro ten unhas dimensións considerables, uns cinco metros de altura, non se observan inscricións e está moi ben conservado. O uso é relixioso, xa que se levan os santos en procesión nos días das festas parroquiais e, nese punto, dan volta para a igrexa.

Seguindo o camiño cara a Silleda, pasando polo Pazo de Trasfontao, contan os veciños que había alí un cruceiro, hoxe desaparecido. Seguimos con dirección ao centro da vila e no centro da vila hai unha fermosa igrexa cun cruceiro no lateral dereito.


O cruceiro está formado por unha plataforma composta por dous graos cuadrangulares. O pedestal, cúbico, remata con aresta viva. O varal é octogonal, pero na parte inferior empeza cuadrangular. O capitel empeza cilíndrico e remata cuadrangular, cun anxo na parte dianteira e outro na parte posterior. A cruz é cadrada, lisa e, no anverso, está representado Cristo

crucificado coa cabeza lixeiramente caída cara a diante, as mans abertas cun cravo en cada unha delas, na cabeza coroa de espiñas, o pano de pureza con nó ao lado esquerdo do seu corpo e a perna dereita sobre a esquerda con outro cravo. A cruz remata coa inscrición INRI na cima, a modo de cartel.


No reverso, enriba dunha pequena peaña, está a Virxe pregando. Este cruceiro está asinado na parte dianteira por Payo, canteiro moi coñecido en toda Galicia pola gran cantidade de obras que deixou espalladas por centos de vilas e pobos galegos, españois e centroamericanos. Ten unha altura duns cinco metros e está moi ben conservado. Hai que dicir que é recente a súa construción.



Vista xeral do cruceiro e detalle do capitel, da cruz e da representación de Cristo crucificado, no tramo do Camiño de Inverno ao seu paso por Taboada (Silleda). (Ilustración de Carlos Santos)



*Vista xeral do
cruceiro de Silleda.
(Ilustración de Carlos Santos)*



*Vista xeral da cruz de termo.
(Ilustración de Carlos Santos)*


O camiño segue de Silleda cara ao Foxo (neste lugar comentan os veciños que había un cruceiro propiedade da casa dos de Vista Alegre, pero que foi cambiado de lugar e hoxe está dentro do recinto da súa casa). Na parroquia de San Fiz de Margaride hai unha cruz de termo.

Esta cruz está a carón dun cruce de camiños que leva cara á igrexa parroquial e a outros lugares. Ao seu lado, hai un fito que indica a dirección a seguir cara á parroquia de Chapa pola Vía da Prata e o Camiño de Inverno. A cruz latina está enxertada nunha rocha sen tallar e de sección octogonal, sen ningún outro sinal.

Cando no ano 1983-1984, M. Raimóndez Portela fixo traballo de campo por terras do Deza para a publicación do inventario *Cruceiros e cruces do noroeste da provincia de Pontevedra*, que publicou a Deputación Provincial de Pontevedra, inventariara un cruceiro nun monte, á beira dun camiño e moi preto da capela de San Brais. Cal sería a nosa sorpresa no ano 2016, trinta anos despois, ao comprobar que apenas quedan marcas visibles do lugar que ocupaba. Un veciño indicounos que o cruceiro caera hai anos e que os seus restos estaban dentro da capela do San Brais.

A comezos do ano 2021, volvemos visitar a capela e o cruceiro que no seu día describira Raimóndez Portela.

O cruceiro foi restaurado, loce limpo e moi cerca da capela. Foi cambiado de lugar, anteriormente estaba máis atrás, entre uns arbustos. Está formado por unha plataforma de dous chanzos de granito, de tipo piramidal graduada, estando o primeiro medio soterrado. Ten base monolítica, de forma circular, remando en chafrán con irregularidades. O fuste é monolítico e prismático, de sección cuadrangular no comezo e continúa circular. Na parte superior ten a efixie da Virxe en oración, coas mans xuntas, que se asenta nunha pequena peaña circular, viste hábito composto por túnica, manto que cubre o cabelo, longo ata os pés e leva toca. A imaxe é bastante ruda. O capitel é tronco-cónico invertido, con cruz latina de sección cuadrangular. No anverso, aparece a figura de Cristo coa cabeza ladeada á dereita, barbado e de longos cabelos, cos ollos pechados e coas mans abertas. O tórax moi marcado, cubre a nudez cun pano de pureza recto. O pé dereito asenta sobre o esquerdo e ambos os dous teñen de base unha caveira. Non ten imaxe no reverso. O seu uso é devocionario, pois polo día de San Brais a procesión chega ao cruceiro e dá volta.



*Cruceiro de San Brais.
(Ilustración de Carlos Santos)*

Na Bandeira (pequeno núcleo de poboación que pertence ao concello de Silleda) non hai ningún cruceiro e continuamos camiño de Vilariño, Piñeiro, Lamela (no recinto desta igrexa, desviándose da primitiva Ruta da Prata e do Camiño de Inverno, a douscentos metros, hai un cruceiro ben fermoso) e acabamos en San Matiño de Dornelas, pero sen atopar máis bens etnográficos que resaltar. Convidamos os peregrinos a que, de paso que miran os poucos cruceiros neste tramo do camiño, disfruten das

excelentes igrexas de orixe románico rural coma a de San Xoán de Camba (das que só se conserva o arco de triunfo, a bóveda e os capiteis), a de San Xiao de Pedroso, a de San Martiño de Lalín de Arriba, a de Santiago de Taboada e a de San Martiño de Dornelas, onde rematamos o noso camiño. Querémoslle agradecer ao pintor Carlos Santos a súa colaboración coas pinturas das imaxes dos cruceiros e cruces desta ruta ao seu paso pola Comarca do Deza.

2. EPÍLOGO

Hai moitas maneiras de facer o Camiño a Santiago de Compostela. No Camiño de Inverno hai bos exemplares de cruceiros que serven para ver a gran variedade artística e as diferentes tipoloxías dos máis de 20000 exemplares que hai na Comunidade Galega. Cabe destacar o viacrucis da parroquia de Bendoiro, que está en mal estado de conservación. A maior parte dos cruceiros descritos están pouco protexidos e afeados pola proximidade dos postes eléctricos, sinais de tráfico e vexetación. Esperamos que o percorrido por esta ruta de peregrinación sirva para que sexan protexidos e coidados polos poderes públicos.

BIBLIOGRAFÍA

- Arribas Arias, Fernando; Cuba, Xosé Ramón e Reigosa Carreiras, Antonio (1987): *As cruces e cruceiros de Terra Cha*. Lugo: El Progreso.
- Barral Rivadulla, María Dolores e Cendón Fernández, Marta (1997): “Devociones en piedra en la Galicia gótica rural”. *SÉMATA, Ciencias Socias e Humanidades*, 9. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC.
- Barreiro de Vázquez, Bernardo (1889): “Monumentos populares. Las cruces y los cruceiros”. *Galicia Diplomática*. Santiago de Compostela: Ed. Manuel Miras y Álvarez. Tomo IV, 163.
- Burgoa Fernández, Juan José (2003): “Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular”, *Cuadernos do Seminario de Sargadelos*, 93. Sada, A Coruña: Edicións O Castro.

- Burgoa Fernández, Juan José (1998): *La catalogación y protección de los cruceros. Cruceros de los municipios de Sada y Oleiros*. A Coruña: Abrente.
- Castro Allegue, Francisco (2002): *Normativa do patrimonio cultural de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Carmona Muela, Juan (2003): *Iconografía de los Santos*. Madrid: Istmo, S. A.
- Cendón Fernández, Marta (1996): *La catedral de Tuy en época medieval*. Pontevedra: Fundación Cultural Rutas del Románico.
- Fernández de la Cigña, Estanislao (2001): *Entre encravamentos profundos e desencravos amorosos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- García Porral, Xoán Carlos (2002): *Goiás, vida dunha parroquia rural galega. Estudio Antropológico-Histórico de San Miguel de Goiás (Lalín)*. Lalín, Pontevedra: Seminario de Estudos de Deza.
- López Ferreiro, Antonio (1904): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. “Catálogo dos cruceiros e cruces da terra de Viveiro”. Viveiro: Seminario de Estudos Terras de Viveiro.
- López Gómez, Francisco (2000): “O fondo valor cultural dos cruceiros deste extremo occidente”, *Cruceiros na provincia da Coruña*. Tomo I. A Coruña: Deputación da Coruña.
- Martín Ruíz, Luis (1999): *Cruceiros na provincia da Coruña*. A Coruña: Excma. Deputación Provincial de A Coruña.
- Moralejo Álvarez, Serafín (1987): “Arte del camino de Santiago y arte de peregrinaciones (ss. XI-XIII)”, *El camino de Santiago*. Santander: Universidad Internacional del Atlántico, 9-28.
- Moralejo Álvarez, Serafín (2004): *Formas elocuentes. Reflexiones sobre la teoría de la representación*. Madrid: Ediciones Akal, S. A.
- Núñez Rodríguez, Manuel (1996): “El arte paleocristiano y bizantino”, en Ramírez, J.A. (dir.); *Historia del Arte. La Edad Media*. Madrid: Alianza.
- Orozco, Giordano (1979): *Religiosità popolare nell’alto medioevo*. Bari, Italia: Ed. Adriatic.
- Precedo Ledo, Andrés (1987): *Galicia: estrutura do territorio y organización comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Precedo Ledo, Andrés e Gallego Priego, M. (2001): *Mapa de parroquias de Galicia. 1: 200.000*. Barcelona: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- Raimondez Portela, Manuel (1985): *Cruceiros e cruces do noroeste da provincia de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.
- Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel (1950): *As cruces de pedra na Galiza*. Bos Aires: Ed. Nós.
- Valle Pérez, José Carlos (1974): “Cruceiros”, *Gran Enciclopedia Galega*. T. VIII Vigo: Silverio Cañada.
- Vázquez Crespo, Armando e González Alén, Daniel (1989): *A Comarca do Deza*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Xunta de Galicia 2011. *Directrices de Ordenación do Territorio*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Yzquierdo Perrín, Ramón (2003): *Los caminos a Compostela. El arte de la peregrinación*. Madrid: Ediciones Encuentro, S. A.

ROTEIROS DE LALÍN. UN PROXECTO DE DINAMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA BASEADO NA DIVULGACIÓN, CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO

José Luis Rodríguez Jácome

Resumo

As distintas experiencias vividas nos últimos anos no Concello de Lalín no sector das actividades no medio natural cristalizaron no proxecto “Roteiros de Lalín – Viarum Dezae”. Dende setembro do ano 2015 ata a actualidade, primeiro, un grupo de voluntariado impulsado dende o Concello de Lalín e, posteriormente, a través das estruturas dun Club Deportivo e dunha Asociación Cultural, deseñáronse vinte e tres itinerarios que serven para dar a coñecer o patrimonio natural, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico do Concello de Lalín, sendo ademais unha canle ideal para a promoción dos nosos excelentes produtos agroalimentarios e da nosa gastronomía.

Palabras chave

Roteiros de Lalín, Viarum Dezae, turismo activo, camiños tradicionais, Camiños de Santiago, Camiños Reais, Camiños de arrieiros, serventía

Abstract

In the past few years the various experiences which have taken place in the council of Lalín within the context of activities in nature led to the project: “Roteiros de Lalín – Viarum Dezae”. Since September 2015 until now, twenty-three routes were designed, at first, by a group of volunteers under the initiative of the Council of Lalín and, later, under the framework of a Sports Club and a Cultural Association. These routes are a means of disseminating the natural, architectural, archeological and ethnographic heritage in the Council of Lalín. Moreover, they are the perfect channel to promote our excellent agri-food and gastronomic products.

Key Words

Routes in Lalín, Viarum Dezae, active tourism, traditional paths, Saint James’ Ways, royal routes, cattle routes, right of way



Camiño no Agro dos Maragatos / JLRJ

1. INTRODUCCIÓN

Foron varias as iniciativas que xurdiron no noso Concello dende finais dos anos oitenta do século pasado que teñen como denominador común a realización de actividades no medio natural. Sen querer esquecer a xente pioneira, en Lalín foron aparecendo organizacións como o Club Ciclista do Deza, Club Ciclista Alambike, Club de montañismo A Peniza, Club Natación Lalín, Club Triatlón Lalín, Trail de Vilatuxe, GTR (Galaico Trail Run), Club Atletismo Deza, Club Ciclista Montes do Deza, o equipo ciclista Extol (organizador da proba de BTT Lalín Bike Race) e tamén colectivos do mundo ecuestre como Cabaleiros do Deza. Todas estas asociacións, e as persoas que nelas militaron, foron poñendo as bases para que en Lalín se pensase no enorme potencial do noso Concello e da nosa Comarca no eido do chamado turismo activo e das actividades físico-deportivas no medio natural.

Partindo desas experiencias colectivas antes mencionadas, Nicolás González Casares, sendo Tenente de Alcalde do Concello de Lalín e Concelleiro de Urbanismo, convocou e presidiu unha xuntanza realizada na Casa do Concello o día 17 de setembro de 2015 da que saíu un proxecto e un primeiro grupo de traballo que se encargaría de poñer en marcha o primeiro dos Roteiros de Lalín. A arquitecta Marlene Pérez Sánchez, nesas primeiras xuntanzas preparatorias, foi puíndo o logotipo que identifica a Roteiros de Lalín e que xa é unha icona representativa do noso Concello, a folla coa frecha direccional no seu interior. Está inspirado na folla de carballo, unha árbore que campa no escudo do Concello de Lalín e que ten unha gran presenza na paisaxe do noso territorio, no que aínda se conservan multitude de carballeiras, soutos e devesas. A primeira das rutas que se realizou foi a Ruta dos Pazos e Ponte Taboada, o día 24 de outubro de 2015, na que participaron máis de duascenas persoas. Días antes celebrouse a conferencia sobre o castro de Bendoiro e o pazo de Liñares, na que disertaron Antonio Presas García e Francisco Rubia Alejos. Este acto foi toda unha declaración de intencións, pois a parte cultural de Roteiros de Lalín é un dos sinais de identidade máis importantes do proxecto.

O proxecto Roteiros de Lalín – Viarum Dezae pretende conservar e poñer en valor os camiños tradicionais entendendo que son unha canle extraordinaria para gozar da beleza paisaxística da que dispoñemos e tamén para dar a coñecer o noso rico patrimonio monumental, arqueolóxico, etnográfico, natural e gastronómico, e con iso promover a dinamización turística e socioeconómica do noso Concello. Entre os obxectivos principais desta iniciativa están:

- En primeiro lugar, a divulgación do patrimonio natural e cultural, así como a sensibilización medioambiental. Trátase de aproximar a poboación e potenciais visitantes ao coñecemento popular e dos investigadores sobre os elementos naturais e patrimoniais existentes. Con iso refórzase a identidade colectiva e a toma de conciencia sobre a necesidade de preservar o medio e o patrimonio. A sensibilización medioambiental realízase dando a coñecer as áreas de Rede Natura e a importancia dos sistemas fluviais e da flora e fauna autóctonas nun ecosistema equilibrado.

- En segundo lugar, promover a recuperación e posta en valor dos camiños tradicionais, así como dos elementos patrimoniais da súa contorna. Preténdese crear unha rede integrada de itinerarios sinalizados con carácter permanente e trátase de interpelar a opinión pública, as administracións e os propietarios privados sobre a necesidade de manter e poñer en valor os elementos naturais e patrimoniais existentes nas rutas, respectando os valores enxebres e o sentido histórico.
- En terceiro lugar, estimular a dinamización socioeconómica seguindo un criterio de desenvolvemento sostible e harmonizado. Inténtase aproveitar o valor engadido que pode achegar o coidado do patrimonio natural e monumental en todos os ámbitos e, en particular, o do sector turístico e da produción agroalimentaria de calidade que ten a comarca, así como de incentivar a fixación de poboación en áreas rurais.
- En cuarto lugar, promover a integración e cohesión social así como a participación cidadá. Búscase a interacción entre poboación urbana e rural, a comunicación interxeracional, a colaboración entre o sector público e propietarios privados e a integración social de persoas con discapacidade. Igualmente búscase o fomento do voluntariado e a dinamización do tecido asociativo.
- En quinto lugar, trátase de incorporar as innovacións e as ferramentas tecnolóxicas nas actividades. Utilízanse redes sociais, páxina web, GPS, apps para móbiles, deseño gráfico e elementos multimedia, códigos QR, ou drons.

O proxecto Roteiros de Lalín segue actualmente en marcha tratando de adaptarse a cada tempo, incorporando elementos novos, pero sobre todo realizando labores de mantemento do traballo realizado. Seguimos adiante con iniciativas propias e en colaboración coa Concellería de Cultura e Turismo, xestionada actualmente por por Begoña Blanco Blanco, e tamén con outros departamentos do Concello de Lalín. Esperamos en breve poder ofrecer un servizo de roteiros guiados, continuo e de calidade, con persoal cualificado e cumprindo toda a normativa do sector. Queremos que a xente que veña visitar Lalín teña un calendario de actividades á

súa disposición. Somos conscientes de que non basta con crear pequenas infraestruturas, porque estas teñen que ser continuamente dinamizadas. O mellor que podemos dicir do proxecto Roteiros de Lalín é que seguimos coa ilusión dos primeiros días pero incrementada polo inxente traballo realizado e polo apoio recibido. Porque o máis bonito non é chegar ao destino, senón saber gozar do camiño.

2. MATERIAIS E MÉTODOS

Para confeccionar este artigo empregamos os materiais de divulgación do arquivo de Roteiros de Lalín elaborados para documentar os distintos Roteiros que se fixeron. Pero esta fonte alimentouse das publicacións preexistentes sobre a historia e o patrimonio de Lalín e a Comarca de Deza. Na bibliografía relacionamos algúns destes traballos dos investigadores e investigadoras, principalmente locais, que aportaron luz para o coñecemento da nosa cultura. Os Roteiros non son máis que un fermoso percorrido por esa excelente biblioteca.



Saída do Roteiro do castro de Sestelo / JLRJ


3. RESULTADOS

Se contemplamos o labor realizado ao longo destes cinco anos e medio podemos ver datos que falan claro da magnitude do traballo feito e dos obxectivos acadados. Foron máis de 40 actividades organizadas por Roteiros de Lalín. Percorréronse 604 quilómetros en total. Deseñáronse 23 andainas diferentes ao longo de todo o Concello de Lalín pasando por 39 das 52 parroquias. Os trazados creados suman máis de 400 quilómetros de percorrido. Nas actividades participaron de forma directa arredor de 3000 persoas, sen que poidamos cuantificar o número inxente de persoas que fixeron as rutas pola súa conta. Nos percorridos realizados visitáronse máis de 30 igrexas e capelas, 15 pazos, 20 castros, 15 cruceiros, 5 pontes históricas (Taboada, Ponte dos Cabalos, Ponte de Pedroso, Pontenoufe e Ponte Orneiros) así como muíños, alvarizas, hórreos e árbores senlleiras. Subíronse 5 dos cumios máis elevados do noso Concello (Candán 1017 metros, Coco 969 metros, Carrio 827 metros, A Rabeixa 899 metros, Cima da Ágoa 920 metros). Tamén serviron os roteiros para divulgar o amplo patrimonio arqueolóxico do que dispoñemos en forma de mámoas, petróglifos e castros. Ademais en redes sociais creouse unha comunidade que chega xa a 3500 seguidores e na páxina web recibíronse máis de 50000 visitas.

Polo tanto, este inxente labor ben direccionado, sumado ao labor doutros colectivos, quere posicionar o Concello de Lalín na vangarda do sector das actividades no medio natural, no tocante a turismo de natureza, de patrimonio e mesmo gastronómico. Agora mesmo o Concello conta con 5 sendeiros homologados (PRG 234 Ruta dos Pazos e Ponte Taboada, PRG 188 Sendeiro de Zobra, PRG 227 Devesas do Candán, PRG 210 Roteiro de Mouriscade-Castro de Doade, PRG 248 Roteiro do Muíño de Cuíña) e tamén con varios sendeiros parcialmente sinalizados coa sinalética propia de Roteiros de Lalín (Ponte dos Cabalos, Fragas de Catasós, Bermés e Monte do Carrio, Camiño do Corpiño e tamén na Telleira de Sello, no Roteiro de Soutolongo, e no de Cercio). Seguimos a traballar para completar a sinalización de todos os trazados e o seu acondicionamento.

Roteiros de Lalín. Un proxecto de dinamización socioeconómica baseado na divulgación, conservación e posta en valor do patrimonio

Situación actual da rede de sendeiros:



4. DISCUSIÓN

Os camiños. Unen os pobos e a súa xente. Son canles de difusión da cultura, das ideas e, por suposto, das mercadorías. Os camiños históricos forman parte do noso patrimonio cultural e etnográfico. Do mesmo xeito, tamén forman parte del os seus elementos accesorios como son os valados, caneiros, poldras, pontes, pontellas, petos de ánimas, cruceiros e moitos outros. Os camiños existen porque a xente transita por eles e, cando se deixa de pasar, simplemente van desaparecendo. En certo modo, pódese dicir que os camiños son o torrente sanguíneo dun pobo.

Unha proba da enorme variedade de formas que adoitan ter os camiños é a multitude de verbas coas que a lingua galega se refire a eles. Así temos andada, andaina, camiño, canella, calella, carreiro, comareiro, congostra, corga, corredoira, corripa, currupa, engroba, pasal, pasadoiro, paso, poldras, quella, relanzo, retorta, revolta, roteiro, ruta, senda, sendeiro, treito, tramo, traxecto, vereia, vía, vial, vieiro...



Congostra na aldea de A Vila na parroquia de A Xesta / JLRJ

A paisaxe do noso rural aínda hoxe está caracterizada polo minifundismo. Vén sendo un mosaico de pequenas fincas separadas por valados, lousas, arribadas, sebes e peches diversos. Neste universo de hortas, leiras, nabais, prados e tenzas xorde a serventía. A serventía é unha institución tradicional e específica do Dereito Foral Galego. Tivo orixe consuetudinaria pero foi recollida na Lei de Dereito Civil de Galicia do ano 2006 que a define, no seu artigo 76, como “o paso ou camiño privado de titularidade común e sen asignación de cotas, calquera que sexa o que cada un dos usuarios ou causantes cedesen para a súa constitución, que se encontra establecido sobre a propiedade non exclusiva dos lindeiros e que teñen dereito a usar, gozar e posuír en común para os efectos de paso e servizo dos predios”. A serventía, polo tanto, é un camiño privado que se forma pola cesión de varios propietarios dunha franxa do seu terreo para que se poida acceder ás fincas de todos eles. Este paso é, polo tanto, comunal e normalmente conecta as fincas cun camiño público ou principal. En todas as aldeas e lugares do noso concello e comarca hai multitude de exemplos desta organización das terras, ao igual ca no resto de Galicia. As serventías e os seus peches accesorios son elementos antrópicos introducidos na paisaxe que lle dan un aspecto singular e característico. Sen prexuízo de buscar a modernización no noso agro, cómpre actuar con intelixencia e non perder por completo este sinal de identidade que define moitas das máis fermosas paisaxes de Lalín, do Deza e de Galicia.

Dentro do conxunto dos camiños da nosa comarca e de Galicia, os Camiños de Santiago merecen unha consideración específica e separada. As rutas de peregrinación xacobeas son un ben cultural en si mesmo tanto dende o punto de vista material como inmaterial. Os camiños de peregrinación que van á catedral de Santiago forman parte deste monumento. Ademais deben entenderse incluídos nel os seus elementos funcionais (peches, muros, cómaros, valos, pasos, pontellas, pontes, fontes, lavadoiros ou espazos similares) pois forman parte da súa fisionomía. A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, considera “bens de interese cultural” as rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco. O resto das rutas dos Camiños de Santiago recoñecidas oficialmente terán a consideración

de “bens catalogados” coa categoría de territorios históricos e poderá promoverse a súa declaración como bens de interese cultural. Das sete rutas consideradas principais dos Camiños de Santiago, dúas pasan pola Comarca de Deza. A Lei de patrimonio cultural de Galicia denomínaas como “Vía da Prata” ou “Camiño Mozárabe” e “Camiño de Inverno”. En canto á primeira delas, é moi discutible a denominación de Vía da Prata para referirse á ruta que vén do sueste da Península Ibérica e que, na localidade zamorana de Granja de la Moreruela, se desvía por Puebla de Sanabria e logo entra en Galicia polos altos do Padornelo e da Canda. Son moitos os que prefiren chamala “Camiño Sanabrés” ou “Camiño Castelán”, pois os nosos seitureiros ían por ela a pé para recoller o cereal á meseta chegando mesmo ata Toledo. O importante é que estes dous camiños teñen, polo seu valor cultural, a protección legal da que gozan os Camiños de Santiago. Pero aínda que o trazado destes dous camiños na nosa comarca está bastante definido, queda pendente a súa delimitación definitiva. Será entón cando os concellos estarán obrigados a incluír o trazado fixado nos seus instrumentos de planeamento urbanístico. Mentres tanto, hai unha sinalización provisional que, no caso do trazado urbano do Camiño de Inverno en Lalín, foi motivo de controversia nestes últimos meses pola desafortunada actuación da Xunta de Galicia que variou unilateralmente o percorrido provisional, xa admitido e sinalizado, á marxe de calquera consideración histórica, aplicando o trazado establecido no Plan Básico Autonómico que, incomprendiblemente, non pasa pola igrexa románica de Lalín de Arriba nin pola rúa Calzada. Afortunadamente, as observacións feitas ao respecto polo Concello de Lalín e as asociacións xacobeas locais tivéronse en conta e mantívose a situación anterior. Agora queda pendente a corrección do Plan Básico Autonómico e a delimitación definitiva dos nosos Camiños de Santiago, que lles dará protección e plena seguridade xurídica a todos os efectos.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín, aprobado o día 5 de febreiro de 1999, no Catálogo de Bens Protexidos, no capítulo IV, fala da protección da edificación e dos elementos singulares. No artigo 14, apartado segundo, inciso segundo, di que se considera conveniente proceder, dende a Administración, á realización dun inventario e catalogación específica

dos camiños históricos presentes no territorio municipal. O certo é que, sobre esta cuestión, non se ten noticia de que se fixese nada en vinte e un anos e tampouco consta que se inventariasen os camiños públicos existentes no noso concello. Esta e outras tarefas pendentes (alvarizas, muíños, hórreos, cruceiros) deben acometerse para protexer e evitar a desaparición de bens que forman parte do noso patrimonio, como é o caso dos camiños históricos, e tamén para dotar de seguridade xurídica todo aquilo que teña relación cos camiños públicos, que non é pouco. Non cabe dúbida de que, dentro dese inventario, deben estar os dous Camiños de Santiago que pasan polo noso concello: o Camiño Castelán e o Camiño de Inverno. En canto ao primeiro, o Plan Xeral alude a el e descríbese sucintamente. En canto ao segundo, nada di, o que é lóxico, pois ata o ano 2016 non se recoñeceu oficialmente, polo que urxe incluílo aínda que sexa de maneira provisional. Igualmente deberían recollese nese inventario os chamados “Camiños Reais”, algún deles con posible orixe en época romana, que conectarían Lalín coas principais cidades de Galicia e tamén coa meseta castelá. Tampouco deberían faltar os “Camiños de Arrieiros” que serviron para traer á nosa Comarca o viño do Ribeiro e que tiveron grande actividade dende a Idade Media ata a construción das actuais estradas. Do mesmo xeito, poderían incluírse moitos camiños parroquiais que aínda existen pola súa singularidade e valor cultural e etnográfico.

Un caso paradigmático da realidade actual desta cuestión témolo no expediente administrativo aberto en relación coa investigación e recuperación do uso do Camiño Real Ourense-Betanzos ao seu paso por Alemparte, resolto pola Xunta de Goberno do Concello de Lalín na sesión celebrada o día 22 de xuño de 2021. Da resolución deste caso concreto pódense extraer algunhas consideracións. En primeiro lugar, a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e o Regulamento de Bens de Entidades Locais establecen que “as entidades locais teñen a obriga de exercer-las accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos” e a xurisprudencia do Tribunal Supremo entende que nos atopamos ante un deber de inescusable cumprimento. En segundo lugar, a normativa antes citada dispón que son bens de dominio público local, entre outros, os camiños, e a interpretación xurisprudencial sostén que, fronte a aparencia

do carácter público do camiño, teñen que ser os que sosteñan a privacidade do terreo os que deberán acudir á xustiza ordinaria sendo indiferente que o camiño non figure no inventario de bens de dominio público. En terceiro lugar, a xurisprudencia require unha proba completa e acabada, pero en ningún caso exhaustiva, que demostre en primeiro lugar a posesión administrativa e o uso público e, en segundo lugar, que tal uso público fose perturbado ou usurpado polo administrado contra o que se dirixe a acción municipal. A Xunta de Goberno Local acordou por unanimidade declarar de uso público este camiño, malia que deixa aberta a posibilidade para que o particular solicite a desafectación do mesmo ao uso público.

Neste contexto, xurdiu a iniciativa de Roteiros de Lalín coa idea de chamar a atención sobre este patrimonio singular que temos para evitar a súa desaparición. Nos vinte e tres roteiros deseñados ata hoxe hai moitos tramos que van por estes camiños históricos que aínda se conservan e que queremos divulgar e poñer en valor. Seguidamente pasamos a describir polo miúdo estes itinerarios creados coa intención de continuar dándoos a coñecer.



Ponte medieval de Taboada / JLRJ

O Roteiro número I é a Ruta dos Pazos e Ponte Taboada. Foi a primeira das nosas andainas. O Roteiro inaugural está centrado cultura pancega ou cultura dos pazos. No noso concello temos arredor de 25 pazos e casas grandes que reflicten a importancia que tivo a fidalguía na estrutura social durante máis de cinco séculos. Sobre esta realidade histórica organizamos esta ruta que inicialmente pasaba polos pazos de Bergazos, Bendoiro, Eirixe e Liñares. Posteriormente, dado o estado de ruína do pazo de Bergazos, tivemos que suprimir esta parte do percorrido e cambiámo-lo indo por Estivelle e a igrexa de Donsión. Con esta modificación homologouse a ruta coa matrícula PR-G 234. O percorrido de catorce quilómetros, que comeza no centro de Lalín e chega ata ponte Taboada, pasa polo Paseo Pontifias, o monte de Filgueiroa, Estivelle, a igrexa de Donsión, segue o Camiño de Santiago ata preto da Laxe, baixa ao muíño do Escribán, continúa polo castriño e o castro de Bendoiro, pasa por diante do pazo de Bendoiro e da casa da Calzada, logo vai á igrexa de Prado, continúa polo pazo de Liñares e o tramo final cruza a devesa de Liñares para chegar a Ponte Taboada. Temos neste percorrido o paso por tres camiños históricos: o Camiño de Santiago, o camiño de arrieiros (que cruza o chamado “Agro dos Maragatos”) e a calzada que baixa dende a devesa de Liñares ata Ponte Taboada. Ademais é de gran valor etnográfico o sendeiro que baixa ao muíño do Escribán e logo ascende dende el. En definitiva, un itinerario de pouca dificultade e cun gran valor patrimonial e paisaxístico.



Camiño entre Portomartín e Ameixedo / JLRJ

O Roteiro número II é o Sendeiro de Zobra. Este roteiro é unha ventá aberta aos horizontes esgrevios e case infinitos da Serra do Candán. Estamos ante un percorrido cun altísimo valor natural e etnográfico. A parroquia de Santa Mariña de Zobra sitúase no extremo sur do Concello de Lalín. A súa complicada situación orográfica fixo que estivese case illada do resto do mundo e, en certo modo, esquecida. Porén, nestes últimos anos, Zobra está a recuperar o protagonismo que lle corresponde. O sendeiro de Zobra percorre toda a parroquia que ten un marcado carácter montañoso. Esta ruta circular foi a primeira en homologarse no noso concello coa matrícula PR-G 188 grazas á Comunidade de Montes de Zobra. O seu inicio e final está na aldea de Zobra. No comezo pasa polas Armadiñas, a Ponte das Tenzas, Taboaledo, sobe a Portomartín e segue pola devesa de Ameixedo. O roteiro ascende ata a cima do monte Coco (969 m), lugar no que se pode desfrutar de extraordinarias vistas panorámicas. Despois de descender deste cumio, a ruta vai ata a Ponte dos Medos e á presa das antigas minas. Pódese subir ata a boca da mina da Corza por unha variante. Seguimos por Cabana, Campo Valín e retornamos a Zobra. Tamén hai a variante máis longa da cima da Ágoa, que volve por Acevedo.

O Roteiro número III é o do Castro de Sestelo. Esta ruta permítenos visitar a contorna de Lalín a través dun percorrido circular de dezaseis quilómetros que se inicia en dirección suroeste e que logo enlaza por camiños de fermosas carballeiras. Vai nun tramo a carón do río Asneiro e pasa polo castro de Sestelo, por Botos, polo muíño de Baxán, o pazo de Filgueiroa e remata no corazón do conxunto histórico de Donramiro dende onde se volta a Lalín. O elemento central da ruta é o castro de Sestelo, pero tamén destaca este percorrido polos seus valores paisaxísticos e botánicos, pois atopamos nesa contorna xesta branca e carballo negral.

O Roteiro número IV é o Camiño de Inverno. Como xa dixemos antes, son dúas as vías xacobeas que cruzan o noso concello en dirección a Compostela: o Camiño Castelán ou Camiño Sueste, que vén dende Puebla de Sanabria e Ourense, e o Camiño de Inverno.



Igrexa de Lalín de Arriba / JLRJ

A historicidade destes dous Camiños de Santiago nos tramos que pasan por Lalín está perfectamente acreditada. En canto ao primeiro deles, Roteiros de Lalín, en colaboración co Concello de Lalín, colocou no lugar de Medelo un panel informativo que recolle as publicacións existentes sobre a escavación arqueolóxica que atopou o Camiño medieval con motivo das obras do tren de alta velocidade. Con respecto ao Camiño de Inverno, na escritura de doazón e fundación do mosteiro de San Martiño en Lalín de Arriba do ano 1019, recóllese que a finalidade da fundación deste mosteiro non foi unicamente servirles de retiro aos que buscasen a perfección e tranquilidade de espírito, senón que estaba destinado “para alimento dos pobres e peregrinos”, o que pon de manifesto a afluencia de romeiros que ían visitar o sepulcro do Apóstolo a Compostela e que pasaban por Lalín. No ano 2016, a lei de patrimonio cultural de Galicia deulle oficialidade a esta ruta xacobeá. O Camiño de Inverno é unha ruta alternativa que empregaban os peregrinos para evitar a neve no Cebreiro. Parte de Ponferrada, onde algúns peregrinos que ían polo Camiño Francés se desviaban por esta variante. Así, seguindo o val do río Sil polo Barco de Valdeorras, e

continuando por Monforte e Chantada, chegaban á Comarca de Deza por terras de Rodeiro e Lalín. Logo os peregrinos continuaban cara a Santiago polo Camiño Castelán (mal chamada Vía da Prata), dende o lugar da Laxe. No roteiro que fixemos, fomos polo tramo do Camiño de Inverno que cruza o Concello de Lalín. Comezamos a andaina na ponte medieval de Pedroso, aínda no Concello de Rodeiro. Andados dous quilómetros, entramos xa no Concello de Lalín polo lugar chamado A Costa do Boi, que nos leva ao outeiro do Coto de Mamuela. Cruzamos a pista que vai de Pardesoa aos Porcallos seguindo de fronte ata baixar a aldea de Palmaz. Fomos por unha pista asfaltada ata o campo da festa de Lalín de Arriba. Entramos en Lalín pola igrexa de San Martiño para logo baixar pola rúa da Calzada ao centro urbano da vila. O Camiño de Inverno continúa polo paseo Pontiñas e, preto do seu final, desvíase á dereita cara ao lugar de Espiño. Unha pista asfaltada leva os peregrinos ata a carballeira das Casianas e despois cruza o polígono industrial. Superado o polígono, seguimos paralelos a autoestrada e cruzamos por debaixo dela. Uns metros máis adiante, chegamos ao lugar da Laxe, onde o Camiño de Inverno se xunta coa Vía da Prata. Terminamos o roteiro no albergue de peregrinos da Laxe.



Camiño dirección a Reboredo preto de Lalín de Arriba / JLRJ

O Roteiro número V é o da Ponte dos Cabalos. O certo é que as pedras poden falar. Só temos que aprender a escoitalas. Nesta andaina a pedra é a protagonista. Prestando atención á información que nos revela, coñeceremos algo máis da nosa historia e, ao mesmo tempo, gozaremos da arte que extraeron dos penedos os nosos canteiros en forma de igrexas románicas, petos de ánimas e cruceiros. Tamén veremos como a sabedoría popular soubo transformar a pedra en muíños, valados, calzadas e pontes. O Roteiro número V vai dende o centro de Lalín ata a Ponte dos Cabalos nun percorrido lineal de 20 quilómetros. Entre os seus atractivos máis destacados están o Paseo Pontiñas, o sepulcro antropomorfo coñecido popularmente como “a tumba celta”, as mámoas do Campo do Malato, un tramo do Camiño de Inverno, o peto de ánimas da Veiga, os muíños de Carballeda, a igrexa románica de San Pedro de Alperiz, as mámoas de Alperiz, a igrexa de Parada e a Ponte dos Cabalos. O percorrido enlaza multitude de camiños tradicionais parroquiais e tramos do Camiño Real que ía cruzando a Ponte dos Cabalos ata Ventosa.

O Roteiro número VI é o de Cercio e os Sobreirais do Arnego. Esta andaina está centrada no espazo da Rede Natura “Sobreirais do Arnego”, pero tamén inclúe moito patrimonio. Entre os lugares de interese polos que pasa están as igrexas de Cercio, Cangas, Rodís e Santa Baia de Palio. Destaca tamén o castro de Palio e a fábrica de papel de Rodís. Simbiose perfecta entre natureza e patrimonio nun roteiro único.

O Roteiro número VII é o do Monte do Carrio. Son moitos os misterios que garda dentro de si o monte do Carrio. Escritas nas súas pedras están moitas mensaxes emitidas hai milenios que aínda non fomos capaces de descifrar completamente. E, canto máis se busca, máis nos sorprende. Nos roteiros do monte do Carrio séntese hoxe a mesma forza telúrica que percibiron os seus primeiros poboadores. O día, o sol, a noite, as estrelas, o ceo, a terra, o horizonte. Os mesmos misterios de onte e de hoxe. No primeiro dos roteiros que fixemos polo monte do Carrio partimos do campo da festa de Bermés e finalizamos no santuario do Corpiño. Intentamos incluír o paso por todos os lugares de interese patrimonial e paisaxístico posibles.

Así, fomos por Riádigos e subimos polo cono torrencial da Regueira. Pasamos polos muíños de Campo, de Castro e de Lamela. Tamén pola capela e o castro de Méixome. Visitamos os petróglifos de Pena Cantadoira, Coto das Casiñas e Fonte da Anella. Logo fomos por Outeiro Grande e o conxunto de mámoas das Brañas de Abonxo. Pasamos a carón da Pena Cabalada e a lagoa estacional de Brañas da Regueira. Alcanzamos a cima do Carrio (828 m) en Penarredonda, que é un excelente miradoiro panorámico de toda a Galicia central. Despois seguimos pola corda do Carrio e pasamos polos petróglifos de Brenzós de Arriba e pola chamada Pena das Cruces. Finalizamos vendo a igrexa e o castro de Losón ata arribar ao santuario do Corpiño. Pero a cousa non quedou aí. Pois no monte do Carrio colaboramos coa Comunidade de Montes de Bermés e outros lugares en tres edicións do roteiro nocturno para visitar os petróglifos iluminados, que é o mellor xeito de admiralos. Esta entidade fixo ademais o Roteiro dos Penedos que inclúe a Pena do Sapo, o Sillón do Bispo, as Penas do Camiño, Pena Sobrada, Pena Cabalada, o Penedo de Riádigos, a Pena do Moucho, o Penedo de Orxás e Pena Cantadoira. En definitiva, sempre que imos a Bermés quedamos encantados.



Camiño no monte do Carrio aberto pola Comunidade de Montes de Bermés e outros lugares / JLRJ



Camiño nas Zancas dentro das Fragas de Catasós / JLRJ

O Roteiro número VIII é o das Fragas de Catasós. Este roteiro permite coñecer na súa amplitude as Fragas de Catasós. As fragas son una fermosa serie de masas arbóreas contiguas de bosque mixto caducifolio que se van sucedendo unha tras outra e, necesariamente, deben ser consideradas como unha unidade, configurando un ecosistema propio e singular. Así, dende o outeiro do Coto, van aparecendo fragas nos lugares de Portocelo, A Pereira, Penelas, Quiroga (declarada Monumento Natural no ano 2000), As Zancas, Cardiego, Casas Vellas e Cerredo. Incluso seguen aparecendo soutos e carballeiras cara ao sur no Feal, en Medelo e Viñoa, chegando estes espazos ata a ribeira do río Asneiro. Este roteiro pasa tamén pola tumba romana do alto de Vales, o castro e a igrexa de Catasós, o pazo de Quiroga, a capela de Belelle, o pazo de Donfreán e a igrexa románica de Lalín de arriba.



Congostra no lugar de Bustelos / JLRJ

O Roteiro número IX é a Andaina do Candán. A congostra do camiño que vai de Bustelos ao Campo da Armada é o pórtico da gloria que dá entrada ao corazón da Serra do Candán. Trátase dun monumento etnográfico único. Por ela pasan varios roteiros como o número nove. O noveno roteiro serve para conquistar a cima do alto de San Bieito do Candán que con 1017 metros é a máis elevada do Concello de Lalín e onde conflúen os concellos de Lalín, Silleda e Forcarei. No vértice xeodésico e nas súas inmediacións pódese gozar dun horizonte realmente grandioso. Alí están as cinzas do xeógrafo holandés Hilguen e as da súa dona. Pero, antes de chegar ata ese punto pasaremos por lugares increíbles que forman parte da Serra do Candán incluída na rede Natura 2000. A ruta comeza en Vilatuxe, na área recreativa do Pozo do Boi. Saímos por un camiño ancho en subida, á sombra dos carballos. Pouco despois iremos entre piñeiros e baixaremos á esquerda ata atravesar o rego do Candán. Continuaremos por camiños anchos de monte polos lugares que a toponimia cartográfica menciona como Penedo Redondo, Fulgueira e Xastadelo. Despois de cruzar a estrada que vai de Vilatuxe a Bustelos, baixamos ata empatar co pequeno carreiro polo que pasaba a proba deportiva do Vilatuxe Trail. Seguimos

por este carreiro en dirección a Bustelos e entramos na devesa pasando polo rego da Franqueira e pola ferverza do rego das Minas. Subimos entre acivros e chegamos a Bustelos por unha preciosa congostra. A aldea de Bustelos é un tesouro etnográfico polos seus muíños e alvarizas, e tamén destaca polas vistas panorámicas da serra do Candán que hai nos seus arredores. Saímos da aldea pola fermosísima congostra cara ao Campo da Armada e continuamos en dirección á aldea de Grobas por un sendeiro escondido pendurado na ladeira da montaña. En Grobas visitaremos as súas vellas casas deshabitadas e o chamado pozo verde. Logo ascenderemos ata a cima do Alto de San Bieito do Candán. O roteiro pódese facer circular incluíndo a baixada ata o punto de partida, indo polos camiños abertos para a repoboación forestal. Esta é, sen dúbida, unha ruta espectacular así como outras moitas que hai no Candán.

O Roteiro número X é o de Mouriscade e Castro de Doade. O roteiro do castro de Doade ten inicio e fin no Museo Etnográfico da “Casa do Patrón”. Este centro impulsa multitude de actividades culturais arredor dos costumes e tradicións do rural galego. Promoveu tamén a escavación do castro do Penedo en diversas campañas, con bos resultados en canto ás estruturas das edificacións atopadas e gran cantidade de material arqueolóxico recollido. Boa parte del expónse no museo. O río Asneiro é o eixo arredor do que xira o roteiro. Destacan os muíños e as pontes que iremos atopando e que son mostras destacadas de arquitectura popular. Tamén é importantísima a súa vexetación de ribeira, que está moi ben conservada. A primeira parte da andaina vai río arriba, pasa polo rego da Abeleda e chega ao muíño de Froiz. O muíño da familia Froiz de San Fiz da Xesta é un lugar dun gran valor etnográfico e paisaxístico. Trátase dun muíño de tres moas que se atopa nun excelente estado de conservación grazas ao coidado dos seus propietarios. O roteiro pasa polo lugar chamado “Xunto á Igrexa” onde están o pazo e a igrexa parroquial de Vilanova, así como o campo da festa, o local social e un cruceiro. As orixes do pazo de Vilanova remóntanse a comezos do século XVII da man de Xoán de Quintana, que foi escribán real. Especialmente fermosas son a solaina e a cheminea. A igrexa parroquial de San Xoán de Vilanova data do século XIII e foi modificada en 1881. Destaca a portada de estilo románico. A ruta ten unha

pequena derivación para chegar ata o carballo de Soutolongo. Esta árbore monumental está preto do muíño de Espinosa e á beira do río Asneiro. Foi declarada árbore senlleira de Galicia. Ten máis de douscentos anos, chega aos 25 metros de altura e ten un perímetro de 4,74 metros. Próxima ao roteiro está a fermosa área recreativa de Mouriscade. Nun meandro do río Asneiro está este lugar de lecer que ten un muíño restaurado, mesas e un alpendre con grella. Na parte final do percorrido atópase un espazo biosaudable no que hai dous muíños totalmente restaurados e en perfecto estado que son o muíño da Ponte e o de Entrerríos.



Congostra en Noceda de Abaixo / JLRJ

O Roteiro número XI é o do Camiño do Corpiño. Este percorrido está baseado na ruta que seguen os romeiros e romeiras ata o santuario do Corpiño. Igualmente, este trazado conmemora o itinerario que seguiu a comitiva fúnebre do aviador Loriga dende o pazo de Liñares ata a igrexa de Santa Baia de Losón, onde recibiu inicialmente sepultura e onde están soterrados moitos defuntos da casa de Liñares. A andaina destaca pola interesantísima arquitectura civil e relixiosa, así como polo patrimonio arqueolóxico e etnográfico da contorna. Tamén, dende o punto de vista gastronómico, estas terras sobresaen pola súa excelente produción agroalimentaria (pan, embutidos, queixo, leite de pastoreo...) e polos establecementos de hostalería que ofrecen pratos da cociña tradicional galega. Non lle falta tampouco beleza natural e paisaxística. Os horizontes

que se divisan van desde a Serra do Candán ata as terras de Trasdeza, co Pico Sacro debuxado na liña do ceo, que ofrece un dos solpores máis extraordinarios de Galicia. Por citar algúns dos lugares de interese polos que pasa o Camiño do Corpiño, mencionaremos o pazo de Liñares, a devesa de Liñares, o muíño de Cuíña, as carballeiras de Prado, as aldeas de Vilar do Río e Noceda de Abaixo, a igrexa e o cruceiro de Noceda, o castro de Noceda, a casa do escribán de Madriñán, a igrexa e cruceiro desta parroquia (datado en 1814), o pazo de Anzuxao, a capela das Mercedes e a igrexa de Anzo, a carballeira de Agrazán, San Martiño, o castro de Losón, a igrexa de Losón e o santuario do Corpiño. Recordamos aquí que a Romaría do Corpiño está declarada festa de interese turístico de Galicia e vén sendo todos os anos unha data destacada no calendario no 24 de xuño. A aba do Monte do Carrio ten un significado antropolóxico e espiritual moi grande dende tempos inmemoriais. Círculos líticos, mámoas, petróglifos, castros, o eremita Luisón e o seu corpo incorrupto, así como a lenda ou milagre das aparicións da Virxe son mostra diso.



Saída da andaina da Xesta / JLRJ

O Roteiro número XII é a Andaina da Xesta. A duodécima andaina de Roteiros de Lalín é un percorrido circular con inicio e final no campo da festa da Xesta. A parroquia de San Fiz da Xesta ten moitos encantos que quedan ao descuberto a medida que vaiamos pasando polos seus lugares. A parte inicial da ruta vai polo fondo da Xesta e despois segue o Camiño de Santiago entre soutos ata o lugar de Medelo. O roteiro desvíase cara a Sante e continúa por Fonde de Idio. A ruta pasa pola igrexa parroquial de San Fiz, de sobria feitura. No seu camposanto está soterrado O Naranxo, “Rei do Mundo”, que era un esmoleiro que se cría inmensamente rico e que, como é ben sabido, foi inmortalizado por Laxeiro e Ramón de Valenzuela. A ruta continúa pola Fervenza e O Pazo. Logo vai en dirección a Portocarreiro, indo polo monte comunal da Xesta. Pasaremos a carón dunha alvariza e baixaremos ao pé do río Asneiro indo pola súa ribeira. A ruta sobe ata a gran mámoa do Coto do Correlo e a Puxallos, onde está a capela de San Roque. O percorrido longo baixa e logo sobe polo val do río Seixas e chega á aldea do Navallo. Neste lugar collemos o Camiño Vello dos Arrieiros polo que se traía o viño do Ribeiro. Por este camiño chegaremos ao muíño de Froiz. Este muíño de tres moas está nun excelente estado de conservación. Foi de herdeiros e tamén de maquía. A parte final da andaina pasa pola ponte histórica de Pontenoufe. A ruta segue polo Camiño de Santiago, por un dos tramos máis fermosos de todo o Camiño de Santiago Sueste, e ten un desvío ata a aldea da Vila. Finalmente, chegaremos ao punto de partida no campo da festa da Xesta.

O Roteiro número XIII é o da Telleira de Sello. Esta décimo terceira andaina de Roteiros de Lalín ten como destino principal a telleira de Sello. Trátase dunha vella industria que deixou de ter actividade nos anos noventa. Ademais de tella, facíanse ladrillos e outros materiais de construción. Aínda quedan restos dos fornos de cocción e, sobre todo, unha fermosísima lagoa que se formou no lugar onde se escavou para extraer a arxila. Pero a andaina ofrece, ademais, outros moitos atractivos patrimoniais, etnográficos e históricos. Trátase dun roteiro circular con saída e chegada na praza da igrexa en Lalín, no quilómetro cero de Galicia. A primeira parte da andaina permite visitar varias mámoas (a de Xilo, a das Abilleiras e a do Castro) e dous castros, o de Xaxán e o de Cotarelo. Este último é,

probablemente, o castro central dos existentes en Lalín e a súa importancia despréndese do seu enorme tamaño. A andaina continuará por terras de Fontecabalos e despois de Sello, onde se pode optar polo percorrido longo ou medio. No treito longo recuperamos fermosos camiños que nos levarán á parroquia de Bermés. Alí pasaremos polas sobreiras e a fonte do Vento, onde se facía unha feira moi concorrida. Despois visitaremos a fonte de Castiñeiroa, da que se conta que o Matemático Rodríguez sitúa nela o centro xeográfico de Galicia. E no treito de retorno subiremos ao monte do Toxo, lugar no que tomou terra o aeroplano de Loriga. Baixaremos á telleira de Sello e visitaremos a lagoa. Despois entraremos en Filgueira, os camiños van a carón de grandes explotacións gandeiras. Pasaremos pola chamada Pena da Cunca onde os estudosos sitúan tamén un castro, o de Filgueira. Baixaremos entre as carballeiras de Cima do Alle e pasaremos polo Espiño para enlazar co Paseo Pontiñas.



Carballeira de Barcia / JLRJ



Saída da andaina pola congostra fonda que arranca da igrexa de Zobra / JLRJ

O Roteiro número XIV é a andaina de Soutolongo. A décimo cuarta andaina de Roteiros de Lalín é un percorrido circular con principio e final no lugar de Vista Alegre, na parroquia de Soutolongo. Soutolongo, *saltum longum*, significa bosque extenso. Os soutos e as carballeiras aínda están aí hoxe, impresionantes, dando unha idea clara da maxestade que tamén tiveron en tempos pretéritos. Pero ademais está o Camiño Real, por onde transportaban os arrieiros o viño do Ribeiro. Estes dous elementos son os eixos centrais do roteiro. Na parte inicial pasamos polo pazo de Soutolongo de abaixo, e xa cruzados dous soutos, estaremos na ermida de San Caetano. En Ludeiro, atopamos outro monumento importante, a fonte mandada construír en 1932 polo alcalde republicano Manuel Ferreiro, que morrería fusilado por defender a legalidade democrática vixente fronte ao alzamento nacional. Logo temos una fermosa congostra e camiños novos da parcelaria. Un contraste que nos levará polas terras altas de Soutolongo, con fermosas vistas panorámicas da serra do Candán e do Testeiro. Entroncaremos co Camiño Real e,

ao seu carón, veremos mámoas e o castro de Ludeiro. O percorrido bifúrcase ao baixar do castro. O trazado de distancia media continúa á dereita polo Camiño Real ata a mámoa do “Coto do Couto”, no cruce dos sete camiños, e segue cara a Marcelín. O percorrido longo baixa ata a estrada e adéntrase nunha sucesión continuada de soutos e carballeiras de varios quilómetros, pasando pola carballeira de Barcia ata Marcelín. O espectáculo natural e etnográfico continúa por camiños arborados que nos amosan muíños, árbores monumentais e gran diversidade botánica. A fábrica da luz, o castro de Vilar e a ribeira do Asneiro elevan esta andaina a un nivel superlativo en canto a beleza e patrimonio. Na parte final pasaremos por dous monumentos moi destacables, o pazo de Des e a igrexa de Soutolongo. Non cabe dúbida de que estamos ante un roteiro completísimo e espectacular.



Congostra na parroquia de Gresande / JLRJ

O Roteiro número XV é o das devesas de Liñeiras. Trátase dun percorrido circular con inicio e final na aldea de Zobra. A ruta sae a carón da súa igrexa parroquial por unha congostra fonda. Despois desviámonos á dereita para dar unha pequena volta ata a cima do alto da Rabeixa (899 m), que ofrece impresionantes vistas panorámicas. A continuación, descenderemos a través da devesa de Couso e As Liñeiras entre carballos e acivros e continuaremos ata a casa grande de Chedas. Novamente, entraremos polo interior da devesa e subiremos á aldea das Liñeiras. Dende alí seguiremos en subida ata alcanzar o couto de Zobra. A ruta longa segue pola ladeira norte do couto de Zobra e chega á aldea de Moa e, dende alí, regresaremos a Zobra por camiños tradicionais, entre valados e rodeados de beleza natural e paisaxística que fan deste percorrido algo único.

O Roteiro número XVI é o da Xunta dos Ríos. A parroquia de San Estevo de Barcia é o punto de saída do noso décimo sexto roteiro. Ademais da famosa carballeira, é moi interesante o conxunto formado pola igrexa, o cruceiro e a casa reitoral de Barcia. Non moi lonxe, atópase tamén o castro de Barcia. O topónimo Barcia ven de *varcena*, que significa terreo chan cultivado, o que indica que xa dende antigo destacou esta terra pola súa fertilidade. Neste percorrido veremos tres pazos e varias casas grandes de aldea, entre elas, Casa Vixide que é un establecemento dedicado ao turismo rural. O pazo de Barcia é un dos máis antigos de Lalín. Tamén pasaremos polo pazo de Soutullo e, no percorrido longo, chegaremos ata o pazo de Liñares. O castro de Gresande é punto de paso desta andaina. Este castro ten unha situación privilexiada na crista dun outeiro e, segundo López Cuevillas, a entrada estaba defendida por tres torres. Tamén pasamos preto do castro de Barcia e do castro de Cristimil. Neste roteiro, moverémonos polas terras situadas na confluencia do río Deza e do río Asneiro e chegaremos preto do lugar coñecido como A Xunta dos Ríos. Gozaremos da extraordinaria beleza das ribeiras fluviais e resolveremos o dilema ocasionado por un erro na cartografía histórica. Unha andaina moi completa por vellos camiños e fermosas paisaxes que, na parte final, pasa pola ponte histórica de Ponte Orneiros, que formaba parte do Camiño Real do Ribeiro. O pazo de Liñares será o punto de chegada da ruta.



Miradoiro do Pedroso / JLRJ

O Roteiro número XVII é o do sendeiro homologado PR-G 227 “Devesas do Candán”. O sendeiro das Devesas do Candán percorre unha zona de cursos fluviais e media montaña da serra do Candán dentro do Concello de Lalín. O percorrido, de vinte e un quilómetros de dificultade alta, iníciase en Vilatuxe, na praia fluvial do Puzo do Boi. A ruta vai remontando o val do río Deza e adéntrase na devesa de Bustelos, pasando por unha ferverza de augas brancas. O roteiro continúa pola aldea de Bustelos e logo no Campo da Armada segue cara á aldea de Ameixedo. Especialmente bonita é a paraxe de Porto do Frade por onde se cruza o río Grobas e se pasa a carón dun muíño, para logo ascender por un camiño sobre penedos ata preto de Ameixedo. Seguindo pola devesa chegaremos a Portomartín e descenderemos ao río Deza, que cruzamos por unha ponte de madeira. O camiño de retorno vai pola maxestosa devesa de Moa, logo cruza o río Chedas e vai por Pena de Panos, a Devesa Vella

e a Devesiña, de regreso á praia fluvial de Vilatuxe. A aldea de Bustelos ten todo para ser unha catedral da etnografía. Destaca especialmente a súa arquitectura popular en pedra seca, que deu lugar á capela de San Bartolomeu, ás alvarizas, aos hórreos, aos muíños, aos valados e tamén ás congostras, todo feito a pulso pola súa xente, afeita á convivencia coa montaña e no medio natural. As devesas son un bosque mixto de carballo, acivro, rebolo, bidueiros, pereiras bravas, castiñeiros e ameneiros e, no sotobosque, medran xilbardeiras, arandos, abrótegas e fentos. Nas partes altas hai toxo, carqueixa, xesta, breixo, queiruga, carrascos e uces. Deles vén a flor que liban as abellas para producir o mel do Candán, que foi varias veces premiado como o mellor de Galicia. As devesas dan refuxio a mamíferos como garduñas, teixugos, raposos, corzos, xabaríns, lobos... E non podemos esquecer que estes montes foron un dos últimos refuxios do oso pardo en Galicia, tendo como testemuñas as alvarizas e a súa pegada na toponimia. Nas aves destacan o miñato común e o bufo real.



Camiño de Arrieiros no lugar de Mato / JLRJ

O Roteiro número XVIII é o da Fervenza da Grifa. Esta fervenza fórmase cando o rego da Laxe se precipita ao río Asneiro no seu treito final. Este lugar de gran beleza era coñecido só por algunha xente da contorna. Daniel González Alén chamou a atención sobre el e, pola súa beleza e valor paisaxístico e natural, Roteiros de Lalín creou un percorrido para chegar ata alí. Así, dende o pazo de Bendoiro, pasando polo souto de Eirixe, báixase ao río Asneiro, que se cruza por unha ponte de cemento, hoxe derrubada polas enchentes. Preto do lugar de Gondufe, sóbese en dirección a Cristimil. Antes de chegar a esta aldea, un desvío á esquerda por un camiño entre praderías leva ao punto onde se descende ata o río Asneiro e ao lugar onde se pode contemplar esta fervenza. Algo máis abaixo hai un muíño e unha fermosa paisaxe caracterizada polos rápidos do río Asneiro. Na parte final a ruta chega á aldea de Mato, onde se entra por un tramo do Camiño de Arrieiros, que viña dende Soutolongo, pasando pola parroquia de Gresande, e que despois de Mato baixaba á vella Ponte Orneiros e que logo continuaba bifurcándose ata Prado e polo Agro dos Maragatos en dirección a Ponte Taboada. É intención de Roteiros de Lalín seguir traballando con esta ruta e convertela nun percorrido circular incluíndo o espazo de alto valor ecolóxico da Xunta dos Ríos, pasando pola aldea de Quintá.



*José Vázquez Otero, coñecido coma Pepe do Pazo,
arrieiro de Soutolongo / cedida por Antonio Presas*

O Roteiro número XIX é o Camiño Vello dos Arrieiros pola Xesta.

Este camiño aparece con detalle na cartografía histórica. O “Mapa del Muy Noble y Muy Leal Reyno de Galicia” feito por Josef Cornide entre 1762 e 1766, sitúa na Xesta o lugar de confluencia do Camiño de Ourense a Santiago co camiño vello dos arrieiros que comeza no Ribeiro, e mesmo se aprecia outro camiño que viría dar á Xesta dende Chantada e Rodeiro, vindo dende a aldea da Lagoa do Cepo. Neste mapa vese con total claridade este camiño de arrieiros que arranca en Pazos de Arenteiro e pasa por Salón, Cardelle, Albarellos, Nonás, Astureses, Campo, “Fojo del Cabrito”, Navallo e “Gesta”. No mapa do xeógrafo Tomás López, feito no ano 1784, A Xesta segue sendo unha encrucillada de camiños de importancia e neste mapa aparece, de xeito moi similar ao de Cornide, a ruta que sairía de Pazos de Arenteiro polo val do río Viñao ata o Foxo do Cabrito, pasando por Laxas, Cameixa, Nonás, Mosteiro, Campo, “Fojo del Cabrito”, Navallo e “Gesta”. Posteriormente aprécianse algúns cambios na Carta Geométrica de Domingo Fontán, feita entre 1817 e 1834, principalmente en canto ao punto de cruce polo río Asneiro. A maior abundamento, a entrevista que o xeógrafo Antonio Presas García lle realizou a Pepe do Pazo, o arrieiro de Soutolongo, é unha testemuña dun valor extraordinario para certificar as rutas polas que os arrieiros ían ao Ribeiro buscar o viño e para as que había distintos puntos de entrada ás terras de Lalín. Sobre estas bases históricas, Roteiros de Lalín, en colaboración cos concellos de Lalín e do Irixo, organizou a andaina por este camiño histórico dende o lugar da Bugalleira, pasando pola Condomina, Enfreade, pola ponte medieval das Campinas, Zacarade, a vella pousada dos arrieiros no Foxo do Cabrito, a aldea de Navallo e rematando no campo da festa da Xesta. Nesta actividade recuperáronse varios tramos orixinais deste vello camiño e nela participaron arredor de 250 persoas.

O Roteiro número XX é a Andaina de Goiás. Trátase dun percorrido circular que pasa por moitos dos lugares desta parroquia histórica. Como orixe do nome Goiás adóitase propoñer o antropónimo gótico *Gaudilanis*, que ao mesmo tempo é o diminutivo do nome xermánico *Gauda*, formado sobre a raíz *gaud* “godo”. Entre os lugares destacados que permite coñecer esta andaina está o sepulcro antropomorfo do Monte da Pena, as mámoas

do Campo do Malato, a antiga casa reitoral da parroquia, un conxunto de dous cruceiros e a interesantísima igrexa románica edificada no século XII que, a pesar de ter modificacións e engadidos posteriores, conserva o principal da primitiva estrutura. Tamén pasa esta ruta por catro cruces de pedra que recordan feitos violentos acontecidos no contexto da primeira guerra carlista. Estas cruces son as seguintes: a da Reboira, a das Abilleiras, a do Ballote e a de Casas Novas. O investigador Xoán Carlos García Porral, partindo da tradición oral existente na parroquia sobre estas cruces e verificando estas narracións coa documentación existente no *Libro de Defuncións Parroquial* (1716-1852), comprobou que aparecen rexistradas no ano 1839, asasinadas a mans de “facciosos”, doce persoas. Ese nome de facciosos era o termo que se lles aplicaba aos partidarios do Infante Don Carlos. Ante este dato, pódese concluír que as matanzas de Goiás se sitúan no contexto histórico da I Guerra Carlista (1834-1840). A parte final deste percorrido pasa tamén pola parroquia de Xaxán, a carballeira do Rodo e o pazo de García Sánchez.



Participantes da andaina de Goiás xunto á cruz carlista da Reboira / JLRJ

O Roteiro número XXI é a ruta circular de Bermés. Este percorrido é moi similar á andaina polo Monte do Carrio (Roteiro VII), pero descende dende este cumio pasando polo pazo de Val do Carrio e pola antiga casa do Matemático Rodríguez en Bermés do Fondo, para finalmente completar o círculo indo pola Fonte da Nugalla e polo castro e a igrexa de Bermés.

O Roteiro número XXII é o dos Muíños do Rego de Lamas. O rego de Lamas nace no monte do Carrio. Recolle os regueiros da Fonte da Anella, Bullas e Freixo. Logo avanza en dirección oeste polas veigas das parroquias de Bermés, Méixome, Santiso, Bendoiro, Noceda e Prado. Finalmente, precipítase entre penedos e entrega o seu caudal ao río Deza, augas abaixo de Ponte Taboada. A veciñanza de Bermés dálle a este regato o nome de cada lugar por onde pasa e, así, noméano como rego de Riádigos, rego de Orxás ou rego de Lamela. A cartografía rotula este río co nome do rego de Lamas no curso alto e, na parte final ou curso baixo, como rego de Santa Lucía, pero todas estas denominacións se refiren ao mesmo río. Ten unha lonxitude de pouco máis de oito quilómetros e foi forza motriz de máis de trinta muíños dos que se conservan moitos deles na actualidade. Polo alto interese paisaxístico e patrimonial desta contorna, e recollendo as peticións da xente de Bermés e Noceda e de propietarios particulares, fixemos un roteiro que permite admirar todas estas pequenas obras de enxeñería popular. Estes muíños foron documentados baixo a dirección do mestre Antonio Presas García polos seus alumnos do Colexio Público de Prado no ano 1991. Este traballo, que foi premiado, apareceu publicado na revista de estudos provinciais da Deputación de Pontevedra no ano 2002. Tamén o *Catastro de Ensenada* de 1752 é una fonte de información moi importante. Na pregunta 17 do interrogatorio detállanse os muíños que había en cada parroquia naquel momento. Así, en Bermés había trece muíños, en Méixome cinco, en Santiso dez, en Bendoiro dez, en Noceda outros dez e en Prado sete. Moitos deles existen na actualidade. O resultado foi un Roteiro fantástico que parte da igrexa de Bermés e, ademais de 32 muíños, permite coñecer as capelas da Pascuilla de Lamas e a de Santa Lucía. Sen dúbida, unha fermosura de principio a fin na que queremos seguir traballando.



Muíño das Quinteiras no rego de Lamas/ JLRJ

O Roteiro número XXIII é un percorrido circular polas parroquias de Moimenta e Cadrón. Esta andaina pasa por un tramo que puido formar parte dunha vía romana secundaria que logo pasaría a ser un camiño medieval con destino á cidade de Lugo. Este camiño histórico cruzaría o río Arnego pola vella ponte de Vilariño, da que hoxe só quedan parte dos apoios a ambas as beiras do río e unha inscrición gravada nun penedo na ribeira de Lalín, que data esta ponte no ano 814. Este percorrido permite visitar a igrexa e os sepulcros de Moimenta, a vía romana, a ribeira do Arnego, a igrexa de Cadrón, un altar rupestre, varios conxuntos de petróglifos e o cruceiro do Marco, entre outros moitos elementos de interese.

5. RECOÑECIMENTOS

Roteiros de Lalín-Viarum Dezae é un proxecto colectivo, transferible, plural e con vocación de permanencia. A súa existencia sería imposible sen todas as persoas e institucións que colaboraron ou participaron dalgunha maneira nas nosas actividades. Toda a xente que no pasado ou no presente traballou en Lalín para a realización de actividades no medio natural é partícipe e coautora de todos os logros que consigamos. O apartado de agradecementos afortunadamente ten que ser amplísimo. Sen ánimo de ser exhaustivos, o que sería imposible, queremos agradecer expresamente a colaboración recibida a todos os investigadores e investigadoras que nos facilitaron traballos para documentar os roteiros, aos propietarios particulares que nos permitiron visitar algúns pazos ou bens que son propiedade privada, á asociación Aspadeza, á Comunidade de Montes de Zobra e á asociación Zobra Camiña, á Comunidade de Montes de Bermés e outros lugares, a Salvemos Catasós, á Asociación de Veciños Bolarqueiros de Noceda, á Asociación de Veciños San Pedro Félix da Xesta, á Asociación La Unión de Bermés, á xente que formou parte da Asociación o Refaixo do Corpiño, á Comisión de Festas de Goiás e á xente do muíño de Cuíña. Tamén vaia o noso agradecemento ás autoridades municipais que facilitaron a existencia e continuidade das nosas actividades, tamén aos traballadores municipais de todos os departamentos e, en particular, á xente da área de turismo e da brigada de obras. E, por suposto, estámolles moi agradecidos ás persoas asociadas e simpatizantes así como a todo o conxunto de persoas que forman parte da Xunta Directiva.

6. CONCLUSIÓN

Pódese dicir que o amplísimo patrimonio material e inmaterial existente nos 326 quilómetros cadrados do noso Concello fai de Lalín un lugar cunha identidade propia e característica. Nese conxunto patrimonial deben entenderse incluídos os camiños tradicionais que nos quedan. En primeiro lugar, os que aquí vivimos, e tamén as administracións con competencias na materia, debemos estar á altura das circunstancias. É o noso deber transmitirles este legado que recibimos dos nosos devanceiros

ás xeracións vindeiras que nos sucedan. Este patrimonio ten un valor en si mesmo porque nos define como pobo. Pero, ademais, ten un potencial moi considerable á hora de acadar un desenvolvemento turístico sostible que fixe poboación e nos proporcione calidade de vida e prosperidade no presente e no futuro.

BIBLIOGRAFÍA

- Couto Lourenzo, Luis (2001): “Guía do Deza”. Editorial Galaxia.
- García Porral, Xoán Carlos (2002): “Memoria das revoltas carlistas nas cruces de Goiás”. LUCENSIA, 24. Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo. Lugo.
- García Porral, Xoán Carlos (2002): “Goiás, vida dunha parroquia rural galega. SED. Lalín”.
- Gómez Buxán, César; Rubia Alejos, Francisco (2005): “Pazos y moradas hidalgas de Deza”. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.
- González Alén, Daniel; Vázquez Crespo, Armando (1989): “A Comarca do Deza”. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Artes Gráficas Portela, S.L.
- González Alén, Daniel (2016): “Aparecen máis petróglifos na zona de Moimenta e Cadrón”. Artigo publicado en La Voz de Galicia, edición Deza-Tabeirós o 31 de xaneiro de 2016.
- González Munín, Ana Belén (2004): “Santa Mariña de Zobra, a nosa parroquia”. Anuario de Estudos e investigación de Deza. Descubrindo nº6.
- López Jácome, Fernando (2000): “Lalín a pé”. Concello de Lalín. Artes gráficas Alvarelllos. Lalín.
- López Jácome, Fernando (2001): “O Camiño dos Arrieiros pola Xesta”. Artigo publicado no Faro de Vigo edición Deza o 26 de outubro de 2001.
- Menéndez Lorenzo, Aída (2013): “Guía del Camino de Invierno a Santiago”. Impreso por Lugami.
- Otero Otero, Marta; Nercellas Méndez, Xavier; Pérez Alberti, Augusto (2008): “As paisaxes do Alto Deza”. Concello de Lalín. Grafischapela, S.L.

- Presas García, Antonio (2002): “Os muíños do noroeste do Concello de Lalín. Revista de estudos provinciais nº18. Deputación de Pontevedra.
- Presas García, Antonio (2008): “Os castros de Lalín”. Colección Deza básicos número 11. Editado polo Seminario de Estudos de Deza.
- Presas García, Antonio (2019): “A discutible Vía da Prata e o seu paso polo Concello de Lalín”. Revista Itineris Decensis nº1.
- Rodríguez Jácome, José Luis (2017): “A Telleira de Sello”. Artigo publicado no Faro de Vigo edición Deza o 31 de marzo de 2017.
- Rodríguez Jácome, José Luis (2019): “O camiño vello dos arrieiros pola Xesta”. Artigo publicado no Faro de Vigo edición Deza o 5 de maio de 2019.
- Rodríguez Jácome, José Luis (2020): “As vías romanas na comarca de Deza”. Anuario de Estudos e investigación de Deza. Descubrindo nº13.
- Vázquez Crespo, Armando (2017): “Unha historia de Bermés. A memoria de xentes e tempos idos”. 2ª edición Comunidade de Montes de Bermés e outros lugares. Marcaxe Deza, S.L.
- Vidal Neira, Antonio (2020): “El monasterio de San Martín de Lalín primer albergue de peregrinos”. Revista Itineris Decensis nº2.

BIOGRAFÍA

APUNTAMENTOS SOBRE AS BIOGRAFÍAS E A RELACIÓN ENTRE LAXEIRO E XESÚS GOLMAR (ARTIGO NO XORNAL *RAZÓN*, 1933)

María Rosario Golmar Saavedra

Resumo

Notas biográficas nas que se reflicte a relación de amizade entre o pintor Xosé Otero Abeledo “Laxeiro” e o pedagogo e escritor Xesús Golmar Rodríguez, en base as coincidencias no seu periplo vital, no ano e no concello de nacemento, nas vivencias, nas sensibilidades e no ideario que comparten. Recóllese o artigo que sobre Laxeiro escribe Xesús Golmar en 1933 no xornal *Razón* de Lalín.

Palabras chave

Laxeiro, Xesús Golmar, biografía, pintura, educación, prensa

Abstract

Biographic notes showing the friendship between the artist Xosé Otero Abeledo “Laxeiro” and the pedagogue and writer Xesús Golmar Rodríguez, based on shared coincidences in aspects of their own lives regarding their year and council of birth, as well as their experiences, tastes and ideals. This paper includes the article Xesús Golmar wrote about Laxeiro in the newspaper *Razón* de Lalín in 1933.

Key Words

Laxeiro, Xesús Golmar, biography, painting, education, press

Xosé Otero Abeledo “Laxeiro” e Xesús Golmar Rodríguez comparten espazos e tempos, inquedanzas e arelas, ideario e vivencias. Froito da súa amizade e da mutua admiración sae á luz a publicación de Xesús sobre Laxeiro no periódico *Razón*, o 18 de outubro de 1933.

Viven diferentes percorridos vitais, pero chegan a establecer fortes lazos de amizade movidos por ideais e sensibilidades comúns. Os dous amaron profundamente a súa terra e deixaron mostra das súas aportacións

para a renovación e o progreso. Un no campo das artes plásticas e o outro como escritor e pedagogo. Foron homes loitadores, inconformistas, críticos, amantes da liberdade, comprometidos, defensores da xustiza social, da paz e dos ideais da democracia como ben dan conta os xornais e bibliografía da época.

Naceron en 1908, no Concello de Lalín. José Otero Abeledo, o 23 de febreiro, na parroquia de Donramiro, e Jesús Golmar Rodríguez, o 11 de setembro, en Santiso.



*José Otero Abeledo “Laxeiro” diante do seu cadro “Carnavalada”.
(Fundación Laxeiro, 1931 – cedida por Daniel González Alén)*

Laxeiro vive en Donramiro ata os seis anos. A súa nai, M^a Josefa Abeledo, alcumada “A Laxeira” porque era natural da Laxe (Bendoiro) traballa na casa dos Neira (Vidal 2016). Trasládase despois para a parroquia de Botos de onde era o seu pai, José Otero Fernández. Dos primeiros anos recorda con arrepío a figura do taberneiro, o vello Señor Tacán, que

o asustaba e o facía chorar cando, entre lusco e fusco, se envolvía nunha enorme capa negra simulando converterse en gato. En Botos vive nunha casa de labranza ata os trece anos. Na entrevista que concedeu a Xosé Neira Vilas, confesa que era un neno temeroso (Neira 2009: 17-30). Estaba convencido de que o perseguían e o rodeaban trasnos, meigas e aparecidos. De seguro, influíron nel os relatos fantásticos de tradición oral que lle contaba a súa avoa Rosa. Na escola, a mestra dona Tareixa López descobre o seu talento para o debuxo, fálalle de pintores clásicos como Goya e Velázquez e anímao a formarse nesta materia. Anos máis tarde será o seu valedor D. Ramón María Aller quen lle proporcione os primeiros útiles para pintar.

En 1921, con trece anos, emigra a Cuba coa súa nai e a súa irmá María para reunirse na Habana co seu pai. Desempeña alí varios traballos, entre os que cabe destacar o de axudante de escenografía no teatro José Martí ou o de debuxante de vidreiras artísticas, na Casa Ballesteros Hermanos. Polas noites estuda na Escola de Artes Plásticas do Centro Galego, no Plantel Concepción Arenal. Considera o mestre Moreiras non só o primeiro, senón tamén un dos seus mellores profesores de debuxo. Queda impresionado na súa primeira visita ás exposicións de Ignacio Zuloaga e Xesús Corredoira. Foi esta unha etapa vital da que garda moi gratos recordos e non marcharía deste lugar de non atoparse moi enfermo. Un dos seus soños era volver algún día sobre os seus pasos de adolescente e pintar, nalgunha institución ou escola, un mural dedicado aos nenos.

No ano 1925, un forte catarro bronquial forza o seu retorno a Botos, con dezasete anos. Vive coa súa avoa. Non lle gustaba o traballo do campo e, para gañar cartos, decide facerse barbeiro. Percorre as feiras da bisbarra: Lalín, Prado, Vilatuxe, Silleda, Bandeira, Agolada... Alterna o traballo de barbeiro co de debuxante. Estuda e retrata a xente do campo reflectindo non só a súa fisionomía, senón tamén a súa psicoloxía. Instala unha modesta barbería en Prado onde coñece a Luisa Villamarín coa que ten unha filla (Mari Cruz) e coa que casará en 1934. Posteriormente, traballa nunha importante barbería de Lalín, onde segue debuxando e retratando persoas da aldea e da vila.



Xesús Golmar Rodríguez

Xesús Golmar pasa a infancia no lugar de Vila en Santiso, rodeado dunha familia que lle aporta estabilidade e formación intelectual. O seu pai, Manuel Golmar Cacheda, exerceu como avogado, Rexistrador, Fiscal municipal e Delegado fiscal da Audiencia Territorial da Coruña en Lalín. A súa nai, Manuela Rodríguez González, era neta de José González Ramos, fundador da fábrica de papel de Rodís e Xuíz de Instrución de Ferrol. Manuela é unha muller culta, de fortes conviccións relixiosas, que escribe poemas e textos para as celebracións litúrxicas. Dela herdará a sensibilidade, o amor pola poesía e o don da palabra. Entre 1923 e 1927, Xesús pasa estadias en Foz

co seu parente, o prestixioso escritor e ilustre pedagogo, Ramón Salgado Toimil (Fernández 2005: 54). Con el adquire unha sólida formación e baixo a súa tutela supera as probas de Bacharelato no Instituto General y Técnico de Lugo e as oposicións ao corpo de mestres. Cursa estudos de Maxisterio en Santiago entre 1927 e 1929.

En Santiso, parroquia que linda coa de Bendoiro, de onde é orixinaria a nai de Laxeiro, nace tamén “O Naranxo”, un tolo filósofo, libre e forte, polo que o pintor sente debilidade e que inmortalizará nos seus cadros con tenrura e agarimo. Este é o tolo que o golpeou cunha lata na cabeza e que, segundo Carlos G. Reigosa, lle dixo: “De hoxe en diante non serás barbeiro, serás pintor e haste chamar Laxeiro” (Fernández 2005: 133).

Con dezasete anos X. Golmar escribe na prensa. En 1925 publica nos xornais *La Provincia* (Lugo) e en *El Ideal Gallego* (A Coruña) un artigo titulado “Villas Gallegas. Lalín”. Entre 1925 e 1929 aparecen as súas

colaboracións e referencias aos seus estudos en: *El ideal Gallego* (A Coruña), *La Provincia* (Lugo), *El Pueblo Gallego* (Vigo), *Eco de Galicia* (La Habana), *Vida Gallega* (Vigo) e *Heraldo de Galicia* (La Habana).

No ano 1925, Laxeiro sofre unha doenza pulmonar que lle fai retornar a Botos. Entre 1928 e xaneiro de 1929, afronta o seu primeiro reto como profesional e estréase como humorista gráfico coa publicación de viñetas, “monos”, nos xornais *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*. Traballos nos que demostra un sutil sentido do humor e uns excepcionais dotes como debuxante. Nesta época da mocidade, Laxeiro e Golmar manteñen estreita amizade.

Manuel Colmeiro anímao a pintar, a seguir formándose e solicitar unha bolsa da Deputación. En 1931 e 1932 viaxa a Madrid para cursar estudos na Real Academia de San Fernando con bolsas concedidas, o primeiro ano, polo Concello de Lalín e, o segundo, pola Deputación Provincial de Pontevedra. Desta etapa recorda con especial cariño a mestres como Menéndez, Marín, Granela ou Crespín, entre outros. No Museo do Prado coñece a obra de Goya, o Greco, Velázquez, Rembrandt, Rubens, Ticiano e Bruegel, pintores que influirán moito na produción artística da súa xuventude. Pero el mesmo considera que a maior aprendizaxe foi a que obtivo nos faladoiros nocturnos do café Granja de El Henar, onde se xuntaban galeguistas e intelectuais como Castelao, Suárez Picallo, Otero Pedrayo, Villar Ponte, Ramón Risco, Antón Alonso Ríos, os irmáns Eduardo e Rafael Dieste, Valle Inclán, Blanco Amor ou García Lorca (Fernández 2005: 23).

Namentres Laxeiro se forma en Madrid, Xesús Golmar obtén destino nas escolas de Santa Cilla do Valadouro (Foz) e en Cobariza na parroquia de Silvela (Friol). Nesta época sofre a perda do seu pai e enfróntase ás oposicións. En Foz está en contacto co selecto grupo de amizades que frecuentan a casa do seu mestre, Ramón Salgado Toimil, entre os que atopamos a Noriega Varela, Villar Ponte, Manuel Castro Gil (profesor de gravados na Escuela Nacional de Artes Gráficas e coñecido autor de augafortes), Luis Bello (escritor, avogado e xornalista), Narciso Correal y Freire de Andrade (xuriconsulto coruñés e cóengo de honra de Burgos), Manuel Amor Meilán (historiador) e Antonio Azpiazu (xeógrafo), entre outros (Fernández 2005: 51-57).

Golmar exerce a docencia na provincia de Lugo pero, tras a morte do pai, faise cargo, en Lalín, das responsabilidades familiares. Desde 1930 ata 1936 escribe en diferentes medios de prensa. Publica artigos sobre pedagogía nas revistas de educación *Vida Escolar* (Lugo)¹ e *Escuela Vivida* (Pontevedra)². Colabora en *Faro Villalbés* (Vilalba)³, na revista *Eco de Galicia* (La Habana)⁴, nos semanarios *El noticiero Gallego*⁵ (Pontevedra) e *Nueva Cañiza* (A Caniza)⁶, no periódico *El Pueblo Gallego* (Vigo)⁷ e nos xornais lalinenses *Atrás*⁸, *La Nueva España*⁹ e *Razón*¹⁰.

De regreso a Lalín, en 1933, Laxeiro participa, en Santiago de Compostela, nunha exposición colectiva organizada pola Barraca Resol, xunto a Colmeiro, Carlos Maside, Luís Seoane, Eiroa, Eugenio Granell e Fernández Mazas. Asombra a súa orixinalidade e a súa arte como debuxante que sabe captar a esencia dos retratos, dos ambientes, das paisaxes e das tradicións populares galegas.

Nun escrito sobre Lalín, de 1933, Golmar cita a Laxeiro como un dos novos valores e intelectual distinguido “Laxeiro –José Otero– un rapaz intelixentísimo que a poco de ser pensionado por el Ayuntamiento de Lalín y Diputación Provincial, sus cuadros merecieron los elogios más calurosos

1. A revista *Vida Escolar: Semanario dedicado a la defensa del Magisterio Lucense* é unha publicación de carácter pedagóxico elaborada por mestres entre 1927 e 1937.

2. *Escuela Vivida* é unha publicación pontevedresa de educación que defendía o ensino laico, gratuíto e obrigatorio nos anos 1935 e 1936.

3. *Faro Villalbés* foi un quincenario de corte republicano e galeguista editado en Vilalba entre 1932 e 1936.

4. A revista ilustrada *Eco de Galicia* publícase na Habana entre 1917 e 1936. Conta con importantes colaboradores e ilustradores.

5. *El Noticiero Gallego* é un semanario pontevedrés subtitulado “semanario destinado a fomentar los intereses morales y materiales del Magisterio”.

6. *Nueva Cañiza* é un semanario de apoio á república e ao galeguismo (1927-1933).

7. *El Pueblo Gallego* é un xornal de Vigo (1924-1979) publicado na Segunda República, de corte republicano e galeguista.

8. *Atrás* é un semanario editado polo Centro Republicano de Lalín que aparece en setembro de 1930.

9. *La Nueva España* é un xornal lalinense que iniciou a súa andaina en maio de 1931. Xesús Golmar forma parte do seu equipo de redacción.

10. *Razón* é un xornal quincenal, de tendencia liberal, republicana e galeguista, que se editou en Lalín entre 1933 e 1934.

de los críticos expertos”. Transcríbese a continuación outro artigo sobre o pintor, publicado por Xesús Golmar, no xornal *Razón*, o dezaioito de outubro de 1933.

JOSÉ OTERO, Laxeiro

Una visita al estudio de un pintor, es algo que aterra el espíritu de un profano. La curiosidad le impulsa; el sentimiento le arrastra; la fantasía le deslumbra; la emoción de lo grande y de lo bello lo enmudece.

Desde una de las ventanas de su estudio, respiré a pulmón pleno a la vista de cercanas robleadas, de árboles vetustos y copudos, que hacen recordar algún pasaje pintoresco de un viejo drama español. Allí experimentaba toda la idílica paz que inspira la lejanía risueña de una vegetación que canta secretas armonías entre un cielo que ríe en espléndidos horizontes de luz y de color.

Apenas entré en el estudio de Laxeiro, ofrécese a mi vista todo un conjunto artístico ingeniosamente pintado por el pincel que tan delicadamente supo reflejar la realidad de nuestra vida campesina. El ambiente que flota en el lienzo, penetra en el espíritu como un hálito de voluptuosidad exquisita; son aquellas figuras como un refinamiento del ingenio; la visión corregida de un realismo delicadamente conmovedor.

En algunos cuadros de Laxeiro, lo nimio del detalle, la severidad de la regla estudiada y aprendida como revelación dogmática, aparecen pospuestos a la potencia creadora del alma del artista. Puede afirmarse que Laxeiro es una maravilla de técnica, unida a un prodigio admirable de la fantasía. Son cuadros impecables, de correctas líneas, de contornos magistrales, de riqueza proporcionalidad en las formas. Son cuadros que viven en el lienzo y hablan a los sentidos como hablaría el lenguaje incitante de unos mimos femeniles.

Volví a pasear la mirada curiosa por las paredes del estudio, y pude admirar con más exactitud, diseminados en artístico desorden, retazos cálidos de la vida real de nuestros campos, de esa vida que se nos hace prosa zumbona y despreciable si la vivimos y se nos antoja arte y poesía cuando el genio la traduce en rimas, en notas o pinceladas.

He visto allí reproducciones idealísimas de escenas y paisajes que hemos contemplado más de una vez en las tardes soñadoras de primavera o en los románticos anocheceres del estío.

En los trabajos de Laxeiro hay algo tan propio, algo tan nuestro, que no es posible ver aquellos lienzos sin sentir la atracción sugestiva del incomparable encanto natural del terruño. No es posible pedir más verdad, ni realismo mayor a aquellas figuras. En los rostros de los jóvenes y de las viejas hay toda esa fuerza emotiva, que imprime la devoción fantástica, la fe irreflexiva y ciega. Aquellos rostros escuálidos o rechonchos, afilados y angulosos, que hacen recordar los caprichos goyescos, son los verdaderos rostros de nuestros ancianos de aldea, devotos, con esa devoción intensa que raya en santidad, venerables ruinas de una generación que pasó dejando impreso en la historia el sello de dolorosas tradiciones.

Y aquellas jóvenes, nacidas y educadas en un ambiente de misticismo, carne criada a la sombra de los templos y al olor del incienso, espíritus raquíuticos, formados al amparo de las eternas rutinas, almas ignorantes sin luz y sin vida, cuerpos sin sangre, nerviosos y endeblés, aparecen retratados por Laxeiro tal como son. ¡Admirable obra de realismo! Aquellas figuras, son figuras aldeanas gallegas, netas y castizas. El color, el ambiente, la expresión, todo pertenece a Galicia, todo es peculiar y típico de la tierra.

... ..

No quiero hablar de retratos. Laxeiro tiene algunos muy buenos. Recuerdo, entre ellos, una figura muy respetable la que en aquel cuadro se destaca: la abuela del pintor.

Laxeiro hizo en sus retratos una verdadera maravilla de técnica. Yo no puedo juzgarle desde este punto de vista. Soy profano. Pero creo que no puede pedirse nada más acabado y perfecto.

Y aquí hago punto. No olvidaré la visita que hice al joven artista lalinense, y ojalá cuando vuelva, encuentre convertidos en lienzos magistrales, en obras acabadas, los bocetos, los apuntes, los manchones inseguros que he visto allí desparramados como cuartillas por la mesa de un poeta.

Jesús Golmar Rodríguez
Maestro nacional

O billete de ida e volta

A min mandáronme o número de Quintás que que detantes de dúas días me presentasen en Vigo. Ego non sabía como había. Ego e fun a conta do tío Alfonso d'Outeiro pra que me dixese o camiño.

—Pois vas ven... dixo o tío Alfonso... Ego a Santiago e saes un billete do tío.

—No billete escribo, que cartas teño... —Pero un billete de tren, de ida e volta... —O tío Alfonso púxo a casa sería como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

Díxome de burro. El non ten máis sabedoria, máis experiencia, máis circunferencia. Non me sabe como se me fora dar un estanco e dixo dúas días d'un estanco.

JOSE OTERO, Laxeiro

Una visita al estudio de un pintor, es algo que altera el espíritu de un profano, a curiosidad le impide, el acostumbrado a la rutina, la fantasía lo desorienta; la emoción de la grande y de lo bello lo entusiasma.

Desde una de las ventanas de un estudio, resplandece a plenas luces la vista de escenas sublimes, de árboles vaticios y copidos, que hacen recordar algún paisaje pintoresco de un viejo drama español. Allí, o impresionada toda la dilata que que inspira la laguna rizada de una vegetación que casta espejuelos arrojados entre sí como que vive en un mundo de fantasmas de luz y de color.

Apenas entré en el estudio de Laxeiro, ofendíame a mí vista todo un conjunto artístico ingeniosamente pintado por el pincel que tan delicadamente supo reflejar la realidad de nuestra vida campesina. El ambiente que flota en el lienzo, penetra en el espíritu como un halo de voluptuosidad que se mezcla con aquellos colores, como un refinamiento del lenguaje; la visión corregida de un realismo delirantemente onírico.

En algunos cuadros de Laxeiro, lo mismo del detalle, la seriedad de la regla estudiada y aprendida como revelación dogmática, aparecen propiamente la potente creación del alma del artista. Por ejemplo, que Laxeiro es una maravilla de técnica, unida a un prodigioso conocimiento de la naturaleza. Sus cuadros, de colores limpios, de contornos imprecisos, de líneas de contornos imprecisos, de rigurosas proporcionalidad en las formas. Sus cuadros que viven en el lienzo y hablan a los sentidos como hablándole el lenguaje intangible de un mundo de fantasmas.

Veleta parece lambrida curiosa por las paredes del estudio, y parece admirarse con más curiosidad, desinteresada en artístico desorden, brazos caídos de la vida real de su entorno. En sus cuadros, de colores limpios, de contornos imprecisos, de rigurosas proporcionalidad en las formas. Sus cuadros que viven en el lienzo y hablan a los sentidos como hablándole el lenguaje intangible de un mundo de fantasmas.

En los trabajos de Laxeiro hay algo tan

propio algo tan nuestro, que no es posible ver aquellos lienzos sin sentir la atmósfera que se desprende del incomparable encanto natural del terreno. No es posible pedir más verdad, ni realismo mayor a aquellas figuras. En los rostros de los jóvenes y de las niñas hay toda una fuerza emotiva, que inspira la devoción fasciada, la fe, irreflexiva y ciega. Aquellos rostros señalados o rechonchos, alizados y angulosos, que hacen recordar las carpiñas galesas, son los verdaderos rostros de nuestros campesinos de aldea, devotos, con una devoción intensa que raya en santidad, venerables ruinas de una generación que pasó dejando impresos en la historia el sello de dolientes tradiciones.

Y aquellas jóvenes, mozas y educadas en un ambiente de matrimonio, como criada en la sombra de los templos; y al olor del incienso, espíritus raquinosos, formados al amparo de los eternos rituales, como ignorantes los los y sin vida, cuerpos sin sangre, nerviosos y adormidos, aparecen retratados por Laxeiro tal como son. Admirable obra de realismo! Aquella figura, sus figuras aladas gallegas, estas y muchas. El color, la línea, la expresión, todo pertenece a la tierra.

No quiero hablar de retratos. Laxeiro tiene algunos muy buenos. Homenajes, entre ellos, sus figuras muy respetables a las que en algún cuadro se muestra la abuela del pintor. Laxeiro hizo en sus retratos una verdadera maravilla de técnica. Yo no puedo juzgar desde este punto de vista. Soy profano. Pero eso que no puede pedirse nada más sobado y perfecto.

Y así lo hago. No olvidaré la visita que hice al joven artista lalinense, y ojalá cuando vuelva, encuentre convertidos en lienzos magistrales, sus obras soñadas, los bocetos, los apuntes, los manuscritos insignes que he visto allí, aparecidos como en un mundo de fantasmas por la mesa de un poeta.

JESUS GOLMAR RODRIGUEZ, maestro nacional.

Visite la gran liquidación de la casa NISTAL.

lo que se dice...

Por DOM CIRILO

—¿Qué pasa la ciudad de Burgos se han antecedido propaganda en pro del ferrocarril Zamora-Orotia para que sea un hecho? No lo dudamos valientes orosmos!

—¿Qué, por rumores de que el ex-ministro de Gobernación, Sr. Casares Quiroga, se propone hacer una gran propaganda por Galicia y otras provincias conquistadas? No, señor, Sr. Casares, nos dice sus amigos que se ha ido. Sr. Casares está en Bañ, y lo reemplaza interinamente Sr. Benito Gullón.

—¿Qué, las oficinas de Telefónica no se sabe desde cuándo? ¿Libre necesidad de ser anuladas para oírse?

—¿Qué, qué diputado para algunos que el señor Ferrero sea alcalde?

—¿Qué, que se va a un Comité republicano de cierta parroquia, no recibirá reuniones desde su constitución? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, cómo que en Castro se tira por la ventana? Nuestro conciliar es ambiguo.

—¿Qué, qué carrera de Prada a Villabona está en marcha? Sí, señor, está en marcha.

—¿Qué, qué Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, qué primer oficial de nuestro Ayuntamiento continúa sin salir? No hay que ser tan capotinos. Un día saldrá.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

—¿Qué, que Comisión de Ordenación y Ordenación de la zona de las aldeas se va a constituir? ¿Para una labor, señores directores? Que no digan por ahí que ustedes son anti-republicanos.

Una gran eminencia médica

No es necesario decir a quien pertenece esta honrosa figura. El doctor Néron Santos, oriundo de Lalin, ya no necesita solamente su gloria en España, sino que el mundo entero pronuncia repetitivamente su nombre, y las grandes ciencias se ríen, respetuosamente ante su gallarda sabiduría.

El doctor Néron Santos, que de un solo golpe dio los fundamentos de la ciencia médica para captar por su método el feliz resultado de la operación practicada en el ilustre paciente. Nosotros, gallegos como es, llama asombrados a los demos de esto, fíjase el lector. Roberto!

Todos los hombres de ciencia, de todas partes, se interesan grandemente por el feliz resultado de la operación practicada en el ilustre paciente. Nosotros, gallegos como es, llama asombrados a los demos de esto, fíjase el lector. Roberto!

Todos los hombres de ciencia, de todas partes, se interesan grandemente por el feliz resultado de la operación practicada en el ilustre paciente. Nosotros, gallegos como es, llama asombrados a los demos de esto, fíjase el lector. Roberto!

Todos los hombres de ciencia, de todas partes, se interesan grandemente por el feliz resultado de la operación practicada en el ilustre paciente. Nosotros, gallegos como es, llama asombrados a los demos de esto, fíjase el lector. Roberto!

Todos los hombres de ciencia, de todas partes, se interesan grandemente por el feliz resultado de la operación practicada en el ilustre paciente. Nosotros, gallegos como es, llama asombrados a los demos de esto, fíjase el lector. Roberto!

Todos los hombres de ciencia, de todas partes, se interesan grandemente por el feliz resultado de la operación practicada en el ilustre paciente. Nosotros, gallegos como es, llama asombrados a los demos de esto, fíjase el lector. Roberto!

Atentado a un fiscal en Rodero

El día 15 del corriente se vio en la Audiencia de Pontevedra la causa del Juzgado de Lalin, contra Victoriano Arán Dúguez, Manuel El Gata, Rodríguez y María Lacerda Gónzalez, etc. rebeldes.

Según relato del Ministerio fiscal, el 28 de Junio de 1931, se dirigió de Lalin a Rodero, para notificar allí en un colegio electoral el resultado de su nombramiento, el entonces abogado fiscal de la Audiencia, don Ramón Rivero de Aguilera y Otero, que se hallaba en el ejercicio de su función, acompañado de don Luis Huesa y don Alvaro de la Osa, y cuando estaba a un kilómetro de Rodero, se encontró con que la carretera estaba obstruida con piedras y troncos de árbol. Paró el automóvil que lo conducía, y uno de los ocupantes se bajó para dar expedito el paso, pero en este momento surgieron los promuevas, entre otros, armados de palos y armas de fuego, quienes impedieron que el auto avanzase sin retroceder a mientras los muchachos con las pistolas, diciendo que si se movían, harían fuego.

Los promuevas, después de haber disparado una bala, hasta que dieron las cuatro y ya habían terminado las operaciones de la alusión, y entonces fué cuando se constituyó seguir.

Se pidió para cada uno de los meses la pena de seis años de prisión y 500 pesetas de multa por el delito de atentado y obstrucción, y un día de arresto, y 50 pesetas de multa por el de omisión electoral.

Se dictó nuevamente sentencia absolutoria, por falta de pruebas.

COMPRÉ en las CASAS que anuncian

En 1934, Laxeiro no seu pequeno obradoiro de “El Hospitalillo” recibe a visita de profesores da Universidade de Santiago que o convidan a facer unha exposición na Facultade de Filosofía e Letras. Esta mostra organizada nun salón da Facultade por Carlos Maside e Luís Seoane foi, segundo Fernández del Riego, “unha fiestra aberta ao imaxinario en Monte con desnudo, Antroido e Trasnos de outro mundo”. Mostraba nas facianas, nas figuras disformes, nos xeroglíficos e nos seres monstruosos un labor creador primitivo, granítico e medieval. Con Carlos Maside, Luís Seoane e outros intelectuais que protagonizaban unha intensa actividade cultural, participa nos faladoiros do Café Español en Santiago de Compostela (Fernández 2005: 117-118). A nivel económico a súa situación é precaria porque daquela non se mercaban pinturas. A súa vida era a dun bohemio loitando títanicamente por un soño.

En 1933 e 1934 Xesús traballa como mestre en Friol e Vilalba pero neste último ano acada destino provisional en Méixome (Lalín). Participa activamente na campaña para as eleccións xerais de novembro. En setembro de 1934 ingresa no partido galeguista. En xaneiro constituíase o grupo galeguista de Lalín, no que Laxeiro actuaba como bibliotecario e ao que se incorporará Xesús a principios de 1935. Neste ano é elixido presidente do Partido Galeguista de Lalín e conselleiro suplente da zona de Lalín, na Asemblea do PG en Santiago de Compostela. Obtén tamén o ansiado destino definitivo en Méixome preto da súa familia. Neste momento, Laxeiro expón nunha galería de Pontevedra.

Laxeiro e Xesús Golmar forman parte dunha xeración de homes e mulleres sensibles ao mundo que os rodea, amantes da liberdade, da xustiza social e do progreso. Comprometidos co seu tempo, abrazaron o galeguismo e traballaron por un futuro mellor para a nosa terra.

O 11 de abril de 1936 Xesús Golmar é nomeado alcalde de Lalín. Laxeiro prepara unha exposición en Vigo. O 24 de xullo a raíz do golpe de estado, Xesús é destituído. Detido e xulgado por rebelión militar, en Consello de Guerra, é condenado a reclusión perpetua¹¹. Acúsano

11. El progreso, nº125506 18 novembro 1936

de ideoloxía de esquerdas, actitudes contrarias á “Causa Nacional”, militancia en organizacións afectas á República, irrelixiosidade e nacionalismo. Estivo preso primeiro na illa de San Simón e despois no Penal de San Cristóbal en Pamplona (Sierra/Alforja 2006). En xuño de 1940 a Comisión de Depuración del Magisterio decreta a súa separación do servizo e a baixa no escalafón. En outubro sae de San Cristóbal con prisión atenuada no seu domicilio. En 1941 o Jurado de Revisión de Condenas revisa o seu caso decretándolle catro anos de prisión menor (Igrexas 2005: 57-60). Foi posto en liberdade pero inhabilitado para o maxisterio.

Os ideais de progreso e pacifismo, de ambos os dous amigos, truncáronse coa rebelión militar do 18 de xullo. Os camiños que percorreron a partir de entón foron ben diferentes. Xesús será encadeado e represaliado. Laxeiro sobrevivirá a esta loita, despois de ser recrutado en 1937 como soldado no bando sublevado, onde coñece o poeta Celso Emilio Ferreiro co que compartirá amizade ata a súa morte.

Durante a guerra, Laxeiro non abandona a súa paixón e segue debuxando. Ao remate dá clases de plástica no Instituto de Pontevedra e pinta varios murais: o do cine Balado de Lalín (desaparecido) e o do Café Moderno de Pontevedra (1941). En 1942, establécese en Vigo e forma parte activa dun grupo de persoas que se converterá no motor intelectual da Galicia da Posguerra: Carlos Maside, U. Lugrís, M. Granell, X. Ledo, F. Fernández del Riego e os irmáns X. e R. Isla Couto. Son anos de precariedade económica e moito traballo. Laxeiro pinta sen descanso. Para sobrevivir, compaxina o seu compromiso coa renovación artística, coa realización de abundantes retratos para a burguesía viguesa e coa pintura de murais para as tabernas frecuentadas pola bohemia. En 1946 pinta unha das obras máis representativas da súa carreira “Trasmundo”. Empeza a ser un pintor considerado e sucédense as exposicións. Este ano expón en Madrid e en 1947 en Bilbao, A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra etc.¹²

12. <https://gl.wikipedia.org/wiki/Laxeiro>

Despois de cumprir condena, Xesús volve ao seu fogar en Santiso (Lalín) para coidar da familia e da súa nai enferma. Casa con María Saavedra en 1947. Sofre as perdas da súa irmá María (1945), da súa nai (1950) e dun fillo pequeno (1954). Sobrevive dedicándose a labores agrícolas. Sen recursos económicos, afronta problemas de saúde, agravados polas condicións sufridas nos penais e tenta sacar adiante tres fillos pequenos. Loita ata a morte pola súa rehabilitación como mestre. Finou en xaneiro de 1962, sen saber que fora readmitido no Maxisterio, comunicado que chega uns meses despois do seu pasamento. Foron moitos os seus valedores nesta longa travesía de dor e desesperación por volver á docencia. Cabe destacar o apoio de D. Ramón Aller Ulloa, o Cardenal Quiroga Palacios, Francisco Maañón Couto (alcalde de Foz), Otero Pedrayo e Filgueira Valverde. En maio de 2003, o profesor e investigador Manuel Igrexas, apoiado polo claustro do IES Laxeiro, propón que o Colexio Comarcal de Lalín leve o nome de Xesús Golmar, proposta aprobada que se fará efectiva un ano despois. Será desta maneira como Xesús Golmar volverá por fin á escola.

Laxeiro, en 1951, viaxa a Bos Aires cunha exposición colectiva e alí permanece vinte anos. Non regresará ata 1970. Neste lugar atopa un ambiente cultural que o acolle con admiración e cariño, que reconece a súa valía e o respecta. É unha etapa de fecunda plenitude vital e artística. Reencóntrase con Lala, a quen coñecera en Madrid en 1932, e cos vellos amigos exiliados: Seoane, Dieste, Suárez Picallo, Blanco Amor, Díaz Pardo, R. de Valenzuela, Cuadrado, Lores, Benito e José Domínguez... Lala será a súa musa e a súa compañeira de por vida. Toma contacto con outros ilustres galegos como Neira Vilas e Anisia Miranda. Convértese nun home activo e destacado da colectividade galega: pinta, participa en incontables actos culturais e patrióticos, realiza numerosas exposicións, ilustra libros, revistas, chega a ser vicepresidente da Asociación Arxentina de Artistas Plásticos e recibe premios e homenaxes que reconecen a súa obra.

Retorna a España en 1970. Reside alternativamente en Vigo, Madrid e Lalín. O 21 de xullo de 1996 morre na súa casa de Vigo. Laxeiro, un lalinense de nacemento e de corazón, é un dos grandes pintores vangardistas galegos, un home cunha personalidade excepcional e arrebatadora, cunha

imaxinación desbordante que imprimiu na súa obra. Un selo particular no que podemos recoñecernos porque bebe nas nosas fontes, nace do amor e da observación profunda do carácter e da fisionomía da nosa xente, do coñecemento da nosa idiosincrasia, das nosas tradicións e da vida das nosas aldeas. Un artista que sempre apoiou os novos valores. Un home universal que soubo recrear o mundo desde o seu universo particular.

A súa historia está ligada á dos seus coetáneos. Laxeiro e Xesús Golmar seguirán alumando desde o alén esta nosa terra. Nós non podemos contemplar as súas obras noveis no estudo do pintor dos seus primeiros anos, pero gardamos coma un tesouro o seu prezado legado.

BIBLIOGRAFÍA

- Cordeiro Rodríguez, Luis (2003): *Apuntes sobre Ramón Salgado Toimil*. Revista Bolanda. Cadernos da historia focega. Primeiro número. A pomba do Arco, 1-18.
- Cordeiro, Luis (2004): *Fume de Pallas*. Xunta de Galicia, 339-346.
- Fernández, Suso (2005): *Miscelánea focense*. Librería Bahía, 51-57.
- Fernández, Suso (2011): *Cartafol de Foz*. Librería Bahía, 23-25.
- Fundación Laxeiro. <https://laxeiro.org/>. [Consulta en agosto 2021].
- Galiciana. https://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados_ocr.do. [Consulta en agosto 2021].
- Igrexas, Manuel (2005): *Xesús Golmar*. Edicións Fervenza.
- Igrexas, Manuel: *Apuntamentos sobre a biografía de Ramón de Valenzuela*. <https://www.tabeirosmontes.com/ramoacuten-de-valenzuela-otero.html> [Consulta en agosto 2021].
- Neira Vilas, Xosé (2009): *Encontros con Laxeiro*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- Niñe Fernández, Antón (2012): *Fondós: De escola a Gardería Infantil*. Gráficas Arfe.
- Pérez Buján, J.; Otero Abeledo, J. (2011). *Laxeiro. Os escritos de D. Ramiro*. Ed. Fundación Laxeiro.

- Sierra, Felix / Alforja, Iñaki (2006): *Fuerte de San Cristobal, 1938. La gran fuga de las cárceles franquistas*. Pamplona: Pamiela.
- Vidal Neira, Antonio (2016): “José Otero Abeledo “Laxeiro”, el pintor de Lalín”. Historia de la Tierra de Deza: (<https://historiadeza.wordpress.com/2016/02/26jose-otero-abeledo-laxeiro-el-pintor-de-lalin/>).
- Wikipedia. <https://gl.wikipedia.org/wiki/Laxeiro>. [Consulta realizada en agosto 2021].

PRENSA

- *A Nosa Terra* (1935-1936).
- *Atrás* (1930).
- *El Ideal Gallego* (1925).
- *El Noticiero Gallego* (1940).
- *El Pueblo Gallego* (1925-1934).
- *Faro de Vigo* (1928-1929).
- *Faro Villalbés* (1932-1936).
- *Heraldo de Galicia* (1926).
- *La Nueva España* (1931).
- *La Provincia* (1925).
- *Razón* (1933-1934).
- *Vida Escolar* (1927 e 1937).

MANUEL GONZÁLEZ FERRADÁS, “O NARANXO” (1879-1945)

Daniel González Alén

Resumo

Manuel González Ferradás, “O Naranxo” (1879-1945), foi un lalinense moi coñecido e mesmo popular no seu tempo, en que falto de cordura e pobre de solemnidade, deambulaba polas terras de Deza, malvivindo da caridade dos paisanos que pagaba repartindo moreas de falsos billetes, segundo expoñemos neste traballo biográfico. A tradición oral, os retratos de Laxeiro e os libros de Ramón de Valenzuela fixeron del un mito do folclore deza e un personaxe da literatura galega.

Palabras chave

O Naranxo, Lalín, Laxeiro, Valenzuela, Santiso, A Xesta

Abstract

Manuel González Ferradás, “O Naranxo” (1879-1945), born in Lalín, was a well-known and popular figure of his time, in as much as, lacking good sense and poor in solemnity, he wandered the lands of Deza, scraping out a living with the help of his neighbours, who he paid with a bunch of forged banknotes, as can be seen in this biographic piece of work. Oral tradition, the portraits by Laxeiro and the books by Ramón de Valenzuela turned him into a folk myth in Deza, as well as a character in Galician literature.

Key Words

O Naranxo, Lalín, Laxeiro, Valenzuela, Santiso, A Xesta

Atribúeselle ao ilustre sabio lalinense Ramón M^a Aller o adaxio que di que a terra de Lalín é boa para o pulmón pero mala para a cabeza, razón pola que aquí abundaban os tolos. E, precisamente, en Lalín está o célebre santuario do Corpiño que, segundo crenza popular, pode liberar dos seus males aos que padecen a loucura, o meigallo e outras enfermidades mentais, que aquí acoden desde tempo inmemorial. Nesta terra de Deza, dise que abundan os tolos e os suicidas, sen que iso se poida demostrar polo de agora con números e estatísticas irrefutables. Supoñemos que, en proporción, haberá os mesmos ca no resto de Galicia, pero a sona levámola nós.

Tolos que sempre gozaron de aprecio e mesmo cariño por parte de familiares e veciños, dos que reciben coidados, bo e trato e agarimo, na casa e fóra, e só en último extremo ían parar tempo atrás ao Sanatorio de Conxo en Santiago, logo de que a relixión, os curandeiros e a medicina oficial non atoparan remedio aos dementes que se volveran agresivos ou perigosos. Os máis deles eran pacíficos, bos e mesmo servizais nos traballos que podían e sabían facer, ao tempo que convivían cos seus veciños que os axudaban e protexían a falta duns servizos sociais que se fixeran cargo deles.

Poida que, se non o máis grande, un dos máis coñecidos tolos da comarca de Deza, fora Manuel González Ferradás (Santiso, 1879 – A Xesta, 1945), coñecido polo alcume de “O Naranxo”, un home pobre e falto de cordura, que vivía da caridade dos seus paisanos ao tempo que repartía millóns e trillóns de reais, pesetas e pesos en billetes falsos que non eran outra cousa que triscos de xornais. Poucos paisanos quedan xa de cantos o coñeceron e trataron en persoa, pero aínda son moitos os que nalgunha ocasión sentiron falar del aos máis vellos, manténdose a súa memoria na tradición oral, que os libros e relatos de Ramón de Valenzuela e os cadros e debuxos de Laxeiro se encargaron de mitificar e converter nun elemento do folclore deza e un suxestivo personaxe da literatura galega. Mesmo unha asociación cultural lalinense leva o seu nome e a súa imaxe sacada dun cadro de Laxeiro e fabricada en Sargadelos –co deseño de Isaac Díaz Pardo, con quen Laxeiro tiña grande amizade– vén sendo un dos agasallos institucionais do concello de Lalín, que tamén lle dedicou unha fonte pública na Xesta, parroquia na que O Naranxo, recoñecido como “O rei dos tolos” ou “O tolo oficial de Lalín”, rematou os seus días.

Pero, quen foi O Naranxo na realidade? A falta dunha biografía ampla e rigorosa de abondo e á marxe das fábulas e fantasías que por aí circulan, consultamos algunhas publicacións e documentos e, sobre todo, recolleemos as testemuñas dos veciños máis vellos de Santiso, Bendoiro, Lalín e A Xesta que o coñeceron, por mor de achegar aquí una aproximación á súa vida, que decorreu de xeito principal nestas catro parroquias dezas.



*O lugar de Vilariño foi berce do Naranxo que recibiu o bautismo
na igrexa parroquial de Santiso*



Polas rúas da vila de Lalín deambulaban naquel tempo O Naranxo, Valenzuela e Laxeiro. A Banda de Música da Xesta (1908-1954) da que O Naranxo era fiel seguidor e mesmo lle carrexaba os instrumentos. ("Lalín, cen anos en fotos". S.E.D. 1999)

1. NATIVO DE SANTISO E FILLO DE SOLTEIRA

Manuel González Ferradás, “O Naranxo”, naceu en Santiso (Lalín) no ano 1879 sen que poidamos precisar o día, ao non localizalo no rexistro civil por ese nome nin nos libros de bautismos da parroquia que se gardan na actualidade no Arquivo Diocesano de Lugo. Os veciños desta parroquia lalinense coñecíanlo como Manuel de Antón, sen dúbida polo seu pai adoptivo Antonio González, veciño de Madriñán, quen o afillou con dez anos, logo de casar coa súa nai María Ferradás, que o tivera de solteira. Dise que o seu pai biolóxico, era un podente señor da parroquia para o que a nai traballaba de criada e que lle tiña cedida unha cativa casa preto da súa. Laxeiro nun dos seus escritos, refírese ao Naranxo como Manuel de Pampín, poida que o apelido do seu verdadeiro pai. Antonio e María traballaron como caseiros en Santiso e criaron outro fillo de nome Xosé que, ao igual que Manuel, vivía da caridade da veciñanza. Tamén tiveron polo menos un par de fillas máis, unha delas chamada Margarida, que casou para Bendoiro e que, como moitos veciños desta parroquia situada ao pé do importante camiño real a Santiago, se dedicaba ao comercio polo miúdo e andaba coas rosquillas, foguetes e lambetadas polas festas da contorna, tendo grande facilidade para cantar regueifas, sendo nai, que saibamos, de dous fillos varóns.

Manuel nunca traballou, nin sequera nos labores que os cativos adoitan facer nas aldeas na casa ou na labranza, e tampouco foi á escola que daquela funcionaba no lugar da Taberna, á beira do camiño real. Xa de cativo non debía ter ben o sentido e deambulaba pola parroquia vivindo do que lle daban, mantenza e roupa, que nin sequera pasaba o traballo de pedir. Co pasar dos anos foi ampliando os seus percorridos, botando ás veces días enteiros fóra da casa de Santiso, pasando por Bendoiro, onde tiña familia no lugar de Campo.

2. DE SANTISO Á XESTA POR BENDOIRO E LALÍN

Entre as parroquias de Santiso, onde nacera e tivo residencia oficial durante anos, e a da Xesta, por mor de acomodo e mantenza, na que rematarían os seus días, e de camiño por Bendoiro, onde tiña familia, e a vila de Lalín, sempre con ambiente de festa nas rúas e tabernas, cando

non feira, decorreu a vida do noso home. Nestes lugares e aínda noutras parroquias lalinenses onde chegaba a súa sona, era dabondo coñecido e mesmo moi popular, de xeito que os veciños por mágoa ou caridade, dábanlle sustento e acomodo en palleiras e cortellos que pagaba cun feixe de recortes de papel moi ben colocados, que dicía que eran millóns e trillóns de pesetas, pregoando as súas riquezas e aturando as bromas e chanzas que algúns lle facían.

“Estaba tolo pero non era parvo e se lle daban diñeiro collíao e tiraba os papeis que repartía coma cartos e marchaba gastalo” contan os veciños que o coñeceron e tamén: “Os cartos coñecíaos ben, e nunha ocasión en Bendoiro, cando repartía millóns en recortes entre os presentes, sacou do peto unha cadela para dárla a unha cativa para caramelos, non querendo enganar á inocente rapaza”. Era xeneroso dentro da súa miseria, segundo lembran os paisanos que o coñeceron.


O alcume de “O Naranxo” seica llo puxeron porque devecía polas laranxas, daquela unha froita escasa nestas terras de pouco sol e moitas xeadas. De mediana estatura, moreno de pelo e pel, de forte complexión malia a escasa mantenza, gastaba zocos e sombreiro, andaba esfarrapado e sen afeitar e portaba unha longa vara da que penduraban unhas latas para escorrentar os cans e poida que os lobos, e cando falaba repetía moito ¡pocha!, quizais por ¡pucha!, exclamación castelá usada naqueles tempos. Todos o tiñan por moi boa persoa, incapaz de facer mal a ninguén nin levar nada que non lle fora dado.

Un dos lugares onde máis paraba no seu deambular polo municipio era na Xesta, daquela puxante parroquia ao abeiro dun importante camiño, parada de carruaxes e central de reparto do correo e a prensa para o municipio lalinense e das obras do ferrocarril, que enchían de xente tabernas e comercios, onde era ben tratado e mesmo estimado polos veciños. Ademais, era fervente seareiro da banda de música da parroquia, que se fundara no 1908 á que acompañaba nos ensaios e actuacións, axudando no carrexo dos instrumentos, portando o bombo e mailo baixo. Andaba de noite, seica por medo á Garda Civil, que

nalgunha ocasión lle tiña petado –non se sabe ben por que– nos anos da posguerra. Presumía de ter varias mozas e facía alarde de que ía casar con sete mulleres, pero só se lle coñecía unha moza chamada Tareixa de Santiago. Por iso, os da banda, que a coitío lle gastaban bromas que sabía levar, argallaron facerlle un casamento vestíndose un de muller, outro de cura e indo o resto de convidados. A cousa foi ben ata que O Naranxo tratou de apertar á que coidaba a súa muller. Descuberto o enredo, colleu tal cabreo que quería pelexar con todos e fixeron falta varios homes para coutalo. A broma tivera un antecedente anos antes, cando Laxeiro, segundo el mesmo contaba, vestido de cura casara a dous vellos e remataron todos na cadea de Lalín.

3. ACCIDENTE EN BENDOIRO E MORTE NA XESTA

Unha das súas afeccións era petar nas portas das casas dos veciños polas noites e, máis aínda, tocar as campás das igrexas parroquiais por onde andaba. En Donramiro, como xa referimos, puxérase a totalas unha noite para anunciar a súa voda e fixo que se xuntaran todos os veciños no adro da igrexa e o mesmo facía en Bendoiro, na Xesta, en Donsión e por cantas parroquias pasaba. Precisamente esta manía íalle custar a vida na noite do 18 de novembro do 1945 cando, para anunciar unha das súas pretendidas vodas e convidar aos veciños, se achegou á igrexa de Bendoiro poñéndose a repicar as campás desde o adro, valéndose da cadea que o sancristán usaba para este mester. Con el estaban Elías de Madriñán e Pepe de Monteiro, aos que atopara nunha das tabernas de Bendoiro e se ofreceran a acompañalo e axudarlle no cometido. Cando estaban tocando, ollaron como de súpeto se abría a porta da igrexa e por ela saía unha comitiva de xente con farois, que encabezaba o cura Antonio Vilariño, co propósito de levarlle o viático a unha patroa dos de Torres que levaba tempo encamada. Os tres argalleiros, coidando que o que estaban vendo era a Santa Compañía, colleron medo e fuxiron por onde mellor puideron para librarse daquela procesión das ánimas que os sorprendera.



*Unha caída dende o adro da igrexa de Bendoiro ao quinteiro,
custoulle a vida ao Naranxo, que foi morrer nos cortellos da casa
do pedáneo da Xesta, onde tiña cotián acomodo*



O Naranxo foi soterrado no cemiterio da igrexa parroquial da Xesta, nunha tomba anónima a pé da porta lateral

Contaba Elías de Madriñán, anos despois, que cando se lembraba daquel acontecer nocturno da igrexa de Bendoiro, aínda lle tramaban as pernas e que Pepe de Monteiro, co medo andara dando voltas toda a noite pola parroquia. Peor sorte correu O Naranxo que, véndose acurralado, botou a correr por entre as sepulturas do camposanto e chimpouse desde a parte máis alta do valado que daba á congostra. Na caída quedou malferido e alí mesmo deixou os zocos, pero aínda foi quen de ir andando polo camiño real ata chegar deica a casa do pedáneo da Xesta, Xosé Carrón, no lugar da Vila, que como en moitas ocasións lle dera sustento e acomodo. Deitouse nun dos cortellos e alí o atoparon morto pola mañá. Tivo moita xente no enterro, malia a xornada de frío e choiva, sendo soterrado preto da entrada lateral da igrexa, nunha sepultura en terra cunha lapida sen inscrición.

4. LAXEIRO FIXA A IMAXE

Ao célebre pintor Laxeiro débenselle os cadros e debuxos que fixo do Naranxo, dándolle imaxe ao personaxe popular e folclórico. Debeu ser a mediados dos anos vinte do pasado século cando Xosé Otero Abeledo “Laxeiro” (Donramiro-Lalín, 1908 – Vigo, 1996) coñeceu e mesmo tratou de preto ao Naranxo. Poida que fora no ano 1925, cando o que sería célebre pintor aínda non cumprira os 18 anos e despois de retornar da emigración cubana logo de enfermar do pulmón, andaba por feiras e festas do municipio lalinense co oficio de barbeiro que aprendeu na vila de Lalín, labor que compaxinaba coa pintura para poder ir vivindo.

A avoa de Laxeiro, era nativa do lugar da Laxe da parroquia de Bendoiro, lindeira coa de Santiso, sendo coñecida pola “Laxeira”, alcume que levaría tamén a familia formada por Xosé Otero –que andaba de arrieiro– e Xosefa Abeledo e os seus sete fillos, que viviron primeiro nunha casa alugada aos de Neira en Donramiro e logo noutra en propiedade no lugar de Vilamaior de Botos (1914), que deixarían para emigrar a Cuba. Malia a evidente orixe do pseudónimo de Laxeiro, o pintor lalinense fabulaba con que fora O Naranxo, que daquela roldaba os 50 anos, quen lle puxera o seu nome artístico cando comezou a pintar, logo de ser bautizado á beira dun regato onde vivía e tocaba a fruta en terras do fantástico Marquesado da Romea, onde tamén moraban fabulosos personaxes xurdidos do seu maxín, usando

para o ritual unha das laxes que nesta terra tanto abundan, en troco da clásica cuncha máis propia das terras que dan ao mar. Noutra variante, non menos fantástica, contaba Laxeiro como comezara o seu oficio de pintor: “Desde que un día o tolo-filósofo do Naranxo, me golpeou cunha lata na cabeza e me dixou: de hoxe en diante serás pintor e haste chamar Laxeiro; tomei ese nome artístico e comecei, guiado por Manolo Colmeiro, a dar os meus primeiros pasos como pintor de retratos nas feiras”, facendo mención a Colmeiro o célebre pintor de Silleda que o axudou nos seus comezos e as moitas latas que O Naranxo acostumaba levar penduradas da roupa para escorrenar os cans e facerse notar polos camiños dezaos.

Laxeiro con pouco máis de 18 anos puxo barbería en Prado, parroquia tamén lindeira coa de Santiso e daquela lugar importante á beira da estrada de Santiago a Ourense, con concorrida feira e con moitos servizos, comercio, algunhas industrias e varias tabernas e pousadas. No seu negocio de “Barbería J. Otero”, Laxeiro ben puido ter atendido ao Naranxo sen aplicarlle a tarifa ou quizais cando ía con este oficio de ambulante polas feiras e romarías da comarca e aproveitaba para pintar a clientes e veciños populares. Precisamente nunha desas romarías, a famosa da Virxe do Corpiño en Losón, contaba Laxeiro que deixara a clientela sen atender para ir ata o improvisado aeródromo do Toxo e ser testemuña da aterraxe do célebre aviador Loriga cando veu de visita a Lalín, o 23 de xuño do ano 1927. Poida que o mesmo Naranxo, seguira os seus pasos para ver ao home que baixou do ceo entre unha grande multitude de paisanos. Onde seica cadraron, segundo contaba o propio Laxeiro, foi cando marchou a traballar de oficial primeiro nunha barbería na puxante vila de Lalín, coidando que podía ter máis futuro na capital do municipio e partido xudicial, que medraba sen parar ao abeiro da feira e a encrucillada de camiños.

A barbería de Lalín era coma un estudo para Laxeiro e alí pousaban para el “tódolos vagos que había na vila”: “Angelito do Ferreiro, que era un pouco parvo e medio tolo e traballaba cun ferrador de cabalos; outro tipo que viña case tódolos sábados e que andaba coa cabeza torta, pero non me lembro agora do seu nome, e mesmo algunhas veces viña O Naranxo, un tolo manso e marabilloso”, segundo lle contou o propio Laxeiro ao seu biógrafo Antón Castro.

Tamén en Bendoiro, coñeceu Laxeiro á que sería a súa dona, Luísa Villamarín Iglesias, coa que comezara a súa relación no ano 1927 e chegaría a casar catro anos despois, coa que tivo unha filla de nome Mari Cruz e un fillo, Néstor Gonzalo, morto prematuramente.

Deste xeito deberon coincidir moitas veces Laxeiro e O Naranxo nos camiños e tabernas de Prado e Bendoiro, os dous lugares ao pé do importante camiño real a Compostela, paso obrigado para O Naranxo cara á Xesta, onde tiña acomodo e comida, pasando por Donsión e Botos, ou pola nova estrada que atravesaba Filgueira polo Espiño e a Ponte das Meigas, seguindo pola vila de Lalín cara a Donramiro, Moneixas e Catasós, e rematando tamén na Xesta, lugares estes nos que sempre atopaba quen o invitara a uns grollos ou lle dera unha esmola a cambio de conversa e dos recortes de papel que regalaba coma se foran cartos verdadeiros para xeral divertimento.

No 1929 Laxeiro cumpre o servizo militar en Pontevedra e colabora cos seus debuxos no Faro de Vigo e El Pueblo Gallego. Un ano despois xa está novamente en Lalín onde nace a súa filla Mari Cruz. Entre 1931 e 1933 Laxeiro viaxa a Madrid con bolsas da Deputación e do Concello de Lalín, estuda debuxo na Academia de Belas Artes de San Fernando e no 1934 retorna a Lalín e abre estudo no *Hospitalillo*, onde poida que tamén asomara o Naranxo de cando vez.

En 1935 un ano antes de que estoupara a Guerra Civil, Laxeiro expón os seus cadros en Pontevedra, cidade na que comparte pensión e supoñemos que moitas conversas e contos, con Ramón de Valenzuela –a quen mesmo pinta nun retrato en acuarela–, o outro personaxe a quen O Naranxo debe boa parte da súa celebridade.

Logo virían os tempos da guerra e da posguerra do 36, en que as cousas foron moito a peor para estes tres personaxes: O Naranxo, con 55 anos ás costas, seguía coma sempre vivindo da caridade, sen saír da ruta que o levaba de Santiso por Bendoiro e a vila de Lalín ata A Xesta e viceversa; Laxeiro, que andaba polos 31 anos, sería recrutado polo bando franquista e andou por Asturias, despois por Pontevedra e Vigo e volta a Lalín, deixara xa o oficio de barbeiro e, con outra bolsa da Deputación Provincial para continuar os




estudos de arte, acometía algún encargos, entre eles o dun mural para o Cine Balado de Lalín, desgraciadamente perdido nunha reforma posterior; e Valenzuela, con pouco máis de 25 anos, logo de participar na contenda e logo de ficar preso un tempo, rematou marchando para o exilio.

Poida que desde o inicio da guerra civil non se volveran ver Laxeiro e O Naranxo, xa que este finaría no ano 1945, cando Laxeiro que aínda non chegaba aos corenta anos, residía en Pontevedra impartindo clases de debuxo nun instituto. Daquela era xa un pintor de certa sona e logo, xa afincado en Vigo, pintaba murais para institucións e negocios, cadros que mostraba en diversas exposicións e xa era considerado un pintor consagrado cando despois expoñía en Madrid, Bilbao en noutras capitais. A principios dos cincuenta trasladaríase a Buenos Aires onde botará varias décadas.

Con quen de seguro non tería mais relación O Naranxo, sería con Ramón de Valenzuela quen, con pouco máis de trinta anos, ficaba no exilio americano como habemos referir máis adiante.

Contra o que se podería pensar, Laxeiro non pintou o famoso cadro do Naranxo ata o ano 1969, vintecatros anos despois de falecer o retratado. Aquel ano, logo de que en Lalín se creara unha sala exposición cos cadros que doara ao seu pobo natal e viaxar a Amsterdam para ver a retrospectiva de Rembrandt, iniciou o lenzo do Naranxo no seu estudo situado na azotea do edificio do antigo Banco Hispano Americano de Vigo, na actual rúa dedicada ao poeta Carlos Oroza, segundo ten referido o tamén pintor galego, José María Barreiro Gómez e así consta na cronoloxía elaborada pola Fundación do pintor lalinense.

O lenzo de grande formato, mide 2 metros de altura por 1,50 metros de ancho, fora encargado polo alcalde Luís González Taboada para o Concello de Lalín, pero cando chegaron os concelleiros encargados de recollelo ao estudo que o pintor tiña en Vigo, non se pechou o acordo económico, polo que Laxeiro anoxado botounos fóra do seu obradoiro. O cadro, en poder dun marchante, acabou sendo mercado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde dende entón se atopa exposto en lugar preferente.



Laxeiro e Valenzuela, coas súas pinturas e relatos, elevaron ao Naranxo a categoría de mito popular. (Fotos da edición do libro “O Naranxo” da Asociación Cultural O Naranxo de Lalín)

En setembro de 2013, o cadro do Naranxo pintado por Laxeiro foi exposto xunto co cadro do tamén pintor lalinense Lamazares, “Eidos de Bama”, no salón de plenos da nova Casa Consistorial de Lalín, “Castro Tecnolóxico”, co gallo da súa inauguración, logo de que fora cedido por seis meses pola USC. Vinte anos antes xa estivera exposto no Museo Municipal “Ramón M^a Aller”.

Unha reprodución da figura do Naranxo pintada por Laxeiro e convertida en cerámica de Sargadelos por Isaac Díaz Pardo, amigo persoal de Laxeiro e de Valenzuela cos que coincidiu no exilio arxentino, vén sendo un dos agasallos institucionais do Concello de Lalín.

Non sería este o único retrato do Naranxo que pintou Laxeiro. Antes xa fixera debuxos para ilustrar os artigos que sobre O Naranxo publicara Ramón de Valenzuela en “Galicia Emigrante” e “La Gaceta de Tucumán”, unha década despois do pasamento do célebre personaxe finado no 1945 e tamén un retrato ao óleo que garda a familia de Ramón de Valenzuela, aparecendo ambos na edición do libro “O Naranxo” de Manuel Igrexas e Mario Pereira que saíu a luz en 2002, co patrocinio da Asociación Cultural “O Naranxo” de Lalín. Tamén o debuxante galego Xaquín Marín, debuxou ao Naranxo, para a primeira edición do libro “O Naranxo” publicado por Brais Pinto Editorial en 1974 para a que Xosé Moslares fixo a portada, co que debe ser o perfil do tolo-filósofo lalinense.

5. RAMÓN DE VALENZUELA COMPÓN O RELATO

Xunto a Laxeiro, que creou a imaxe do Naranxo que chega aos nosos días a través dos seus cadros e debuxos, o recoñecido escritor e político de Silleda Ramón de Valenzuela (1914-1980) foi o encargado de popularizar e mesmo idealizar a figura deste curioso personaxe lalinense a través dos seus libros e publicacións, e mesmo convertelo nun referente da literatura galega.

De familia fidalga e acomodada, Ramón de Valenzuela Otero naceu no pazo da Viña da parroquia silledense de Abades, o 3 de outubro de 1914. A súa infancia e xuventude decorren maiormente na comarca de Deza e logo en Compostela e Pontevedra, cidades onde estuda Filosofía e Letras e Maxisterio. A principios dos anos trinta hai constancia da

súa continua presenza no municipio lalinense en actividades políticas e culturais, asinando varios artigos no periódico agrarista lalinense “Razón”. Con 19 anos xa é integrante destacado do Partido Galeguista en Deza, participando en numerosos actos públicos na comarca, entre eles e como orador na multitudinaria peregrinaxe ao Candán do 15 de agosto de 1933, xunto a Alonso Ríos, Otero Pedrayo, Risco, Suárez Picallo e Blanco Amor.

No ano 1935 incorpórase as Mocidades Galeguistas, sendo elixido conselleiro para a zona que forman en Lalín e A Estrada, traballando para impulsar os grupos locais do Partido Galeguista. En Lalín funcionaba un grupo constituído en xaneiro de 1934 que integraban os irmáns Siro e Anxo García Guitián, Xosé M^a Calviño, Manuel Noguerol, Iglesias Surribas, Xaime Arias, os tamén irmáns Plácido e Fernando Goyanes, Luís Pérez, Luís Villaverde, Salvador García, Celso Carrón, Pío Aller e Laxeiro, ao que tamén se incorporarían máis tarde, Xesús Golmar, Fernández Corredoira, Xesús Froiz, Teijeiro Caíñas, Iglesias Trabazo, Calviño Ozores e Enrique Vidal Abascal. Outro grupo formábase en Botos, da man do mestre de Soutolongo Manuel González “O Cancelo” e o avogado Francisco Pichel, e un ano despois, en 1935, creábanse grupos en Moneixas arredor do grupo de gaitas “Os Dezas” e en Santiso do grupo “Cantigas”. No Partido Galeguista militaban moitos lalinenses que constituían a elite cultural do Lalín daquel tempo.

Poida que fora nesta actividade política onde se coñeceran Valenzuela e Laxeiro, que manterían bo trato e amizade ao longo das súas vidas. Cabe sinalar que Valenzuela era, por parte do seu pai, o médico Xosé Valenzuela Ulloa, parente dos Ulloa de Donramiro, familia á que pertencía o ilustre Ramón María Aller Ulloa (1878-1966) que aparece citado nalgunha das obras de Valenzuela. Tamén en Lalín, en setembro do 1935, Valenzuela intervén xunto a Castelao no primeiro mitin que o ilustre galeguista pronunciara logo de retornar do exilio estremeño.

Desde o ano 1933, Valenzuela, como xa indicamos, viña publicando colaboracións no periódico lalinense “Razón” con artigos e contos que asina como Ramón da Viña e co pseudónimo “Pepe dos Cestos” facía

unha serie de programas en Radio Pontevedra e actuaba no Casino de Lalín en novembro de 1934, acompañando ao coro “Airiños da Ulla”. Tamén colaboraba co Seminario de Estudos Galegos nas campañas que a institución realiza na comarca de Deza entre 1928 e 1935, axudando a Vicente Risco, que dirixía a parte correspondente a etnografía e folclore.

Cando estoupa a Guerra do 36, Valenzuela é detido na Bandeira pasando polas cadeas de Silleda e Compostela, para logo participar na contenda nun e noutro bando e o rematar esta, logo de ser indultado, bota un tempo traballando en Vilagarcía de Arousa, para partir en 1949 para o exilio arxentino. Concluía así a súa asidua presenza no municipio de Lalín, sen desbotar algunha visita puntual nas épocas que residiu en Madrid ou Sanxenxo, xa de volta do exilio americano en 1966.

“Non hai obra de Valenzuela na que O Naranxo non estea presente”, refire o filólogo lalinense Mario Pereira nun traballo sobre o narrador, ata o punto de poder considerarse a transposición do propio autor, das súas experiencias vitais, da súa ideoloxía política que vai desde o agrarismo ata o comunismo, pasando polo galeguismo comprometido. En varias das súas obras, á parte desta que dá título ao libro, aparece a figura do Naranxo –especialmente en “Non agardei por ninguén”(1957), pero tamén en “Era tempo de apandar”(1980) e “As bágoas do Demo”(1964)–, a quen Valenzuela debeu coñecer persoalmente na primeira metade da década dos anos trinta do pasado século e tamén polas referencias que del lle daría Laxeiro, con quen o escritor mantivo boa amizade e mesmo pensión en Pontevedra nos anos anteriores a guerra do 36. Valenzuela e Laxeiro volverían coincidir no exilio arxentino, a onde o de Silleda chegou tras ser indultado no ano 1948 para, entre outras actividades, colaborar en prestixiosas revistas. En “La Gaceta de Tucumán” e “Galicia Emigrante” publica numerosas narracións curtas –varias delas ilustradas con debuxos de Laxeiro, entre elas “O Naranxo”, que aparece no numero 15 de 1955– que escolmaría a mediados dos anos sesenta para ser publicadas no libro de relatos “O Naranxo”, que habería de saír á luz no ano 1974 cando Valenzuela residía en Madrid, logo do seu retorno da emigración arxentina.

No libro “O Naranxo”, publicado case vinte anos despois do pasamento do personaxe que lle dá nome, Valenzuela narra o seu encontro en Lalín, non sabemos se real ou ficticio, co Naranxo que deambula polas rúas da vila pasadas as festas do verán supoñemos que de principios dos anos trinta. Os dous coinciden cando o autor saía do hotel onde se aloxaba, para encamiñarse xuntos en animada conversa cara ao Pontillón. Relata o Lalín festeiro, non só nas grandes celebracións que marca o calendario senón tódolos días do ano, por cuxas rúas baleiras de xente andaba O Naranxo, “o tolo de Lalín... que se lle daba polas grandes finanzas... home calado e suave, un multimillonario humilde e bo”, que cavilaba aproveitando a noite “porque de día non se pode”. Neste encontro, manteñen un diálogo que semella inverosímil e quizais imaxinario, no que máis ben se expoñen os puntos de vista e as cavilacións do escritor de Silleda máis ca os do “tolo oficial de Lalín”, un home falto de instrución e sen outra ideoloxía que a de ir vivindo, segundo aqueles que o coñeceron en persoa. Na conversa, falan das festas “nas que non hai ricos nin pobres, tolos nin cordos, a xente come sen ganas e bebe sen sede” e tamén está presente o Demo “que non é parvo”... Presume o Naranxo de ser “o home máis rico do mundo”, de ser o dono do Banco da Coruña e do Pastor, que daquela aínda non tiñan sucursal en Lalín, malia que sempre anda “coa mesma chaqueta remendada, co mesmo pucho de hai dez anos”. Tiña máis de dous trillóns de pesos en cada un dos devanditos bancos, pero que non os podía sacar xa que alí só había números e se os clientes o soberan podían perder a sona e o creto. Todas as casas de Lalín son súas, e tamén as da comarca, máis de tres trillóns de casas, pero non vive en ningunha delas, xa que lle traen moitos gastos e prefire terllas cedidas gratuitamente aos veciños a cambio de que corran co mantemento e as taxas. Tamén ten as terras de Donramiro, Donfreán e Donsión, e todas as que “se ven e adiviñan”, igualmente deixadas aos paisanos que “traballan de sol a sol (...) e envellecen novos” a cambio de que lle dean algo de mantenza e paguen as contribucións.

Valenzuela xoga coas perspectivas do cordo e do tolo, contraponéndoas na procura de reflexións filosóficas, repletas de enxeño e humanidade. Do Naranxo di que “falaba como sabio que chegou a conseguir a felicidade” mentres o ollaba escarranchado sobre o xa desaparecido peitoril do

Pontillón do que baixou ao rematar a conversa para marchar só, mentres o da Viña ficaba tentando volver á realidade: “O Naranxo era un pobre de pedir que vivía da caridade (...), non era rico ao xeito dos demais”, para rematar afirmando que “de tódolos xeitos, eu teño para min que O Naranxo estaba tolo”, co que pon fin ao capítulo que no libro lle dedica a este singular personaxe lalinense.

Na obra “Non agardei por ninguén”, aparece o tolo lalinense contando a súa pretensión dun inverosímil casamento coa filla dun notario de Lalín, cuxo compromiso anuncia a todos os veciños parroquia de Donramiro tocando as campás da igrexa de noite, facendo que o adro se encha de xente. Tamén botara foguetes mercados ao fogueteiro de Bazar, que aínda hoxe na terceira xeración segue vendendo pólvora para as festas dezás. A voda frustrárase e mesmo interviría a Garda Civil, que lle propinou unha malleira ao protagonista deste relato que pode ter moito de certo, xa que con lixeiras variantes a tradición oral encargouse de chegalo ata os nosos días.

En “Non agardei por ninguén”, Valenzuela mesmo esboza un idealizado retrato do Naranxo: “...coas barbas longas e descoidadas semellaba un antigo profeta bíblico, un novo profeta de paz. Unha paz que non tiña cabida en nós, xente de armas en guerra, non sendo así, dun profeta tolo, como todos os profetas”.

Valenzuela e Laxeiro, amigos noutro tempo, convertidos nos grandes impulsores do personaxe mitolóxico e popular do Naranxo, fican na actualidade unidos no rueiro lalinense, no que senllas avenidas levan os nomes destes dous ilustres creadores dezaos.

Recentemente a escritora e xornalista Inma Vilaríño, publicou o libro “O Naranxo no Trasmundo” (Edicións Fervenza, 2020), profusamente ilustrado pola artista silledense Luchi López Brea, na que entre a ficción e realidade, o famoso tolo lalinense encontra e mesmo conversa, cos notables personaxes dezaos e galegos entre eles Laxeiro e Valenzuela, que moran no outro mundo. Para este libro que está a ter excelente acollida polo público, tivemos a honra de facer unha introdución histórica e social da convulsa e transcendental época que lle tocou vivir ao Naranxo nas terras de Lalín.



Portada do libro “O Naranxo” (1992) que contiña un retrato feito por Xaquín Marín. A de “O Naranxo no Trasmundo” (2020) de Inma Vilaríño e a figura de Sargadelos, inspiradas no famoso cadro do Naranxo de Laxeiro

6. EPÍLOGO

Con 65 anos cumpridos morreu Manuel González Ferradás, pero O Naranxo ficou na tradición oral da comarca desde entón. E cando calquera veciño de Lalín presume e mesmo esaxera con ter montes e moreas ou fala de grandes cantidades de cartos, axiña alguén lle espeta: “Pareces o Naranxo, que sempre andaba cos millóns e trillóns!” ou “Son as contas do Naranxo”, frases que a continua inflación e mesmo a especulación, manteñen en vigor. Outras non son menos significativas, ilustrativas ou ofensivas, como as de “Estás máis tolo có Naranxo!” ou “Tes cousas do Naranxo”, que tamén chegan aos nosos días nas conversas cotiás. Tamén son numerosas as anécdotas e contos dos que é protagonista, non se sabe se certos ou inventados polo maxín popular, os máis deles esaxerados e increíbles que, con lixeiras variantes, aínda se escoitan na actualidade.

Da mesma parroquia natal de Santiso tamén foron o admirado mestre Xesús Golmar Rodríguez (1908-1962), aínda mozo cando O Naranxo andaba polos camiños e feiras de Lalín; o actor Juan Rogelio García García, alias “Juan Orol” (1893-1988) que poida non coñecera O Naranxo antes de triunfar na emigración americana e o escritor Ramón Varela (1790-1858), que mandaba nestas terras cando o noso biografiado aínda non asomara a este mundo. Todos eles persoeiros notables, máis valorados socialmente, aínda que se cadra menos populares que O Naranxo, quen para os que o coñeceron de preto foi un home pobre, que non un pobre home, sen oficio nin beneficio, que nada de proveito fixo nesta vida, un tolo desgraciado que andaba polos camiños e polas casas pedindo esmola a cambio de ofrecer millóns e trillóns que non eran senón recortes e que se vivira hoxe poida que fora un usuario dos servizos sociais do Concello.



O cadro de Laxeiro “O Naranxo, Rei do Mundo” luciu na inauguración da nova Casa Consistorial de Lalín en 2013. A fonte que se lle dedicou ao celebre personaxe na Xesta en 2018

7. AGRADECEMENTOS

Para a elaboración deste traballo foi imprescindible a axuda dos informantes que se relacionan, algúns coñeceron e mesmo trataron ao Naranxo, outros achegaron o que lle sentiron aos máis vellos e todos colaboraron con entusiasmo: a Maruxa Montouto de Vilariño-Santiso; Rosario García e o seu pai Xosé, de Santiso do Fondo; a Plácido Rozas de Santiso; Charo Golmar Saavedra de Lalín; Pedro Cortizo Moure e Alfredo Bodaño de Bendoiro; Julia Carrón e o seu fillo Manuel Areán da Vila-A Xesta; José Luís Rodríguez Jácome da Xesta; Inma Vilariño, de Moimenta; e, coma sempre neste e noutros traballos ao meu imán Suso, que con paciencia e cariño os revisa e trata de mellorar o texto. A todos o noso recoñecemento e gratitude.

BIBLIOGRAFÍA

- Ameneiro Bravo, M^a Celia (2008): *“Galegos na Historia: Laxeiro. O eu de Xosé Otero Abeledo”*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- Calvo, Juan (2001): *“Boda y muerte de O Naranxo”*, en Faro de Vigo do 7-11-2001.
- Castro Fernández, Antón (1997): *“Laxeiro. A invención dun mundo”*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Castiñeiras García, Maximino “O poeta da Mahía”: *“Visión de Lalín a traves de Laxeiro, su pintor”* “La Noche” 18-09-1957.
- Valenzuela, Ramón de (1974): *“O Naranxo”* con ilustracións de Xaquín Marín. Madrid: Brais Pinto.
- Valenzuela, Ramón de (2002): *“O Naranxo”* Edición de Manuel Iglesias e Mario Pereira, con ilustracións de Laxeiro e Seoane. Asociación Cultural O Naranxo. Lalín: Artes Gráficas Alvarellos S.L.
- Vilariño Vázquez, Inma (2020): *“O Naranxo no Trasmundo”* con ilustracións de Amalia López Brea “Luchi”. Silleda: Edicións Fervenza.
- Varios autores (2006): *“Homenaxe a Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela”* Xunta de Galicia: Consellería de Cultura e Deporte: Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

D. BELTRÁN LEGERÉN, CONSTRUTOR DE FÁBRICAS DE CURTIDOS: XENEALOXÍA FAMILIAR E INDUSTRIAL (1807-1854)

José Ramón Pérez Salgado

Resumo

A abundancia de auga, de peles de animais e de taninos extraídos da casca de carballos e castiñeiros foron factores primordiais para que a industria do curtido de peles se establecese en Galicia dende finais do s. XVIII. Entre os derradeiros anos dese século e os inicios do s. XIX instaláronse en terras galegas unha serie de sagas de curtidores de orixe vasco-francesa. A Comarca do Deza non foi allea a este acontecemento e froito diso foi a chegada destes homes especializados na industria dos curtumes. Na primeira década do s. XIX se establecería en Trasdeza a familia Legerén Mariño. A continuación, a familia Hirigoyen Larrondo se instalaría en Santa María de Filgueira (Lalín).

Palabras chave

Curtido, Rellas, Legerén, Trasdeza, Fábrica

Abstract

The abundance of water, animal skins and tannins extracted from the bark of oaks and chestnuts were key factors for the tannery industry to be established in Galicia since the late eighteenth century. Between the last years of that century and the beginning of the 19th century, a series of tanners of Basque-French origins settled in Galicia. The Deza region was no stranger to this event and the result was the arrival of these men specializing in the tannery industry. In the first decade of the 19th century, the Legerén Mariño family settled in Trasdeza. Next, the Hirigoyen Larrondo family would settle in Santa María de Filgueira (Lalín).

Key Words

Tanning, Rellas, Legerén, Trasdeza, Factory

INTRODUCCIÓN

As boas expectativas económicas existentes en terras galegas dende a segunda metade do s. XVIII son a orixe da presenza en Galicia de numerosos comerciantes foráneos. A finais dese século, a industria do coiro, favorecida por unha serie de factores que o propio territorio poñía a disposición (auga, casca, peles) viu incrementada a súa produción.

A estes factores hailles que engadir a difícil situación que tras a Revolución Francesa atravesou a industria do coiro no país veciño orixinada por unha regulación da actividade industrial que suprimiu moitos privilexios corporativos. As industrias de curtumes eran consideradas altamente contaminantes debido, entre outras cousas, ao tratamento de residuos animais, putrefacción de restos vexetais ou malos olores.

Outra serie de medidas de carácter administrativo foron motivo de que a industria galega se vise favorecida. Entre elas citaremos a Real Cédula da Súa Maxestade do 8 de maio de 1781 na que concedía diferentes grazas e privilexios a favor das fábricas de curtidos do Reino, ou o Dereito de Estranxeiría que ocasionou o peche de moitos establecementos da rexión vasco-francesa e que aumentou a presenza de man de obra cualificada (mestres e oficiais) en terras galegas incentivados polas propostas de traballo (Fernández Vázquez: 2002).

Unha das principais cidades produtoras na industria do coiro era Santiago, onde este negocio estaba rexentado na súa maior parte por empresarios de orixe vasco-francesa (Garra, Harguindey, Eleicegui, Ituarte). A mediados do s. XIX, a comunidade galega ocupaba unha posición predominante a nivel estatal, até o punto de que o 25% dos coiros se elaboraban nela.

A consolidación deste gremio na Comarca do Deza dende a primeira metade do s. XIX correu a cargo de dúas sagas de curtidores chegados alén dos Pirineos. O pioneiro foi D. Beltrán Legerén que, asentado no primeiro cuarto dese século en terras de Trasdeza, ampliará e estenderá, dende a parroquia de San Martiño de Rellas, as súas redes familiares e comerciais. Á actividade desta familia súmase a da saga Hirigoyen Larrondo na década dos anos 30 na parroquia de Santa María de Filgueira (Lalín). Os irmáns D. Juan Bautista e D. Juan Cadet, oriúndos de Ixassou, rexión de Nova Aquitania, construírán para a historia e para os seus descendentes a Fábrica do Espiño. Acontecida a defunción de ambos os irmáns en terras galegas, a fábrica pasa a mans de D.^a Isabel Berrouet, esposa do primeiro, e dos seus fillos. A Sra. Berrouet e fillos deciden regresar a Francia, deixando a fábrica en arrendamento ao

encargado, o francés D. Pedro Aguerre Garat, natural de Espelette que a arrendará xunto ao seu compatriota D. Pedro Molezún Lisarrage, natural de Hasparren. Co tempo pasará a mans do Sr. Aguerre.

A raíz do progreso destas industrias do curtido xurdiron na comarca outras iniciativas. Tal foi o caso da sociedade coñecida co nome de “Eugenio Amenal y Compañía” que xorde en agosto de 1862 entre o dono da Casa de Chedas (Zobra) D. Santiago Pimentel Mosquera e o comerciante de Muros (A Coruña) D. Eugenio Amenal, ou o curtidoiro do Cortizo, situado no lugar de Vilar de Río, parroquia de Bendoiro (Lalín), fundado en 1888 por D. Manuel Cortizo Castro (Otero Eiriz: 2017).

1. D. BELTRÁN LEGERÉN EN TERRAS GALEGAS

A primeira noticia que temos do francés no territorio galego sitúao no concello do Carballiño, concretamente en Santiago de Partovia. En 1807 asociouse con Vicente Arancey nunha fábrica de curtidos, achegando a cantidade de 4.000 rs. de fondo e o seu traballo persoal. O Sr. Arancey achegara 16.000 rs. de capital coa condición de que D. Beltrán lle aboase un 9% sobre a metade dos 12.000 rs. que había de diferenza, percibindo a metade da ganancia. A compañía tivo unha duración de 11 meses tras os que acordaron facer axuste e liquidación de contas. Por razón de ganancias correspondíanlle 3.000 rs. que, sumados aos que puxera de fondo, acadaban a cifra de 7.000 rs. Despois de pasado un tempo e en vista de que non lle devolvía ese capital, outórgalle un poder a un veciño de Partovia para reclamar eses cartos.

A fábrica de curtidos da familia Arancey atopábase no lugar do Penedo, parroquia de Santiago de Partovia. Até mediados do s. XIX foi xestionada polos irmáns D. Vicente e D. Martín Arancey, en unión de D.^a María Francisco Fernández, esposa do primeiro. Posteriormente pasou a mans dun dos fillos do matrimonio, D. Bernardo Arancey Francisco, pechando as súas portas no ano 1900, sendo nesas datas propiedade de D. Benito Arancey.

O feito de que nesa sociedade achegase o seu traballo persoal é indicativo de que D. Beltrán chegou a terras galegas exercendo o oficio de mestre curtidor. Abandona a provincia de Ourense e trasládase á cidade de Santiago, outorgando o poder para reclamar os cartos no mes de agosto de 1808. Interesante é o dato de que unha das testemuñas que asinaron o protocolo notarial fose D. Pedro Diz, veciño do lugar do Neiro, San Paio de Sabugueira (Santiago) e natural da localidade de Mendionde, país vasco-francés. D. Beltrán Garra, fabricante de curtidos natural de Ayherre, tamén vasco-francés, fundara en 1797 a fábrica do Carme (Santiago), formando sociedade co Sr. Diz, que estaba casado con Gracia Elizalde, filla do fundador da fábrica das Casas do Rego. Tres anos despois, desfixose a sociedade Garra-Diz, emprendendo o segundo un camiño solitario no lugar do Neiro, onde en 1801 fundaría a súa propia fábrica. Abandonaría D. Beltrán Legerén as terras do Carballiño para exercer o seu oficio de mestre curtidor en S. Paio de Sabugueira ou, pola contra, situouse na fábrica do lugar de Lavacolla, parroquia de San Paio de Sabugueira, que fora construída tamén en 1801 polo catalán D. Gregorio Ambrós? Se indicativa foi a firma do Sr. Diz no protocolo outorgado polo Sr. Legerén, indicativo tamén foi que D.^a Bárbara Mariño, natural de San Paio de Sabugueira fose a nai dos fillos de D. Beltrán.

Nacera D. Beltrán o 14 de abril de 1783 na localidade vasco-francesa de Arbouet-Sussaute, situada no departamento dos Pireneos Atlánticos, rexión de Aquitania, pertencente ao distrito de Baiona e cantón de Saint Palais. Foi fillo de Pierre Lecharen e Gracianne D'Elgart. Casou con Bárbara Mariño, filla de José Mariño e Gabriela Galante, veciños de San Paio de Sabugueira (Santiago) e foron pais de Inés, Josefa, Manuela, Dominga, Juana, Ramón, Víctor e José Ramón.

2. A FÁBRICA PROVISIONAL DO RÍO DOS SAPOS

Arredor do ano 1808, á beira do río Sarela, D. Juan Jaureguiberri, curtidor vasco-francés oriúndo de Hasparren, inicia o seu negocio na actividade dos curtidos, comezando a construír a que co tempo se coñecería como a fábrica do Campo do Espiño ou do Río dos Sapos. Un informe dos Consistorios de Santiago reflicte a construción dese curtidoiro no Espiño, por D. Juan Palacio, sobrenome do Sr. Jaureguiberri.

Nas proximidades desa fábrica e buscando un lugar onde poder establecerse e fundar o seu propio curtidoiro, dous anos despois, concretamente en marzo de 1810, D. Beltrán, veciño da parroquia de San Frutuoso de Afora (Santiago), aforaba un terreo a Juana de Mera, nas inmediacións do Río dos Sapos, pensionado con 16 marabedís ao Colexio de Sancti Spiritus, en renda dun ferrado de trigo anual. En xaneiro de 1813, nas inmediacións da ponte do Río dos Sapos, extramuros da cidade de Santiago, aforaba unha casa cos seus resíos, hortas, labradío e algún carballo fronte á ponte, que lindaba polo vendaval co muro que chegaba á Fonte do Ouro; levante, o río; poñente, outra casa e leiras. Nese lugar, fluía a auga da Fonte do Ouro por unha presa e un cano “*a la fabrica de curtidos que edificó provisionalmente Beltrán Legeren*”¹. O foro foi feito ao francés polo alcalde primeiro da cidade de Santiago D. Andrés Vicente de Parga e a súa señora D^a Juana Chans Montenegro, coa finalidade de que puidese mellorar a fábrica de curtidos que fixera. A renda dos terreos acadara a cifra de 320 rs. anuais, cunha pensión ao Colexio de Sancti Spiritus de 49,5 rs.

Nin Jaureguiberri nin Legerén continuaron co desenvolvemento desta industria nas marxes do Río dos Sapos. En xullo de 1815 o Sr. Legerén traspásalle o foro de Juana de Mera nas condicións anteriormente citadas, desligándose así desta zona. Jaureguiberri e a súa muller Rafaela Martiarena, contraen diversas débedas con D. Silverio Moreno Ibáñez. En 1827 posúen coa empresa “Silverio Moreno e hijo” unha débeda por importe de 9.080 rs., contraendo a obriga de devolvelos a prazos, para o que hipotecan “*la citada Fabrica Casa de Curtidos con todos sus Aparejos y Enseres, conforme les pertenece*”². Co tempo, o oficial curtidor cedería o inmovible á empresa compostelá. Pola súa parte, D. Beltrán decide emprender novo rumbo en terras de Trasdeza. A fábrica do Río dos Sapos manterá a súas portas abertas até os primeiros anos da década dos cincuenta do s. XX, baixo D. Guillermo Fernández Juanatey.

1. Protocolo Arquivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.). Protocolos Notariais. Pedro Nicolás Astray Caneda N.º 7628

2. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Pedro Pascual Vázquez. N.º 9532

3. FÁBRICA DE RELAS – SILLEDADA

O testemuño do escribán de San Cibrao de Chapa, D. José Villanueva Peroja, sitúao establecido en terras de Trasdeza, concretamente na parroquia de San Martiño de Rellas, o 30 de xullo de 1815. Miguel de Otero e a súa muller Baltasara Villanueva, veciños de San Miguel de Siador (Silleda) aforábanlle “*una casa llamada Vista alegre, con tres puertas y dos ventanas, con todas sus oficinas*”, rodeada dunha extensión de 24 ferrados de superficie. Pechada en 3 cuartas partes, lindaba polo norte con Benito Mosquera e a ela ía anexa a posesión da metade da auga da Fonte do Ouro³. O importe da renda sería de 6 ferrados de centeo anuais. No mes de xaneiro de 1817 o presbítero D. Juan Benito Otero bautizaba na igrexa parroquial o primeiro fillo nacido no concello de Silleda, D. Ramón Jesús María.

A fábrica de curtidos de sola e becerros que el mesmo edificou “*a cimentis*” constaba no ano 1832 de pilos, secadoiros, casa de habitación, almacéns e todo o demais, circundada cun muro de pedra. Cunha sementadura aproximada de 100 ferrados, pagaba a D. Manuel Martínez, de Margaride (Silleda), dono do dominio, 6 ferrados de centeo.

A instalación da fábrica de curtidos de Rellas non estivo exenta de certa problemática. Así, en setembro de 1818, tras adquirir diversas leiras en Escuadro (Silleda), decide construír unha gabia e “*se propuso cortar el agua y extraerla de los acueductos antiguos*” coa fin de reconducila até o lugar de Viz, en Rellas. Esa auga que, xunto coa casca das árbores e as peles, era de vital importancia para a elaboración dos curtumes estivo a punto de ser motivo dunha querela de forza ante a Real Audiencia por parte de D. José Caxide Vereá e Tovar, escribán do couto de Carboeiro, veciño de Merza⁴. Para a construción do seu establecemento e elaboración de xéneros precisaría de importantes sumas de capital. Tivo a necesidade de recorrer á obtención de préstamos, figurando no ano 1820

3. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (A.H.P.Po.) Contaduría Hipotecas. Chapa. L-977

4. A.H.P.Po. Protocolos Notariais Ramón Losada Figueroa. Ca 3122.

como un dos debedores (12.808,17r.) de D. Beltrán Garra, segundo os inventarios e partillas deste fabricante santiagués de quen era apoderado nas xurisdicións do Deza, Trasdeza, Tabeirós e Montes, dende novembro de 1819 (Fernández Vázquez: 2002).

O dicionario Sebastián Miñano de 1827 informa sobre a existencia dunha boa fábrica de curtidos en Rellas e mostra diso é o comercio que se desenvolve nela como testemuñan vendas a comerciantes oriúndos de diversas zonas da xeografía galega; tal é o caso de D. José Valeiras, de Chantada. Arroupado de persoal cualificado, como era o oficial da fábrica D. Josef Liz, que procedente de Lugo, faleceu en Rellas en 1825, D. Beltrán apadriña en 1831 a Luis Beltrán, fillo de Antonio Pernal Rutia, alemán natural da xurisdición de Gunbar, tamén traballador da fábrica.



Fábrica de Rellas. Fotografía José Ramón Pérez Salgado

En agosto de 1844, outorga testamento sendo testemuña D. Francisco Antonio Riestra, Senador pola provincia de Pontevedra e que nesas intres era Administrador de Rendas Nacionais e veciño de Silleda. Lega a cada un dos fillos a cantidade de 4.000 pesos fortes ou, o que era o mesmo, 80.000 rs. e mellora en terzo e quinto o fillo que vive na casa e fábrica, ou sexa, D. José Ramón Legerén. Deberá vivir na súa compañía e con ese motivo percibirá a cantidade de 20 rs. diarios, tanto el como esposa e fillos. Caso de contraer matrimonio pasaría a residir na casa que para o efecto estaban habilitando, pegada á principal. No suposto de falecemento do fillo, a mellora pasaríalles aos seus descendentes, nunca á nora. Resérvanse o usufruto dos bens.

Para demostrar até onde se estendía o seu sistema financeiro, baste dicir que outorgou numerosos poderes a representantes co obxecto de que puidesen percibir importantes sumas de cartos procedentes de debedores oriúndos de toda a Comarca do Deza, do concello da Lama (Pontevedra) ou dos de Monforte, Sabiñao, O Carballiño, Sober e Pantón, todos eles na provincia de Lugo. Continuando esta liña imos ofrecer os datos das compras efectuadas polo empresario no trienio que abarca os anos de 1852 a 1854, tendo en conta que o seu falecemento se produciu neste último ano e que, xa no ano 1842, fixera un importante desembolso para mercar unha casa no Campo da Horta do Concello, da cidade de Ourense. No ano 1852 realizou 15 compras, entre as que figuraban leiras, montes ou casas, en 1853 sete e en 1854 catro. Os bens, todos en Trasdeza, pertencían ás parroquias de Escuadro (11), Rellas (11), Silleda (3) e Fiestras (1). O 76,15% das transaccións foron efectuadas mediante cédulas simples e o 23,85% restante mediante protocolos notariais. O importe total empregado acadou a cifra de 52.884,37 rs., que percibiron 33 veciños⁵.

O seu estado de saúde debía estar bastante debilitado e, co gallo de deixar todos os cabos atados, o 26 de febreiro de 1854 procedeu na Contaduría de Hipotecas do Concello de Silleda, segundo o Real Decreto do 15 de xuño de 1845, a validar un total de 20 transmisións inmobiliarias. Levadas

5. A.H.PPo. Contaduría Hipotecas. Chapa. L-931

a cabo entre os anos 1816 e 1833, sumaban a cifra de 6.586 rs.⁶ Morrería o 12 de novembro de 1854 sendo enterrado no panteón familiar que previamente mandara construír no cemiterio parroquial de Rellas.

O sucesor do legado foi o benxamín dos fillos, D. José Ramón, que nacera en Rellas o 10 de xullo de 1824. Bautizado polo párroco D. José Martínez, fora apadriñado polo escribán de Trasdeza D. Ramón Losada Figueroa e a súa muller D.^a María Josefa Alvarellos Fernández. Doce días despois de que o seu pai outorgara testamento, casa en Santa María de Cortegada (Silleda) con D.^a María López, filla de Benito López e D.^a María Ribas, veciños de Cortegada (Silleda). En novembro de 1854 establece unha compañía coa súa nai viúva, asociando os caudais dos dous. Debido á avanzada idade da proxenitora será administrada por el, con ganancias a medias e cunha duración de por vida de ambos os dous. Motivada por algunhas desavinzas familiares, en agosto de 1855 a sociedade tocou fin, non obstante, procede a concederlle unha mellora de terzo e quinto. Nesa data a fábrica estaba valorada nun capital que roldaba o millón e medio de reais. D.^a Bárbara finaría en Rellas o 2 de xullo de 1859.

Con este fillo desaparecerá a liñaxe da familia Legerén en Trasdeza, pois falecerá en Rellas o 26 de maio de 1887 sen descendencia. A súa esposa morrería o 12 de agosto de 1892. A herdeira da fábrica de Rellas e de todo o anexo a ela foi D.^a María Josefa López Campos, sobriña da muller de D. José Ramón. Nacera o 22 de agosto de 1846 no lugar de Barral, parroquia de Cortegada. Fillas de Manuel López e María Campos, foi apadriñada por D. José Ramón Legerén e a súa tía D.^a María López. Casou en Rellas o 31 de decembro de 1870 co ourensán D. Manuel Cerviño Casanova, sendo pais de D.^a Carmen Cerviño López, ascendente da familia García Cerviño e da familia García Madrián, actual posuidora da Fábrica de Rellas.

D. José Ramón Legerén engrandeceu notablemente o legado do seu pai. Nomeado en 1859 depositario dos caudais do concello de Silleda, a partir da década dos anos 60 destaca como prestamista anticipando cartos a numerosos veciños segundo a taxación das leiras que ían ser

6. A.H.P.Po. Contaduría Hipotecas. Silleda. L-977

expropiadas pola estrada que uniría as cidades de Santiago e Ourense. Os seus intereses alcanzan terras andaluzas ou manchegas, outorgando poderes a comerciantes sevillanos e albaceteños para que representen os seus intereses. As súas ansias mercantís levárono a mercar no ano 1864 a fábrica de papel propiedade de D. Antonio Brey Rey situada no lugar de Outeiro, no concello da Estrada. O 30 de setembro de 1865 na Granxa de San Ildefonso (Segovia), o Ministro da Gobernación, D. José de Posada Herrera informaba da concesión da “*naturalización en estos reinos, que tiene solicitada*”. En anos posteriores proseguiría o labor empresarial con poxas na realización de estradas e camiños veciñais ou das devesas estatais conforme á Lei de Desamortización.

4. FÁBRICAS DE CALDAS DE REIS: SARNADELA E TAFONA

4.1. Sarnadela

No mes de marzo de 1829 Juan Pérez e a súa muller Juana Fontán aforaban no lugar de Barbuncarios, parroquia de San Tomás (Caldas), 20,5 concas de labradío e horta, confinante co río Bermaña, a D. Beltrán. Podería construír nela unha casa para vivir, unha fábrica de curtidos ou calquera outro establecemento útil. A renda anual do terreo, que se favorecía das augas do citado río e que, a poucos metros, confluía coas do Umia, fora taxada polo perito D. Francisco Vicente Terrado en 132 reais. No mes de agosto dese ano as obras estaban empezadas tal e como se demostra por medio do litixio que mantivo con Josefa González, propietaria da fábrica da Tafona, que o denunciou porque a construción podía causarlle prexuízos nun terreo en tempos de inundacións. O litixio resolveuse co compromiso por parte do empresario de resarcir os danos, en caso de que acontecesen⁸.

O día 12 de setembro contrae matrimonio en Rellas D.^a Manuela Legerén con D. José Bergareche Arancey, oriúndo de Sta. María de Legazpe, Guipúscoa, que segundo o crego era veciño de Rellas. O Sr. Bergareche era

7. Diario de Córdoba de Comercio, industria, administración, noticias y avisos n.º 4581 de 1 de novembro de 1865

8. A.H.PPo. Protocolos Notariais. Vicente Gómez. L-205.

sobriño de D. Vicente e D. Martín Arancey, curtidores de Santiago de Partovia (O Carballiño).

En abril de 1832 é o Sr. Bergareche quen figura á fronte da fábrica da Sarnadela, a carón da Ponte de Barbuncarios, resarcindo a un veciño de Santa María de Bemil (Caldas) dos danos ocasionados pola construción dunha presa no río Bermaña⁹. No mes de maio o curtidoiro pasa a mans do matrimonio tras formalizar en Rellas as partillas e outras sumas de cartos que serviran para principiar e construír as paredes.

O seguinte membro da saga familiar que se fai cargo da fábrica, tras a morte da súa irmá e executadas as partillas, escritura de dote e liquidación co Sr. Bergareche, será D. Ramón Jesús María Legerén. Nacera en Rellas o 19 de xaneiro de 1817, sendo apadriñado polo escribán de Trasdeza. Casou en 1836, na parroquia da Santa Trindade de Ourense con Juana Marés Cid, filla de Pedro Marés e Manuela Cid, sendo pais de D. Segundo Legerén Marés. Os seus comezos non foron fáciles, pois tivo que recorrer a préstamos, coma o efectuado polo comerciante de Caldas D. Pedro Felipe Covián en outubro de 1838, que lle facilitou “500 pieles que al fiado ha quitado del almacén, para beneficiar y elaborar en su fábrica de curtidos”¹⁰. Dous anos despois merca terreos en Sarnadela e prosegue coa colaboración co Sr. Covián, que lle entrega 1.000 peles de becerro procedentes de Riga para a súa elaboración e posterior venda en comercio.

Despois de quedar viúvo contrae segundas nupcias con D.^a Peregrina del Villar, iniciando unha segunda etapa pola que lle entrega en 1845 carta de pago ao seu pai recoñecendo ter recibido a dote, 42.000 rs. en sola, 18.000 en “becerrillo” e 88.793 en pago das lexítimas paterna e materna¹¹.

No mes de agosto de 1853, con motivo de realización de partillas, outórgalle un poder ao procurador de Ourense para que defenda os intereses do fillo que tivera coa Sra. Marés. En decembro dese ano recorre ao seu curmán D. Pedro Legerén para que lle preste a suma de 4.240 rs. por un

9. A.H.PPo. Protocolos Notariais. José Rey Carús. L-139.

10. A.H.PPo. Protocolos Notariais. José Rey Carús. Ca 3689.

11. A.H.PPo. Protocolos Notariais. José Taboada. Ca 3149.

ano, hipotecando a casa da Calle Real na que habitaba. A difícil situación familiar é a causa de que en febreiro de 1854 contrate coa compañía de D. Diego María Bolívar, da cidade de Vigo, o traslado do seu fillo, D. Segundo, menor de idade, á República de Bos Aires ou Montevideo ao obxecto de que poida mellorar de fortuna. O rapaz efectuaría a viaxe a bordo da fragata Nova Guadalupe e o custo da viaxe sería de 80 pesos fortes, suma que avalaría o curmán do seu pai¹². Meses despois falecía D. Beltrán en Rellas e, cos cartos que lle correspondieran da herdanza, reintegro en novembro de 1854 o préstamo de D. Pedro.

Gozando dunha momentánea solvencia, merca 13 concas de terreo no Portal de Sarnadela en abril de 1856 en prezo de 780 rs. En outubro, merca 11.5 concas na finca Tallarones en 1.400 rs. Pouco durou esta situación, pois en agosto de 1859 solicitaba un crédito de 5.300 rs. da súa veciña D.^a Rita de Castro, hipotecando a casa na que vivía. Nos primeiros anos da década de 1860 e xunto coa súa muller, recorren novamente a préstamos desta señora e tamén doutra veciña chamada D.^a Peregrina de Castro.

Morría D. Ramón o 5 de outubro de 1862 sendo enterrado no panteón familiar do cemiterio de Santa María de Caldas, repousando en compañía do seu fillo D. Marcelino Legerén del Villar, que falecería en 1886. Un ano despois, pasaría a mellor vida, a súa segunda muller, Dna. Peregrina del Villar.

4.2. Tafona

Os recintos de curtumes galegos dispoñían preto deles dun segundo recinto onde estaba instalado un muíño de cortiza que se denominaba “*moa, tafona, atafona o tahona*”. Permitía que a cortiza acabada de moer non perdesse propiedades, favorecendo o aumento da produtividade (Fernández Vázquez: 2002).

No ano 1803 a Tafona, que iniciara a súa actividade no s. XVIII, non pasaba pola súa mellor época. Ramón Millán, pai de Peregrina Millán, para fomentar a produción de curtidos, tivo que hipotecala, recorrendo a un préstamo de 22.000 rs. que lle concedeu o dono da Casa da Peroxa (Santa

12. A.H.PPo. Protocolos Notariais. Andrés del Villar. Ca 3712.

María de Portas), D. Antonio Mosquera e Osorio. Deu fe da escritura o escribán receptor da Real Audiencia D. Gregorio Facorro. Adversidades posteriores como foron a morte accidental de Ramón e o roubo e destrución do curtidoiro a mans das tropas francesas serán o motivo de que, 30 anos despois, aínda figurase hipotecada por unha débeda de 12.000rs.¹³ Debemos esperar ao mes de maio de 1835 para que os Legerén inicien a súa presenza na Tafona, pois o marido de D.^a Manuela Legerén afóraa por un ano en 400 rs.

Escasos días antes de que D. Beltrán aforase o lugar onde se construíría a fábrica de Sarnadela, a Sra. Josefa González aforaba a D. Pedro del Río, comerciante da vila de Padrón (A Coruña), “*una casa destinada a teneria o fabrica de curtidos en el sitio da Taona*”. A duración do foro sería de 6 anos e o importe a pagar era de 11.000 rs. anuais. Podería facer uso de todas as edificacións existentes (pilos, alpendres, muíño de casca etc.), coa condición de poder ela posuír un recuncho onde ter unha corte de porcos e de que, se o padronés dispuxese de cans para custodiar a fábrica (cousa que adoitaba ser habitual), debían estar presos polo día até as dez da noite¹⁴. Consta que en 1831 tiña formada sociedade con Martín Garraín e a súa muller Peregrina Millán, filla de Josefa González. Acaecido o falecemento desta última, o Sr. Garraín acode ante o alcalde primeiro e o xuíz da vila solicitando a nulidade da escritura do ano 1829 coa fin de facerse cargo da empresa, acordando entre ambos a prolongación do contrato unicamente por un período de 9 meses¹⁵.

Nestes intres irrompe na vila un elemento transcendental na árbore xenealóxica da familia Legerén e con posterioridade na historia de Caldas. Trátase de D. Pedro Legerén Larruy, sobriño de D. Beltrán, “*que usando de las facultades que le tiene concedido su tío*”, procede, no mes de agosto de 1835, a arrendar a Peregrina Millán o inmovible por un período de 4 anos a razón de 500 rs. anuais¹⁶. Descoñecendo cal fose o motivo que fixo que o contrato do Sr. Bergareche coa señora Peregrina por un ano non

13. A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Enrique Ruibal. G-198.

14. A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Vicente Gómez. L-205.

15. A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Antonio Barreiro Sotomayor. L-211

16. A.H.P.Po. Protocolos Notariais. José Rey Carús. Ca 3689.

se chegase a realizar na súa integridade, podemos deducir que a causa foi que un Legerén, D. Pedro, o substituíse nesas lides. Debemos ter en conta que D.^a Manuela Legerén morrera sen descendencia en outubro de 1833, sendo enterrada no cemiterio parroquial de Rellas. A desaparición testemuñal na documentación da vila de Caldas do Sr. Bergareche parece avaliar esta hipótese.

Nacera o sobriño o 18 de maio de 1806 en Saint Jean de Luz, localidade pirenaica da rexión da Nova Aquitania, sendo fillo de Juan Legerén e María Larruy. Casou na vila de Caldas con D.^a Luisa Cespón García e tiveron por fillos a Dolores, Francisca, Carmen, Josefa, Juana, David, María, Jesús María, Pedro Román e Ramón¹⁷. Foron veciños da parroquia de San Tomás.

En 1837 xa era dono da fábrica da Tafona pois, en compañía do sogro Manuel Cespón, procede a facer un pago de 7.420 rs. a unha irmá de Peregrina Millán, residente neses intres co seu home na vila de Llerena (Badajoz), “*resto de los 18000 en que les vendió la casa fábrica y terreno nombrado Taona, extramuros de la villa*”¹⁸. En abril de 1839 ambos os dous hipotecaron a casa e a fábrica a costa dun préstamo de 3.000 rs. que lle concedeu D. Santiago Martínez, veciño da Pobra do Deán (A Coruña). Préstamo e intereses foron cancelados en abril de 1842. En abril de 1850 os descendentes da Casa da Peroxa reclaman cartos procedentes de réditos do préstamo que os seus antecesores lle fixeran á familia Millán. Outorgan un poder a D. Joaquín Caamaño Somoza, procurador en Caldas, manifestando ter pagado as débedas segundo recibos que achegaron.

Os anos centrais do s. XIX son anos de prosperidade. Segue mercando terras a carón das posesións das fábricas e diversas casas na vila de Caldas (nos barrios da Rúa Vella, Cruceiro de Candán, Carreira de Gaiosou ou

17. D.^a Dolores casou con D. Manuel Piñeiro Casal, D.^a Francisca con D. Faustino Trapote Conde, D.^a Josefa, que casou co anterior cuñado viúvo, D.^a Carmen, D. David, avogado e dono do Balneario Dávila, D. Pedro, rexistrador da propiedade e D. Ramón. Eles foron os proxenitores dos Legerán Paz, Legerén Campos, Piñeiro Legerén ou Trapote Legerén, entre outros.

18. A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Vicente Gómez. Ca 3682.

nas rúas do Olvido, Real e Inferniño). Froito dunha constante ansia de conservación, sostén e expansión do curtidoiro, chegou a emprender unha sociedade ao 50% co crego D. José María Canosa. En abril de 1855 Peregrina Millán, xa viúva de Martín Garraín e aínda residente en Llerena véndelle terreos na Tafona procedentes de herdanzas recibidas dos seus irmáns.

Do ano 1854 é o outorgamento do seu testamento na vila de Caldas ante o escribán D. Andrés del Villar. Nomea fideicomisarios ao seu sogro e ao seu curmán, ambos os dous veciños de Caldas. O seu falecemento acontecerá unha ducia de anos despois. O da Sra. Cespón está datado nesa mesma vila pero no ano de 1868. Sendo nesas datas menores de idade varios dos seus fillos, deixou como titores a D. Ramón de la Riva Navarrete, comerciante, a D. Laureano Covián e a D. Felipe Mayo, sacerdote, todos residentes en Caldas.

Esta fábrica, que o día de S. Roque de 1881 sufriu un considerable incendio, pasara a mans de D. Ramón Legerén Cespón; posteriormente rexida pola sociedade “Herederos de Ramón Legerén Cespón”, pechou as súas portas no ano 1971 cando figuraban á fronte da mesma os irmáns D. Moisés e D. Julio Legerén Campos.

5. FÁBRICA DE SAN NICOLÁS OU DA CANLE – SAR

Nunha ben planificada rede de relacións sociais e familiares, D. Beltrán vai situar a súa filla D.^a Inés, nos curtidoiros existentes no barrio de San Nicolás, parroquia de Santa María de Sar (Santiago). Bautizada o 22 de marzo de 1811 na capela de Santa María da Corticela, da catedral de Santiago, casou en Rellas o 17 de xaneiro de 1829 con D. Santiago Harguindey Garra, curtidor de orixe vasco-francesa e natural da localidade de Iholdy, rexión de Aquitania.

No mes de xuño do ano 1802 D. Manuel Alonso Huidobro, oficial segundo de Reais Rendas Reunidas de Santiago, proxecta facer no barrio de San Nicolás unha fábrica de curtidos, para o que solicita un préstamo de 50.348,21 rs. a D. Plácido Fernández de la Pradilla, Depositario e

Tesoureiro das mesmas Rendas Reais. En xaneiro de 1803, en plena actividade mercantil do negocio, decide formar compañía por termo de 6 anos co oficial D. Salvador Casavieja, natural de Navarra¹⁹. En novembro dese ano a taxación da fábrica é de 200.000 rs. polo que, tras ratificar o Sr. Casavieja no seu cargo e remuneracións, decide formar unha nova sociedade, a perdas e ganancias por un período de 6 anos, con D. Juan Gutiérrez Rubio e Calo Vallo de Porras, que equipara o capital achegando outros 200.000 rs. A actividade empresarial do Sr. Huidobro tivo unha corta duración. Aburado polos intereses do préstamo do Sr. Pradilla vese na obriga de solicitar outro en 1806 de 33.168 rs. a D. Juan Ferrer, oficial cuarto de Rendas. Co tempo, incapaz de afrontar os réditos, e tras un preito na Real Chancelería de Valladolid, despois da realización dunha poxa que acadou a cifra de 250.000 rs., os seus bens pasarán a mans dos herdeiros de D. Juan Gutiérrez, os irmáns Gutiérrez de la Peña.

O oficial curtidor D. Santiago Harguindey, sobriño de D. Beltrán Garra (Ayherre) afora en xuño de 1819 a D.^a Esclavitud Piñeiro de las Casas, viúva de D. Juan Gutiérrez *“doce pilos con sus dos correspondientes lecheras, la tahona y cuarto de esta y ademas otra caseta o habitacion que se halla a su frente y al del secadero justamente con el servicio necesario de la aira o salido para poder disipar la casca y pieles”*, por un período de 4 anos e en renda anual de 600 rs. En xullo de 1829 decide formar sociedade co seu irmán D. Juan Harguindey Garra, que en solitario iniciara a súa andadura coa construción dunha fábrica no lugar de Picaños (Santiago). Achegando ambos os dous un capital de 34.000 rs., dos que 20.000 pertencían ao dote de D.^a Inés. A compañía estableceuse por un prazo de 4 anos e o mestre foi D. Santiago, que cobraba 70 rs. semanais. Foi testemuña desta escritura D. Ramón Losada, Tenente Coronel de Infantería retirado, veciño de Santiago, natural de Rellas²⁰.

Finalizada a sociedade co seu irmán, decide en novembro de 1832 mercarlles aos irmáns Gutiérrez Piñeiro as casas números 1, 2 e 10 da rúa Andújar, en Sar, a fábrica e todos os bens a ela anexos e unha casa

19. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Tomás Froilán Tato. N.º 7719.

20. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Andrés Rey. N.º 9744.

máis situada na rúa do Olvido, tamén en Sar, pola cantidade de 57.500 rs. Así mesmo, pagarían as oportunas rendas a D. Juan Andújar, Colexio dos Irlandeses e Cabido de Santiago²¹.

Para realizar esta compra necesitou o aval do seu sogro. Ambos os dous recorreron a un préstamo de 96.000 rs. que lles concedeu o curtidor de Sigüeiro (A Coruña) D. Bernardo Ituarte Máiz, natural de Legorreta (Guipúscoa). Do compromiso de devolución dese capital xurdiu a hipoteca das fábricas de Rellas e San Nicolás²².

En setembro de 1849, D.^a Inés, viúva, outorgaba testamento no que nomeaba titor dos seus fillos D. Juan, Luis e José Harguindey Legerén²³ ao avó materno, D. Beltrán Legerén, solicitando ser enterrada no cemiterio da Real Orde Terceira de Santiago. Acaecido o óbito, en xaneiro de 1850 ante o notario D. Rafael Mosquera procedeuse ao inventario de bens. Asinado polos peritos Rosa Albertini, modista, Ramón Abades, carpinteiro, subdelegado de veterinaria Facundo Vázquez, curtidor Bernardo Cortadas, reloxeiro Manuel Mayer e perito curtidor Cristóbal Lajunie Durrut, foi elevado a documento público polo procurador D. Juan Armadáns e aprobado polo xuíz D. José María Pesqueira.

D. Juan Harguindey Broussain, o maior fabricante de coiros galegos no transcurso do s. XIX, mercoulles a fábrica de San Nicolás aos seus curmáns, os irmáns Harguindey Legerén, en 1861. (Fernández Vázquez: 2002).

6. FABRICA DO LUGAR DO OUTEIRO – SAN PEDRO DE VILANOVA

O día 5 de febreiro de 1831 na reixa do convento das Orfas de Santiago D. Beltrán procede a realizar unha transacción económica cos fillos e herdeiros de D. José Vicente Hermida e D.^a María Juliana Jove de la Vega.

21. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Pedro Pascual Vázquez. N.º 9537

22. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Tomás de la Iglesia. N.º 9204

23. D. Juan casara en Santiago en 1851 con D.^a Dolores Rosende de la Torre, con quen terá varios fillos. D. Luis, tras un efémero paso por Cuba, estableceuse na fábrica de curtidos que rexentaba en Béjar (Salamanca) un irmán do seu pai. D. José figuraba como veciño da cidade de Santiago en 1860.



A Casa Blanca. Fotografía José Ramón Pérez Salgado

Os irmáns Hermida e Jove de la Vega véndenlle, na cantidade de 20.000 rs., procedente da herdanza da súa nai, a casa e bens que lles corresponden no lugar de Outeiro, parroquia de S. Pedro de Vilanova, concello de Vedra, “*conocida dicha casa y granja con el nombre de Blanca*”²⁴.

Este lugar será no que D. Beltrán construíra a fábrica de curtidos que se coñecerá co nome de “Casa Blanca”. Rodeada totalmente por un antigo muro de pedra, atopábase circundada por 50 ferrados de terreo formados por eira, viñas, prados, horta e fornos. Dentro do dominio existía unha casa independente destinada a fábrica de curtidos, taxada en 1.600 escudos, con 12 pías, lavadoiro e secadoiro. Linda este espazo coa estrada vella de Santiago a Ponte Ulla e co monte dos Romeiros, sito nese lugar

24. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Andrés Rey. N.º 9746

de Outeiro. Pagaba de renda anual 6,5 ferrados de centeo ao compostelán D. Eliseo Abraldes e 300 milésimas de escudo ao cura de Vilanova por unha misa de fundación. Este dominio pasará a mans do seu fillo D. Víctor Manuel María Legerén Mariño, nacido o 5 de xuño de 1819 en Rellas, sendo apadriñado por D. Manuel Antonio Covián e D.^a María Benita de Izcar, a súa muller, veciños de Chapa (Silleda).

Este fillo casara coa veciña de San Miguel dos Agros (Santiago), D.^a Carmen Rosende Torre, filla de D. Domingo Antonio Rosende e D.^a Dominga Torre. Irmá de D.^a Ramona, muller de D. Ventura Joaquín Capriles, administrador en Santiago dos bens do Marqués de Bendaña, e D.^a Dolores, muller de D. Juan Arguindey Legerén, veciños de Santiago, e este último sobriño seu. Entre a súa descendencia citaremos a D.^a Luisa, casada co licenciado en medicina D. José Porto, D.^a Peregrina, D.^a Filomena, D. Beltrán, D. Eduardo, D. Cesáreo Lecheren Rosende, practicante, e D.^a María Concepción.

No ano 1819 o sogro de D. Víctor Legrerén, D. Domingo Antonio Rosende, veciño de Laraño (Santiago) comezara a mercar leiras no lugar de Vilares (Santiago) onde, co tempo, abriría as portas dunha fábrica de curtidos. No ano 1824 formaríaa sociedade co curtidor de Noia José Blanco. Pouco tempo despois a sociedade formaríaa co francés José Flaman por 6 anos (Carmona Badía: 2006). Tras o reparto da herdanza, en outubro de 1853 os Vilares eran propiedade de D.^a Carmen Rosende, quen aforou “*la casa fabrica con un almacén, alboyos y Casa de habitación, ayro, orreo, palomar y terreno*”. O foro, por termo de 8 anos foi feito a favor de D. Antonio Elizagaray, a razón de 4 rs. diarios²⁵. Dificultades económicas de finais da década dos anos 1870 ocasionaron o peche de fábricas. Tal foi o acontecido con esta, que finalizou a produción en 1880.

A residencia en Vedra non distanciou a vida entre ambas as familias. Mostra diso é a súa aparición na celebración de diversos actos festivos, como o apadriñamento, xunto a súa nai, do fillo dun matrimonio de Rellas en xuño de 1837 ou a sinatura como testemuña en febreiro de 1838

25. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Manuel Antonio Pardo. N.º 10605

da voda da súa irmá D.^a Josefa Legerén Mariño con D. Agustín Alonso Barreiro, veciño da parroquia de Sta. María do Camiño (Santiago). Outra testemuña desa voda foi o outro irmán residente en Caldas, D. Ramón Legerén Mariño, o que é indicativo de que os lazos familiares eran fortes.

O 17 de xullo de 1845 ten lugar unha reunión familiar na casa fábrica de Rellas. D. Víctor Legerén Mariño reconece que, en concepto de lexítimas paterna e materna e valorada en 20.000 rs., se lle entregara a fábrica de Vedra e bens anexos. Posteriormente recibiu outras partidas de cartos por importe de 62.000 rs. Nese acto o pai faille entrega dos documentos de propiedade da Casa Blanca polo que procede a asinarlle un recibo de dote²⁶.

No transcurso do quinquenio que abrangue dende 1845 a 1850 a situación financeira non pasaba por un bo momento. En setembro de 1850 acode novamente a Rellas co obxecto de firmar un segundo recibo de dote reconecendo que recibira outros 39.900 rs. en metálico e que, ademais, o seu pai correra co pago de 7.393 rs. en concepto de débedas por mercar coiro. Un ano máis tarde, en 1851, D. Víctor e a súa esposa recorren novamente á autoridade paterna solicitándolle, para cubriren débedas, un préstamo de 24.020 rs., hipotecando a Casa Blanca²⁷.

O día 13 de xullo de 1853, os peritos titulares de Santiago, D. Manuel Seoane e D. Vicente Iglesias, de común acordo, proceden a facer as partillas das tres irmás Rosende, actuando como titor de D.^a Dolores, D. José Toubes. O pai, D. Domingo Antonio Rosende, falecera o 13 de xullo de 1852, outorgando testamento ante o notario de Santiago D. Manuel Antonio Pardo. Perténcelles da herdanza paterna a cantidade de 105.679 rs. dos que, descontadas partes de dotes e débedas, quedaran 42.071 rs. que se reparten, coa obriga de facer fronte ás débedas contraídas con D. José Benito Ábalo, de Carril (Pontevedra) e D. Antonio Varela, de Oroso (A Coruña). Ao seguinte día, 14 de xullo, D. Víctor e o seu sobriño Harguindey, comprométese a devolver uns cartos que D. Ignacio García Moreno, veciño de Santiago “*les facilitó para remedio de sus urgencias*”.

26. A.H.PPo. Protocolos Notariais. José Taboada. Ca 3149

27. A.H.PPo. Protocolos Notariais. José Taboada. Ca 3150

O día 29, xunto coa muller, entréganlle carta de pago ao seu cuñado D. Ventura por 14.020 rs. procedentes de mobles, gando, media dote, materiais e casca da fábrica e terras, da herdanza dela. Nese mesmo mes, a súa cuñada D.^a Ramona e o seu esposo o Sr. Capriles outórganlle mediante escritura a D. Víctor, o importe de 2.939 rs. procedentes dun préstamo sen intereses²⁸.

En maio de 1855 o matrimonio véndelle a D.^a Ramona, procedente da herdanza paterna, sete leiras no lugar de Vite, parroquia de S. Xoán Apóstolo, en 400 rs. Seguramente, parte deses cartos foron invertidos para seguir mercando terras en Vedra pois, chegado o mes de decembro, mércanlle a Mariña Pérez, veciña de Santa Mariña de Gastrar, a metade dunha casa e diversas leiras e montes no lugar de Outeiro, en 600 rs. Mariña Pérez xa recibira estes cartos con anterioridade co obxecto de investilos en terras na parroquia de Gastrar, segundo testamento outorgado polo seu home en setembro de 1854 no Hospital de San Carlos da cidade de Cádiz²⁹.

Tras a aceptación do inventario *post mortem* de D. Beltrán, falecido en novembro de 1854, e o posterior reparto monetario entre os irmáns, a solvencia económica retorna a Vedra. En xaneiro de 1856, en Santo Andrés de Trobe (Vedra), adxudícaselle, procedente dunha venda xudicial, en 1.020 rs, bens dun veciño de San Pedro de Vilanova, acusado de infidelidade na custodia dun preso. As costas do proceso xudicial que deron lugar ao embargo foran taxadas en 1.255 rs. polo perito D. Benito Cajaravilla, de San Pedro de Sarandón, segundo causa que se instruíu na escribanía de D. Manuel Pereiro³⁰.

En xaneiro de 1860 outorga testamento o seu irmán D. José Ramón que, carecendo de descendencia, lle lega 60.000 rs. En Rellas, en xuño de 1862, expón que José Ramón lle quedou debendo 12.192 rs. resto da lexítima, outorgando recibo conforme xa os recibira en 1856. Nesta escritura figura como testemuña D. Eugenio Amenal, dependente de comercio, veciño de Muros que no mes de agosto dese mesmo ano formaríu unha sociedade con D. Santiago Pimentel Mosquera, con motivo da construción dunha fábrica de curtidos en Zobra (Lalín).

28. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Domingo Antonio Pintos Deza. N.º 10009

29. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Dgo. Antonio Pintos Deza. N.º 10011

30. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Ildefonso Fdez. Ulloa. N.º 10380

Aburado polas débedas outorga testamento en setembro de 1865 no que declara estar debendo 3.100 rs. a un veciño de S. Mamede de Rivadulla segundo cédula simple. Testemuña do testamento foi D. Juan Brocos Martínez³¹. En setembro de 1869 outorga unha escritura de obriga co seu xenro D. José María Clemente Barreiro. Preocupado por créditos que ameazaban a execución, viuse na necesidade de solicitar un préstamo de 7.000 rs. a D. Jacobo Puente y Franco, avogado veciño de San Mamede de Rivadulla (A Coruña), para o equipo e transporte de dous dos seus fillos que marcharan embarcados para a república de Bos Aires, polo que tivo que hipotecar casa e fábrica. Xa lle vendera en maio dese ano ao letrado unha finca no lugar de Picón, San Pedro de Vilanova. Formando compañía galega coa filla e co xenro, reconece a verosemellanza da escritura, e reflicte que calquera dos seus descendentes que por esta cláusula reclame o que non lle corresponda, perda o dereito ao terzo e quinto da herdanza. Solicitara do seu fillo político un préstamo de 17.000 rs. para os seus mesteres, hipotecando novamente a Casa Blanca³². No mes de marzo do ano 1872 e xa desfeita a compañía galega, o seu xenro, veciño neses momentos de Santa María de Paradela (A Estrada) outórgalle unha carta de pago polo importe do crédito e procédese ao levantamento da hipoteca na oficina do rexistro do concello de Vedra³³. O testamento de D. José Ramón reflicte que, se D. Víctor quixese vivir na casa de Rellas, os seus herdeiros, pola necesidade na que se atopa, facilitaránlle alimento, vestido e os funerais que crean oportunos³⁴.

Con motivo do falecemento do seu irmán D. José, sen sucesión nin herdeiros “*y necesitado dinero el compareciente le vende los derechos que puedan corresponderle de la mejora de su hermano en 3000 pesetas y si D. Víctor no reclamase tal cantidad en vida será deber del comprador el funerarle*”³⁵.

31. Descendente da familia Brocos, de San Pedro de Salgueiros (Vila de Cruces), foi tío de D. Isidoro e D. Modesto Brocos Gómez, escultor e pintor respectivamente.

32. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Cayetano Iglesias Lloreda. N.º 10718

33. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Ildefonso Fernández Ulloa. N.º 10422

34. A.H.P.Po. Protocolos Notariais. José María Vázquez. Ca 3154

35. A.H.P.Po. Protocolos Notariais. José Somoza Armesto. G-17207

A Casa Blanca cambiou de mans en xaneiro de 1878. O licenciado en medicina D. Juan Ballesteros Gil, veciño de Santa Eulalia de Codeso (Boqueixón) fíxose coa propiedade polo prezo de 60.000 rs. Figuraban nesas datas os bens hipotecados ao préstamo que obtivera de 35.360 rs. de D. Gabriel González Ceinos³⁶. No transcurso da mañá do día 4 de febreiro de 1896, o cura D. José Pereiras Barreiro deulle sepultura no panteón familiar do cemiterio de Rellas, aos restos mortais de D. Víctor.

7. CONCLUSIÓN

Atraído ante a posibilidade dunha estabilidade laboral no ramo dos curtumes, D. Beltrán Lecharen D'Elgart, igual ca moitos dos seus compatriotas, decidiu a principios do s. XIX abandonar a súa terra natal para establecerse definitivamente en terras galegas. Se extensa foi a contribución do francés ao mundo empresarial do coiro, non menor foi a continuidade do seu apelido en Galicia e até en América. Atendendo á documentación procedente das bases de datos da xenealoxía francesa, o apelido primixenio era Lecharen. Seguramente motivado por unha castelanización do apelido, poida que fose transformando a grafía nun intento de adaptarse á fonética castelá. Así, no primeiro documento no que aparece rexistrado, datado en 1808, o notario transcríbeo por Legerent e D. Beltrán firma como Lecheren, forma que á larga predominou nos apelidos dalgún dos seus fillos. Pola contra, entre os seus descendentes e parentes de Caldas de Reis a grafía apostou pola forma Legerén, que perdurou abundantemente até estes días.

Despois de exercer como mestre curtidor en terras ourensás e iniciarse en tal oficio na capital compostelá, decide en 1810 emprender a súa viaxe en solitario. Para tal fin, merca terreos nas inmediacións do Río dos Sapos onde edificará provisionalmente a pioneira entre as súas fábricas de curtidos. Poucos anos despois, en terras de Trasdeza edificará “*a cimentis*” a que será a Casa-Fábrica Matriz.

36. A.H.U.S. Protocolos Notariais. Ildefonso Fernández Ulloa. N.º 10447

O fin da década dos anos vinte do s. XIX e os primeiros da década dos trinta foron vitais na ampliación das redes familiares e comerciais dos Legerén. A endogamia socioprofesional, que axudaba a manter a cohesión do grupo e a manter un rigoroso dominio sobre os recursos económicos foi a orixe de que casase a D.^a Inés en Santiago co curtidor francés D. Santiago Harguindey Garra, establecéndose ambos os dous na fábrica de San Nicolás, parroquia de Sar. O matrimonio celebrouse en xaneiro de 1829. En marzo dese ano comeza a fabricar en Caldas o curtidoiro da Sarnadela, situando nel a D.^a Manuela, que contrae matrimonio co Sr. Bergareche no mes de setembro. Apenas 5 anos despois fai aparición outro membro da saga Legerén, o seu sobriño D. Pedro, que se chegará a facer coa posesión da fábrica da Tafona. A fidelidade e confianza duns nos outros á hora de estableceren negocios foi unha constante, aínda que indubidablemente non estivo exenta de problemas e riscos. No transcurso do tempo, varias destas fábricas foron hipotecadas en concepto de aval de préstamos, a de Rellas roubada en 1855 e a de Caldas queimada por un incendio. Outras fillas que non relacionamos co mundo dos curtumes foron enlazadas por matrimonio con comerciantes tanto santiagueses como ourensáns. Finalmente, as ansias deste consumado construtor de curtidoiros remataron en febreiro de 1831 na localidade coruñesa de Vedra onde colocou o seu fillo D. Víctor na derradeira fábrica que construíría: a Casa Blanca.

A historia da Casa-Fábrica de Rellas vai incluso máis alá do mundo dos coiros. Á espera de poder ofrecer un traballo detallado sobre a vida nesa casa matriz e o sentimento relixioso que albergaban os seus habitantes, construtores entre outras cousas da sancristía e retablo da igrexa de San Martiño de Rellas, reflectiremos o xermolo de vida que irradiaba entre esas paredes. Baste dicir que innumerables foron os nenos que alí naceron, propios da familia, dos traballadores da fábrica ou dos achegados, innumerables así mesmo foron as defuncións e considerables os matrimonios.

Os Legerén non só deixaron a súa pegada industrial na Comarca de Deza. Da súa época datan tamén innumerables apadriñamentos, froito dos cales as inmediatas parroquias contaron con nenos e nenas que respondían aos nomes de Bárbara, Bárbara Lorenza, Tomasa Bárbara ou Beltrán, Luis Beltrán, Beltrán Simón...

ANEXO 1



Fábricas da Familia Legerén. Elaboración Maribel Ríos Gerpe



Árbore xenealóxica da Familia Legerén. Elaboración Maribel Ríos Gerpe

FONTES

- Arquivo Histórico Diocesano de Lugo (A.H.D.Lu.). Rellas e Margaride. Bautismos. Libro N.º IV. Anos 1803-1852.
- A.H.D.Lu. Rellas e Margaride. Defuncións. Libro N.º III. Anos 1716-1851.
- A.H.D.Lu. Rellas e Margaride. Matrimonios. Libro N.º I. Anos 1716-1852.
- A.H.D.Lu. Santa María de Cortegada. Matrimonios. Libro N.º II. Anos 1791-1852.
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (A.H.P.Po.) Contaduría Hipotecas. Chapa. L-931.
- A.H.P.Po. Contaduría Hipotecas. Chapa. L-977.
- A.H.P.Po. Contaduría Hipotecas. Silleda. L-977.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Andrés del Villar. Ca 3712.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Antonio Barreiro Sotomayor. L-211.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Enrique Ruibal. G-198.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. José María Vázquez. Ca 3154.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. José Rey Carús. Ca 3689 / L-139.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. José Somoza Armesto. G-17207.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. José Taboada. Ca 3149 / Ca 3150.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais Ramón Losada Figueroa. Ca 3122.
- A.H.P.Po. Protocolos Notariais. Vicente Gómez. Ca 3682 / L-205.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago (A.H.U.S.). Protocolos Notariais. Andrés Rey. N.º 9744 / 9746.
- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Cayetano Iglesias Lloreda. N.º 10718.
- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Domingo Antonio Pintos Deza. N.º 10009 / 10011.
- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Ildefonso Fdez. Ulloa. N.º 10380 / 10422 / 10447.
- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Manuel Antonio Pardo. N.º 10605.

- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Pedro Nicolás Astray Caneda N.º 7628.
- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Pedro Pascual Vázquez. N.º 9532 / 9537.
- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Tomás de la Iglesia. N.º 9204.
- A.H.U.S. Protocolos Notariais. Tomás Froilán Tato. N.º 7719.
- Arquivo Parroquial de Silleda (A.P.S.). Casados da parroquia de Rellas 1853–.
- A.P.S. Defuncións da parroquia de Rellas 1852–.
- Diario de Córdoba de Comercio, industria, administración, noticias y avisos n.º 4581 de 1 de noviembre de 1865.
- Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal. 1826. Tomo VII. Sebastián Miñano.
- Gen.O. Généalogie et Origines en Pyrénées-Atlantiques.

BIBLIOGRAFÍA

- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2000): “A burguesía compostelá (1760-1808). Unha base de datos”, en *Comerciantes y Artesanos. Semata. Ciencias sociais e humanidades* 12.
- Carmona Badía, Xoán (2006): “Empresarios de Galicia”. CIEF. Centro de Investigación Económica y Financiera. Fundación Caixa Galicia.
- Carmona Badía, Xoán e Fernández Vázquez, María Teresa (2003): “A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago de Compostela”. Consorcio de Santiago.
- Fernández Vázquez, María Teresa (2002): “La industria del curtido en la Galicia contemporánea”. Tesis doctoral.
- Otero Eiriz, Claudio (2017): “A industria dos coiros en Galicia. Historia e patrimonio”. Tese de doutoramento.
- Sánchez Martín, Javier Ramón (2018): “La industria de Béjar y su entorno hacia 1868”, en *La Revolución de 1868 en Béjar. Actas de las Jornadas universitarias celebradas en Béjar, 26-28 de septiembre*.

PRIMO CASTRO VILA EN PRIMEIRA PERSOA. O ÚNICO ALCALDE REPUBLICANO ELECTO DO CONCELLO DE AGOLADA (1880-1950)

Ángel Luis Utrera Baza

Resumo

Con este traballo pretendemos poñer en valor a figura e o traballo desenvolvido durante os anos previos ao golpe de Estado dos militares polo único alcalde republicano electo por sufraxio ao longo da historia da vila de Agolada, recorrendo a un recurso estilístico e narrativo ficticio en primeira persoa.

Palabras chave

República, Agolada, alcalde, Guerra Civil, corporación municipal, represión

Abstract

In this paper we highlight the importance of the figure of the only republican mayor voted in an election in the entire history of Agolada, as well as the work he carried out during the years before the military coup d'état. In order to do so, the text resources to a fictitious stylistic account in first person.

Key Words

Republic, Agolada, mayor, Civil War, municipal corporation, repression

INTRODUCCIÓN “O MARCO HISTÓRICO”

O ano 1931 íase converter, polo devir dos acontecementos por acaer, nun dos máis convulsos e historicamente transcendentais da miña vida e, por suposto, da xente deste país que coñecemos como España.

Desgraciadamente, toda aquela ilusión e esperanza transformouse, de súpeto e inesperadamente, tras o golpe de estado fascista do xeneral Franco e o alzamento en armas contra os lexítimos poderes da República, en morte, represión, exilio, miseria e dor, moita dor para os que perdemos aquela maldita e fratricida Guerra Civil.

Por aqueles días, eu acababa de facer 51 anos e, logo de diversas tentativas e compromisos, mais ou menos firmes coas miñas ideas e principios republicanos, dos que non reneguei nunca, ía dar o paso definitivo que marcaría un antes e un despois na miña vida, ao presentarme como candidato nas eleccións municipais que se ían celebrar o 12 de abril dese ano 1931 e que, sen dúbida, marcaron para sempre a nosa historia colectiva como pobo.

Fora o propio rei D. Afonso XIII o que, tras a caída da ditadura de Primo de Rivera e o fracaso do goberno do xeneral Berenguer, en febreiro daquel ano nomea o almirante Juan Bautista Aznar como presidente dun goberno de concentración monárquica e rexionalista e, contra a razón e a propia lei, convoca eleccións municipais en vez de xerais para aquel doce de abril, sen ter en conta o Estatuto Municipal do ano 1924 que concedera o sufraxio feminino, aínda que dun xeito restrinxido. Así pois, íanse elixir un total de 81099 concelleiros nos 8943 distritos electorais do país.

O resultado, dende logo, non fora o que os monárquicos e o propio rei agardaban, xa que as candidaturas republicanas, dos nosos, conseguiran a maioría en corenta capitais da nación e tan só eles, os monárquicos, gañaron en nove. Mesmo na nosa provincia de Pontevedra o resultado non deixaba lugar a dúbidas, xa que os republicanos acadamos 16 electos, en tanto que os monárquicos quedaban con tan só 11. O mesmo ía pasar na Coruña, 34 por 5 deles, ou en Ourense, 12 por 10 monárquicos, e unicamente en Lugo gañaron claramente 17 deles, por tan só dous dos nosos.

As consecuencias inmediatas daquela desfeita política foron o exilio do rei e a proclamación da II República. Aínda que tan só se trataba de eleccións municipais, o resultado final foi entendido como un plebiscito (monarquía si, monarquía non) por todo o mundo. A pesar de que para moitos aínda hoxe, case que noventa anos máis tarde, aquilo foi un inmenso “pucherazo” (cualificativo que se dá a calquera manipulación ou fraude electoral e que provén historicamente dos pucheiros que se utilizaban, en vez de urnas, nas aldeas e vilas máis pequenas para depositar as papeletas cos votos, por suposto, baixo a atenta mirada e control dos caciques, que as poñían e quitaban ao seu antollo), a realidade foi o fin da monarquía e a proclamación da nosa II República.

Primo Castro Vila en primeira persoa. O único alcalde republicano electo do Concello de Agolada (1880-1950)

MADRID DIA 14 DE
ABRIL DE 1931
NUMERO SUELTO
10 CÉNTS. 〰〰〰

ABC

DIARIO ILUSTRADO.
AÑO VIGÉSIMO SEPTIMO
N.º 8.830 〰〰〰

FUNDADO EL 1.º DE JUNIO DE 1905 POR D. TORCUATO LUCA DE TENA *

GRAVE SITUACION POLITICA

La jornada electoral de los diez distritos de Madrid. Información de provincias. El Consejo de ministros de ayer. Una nota de la conjunción republicano-socialista. Declaraciones de personalidades políticas sobre la situación. Informes oficiales. Notas diversas.

No es la primera vez que los hechos desmenten el tópico interesado y falso a que han salido acogerte los que huyen del sufragio y de las luchas legales para preferir la arbitrariedad y la violencia. Cuando hay votos, aparecen los votos. Cuando los electores quieren votar, votan. Contra las ma-

didos de la probidad escrupulosa y patriótica del Monarca y del Gobierno, y cuando más prudentes deberían mostrarse al país, persisten en su actitud violenta y amenazadora, de intolerable desafío a los sentimientos generosos e hidalgos de España. Nuestra fe y nuestros principios no se

ras y pronunciando hasta breves peroratas en recuerdo de hechos y fechas. Llamaba la atención el hecho de que en casi todos los colegios esa propaganda antimonárquica no estuviese contrarrestada por otra. A las puertas de los colegios pudiera decirse que los republicanos-socialistas eran los dueños.

Diario ABC. Abril 1931

Tal e como recoñeceu o Sr. Aznar-Cabanas ante os xornalistas ao día seguinte de térense coñecido os resultados, á entrada ao Palacio de Oriente de Madrid para celebrar o Consello de Ministros, ao ser preguntado polos xornalistas que agardaban sobre se ía a haber ou non crisis de goberno, o Sr. Presidente respondeu:

¿Que si habrá crisis? ¿Qué más crisis desean ustedes que la de un país que se acuesta monárquico y se despierta republicano?.(Eduardo Suarez; «Tres días de abril que revolucionaron España»).

1. PRIMO CASTRO, A HISTORIA

No meu caso, aquel doce de abril ía significar a miña elección como alcalde do meu Concello de Agolada, que por aquel entón contaba cunha poboación de 6432 persoas, (bastante afastada da realidade social actual), das que 3233 eran homes e 3199 mulleres. En canto ao estado civil dos homes, 2166 eran solteiros, 896 casados e 171 viúvos. Pola banda das mulleres, estaban solteiras 1953, casadas 932 e viúvas 314.

HERALDO DE MADRID

Año XLII—Núm. 16130 Miércoles 23 de abril de 1931. Núm. y Ad. Mercaderes de Cádiz, 1. ESPAÑA DE LA VIGIL

OCHO AÑOS DESPUES EN EL GRAN PLEBISCITO DE AYER ESPAÑA VOTÓ POR LA REPÚBLICA

«Los cuatro del barullo»
demostraron ayer que
ni promuevan barullo ni
son cuatro

Seis años, cuatro meses y trece días.
¡No lo olvidéis nunca!
(De la revista «El Siglo»)

Oranxa, Guadajajara,
Seris, Toledo... Murcia
en pie. ¡Qué gran sor-
presa la de los "amés"!

En casi todas las capitales de provincia y en gran cantidad de pueblos los candidatos republicanosocialistas triunfaron plenamente

La tremenda lección...

Se puede asegurar que por primera vez en la historia mundial se celebró un plebiscito constitucional del soberano que por primera vez se celebró en una sola España sin intervención de la diplomacia.

Esta vez sí. Esta vez los españoles se levantaron en una España unificada y en una España unificada y con un espíritu de unidad que jamás se había visto en la historia de España.

En esta ocasión los españoles se levantaron en una España unificada y con un espíritu de unidad que jamás se había visto en la historia de España.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

AYER, PUEBLOS MANDARON
Diez republicanos por el artículo 29

AYER, 23.—En esta patria que ayer como la historia, el mundo y el mundo entero se han levantado por el artículo 29 de la Constitución para elegir a los representantes de la República, nada más oportuno que recordar que ayer, 23 de abril de 1931, España votó por la República.

tal plebiscito, celebrado por el señor Utrera, director del Heraldo de Madrid, en el momento de la redacción de este artículo, se celebró en una sola España sin intervención de la diplomacia.

Con el voto unánime, el resultado de ayer, 23 de abril de 1931, es un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

LA REBELIÓN DE LAS BARRICAS—El resultado de ayer, 23 de abril de 1931, es un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.



La escuela pública "renace" en la Puerta del Sol con los niños desahuciados.

El resultado de la votación en Madrid

Jamás hubo en España una elección a la que el cuerpo electoral acudiese más espontáneamente

El pueblo estaba hambriento de ley

El resultado de la votación en Madrid fue un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

LA REBELIÓN DE LAS BARRICAS—El resultado de ayer, 23 de abril de 1931, es un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.


El plebiscito mundial. Ha sido un hecho mundial que ha sido a lo largo de la historia de España un hecho que ha sido a lo largo de la historia de España.

El resultado de los plebiscitos mundiales en España tiene también un carácter mundial y que será una lección para el mundo entero.

Heraldo de Madrid. Abril 1931.

Tamén aportarei, para que coñezades mellor aquel momento pasado do meu concello, o dato da instrución elemental na que se recolle que, entre os homes, sabían ler e escribir 2371, tan só ler 6 e eran analfabetos 856. Entre as mulleres 1996 sabían ler e escribir, 5 tan só ler e 1198 eran analfabetas.

Daquela poboación censada en Agolada no ano 1931 (tal e como recolle o Sr. Secretario do noso concello, D. Xosé García, na acta da sesión plenaria do 15 de marzo do mesmo ano, e asina co seu visto e praxe o Sr. Alcalde D. Emilio Oro) corresponden, en función da escala do artigo 35 da Lei municipal do 2 de outubro do 1877, a elección dun alcalde, tres tenentes e dez rexedores. En total, catorce concelleiros nos tres distritos electorais da vila, que eran Borraxeiros, Berredo e Ventosa, nomeándose catro por Borraxeiros, cinco por Berredo e cinco por Ventosa, segundo o acordo do pleno que se remite ao Sr. Gobernador Civil para o seu trámite legal.



*Fotografía familiar
de Primo Castro Vila*

Pídovos desculpas por non terme presentado antes, cegado pola paixón de darvos conta daquel momento historicamente inesquecible con que a vida tivo a ben agasallarme. Ás veces pérdome nos recordos máis fermosos e entrañables e esquezo o fío da narración e as boas formas de educación.

O meu nome é Primo Castro Vila. Fun o primeiro ou, máis ben, o único alcalde republicano electo que ten gobernado na historia o Concello de Agolada. Por certo, tamén fun practicamente o único da provincia de Pontevedra, que eu saiba, que non tivo que sufrir o desgarrado do exilio, a tristura do cárcere ou a morte ao remate da Guerra Civil por mor das súas ideas republicanas. Esta é, ata onde recordo e podo contar, a miña historia.

Nacín no ano 1880, no lugar de Toiriz, na veciña Vila de Cruces, ao pasar a vella ponte medieval levantada sobre o río dos ríos, o noso Sr. Arnego, onde íamos pescar as troitas nas tardes mornas dos veráns, cando tiñamos tempo e ocasión, os rapaces da aldea e mais eu. Crieime no seo dunha familia labrega, na que pelexabamos coa fame e, ao mesmo tempo, cos meus pais Filomena e Francisco, os meus irmáns José María, Obdulia, Manuel, Francisco, Placido e mais eu. Os meus pais faleceron ambos os dous naquel ano de 1962, contando 62 e 79 anos de idade respectivamente, polo tanto morrerían case que doce anos despois de que eu mesmo marchase.

Aínda que os meus recordos da nenez, por mor dos anos, case desaparecen na noite dos tempos e nas néboas da mala memoria, dígovos que din en aprender o oficio de carpinteiro, ao tempo que fun á escola e aprendín a ler, escribir e as catro regras. Foi por pouco tempo, xa que con quince anos cumpridos fixen a maleta, máis ben atillo, e emigrei, como moitos, na ilusión de facer fortuna e atopar unha vida mellor alá nas Américas.

Alí estiven un tempo, en Arxentina, concretamente en Bos Aires, onde atopei traballo de carpinteiro como oficial durante uns anos, ata que, cansado de que a fortuna me fose esquiva, decidín buscar novos horizontes embarcándome rumbo a Uruguai, na ilusión de que en Montevideo, do que me falaran ben como terra de novas oportunidades e de fortuna, me iría mellor.

Mais o home propón e Deus dispón. Non sei se foi boa ou mala sorte, o certo é que ao barco no que embarcamos no porto de Montevideo abriulle unha vía de auga e foi a pique. Case me leva ao fondo do mar, pero salveime milagrosamente agatuñando polos mastros e o pau maior do barco. Agora dáme a risa, pero pónenseme os pelos de punta ao pensar que tan só dúas persoas e mais eu salvamos a vida naquel desafortunado naufraxio, moi comentado nos xornais da época.

Xa non me lembro canto tempo pasei naquelas terras, das que esperaba tanto e tan pouco obtiven. O caso foi que, vencido pola morriña e a chamada da terra, regresei á miña casa con trinta anos cumpridos, home feito e dereito, para sentir e descubrir o doce pracer do amor. Ía ás mozas

na feira e nas festas de Brántega, onde coñecín a que ía ser a miña primeira e única muller, Ascensión de nome e Martínez Sobrado de apelidos, que regresara á súa casa despois de lle morrer o seu primeiro marido e vivir algún tempo na Coruña. Con ela casei no ano 1914. Puxen casa e abrín taberna e fonda de comidas no mesmo lugar da Feira Nova, preto da vella casa paterna da miña muller, que me deu dúas fillas coma dous soles: Socorro, que naceu en 1920, e Carmen (Carmiña, como eu a chamaba sempre), dous anos despois. Tamén tiveron dous fillos que levou por diante a famosa gripe española do ano 1918, sendo cativos.

Lamentablemente, aquela fonda, casa de comidas, tenda e bar, sita na carballeira da Feira Nova de Brántega, onde o día 26 de cada mes había feira e mercado, alí mesmo, diante da miña casa, levaríannola anos máis tarde para o Doce dos Pendellos de Agolada. Poucos recordos gardan os vivos, porque case que todo se perdeu coa memoria dos vellos e ausentes que marcharon. É lei de vida.



*Recuerdo familiar
de Primo Castro*

De entre as poucas lembranzas que aínda quedan, rescatamos as de María Argemira, da Ponte Carmoega, que vén de facer os cen anos. E que garda o recordo de Primo do que din entre risas que era moi guapo e alto. María, xa daquela, quedara orfa de nai de moi pequena e tivo que ser a avoíña quen a criou. Pero duroulle pouco tempo, porque con sete anos morreu e, alí mesmo, cos traxes de negro que lles mandara vestir o pai, no cemiterio de Carmoega, xunto aos seus catro irmáns, escoitou do pai a encomenda: “Agora ti es a muller da casa e tes que ocuparte de nós todos”. Foron moitos os días nos que o tempo se lle ía en subir e baixar a pé

Carmoega-Brántega, cara á casa e taberna, de Primo, á procura de viño ou de augardente para o pai. Tan só era unha rapariga de sete ou oito anos, pero tan espelida e esperta coma unha muller, e lista coma a fame.

Fóronche así as cousas, naqueles tempos duros de fame e miseria que nos tocaron vivir, había que medrar axiña e tan só os máis duros saían adiante.


2. O TEMPO DE ALCALDE ELECTO DE AGOLADA

Sempre quixen ser home íntegro, honesto, tolerante e respectuoso con todo o mundo (e por tal me teño). Posiblemente, foi esta miña maneira de ver a vida o que me salvou de morrer no cárcere ou paseado tras calquera beiravía ou valo de calquera camiño na Guerra Civil, porque nunca tiven nin fixen inimigos declarados, alomenos que eu saiba. Iso, a pesar da miña militancia política e de proclamarme convencido republicano progresista e de ideas liberais, pois pensaba e sentía a necesidade de facer un mundo mellor e unha vida máis doada para todos, baseada na xustiza social, a liberdade e a igualdade, aínda que ás veces as cousas non saíran como un as imaxinaba.

Tal foi o que me pasara coa idea das tarabelas, que montei na miña casa para a produción de enerxía eléctrica. Aínda que o proxecto non resultou demasiado ben, velaí está o meu traballo como precursor dos actuais xeradores eólicos, que agroman agora coma fungos no outono polas nosas serras e cumios como O Faro e O Farelo.

Tampouco quero esquecer o intento que fixemos de transformar a forza das augas do noso Arnego, ao seu paso pola Ponte de Carmoega cara á Toiriz, en enerxía eléctrica. Xunto co meu irmán Plácido, fundei a sociedade Penas de Boutureira, solicitando no ano 1922 a oportuna concesión para o proxecto de construír unha tosta no río que levara a auga canalizada ata as turbinas do muíño, onde se transformaría en enerxía eléctrica, que prestaría servizo aos veciños do val de Carmoega. Sen dúbida, ambiciosa idea na que nos embarcamos, e mais deixando claro os medios materiais e humanos con que se contaba entón para facer este tipo de traballos de construción de diques, escavacións de rochas, tosta etc. Anos máis tarde, concretamente en

1928, tivemos que facer novas alegacións e darlles resposta ás negativas por parte de Fomento (máis ben ás trabas e envexas dos que o controlaban todo, coa idea de que nada puidese cambiar que lles restara poder). Finalmente, a concesión dos permisos para este proxecto nas augas do Arnego tería lugar no ano 1930, pero tan só para o aproveitamento de 700 litros de auga para forza motriz no muíño de produción de enerxía eléctrica. O noso soño, no que enterramos unha boa parte do noso capital, forzas e traballo, foise río abaixo mesturado coas augas bravas do Arnego, como consecuencia dunha enchente do río durante un dos temporais daquela. Aínda que supuxo un duro pau, non conseguíu desanimarme, mesmo os preitos e escusas, nos que me enredaron por máis de seis anos, me ratificaron na necesidade de participar na política para, dende dentro, facer o cambio preciso, urxente e necesario.



Oficio ao Concello de Agolada

O caso é que, dende sempre, fun home non dado a agochar a cachola e esconder a miña forma de pensar. Máis ben todo o contrario. No rebulir incansable das ideas no meu interior, nunca conforme coa rutina e o acomodo, atopei na política unha vía factible para mellorar as condicións de vida da xente. Sen mirar consecuencias ou facer caso dos que me recomendaban polo meu ben permanecer afastado destas liortas, que nada bo traen moitas veces, decidín, xunto cun grupo de veciños e amigos, acudir ás eleccións municipais do 12 de abril do ano 1931,

baixo as siglas do Partido Republicano. E foi así como, case sen querer, tal e como recollen as actas do 17 de abril de 1931, asinadas polo Presidente da Xunta Municipal do censo electoral de Agolada, D. José Fociños Salgado, fomos proclamados concelleiros para formar parte do Concello de Agolada os seguintes:

Polo distrito número 1 de Borraxeiros:

-D. José Rivas García obtivo 174 votos, D. Eduardo Castro Vilamea 174 votos, D. Antonio Casal Martínez non recordo o dato e D. José Oro Barrio 89 votos.

Polo distrito número 2 de Berredo:

-D. Emilio Oro Barrio obtivo 142 votos, Constantino García Méndez igualmente 142 votos, D. Ramón Barrio Gayoso os mesmos 142 votos que os anteriores, D. Roque Alonso Rueiro 136 votos e D. José Vázquez Sobrado tampouco recordo exactamente os votos que logrou.

Polo distrito número 3 de Ventosa:

-D. Jesús Diéguez Costa obtería 134 votos, D. Primo Castro Vila igualmente 134 votos, D. José Casal Fociños tamén os mesmos 134 votos, D. Francisco Martínez Mejuto 127 votos e D. Manuel Méndez Hernández obtivo 124 votos.


Para curiosos e estudosos do tema, toda esta información permanece, de puño e letra dos outorgantes, gardada no arquivo municipal do noso Concello de Agolada, no atado núm. 284, Expdte. nº 1, datas 19/31. Pódese comprobar facilmente, por se me fallara a memoria.

Un dos máis benqueridos amigos e xeneroso valedor da nosa causa, ata o punto de impulsar a nosa candidatura e apoiála ata acadar o triunfo, fora o doutor D. Víctor Loureiro. Teño que recoñecer que, grazas ao seu apoio, puidemos chegar ata onde chegamos, sobre todo a partir de febreiro do ano 1931, a falta de dous meses escasos para o triunfo da República, cando fora vilmente destituído do seu cargo como médico inspector municipal


de sanidade do noso Concello de Agolada, por orde do Alcalde D. Emilio Oro Barrio, que sucedera o seu irmán José, como vinganza política. Non podo esquecer que, grazas ao seu bo facer, traballo e apoio, acadamos a alcaldía naquelas famosas eleccións, contra todo prognóstico e de xeito sorprendente para todo o Deza, onde se impuxeron as candidaturas da dereita, controlada polos caciques.

A pesar dos pesares, recordo aquel período como un dos máis ilusionantes da miña vida, cheo de responsabilidade, inqedanzas e incertezas, como co tempo poderíamos comprobar: primeiro coa suspensión por orde gubernativa do noso nomeamento como alcalde e despois coa designación de D. Ramón Refojo González, que mantivo o cargo ata agosto de 1934, cando foi destituído e substituído por D. Constantino García Méndez e D. Manuel Méndez Fernández, ao que substituíramos unha vez repostos os nosos dereitos electos, con data do 22 de febreiro de 1936. Lamentablemente, tan só íamos ocupar a cadeira de brazos da alcaldía uns meses, concretamente ata o día 3 de agosto do mesmo ano, tras o golpe militar do xeneral Franco.

Do pouco tempo que tivemos para poñer en práctica algunhas das nosas ideas renovadoras e proxectos, para non cansarvos, unicamente recordarei a alfabetización do rural con escolas públicas como proxecto estrela. No convencemento de que a ilustración e o coñecemento fai



Certificación resultado electoral



Certificación candidatos

investimento na “Ponte de Primo” que a salvou do estado ruinoso no que se atopaba no ano 1931 e supuxo un custe de máis de 14250 das pesetas daqueles tempos.

3. REPRESION E FINAL DA GUERRA CIVIL

Dos tempos da Guerra Civil e da posguerra mellor non falarei, porque che son recordos moi amargos, cheos de medo e tristura, nos que prefiro non mergullarme. Tan só vos direi que sempre permanecín na miña casa de Brántega e non fun encarcerado nin tiven que pasar polo trago do exilio. Unicamente de cando en vez, unha que outra noite, tiña que saltar o muro que separaba a miña casa da do noso bo veciño Andrés Vilariño, para agocharme dos falanxistas que chegaban de Pontevedra sedentos de

homes libres e máis xustos e sabios, consideramos obriga inaprazable o ensinado abaixo, con carácter de urxencia e en paralelo ás bibliotecas. Vou lembrar tamén os traballos de infraestruturas nos camiños e de lindes nas estradas, para facer máis doadas as comunicacións e rachar co illamento secular das nosas aldeas e parroquias.

Mención especial, polo que de agarimoso e íntimo ten para min, farei da Ponte Carmoega. Seica hoxe, despois da homenaxe que no ano 2006 nos tributaran un grupo de veciños e amigos xunto coa miña Paz e outros poucos familiares, fíxose un

sangue, amparados covardemente nas sombras da noite. Daquela eu, que xa estaba avisado, tan pronto escoitaba os cans, saía como alma que leva o demo pola ventá traseira da miña casa e saltaba á herba dun carro, colocado adrede alí para me facilitar a fuxida.

Sempre que alguén (normalmente descoñecidos e xente que non era de Agolada ou da zona) chegaba ou preguntaba por min, recibía o aviso para me poñer a salvo no monte ou agochado na casa dalgún dos amigos e veciños que nos querían ben, a pesar dos pesares, porque xamais mal fixeramos sendo conscientes.

Moitas, pero moitas horas pasei no lugar que ao final se ía converter no meu medio de vida, o meu e o da miña familia, a taberna, como a coñecían os veciños e amigos: a Taberna de Primo. Taberna, tenda e casa de comidas, tal e como aparecía inscrita nos rexistros de matrícula industrial do noso concello.

Cantos recordos, canta saudade daqueles días a pesar de toda a tristura e o desengano que nos ía comendo por dentro ante a inxustiza, a represión feroz e o medo aos militares e vencedores da guerra. Facendo un esforzo de imaxinación, volvo escoitar aquelas voces e sentir o arrecendo a augardente e viño Sanson, no que afogaba o barullo e o rebulir da xente que chegaba e marchaba sen parar, entre mistos e fume de cigarros, risas e palabras unhas máis altas ca as outras.

A miña taberna desempeñou un papel social de relevancia no lugar de Brántega, tan illado como



Foto de Primo Castro

rural, con moi difícil acceso á vila máis principal, Agolada, sobre todo para as clases populares, que tiñan que ir camiñando á ida e á volta, nunha época da nosa historia en que as comunicacións eran moi deficientes, con medios precarios e escasos, fundamentalmente a base de animais de carga ou cabalería. Foi espazo para a venda de produtos alimenticios, intercambio de mercadorías, consumo de viño e dos famosos “ultramarinos” (mercadorías chegadas do outro lado do océano, case sempre de América).


Sen dúbida, foi un centro cultural de convivencia, o único da parroquia que tivera un importante papel de comunicación e relación social. Ademais de receptáculo de información e transmisión da mesma, durante os xogos de naipes ou de dominó fundamentalmente, que eran os preferidos da nosa xente. Aínda que como pago tiven que ceder en non falar nin facer nunca máis mención política nin republicana, para non ter problemas coa Garda Civil e as autoridades, sempre amedrentado.

Discusións de taberna chaman, mal intencionadamente, os maledicentes aos contrastes de pareceres ou épicas batallas dialécticas, teorías, historias, anécdotas, brincadeiras, cánticos e disputas polas que teñen desfilado ao longo da historia persoeiros únicos e irrepitibles das nosas vilas e aldeas. Daquela, moi poucas casas tiñan radio nin posibles para mercala, así que era na miña taberna onde a xente se reunía para saber o que estaba a acontecer alén da súa terra e escoitar o parte, o diario “hablado de Radio Nacional de España”, que empezaba sempre co himno nacional. A radio tiña un lugar preeminente e sempre resultaba imprescindible tela prendida.

Tamén é posible que colgara da parede enclada, en branco xa descolorido, un espello gravado ao ácido dalgunha marca de bebida (Anís del Mono, se acaso, ou calquera outra, xa non me lembro ben) e, descansando sobre o mostrador, a máquina rexistradora, diante dos andeis cheos de botellas, algunhas seme baleiras. Había tamén un vello reloxo de parede, cos péndulos que non funcionaban hai tempo e que xa non marcaba a hora, pero tampouco molestaba e non desentoaba.

Aqueles foron tempos de sopas de leite e viño para o almorzo, e caldo con unto e touciño para o resto da semana. O pan cocíase nos fornos das casas e gardábase sen poñerse duro nin reseso durante días e días. Tempos de chicoria que sabía a café. Frío, moito frío, dentro e fóra das casas e das almas da xente traballadora, labregos humildes sen soños nin esperanzas, e frieiras nas mans e nas orellas onde máis se cebaba a desnutrición e a carencia de bos alimentos.

Tempos nos que era festa cando chegaban os primeiros coches mixtos, coa parte de diante para as persoas e a de atrás para as bestas, da Torronesa, os máis madrugadores, os dos Farruquiños de Dacón, Unión Mellidense, Alonso e Autos Puntero de Melide despois, cargados de paquetería e fardos atados con corda de pita e papel dos xornais, que se gardaban na casa para as ocasións. Subía e baixa xente e viaxeiros, poucos, pero era o que había.



Actas Concello Agolada

CONTRIBUCION INDUSTRIAL

Declaración firmada y duplicada que D. José Varquea Ciel
vecino y residente en esta población, presenta al Sr. _____
de la Aldea a que es desde el
día 12 de Octubre y cuyo pormenor es el siguiente:

INDUSTRIA, ARTE U OFICIO	Calle, número o sitio donde
<u>Tabernas</u>	<u>Borraxeiros</u>

Declara se halla matriculado en la clase _____ tarifa 4⁵⁰ por la industria de _____
y satisface de cuota para el Tesoro 93 pesetas
céntimos anuales.

El que suscribe está conforme en que se reconozca,
por medio de sus agentes o delegados, cuando lo estime conveniente, en el local en que
ejercerse la _____ a que se
refiere esta declaración, obligándose a dejarlos penetrar en él a cualquier hora del día.
Galán a 2 de Setiembre de 1949.

El industrial,
Manuel Viqueira

Decreto/ Orden de 3 Octubre 1949.
Una vez hecha la comprobación, extendiéndose la diligencia que lo
oreite.

Contribución industrial tabernas


vila. Esta última duraba dende a mañá cedo ata despois do almorzo. Nas tabernas e pendellos, cadaquén podía elixir, pois había abondo deles, e volvíase para a casa antes da chegada da negrura da noite.

E mentres, na taberna, a botella de augardente vai de vaso en vaso, entre o fume doce de picadura que xa fai irrespirable o local. Fóra, os carros dos ranchos chían ao coller polo canellón adiante cara á casa, pola corredeira ou congostra do Val de Carmoega, a que leva ao Fondo de Brántega ou, talvez, ao cruzar o río, alá onde nacera eu, en Toiriz. Pasaran xa tantos días, que o meu tempo estaba a rematar.

Tempos nos que os buses do Torres de Brántega, o Sixto da Guillerma en Borraxeiros, o Lázara, o Cuíña de Silleda e o Mosquera, que viña das Cruces, chegaban e marchaban. De remate, o Meixide, que carretaba todo o Val de Camba, dende o alto da Fraga e da Terra de Riba, foi co tempo o único que quedou co servizo de liña regular. De todos eles baixaban homes e mulleres, cestos con ovos, queixos e verdura, galiñas, coellos, repolos e cebolas. Todo canto poidas imaxinar, que tiña cabida nos días de feira e que despois marcharía á dos Pendellos, arriba na

O meu tempo pasou entre recordos, traballo, ledicias e amarguras, como a vida mesma de cadaquén ata que un bo mal día, coma todos nós, chegou a chamada de alá arriba. Tan só gardo o recordo amable da cor das nubes, o azul do ceo, o arrecendo a terra mollada e unha dor profunda no peito, como se me abrisen para arrincarme o corazón. Do que me privou aquel primeiro ictus asasino, que me deixou prostrado de corpo e alma (primeiro, sobre a terra mesma do monte onde me atoparon e, despois, aqueles poucos meses antes de partir definitivamente), foi da palabra. A nosa fala como útil de respecto, clepsidra dun tempo que nos prestaron humildes e solidarios.

Así foi que, estando a rematar aquel mes de xaneiro do ano 1950, cando contaba 70 anos, a luz da miña vida apagouse para sempre, aínda que marchei coa tranquilidade de saber que vivín como mellor puiden, como mellor souben e como me deixaron. Detrás miña quedaban as miñas fillas e os meus tres netiños, cos que lamentablemente non volvería xogar máis. Moito foi o vivido e poucas ilusións cabían no porvir, polo que marchei tranquilo e en paz.



Firma de Primo Castro

4. APUNTAMENTO FINAL DA FAMILIA

Despois de dar por rematado este traballo, quixemos que Paz Vázquez Castro o lera e prestara a súa conformidade, parte da súa resposta foi esta:

“Por último, un comentario en relación á homenaxe de 2006. Mencionas o meu nome, pero a verdade é que aquel foi un acto no que participamos todos os netos vivos de Primo (seis, dúas das que xa existían cando Primo morreu), ademais dalgúns bisnetos e os dous xenros e outros familiares, todos con grande emoción. Sería inxusto mencionar un en particular.

Por circunstancias da vida, convertínme no contacto de Pintor e considero que foi unha sorte e unha honra para min, pero non teño máis méritos ca as miñas irmás e curmás. E nada máis pola miña parte. Agradézoche unha vez máis este traballo que contribúe a manter viva a súa memoria e aporta luz á vida dun home bo de verdade (dos bos e xenerosos)”.

SECRETARÍA CIVIL DE LA PROVINCIA

RELACION NUMERICA EN TOTAL Y POR DISTRITOS, DE LOS CONCEJALES Y ELEJIDOS EN LOS AYUNTAMIENTOS DE ESTA PROVINCIA, OGI JUNIO DE LA LEY ORDEN DE CULAR DEL MINISTERIO DE LA GOBERNACION DE 19 DEL AGTAL

AYUNTAMIENTOS	TOTAL de Concejales	NUMERO DE CONCEJALES POR DISTRITOS								AYUNTAMIENTOS	TOTAL de Concejales	NUMERO DE CONCEJALES POR DISTRITO							
		1.º	2.º	3.º	4.º	5.º	6.º	7.º	8.º			1.º	2.º	3.º	4.º	5.º	6.º	7.º	8.º
Arbo	11	6	1	1						Mondrari-Balanzo	8	8							
Barro	12	6	6							Mondrari	15	1	8	3					
Bayona	13	7	6							Morala	13	7	6						
Bazo	17	8	3	6						Nas	16	1	5	7					
Caldas de Reyes	16	8	1	4						Naves	15	7	1	1					
Cámbados	15	7	1	1						Nigrán	15	1	5	4					
Campo	12	6	6							Oyo	11	6	5						
Cangas	20	6	7	7						Pazo	11	5	6						
Carballa	16	11	3	2						Pontevedra	27	6	6	5	5	5			
Carballa	17	9	4	1						Portas	11	6	5						
Carballa	10	10								Porrillo	16	6	1	6					
Carballa	10	5	1	5						Poyo	15	8	7						
Casovi	12	7	7	2						Puenteceros	20	9	1	1	3				
Cavelo	14	8	1	4						Puntealbas	17	7	6	1					
Crescente	13	10	1							Puntecerros	9	9							
Cantia	15	6	3	6						Puerto Sanxay	9	9							
Daña	10	5	5							Redondea	29	6	4	1	1				
Estrada	25	1	5	1	1	1	1	1		Raxadumia	14	8	3						
Forcarey	18	8	5	5						Ribaduro	15	5	4	6					
Fornelos	11	7	1							Rosal	13	8	5						
Grove	11	4	3							Salceda	13	7	6						
Gallada	11	1	5	5						Salvesterra	18	9	6	3					
Gandomar	18	8	6	1						Sanxenxo	17	8	4	5					
Grova	14	10	1							Silleda	20	5	5	5	5				
Guarda	15	8	5	2						Sotomayor	11	7	1						
Lalin	22	6	7	3	1	3				Tombo	19	5	5	3	1				
La Lama	11	6	4	1						Tuy	13	6	7						
Lavadores	27	9	8	1	1	2				Valga	32	6	8	7	7	3	2	2	
Mario	19	7	6	6						Vigo	19	5	5	3	1				
Meaño	12	1	8							Vilaboa	13	8	5						
Mois	13	7	6							Vilagarcía	21	5	5	1	1				
Mosá	16	8	2	6						Villanova	16	8	3	5					

Pontevedra, 30 de Marzo de 1931.—El Gobernador Civil, FERNANDO CAMPUZANO.

Censo electores e candidatos

5. CONCLUSIÓNS FINAIS

Primo Castro resulta electo como alcalde republicano de Agolada o 19 de abril do ano 1931, foi o primeiro e único Alcalde de Agolada do partido Republicano elixido por sufraxio popular nunhas eleccións. Suspendido no cargo pola denuncia presentada contra el por prevaricación por parte do secretario do concello recupera o bastón de mando do concello de Agolada por sentenza xudicial favorable o 22 de febreiro do ano 1936, resultando definitivamente deposto tras o golpe militar do 3 de agosto do mesmo ano.

Afortunadamente, tanto el como outros militantes republicanos (entre os que se atopa o seu substituto no posto en tanto estivo suspendido, D. Ramón Refojo) e outros que, ou ben fuxiron ou ben se agocharon protexidos por familiares e amigos, libraron da sorte que tantos outros sufriron na nosa comarca e por todo o país ao resultaren asasinados, como Alexandre Bóveda, Ánxel Casal e Camilo Díaz Baliño. Todos aqueles e moitos outros padeceron persecución e recibiron auxilio e comprensión do pobo amordazado, sempre baixo ameaza e moito medo.

No mencionado caso de Ramón Refojo, cómpre sinalar que no BOE núm. 291 do 18 de outubro do ano 1941, comunicásele a incoación dun expediente de depuración de responsabilidades políticas pola audiencia de Pontevedra, diante do xulgado de primeira instancia, conforme os artigos 45 e 46 da lei do 9 de febreiro de 1939.

Como colofón, destacamos, de seguido, a relación de concelleiros dos diversos concellos do Deza, que foron asasinados ou perseguidos durante e ao final da Guerra Civil polas súas ideas ou militancia política en partidos de esquerda, segundo o informe da Deputación de Pontevedra, publicado en novembro de 2018 polo grupo de Investigación e traballo HISPONA (USC), baixo o título “Xeración perdida. Representatividade institucional republicana e represión na provincia de Pontevedra”. Á súa base de datos pódese acceder no seguinte enderezo electrónico: <https://www.depo.gal/xeracion-perdida>.



Boletín oficial da Provincia de Pontevedra

Do Concello de Lalín.

- D. Luis Frade Pazos. Concelleiro PSOE e UGT. Asasinado. Morte por disparos nun traslado. Previamente fora extorsionado, debendo pagar 5.100 pts para evitar ser detido. Semella que foi morto e soterrado en Tenorio-Cotobade.
- Manuel Ferreiro Panadeiro. Alcalde IR. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por traizón co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra ás 5:30.
- José Rodríguez Silva. Concelleiro. Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 20 anos. Posteriormente conmutación a 3 anos de prisión menor.
- Jesús Golmar Rodríguez. Alcalde PG. Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua e inhabilitación absoluta. Conmutación a 4 anos de prisión menor e excarceración en 1940.
- Antonio Jar Dobarro. Concelleiro IR. Sancionado. Xulgado en Pontevedra por oposición ao movemento militar co resultado de absolución e multa de 20.000 ptas. Condonación da multa.
- Marcelino García Villar. Concelleiro IR Fuxido. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía.
- José Blanco Otero. Concelleiro Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentencia a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua, sucesivas conmutacións e prisión atenuada en xullo de 1943.

Do Concello de Dozón.



- D. Amadeo Gutiérrez Janeiro. Alcalde. Encarcerado. Detido en 1942 acusado de colaborar coa guerrilla, foi encarcerado na prisión de Ourense ata 1945.

Do Concello da Estrada.

- José Rodríguez Sangiao. Concelleiro PCE. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra, ás 6, no Km. 1 da Avda. de Buenos Aires, rexistrándose a morte a causa de hemorraxia interna.
- Senén Goldar Rodríguez. Concelleiro. Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.
- Ramón Fernández Rico. Concelleiro UR. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado na Xunqueira.
- Manuel Campos Vázquez. Concelleiro PSOE. Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Previamente fuxido.
- José María Pena López. Concelleiro. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a pena de morte.
- José María Generoso Gómez. Concelleiro. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentencia a pena de morte. Executado en Pontevedra.
- Jesús Ignacio Puente Fontán. Concelleiro e alcalde IR. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado, ás 6, no Km. 1 da Avda. de Buenos Aires, rexistrándose a morte a causa de colapso cardíaco.
- Albino Chao Coto. Concelleiro. Procesado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional e a disposición da autoridade gubernativa.
- Manuel Coto Chan. Concelleiro. Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua. Previamente fuxido durante varios anos.

Do Concello de Silleda.

- D. Emilio Deogracias Alonso Pa. Alcalde IR. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentença a pena de morte. Executado en Pontevedra.
- José Moreira Espiño. Concelleiro PCE. Fuxido. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía.
- Juan Fontao Varela. Concelleiro IR. Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentença a cadea perpetua. Conmutación e extinción da pena o 25-02-1941.
- Daniel Sánchez Mallo. Concelleiro. Encarcerado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentença a cadea perpetua. Concesión da prisión atenuada o 11-8-1940.
- Antonio Costoya Ares. Concelleiro. Asasinado. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentença a cadea perpetua. Morto na fuga do Forte de S. Cristobal-Pamplona.



Acta Toma de posesión do Alcalde Primo Castro

y se proseguirá la tramitación del citado expediente sin más citarle ni oírle.
Caceres, a 23 de agosto de 1941.—
Firma ilegible.

CIUDAD REAL

Don Antonio Muñoz Mena, Alférez provisional de Infantería y Juez Instructor interino Provincial de Responsabilidades Políticas de Ciudad Real.
Por el presente, hago saber: Que por acuerdo del Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de esta jurisdicción, fecha 27 de enero de 1941, se instruye en este Juzgado de mi cargo expediente de responsabilidad política contra José Alarcón Cerrato, de 27 años, casado, hijo de Santiago y de Natividad, jornalero, natural y vecino de Brazatortas.

Igualmente se hace saber que deben prestar declaración cuantas personas tengan conocimiento de la conducta política y social del citado inculpa-do, antes o después de la iniciación del Movimiento Nacional, así como indicar la existencia de bienes a aquél pertenecientes; pudiendo prestar tales declaraciones ante este Juzgado, sito en esta capital, Avenida de los Mártires, número 10, segundo, Jerecha, o ante el de Primera Instancia o Municipal del domicilio del declarante, los cuales me remitirán las declaraciones directamente el mismo día que las recibí, y que ni el fallecimiento ni la incomparación del presunto responsable detendrá la tramitación y fallo del expediente.

Ciudad Real, a 12 de agosto de 1941.
El Juez Instructor, Antonio Muñoz.
R P—10.737

Don Angel Suarez Bárcena y de Llera, Teniente provisional Auxiliar de Estado Mayor y Juez Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas de Ciudad Real.

Hago saber: Que en este Juzgado, y por acuerdo del Tribunal Regional, se instruyen expedientes contra:

Antonio Fernández Serrano, natural y vecino de Porzuna, hijo de Joaquín y Eleuteria, soltero, barbero.

Telesforo Bernabé Salcedo, natural y vecino de Brazatortas, de 42 años, hijo de Bautista y de Apolonia, casado y labrador.

José María Casado Romero, ferroviario, domiciliado en paseo de Castelar, número 36, de Santa Cruz de Mudela, casado con Purificación Garrido Romero, de 40 años.

Fernando Ruiz García, natural y vecino de Porzuna, soltero, hijo de Jemaro y de Manuela, industrial.

Gregorio Pedraza Navas, de 27 años, hijo de Urbano y de Casimira, natural y vecino de Porzuna, soltero y peñuero.

Pedro José Morales del Campo, de 44 años, casado, molinero, natural y vecino

de Villahermosa, hijo de Alfonso y de Tomasa.

Pedro Plaza Madrdejos, de 44 años, casado, herrero, natural y vecino de Porzuna, hijo de Vicente y Adriana.

Francisco Melara Casado, natural de Montijo (Badajoz) y vecino de Brazatortas, hijo de Joaquín y de María, herrero, casado.

Manuel España García, vecino de Ciudad Real.

Vicente Gavilán García, alférez de la Guardia Civil, vecino de Valdepeñas.

Ricardo Alvarez Maldonado Díez Calaseo, vecino de Ciudad Real.

Tomás Martínez Viaín, vecino de Ciudad Real.

Justo Gálvezrreda Castellanos, natural y vecino de Arenas de San Juan (Ciudad Real), casado, hijo de Joaquín y de Cruz, carretero.

Don Angel Suárez-Bárcena y de Llera, Juez Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas de Ciudad Real.

Hago saber: Que al fin de dar cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 43, párrafo primero, de la Ley de Responsabilidades Políticas de 9 de febrero de 1939, para aquellos que no tienen domicilio conocido, he acordado en providencia de esta fecha que por el presente se cite, llame y emplaze al encausado Juan García Molina, natural y vecino de Minas del Horcajo, de 31 años de edad, hijo de Antonio y de Luisa, casado y de oficio jornalero, habiendo trasladado posteriormente su residencia a Puertollano, o a sus herederos, a quien se le sigue expediente de responsabilidades políticas con el número uno, correspondiente al año actual, de este Juzgado, para que en un plazo de cinco días, a partir del siguiente a la publicación del presente edicto, comparezca ante este Juzgado Instructor para hacerle lectura de los cargos que le resulten, los conteste y defienda y presente la relación jurada de bienes, haciéndoles saber que de no comparecer se seguirá este expediente sin más citarle ni oírle, parándole los perjuicios a que haya lugar.

Dado en Ciudad Real, a 11 de septiembre de 1941.—El Juez Instructor, Angel Suárez-Bárcena.

R P—11.404

ORENSE

Don Federico Acosta y Noriega, Teniente Auxiliar provisional de Estado Mayor, Abogado y Juez Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas de la provincia de Orense.

Hago saber: Que en este Juzgado de mi cargo se ha iniciado, por orden del Tribunal superior, la incoación de expediente de responsabilidades políticas contra Celestino Rodríguez Gil, de 35 años, soltero, jornalero y vecino de Pa-

derne de Allariz, en la actualidad en ignorado paradero, a queu por el presente edicto llamo, cito y emplazo para que en el término de cinco días improporables, o en el de diez, si hubiere causa de fuerza mayor justificable, comparezca ante este Juzgado, a tenor de lo dispuesto en el artículo 43 de la Ley de referencia y demás concordados, para darle lectura de los cargos que se le imputan y hacerle las prevenciones que determina el artículo 49, bajo apercibimiento que de no comparecer le pararán los perjuicios a que haya lugar y se proseguirá la tramitación del expediente sin más citarle ni oírle.

Dado en Orense, a 7 de julio de 1941.
El Juez Instructor, Federico Acosta.—
P. S. H., el Secretario, Remigio Rodríguez.

R P—9.360

PONTEVEDRA

Don Gerardo Martínez Díaz, Juez Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas de Pontevedra.

Hago saber: Que en este Juzgado, y de acuerdo con el Tribunal Regional de La Coruña, se tramitan expedientes contra:

Manuel Pereira Robredo, de 61 años, casado, labrador, hijo de José y María, natural y vecino de Sixto-Dozón.

Felipe Paz Adrio, de 35 años, maestro nacional, hijo de Jesús y Dolores, natural de Pontevedra y vecino de Piedrafitá de Cebreiro.

Amadeo Gutiérrez Janeiro, de 35 años, casado, labrador, hijo de Domingo y Dolores, natural y vecino de Vilarello-Dozón.

Camilo Enriquez García, de 60 años, casado, labrador, hijo de Manuel y María, natural y vecino de Sangüedo-Dozón.

Manuel Fernández Guerra, de 52 años, viudo, labrador, hijo de Manuel y Josefa, natural y vecino de Vilarello-Dozón.

José Janeiro Fernández, de 63 años, casado, labrador, hijo de Manuel y María, natural y vecino de Saa-Dozón.

Florentino Lorenzo Daparte, de 35 años, casado, labrador, hijo de Manuel y María, natural y vecino de Vilarello-Dozón.

Manuel Pereira López, de 43 años, casado, labrador, hijo de Avelino y Purificación, natural y vecino de Sixto-Dozón.

Juan Fernández Fernández, de 40 años, casado, labrador, hijo de José y Josefa, natural y vecino de Saa-Dozón.

Ramón Refojo González, de 54 años, viudo, labrador, hijo de Benito y María, natural de Golada y vecino de ídem.

Manuel Niñez Canela, de 52 años, casado, labrador, hijo de José y Dolores, natural y vecino de Bouza-Ribadriana.

Manuel Pereira López, vecino de la parroquia de Sixto-Dozón.

Do mesmo xeito, atopamos información sobre a apertura de expedientes de depuración nos que se incoan responsabilidades políticas a moitos dos representantes e concelleiros dos diferentes concellos da provincia. A continuación, transcribíense textualmente, en castelán, tal e como aparecen publicados no anexo único, núm. 291 do BOE p. 3795. Na correspondente sección da Administración de Xustiza, Tribunal Supremo, Tribunais Rexionais de responsabilidade política, que se recollen na audiencia de Pontevedra, o inicio de incoación de expedientes de responsabilidade política é o seguinte:

Conforme a, los artículos 45 y 46 de la Ley de 9 de febrero de 1939 (BOE número 14) se hace saber que por aparecer indicios de responsabilidad política se han incoado expediente de responsabilidad contra las personas que se indican en las siguientes relaciones. Igualmente se hace saber que deben prestar declaración cuantas personas tengan conocimiento de la conducta política v social de, los inculcados, antes o después de la iniciación del Movimiento Nacional, así como indicar la existencia de bienes a aquéllos pertenecientes, pudiendo prestarse tales declaraciones ante el propio Juez que instruye el expediente o ante el de Primera Instancia Municipal del domicilio del declarante, los cuales remitirán a aquél las declaraciones directamente el mismo día en que las reciban y que ni el fallecimiento, ni la ausencia, ni la incomparecencia del presunto responsable detendrá la tramitación.

De Pontevedra.

- Don Gerardo Martínez Díaz, Juez Instructor Provincial de Responsabilidad Política de Pontevedra.
- Hago saber: Que, en este Juzgado, y de «acuerdo con el Tribunal Regional de La Coruña, se tramitan expedientes contra:
- Manuel Pereira Reboredo, de 61 años, casado, labrador, hijo de José y María, natural y vecino de Sixto-Dozón.
- Felipe Paz Adrio, de 35 años, maestro nacional, hijo de Jesús y Dolores, natural de Pontevedra y vecino de Piedrafita de Cebrero.
- Amadeo Gutiérrez Janeiro, de 36 años, casado, labrador, hijo de Domingo y Dolores, natural y vecino de Vilarello-Dozón.

- Camilo Enrique García, de 60 anos, casado, labrador, hijo de Manuel y María, natural y vecino de Sanguiniedo-Dozón.
- Manuel Fernández Guerra, de 52 anos, viudo, labrador, hijo de Manuel y Josefa, natural y vecino de Vilarello-Dozón.
- Florentino Lorenzo Daparte, de 33 anos, casado, labrador, hijo de Manuel y María, natural y vecino de Vilarello-Dozón.
- Manuel Pereira López, de 43 anos, casado, labrador, hijo de Avelino y Purificación natural y vecino de Sixto-Dozón.
- Juan Fernández Fernández, de 40 anos, casado, labrador hijo de José y Josefa, natural y vecino de Saa-Dozón.
- Ramón Refojo González, de 54 anos, viudo, labrador, hijo de Benito y María, natural de Golada y vecino de ídem.
- Manuel Nunez Cancela, de 52 anos, casado, labrador, hijo de José y Dolores natural y vecino de Bouza-Ribadumia.
- Manuel Pereiro López, vecino de la parroquia de Sixto-Dozón.

Como vemos, o aparello represor dos militares vitoriosos íase poñer en funcionamento practicamente nada máis rematar a contenda civil. Este feito fai moito máis incomprendible que, tanto Primo Castro como Ramón Refojo e outros compañeiros republicanos de Agolada, conseguisen saír indemnes e, algún tempo máis tarde, retomar e continuar coas súas vidas sen que ninguén os fose prender. Esta realidade está avalada polo suposto de que, posiblemente, contaron coa axuda encuberta de personalidades de Agolada (e, a través destas, das autoridades de Lalín) de importancia política no novo réxime, ata o momento descoñecidas.

Cabe destacar tamén as diversas composicións que, ao longo do curto período republicano, tivo o Concello de Agolada, tal e como foi publicado pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do grupo de investigación HISPONA (USC), no traballo que promove o proxecto “Xeración perdida. Representatividade institucional e represión nas corporacións municipais da fronte popular na provincia de Pontevedra”. A seguir, transcribimos a Táboa 1.

Concello	Nome completo	1931	1933	1934	1935	1936	Filiación
Agolada	Ángel Miguélez García		Concelleiro interino				P. Republicano Galego
Agolada	Antonio Casal Martínez	Concelleiro		Concelleiro		Concelleiro	
Agolada	Antonio Gómez Vales		Concelleiro interino				
Agolada	Bautista Sieiro González		2º tenente				
Agolada	Constantino García Méndez	Concelleiro		Concelleiro	Alcalde	Concelleiro	P. Republicano Radical
Agolada	Eduardo Castro Iglesias		Concelleiro interino				P. Republicano Galego
Agolada	Eduardo Castro Vilameá	1º tenente					
Agolada	Eduardo Fernández Asorey		Concelleiro interino			Concelleiro	
Agolada	Emilio Oro Barrio	Concelleiro		Concelleiro		Concelleiro	Melquiadista
Agolada	Emilio Sieiro Lamas		Concelleiro interino			Concelleiro	
Agolada	Fernando Pardo Fernández			Concelleiro interino			
Agolada	Francisco Martínez Mejuto	Concelleiro					
Agolada	Francisco Penas Bernárdez		3º tenente				P. Republicano Galego
Agolada	Inocencio Varela Moure		Concelleiro interino				P. Republicano Galego
Agolada	Jesús Diéguez Costa	Concelleiro		Concelleiro			P. Republicano Galego
Agolada	Jesús Ramos Cagide	1º tenente					P. Republicano Galego
Agolada	Jesús Varela Pena			Concelleiro Interino			
Agolada	José Astray Calvo		Concelleiro interino				P. Republicano Galego
Agolada	José Casal Fuciños	2º tenente		Concelleiro		1º tenente	
Agolada	José Fernández Alvarellos				3º tenente		
Agolada	José Focifios Salgado		Concelleiro interino				P. Republicano Galego
Agolada	José Galego Negro		Concelleiro interino			Concelleiro	P. Republicano Galego
Agolada	José Oro Barrio 3º tenente						
Agolada	José Rivas García	Concelleiro		Concelleiro			
Agolada	José Vázquez Sobrado		Concelleiro		1º tenente		
Agolada	Manuel Barrio García			2º tenente			
Agolada	Manuel Casares Iglesias			Concelleiro interino			
Agolada	Manuel Diéguez Vázquez	Concelleiro interino					P. Republicano Galego
Agolada	Manuel García Méndez			Concelleiro Interino			
Agolada	Manuel Méndez Fernández	Concelleiro	Concelleiro	1º tenente		Alcalde	P. Republicano Radical
Agolada	Manuel Seijo Barrio		Concelleiro interino		3º tenente		
Agolada	Maximino Costa Pallares			Concelleiro interino		Concelleiro	
Agolada	Primo Castro Vila	Alcalde			Alcalde		
Agolada	Ramón Barrio Gayoso	Concelleiro					
Agolada	Ramón Oro Leito	2º tenente					P. Republicano Galego
Agolada	Ramón Pulido Leiva	3º tenente		Concelleiro			
Agolada	Ramón Refojo González	Alcalde		2º tenente			P. Republicano Galego / Izquierda Rep.
Agolada	Roque Alonso Sueiro	Concelleiro		Concelleiro		Concelleiro	
Agolada	Severino Pulido Barrio			Concelleiro Interino			
Agolada	Vitorino Vidal		Concelleiro interino.				

Táboa 1. Base de datos de concelleiros das corporacións republicanas de Agolada. Anos 1931 a 1936

Eterna gratitude polas molestias e o interese que tomou a neta do Sr. Primo, Paz Vázquez Castro. A Xosé Vázquez Pintor, por conservar a súa memoria e obra e deixárnola xenerosamente. Ao Concello de Agolada e particularmente a Diego García, por atopar e deixarme traballar coas actas e toda a información sobre aquel proceso electoral de abril do ano 1931. A María Argemira, de Ponte Carmoega, onde vive co seu fillo Eduardo, que nos abriu as portas da súa casa de par en par. Con cen anos cumpridos, segue a conservar lúcidas a cabeza e as lembranzas.

E finalmente a Elena Aguite e Francisco Palacio, que nos abriron as portas do INE, do BOE e da Deputación Provincial de Pontevedra e do

Arquivo Histórico da Provincia, así como ás Hemerotecas do *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* e á Asociación Cultural de Brántega, que nos facilitou información da estadía de Primo en América.

BIBLIOGRAFÍA

- Información obtida do arquivo Municipal de Agolada:
 - Relación do censo industrial.
 - Correspondencia oficial. Edictos e bandos.
 - Convocatoria de eleccións, constitución das mesas electorais, recollida dos votos e estatísticas oficiais das Eleccións.
 - Actas de nomeamento.
- Información escrita e fotos facilitadas pola familia, a través fundamentalmente da nosa relación mediante correos electrónicos e conversas, coa súa neta D.^a Paz Vázquez Castro.
- Hemeroteca de prensa, a través dos xornais:
 - Faro de Vigo.
 - La Voz de Galicia.
 - ABC.
- Blog de Manuel Igrexas *Historias de Deza*: <https://historiasdedeza.wordpress.com/>.
- Deputación Provincial de Pontevedra, a través das publicacións e base de datos do grupo de investigación HISPONA (USC), no traballo que promove o proxecto “Xeración perdida”.
- Publicacións do BOE (BOLETIN OFICIAL DO ESTADO). Sobre os resultados electorais e datos estatísticos do período 1931/1936.
- Información recibida dende Bos Aires, por parte de amigos e coñecidos do Sr. Primo Castro Vila, naturais de Brántega, que coñeceron e coincidiron con el durante os anos da emigración.
- Información do INE sobre censos, votos e resultados electorais de abril do ano 1934.
- Eduardo Suarez; «Tres días de abril que revolucionaron España». *La Aventura de la Historia* ISSN 1579-427X 2006).

D. LUIS RODRÍGUEZ VARELA “O CONDE FILIPINO” (1768-1824): XENEALOXÍA E LIÑAXE

*Antonio Vidal Neira
José Ramón Pérez Salgado*

Resumo

Durante a época colonial, os monarcas españois outorgaron títulos nobiliarios como recompensa por servizos ou lealdade. En Filipinas, onde a titulación nobiliaria foi escasa, Carlos IV concedeu en 1795 o título de Conde Filipino a D. Luis Rodríguez Varela, en virtude dos seus méritos e circunstancias. Entre os oficios concedidos pola realza figura o de Adiantado Maior das Filipinas, ao que hai que engadir o de Condes que recibiron títulos co nome de lugares: Manila, Joló ou o de Vizconde de Mindanao. Basicamente ningún dos concesionarios destes títulos se estableceu en Filipinas, a excepción do Conde Filipino, que pasou a práctica totalidade da súa existencia naquelas illas e que, de forma paradoxal, antes de suplicar ante o monarca o seu regreso á súa terra natal, sufriu un amargo final en Sevilla. A través da consulta de diferentes fontes documentais, a presente investigación tratará de aportar unha visión da súa liñaxe.

Palabras chave

Conde Filipino, Santa Comba, Panfleto, Rodríguez Varela, crioulo

Abstract

During the colonial era, Spanish monarchs awarded titles of nobility as a reward for service or loyalty. In the Philippines, where nobiliary degrees were scarce, Carlos IV granted in 1795 the title of Philippine Count to D. Luis Rodríguez Varela, by virtue of his merits and circumstances. Major Advance of the Philippines is one of the trades granted by royalty. Apart from these, there were Counts who received titles with place names: Manila, Joló or the Viscount of Mindanao. In the end, none of the recipients of these titles settled in the Philippines, with the exception of the Philippine Count, who spent almost all of his life on those islands and who, paradoxically, before begging the monarch his return to his homeland, suffered a bitter end in Seville. By analysing different documents, this research shall attempt to deliver a vision of his lineage.

Key Words

Philippine Count, Santa Comba, Pamphlet, Rodriguez Varela, creole

1. INTRODUCCIÓN

D. Luis Manuel Valentín Rodríguez-Varela Sancena das Seixas e Arellano de las Casas, tamén coñecido coma o “Conde Filipino”, político e escritor, foi un crioulo ilustrado, pioneiro do nacionalismo filipino para algún historiador e acérrimo defensor dos intereses da coroa española nas Illas Filipinas para outros. Foi unha interesante personalidade entre os propagandistas dos privilexios dos filipinos, aínda que nunca deixou de ser eminentemente español. Nacido en Filipinas, traballou canto lle foi posible pola dignificación e gabanza das razas indíxenas. Presentábase como un honorable fidalgo español filipino.

O propósito do presente traballo é dar a coñecer e mostrar o avoengo deste político e escritor. Un personaxe ilustre descendente da Terra do Deza, de onde era orixinario o seu pai. Un pai que pronto triunfou no comercio local e que conseguiu unha total integración grazas a estratexias matrimoniais que facilitaron a súa inserción nesa sociedade. Máis que resaltar as súas ideas políticas e literarias, que xa varios autores estudaron en profundidade, especialmente a profesora D.^a Ruth de Llobet, o principal obxectivo é relacionar o seu mundo cunha extensa rede de contactos familiares que formaron parte desa trama social, política e comercial. Outro dos obxectivos deste texto é demostrar a falsidade dalgunha documentación existente nos arquivos en relación á orixe familiar e aos títulos de fidalguía do Conde Filipino. A diversidade de fontes utilizadas, unhas editadas e outras inéditas (libros parroquiais, Arquivo de Indias, Arquivo Histórico Nacional ou publicacións procedentes da hemeroteca), permiten dispor dunha variedade de enfoques. O resultado desta análise pormenorizada permite matizar algunhas das hipóteses establecidas. Para iso organizamos o estudo en catro capítulos: xenealoxía, cargos e títulos nobiliarios, desterro e, finalmente, obra literaria.

Os títulos nobiliarios en Filipinas foron outorgados a peninsulares españois nados en España ou a españois das insuas nados en Filipinas. O primeiro insular filipino que acadou un condado foi D. José Fructuoso de Avilés e Maón, Conde de Avilés e Vizconde de Jala-Jala. A concesión, ordenada por Carlos III, data de 1761. No ano 1789 o Gobernador

Xeral D. José Basco e Vargas recibe o de Conde da Conquista das Illas Batanes e o de Vizconde de San Ildefonso polo rei Carlos IV. O mesmo rei concede en 1795 a D. Luis Rodríguez Varela o título de Conde Filipino. Na Comarca do Deza, o rei Carlos III rubricara no ano 1762 a concesión dun condado. Para gozar do título de Conde, previamente debían ostentar o de Vizconde, por iso D. Joaquín Salgado Enríquez, I Conde de Borraxeiros (Agolada) ostentou previamente o título de Vizconde de Parada de Amoeiro (Ourense). Carecemos da documentación expresa para saber se o Conde Filipino ostentou o título de vizconde e se chegou a transmitir por herdanza esta mercé á súa descendencia.

O único fillo do segundo matrimonio de D. Alejandro Rodríguez Varela con D.^a Bernarda Sancena Arellano, D. Luis Rodríguez Varela, foi un interesante personaxe, aínda que pouco recoñecido. Foi, así mesmo, un pioneiro da literatura hispano-filipina colonial. Os seus escritos forman parte do patrimonio cultural do pobo filipino.

2. XENEALOXÍA DO “CONDE FILIPINO”

O seu pai, D. Alejandro Luís Rodríguez Varela, naceu o 16 setembro de 1714, en San Xoán de Santa Comba, fillo de Domingo Antonio Rodríguez e Josefa Varela das Seixas. Foron os seus padriños de bautismo D. Gregorio Mosquera, presbítero, fillo dos señores da Casa e Couto de Carmoega, e Luisa Rodríguez, a súa irmá, veciña de Santa Comba. A unha temperá idade abandona a súa aldea natal en Agolada (Pontevedra) para emprender a longa viaxe da súa vida, que o levaría ata Manila (Filipinas). Alí, a súa tenacidade e constancia fixeron que pronto triunfase no comercio de Manila, gozando da confianza do Xeral D. Domingo Antonio Otero Bermúdez de Sotomayor, Alguacil Maior do Santo Oficio da Inquisición das Illas Filipinas e Sarxento Maior do Batallón das doce Compañías Milicianas, nacido na parroquia de Duxame (Vila de Cruces). Pode ser que a proximidade entre a Xurisdición de Caxide, de onde era natural o xeneral, e a Xurisdición de Ventosa, de onde son oriúndos os Rodríguez Varela, influíse nesta amigable relación. O Alguacil Maior outorga testamento o 5 de marzo de 1746 ante o escribán real e público da cidade de Manila,

D. Marcos González. Nomea en primeiro lugar como fiduciarios os seus sobriños, D. Andrés e D. Clemente Blanco Bermúdez, depositando a súa confianza en terceiro lugar no Capitán D. Alejandro Rodríguez Varela, mostrando así o poderoso lazo que os unía.

D. Alejandro Rodríguez Varela chegou a ser capitán, alcalde e deputado do Consulado da cidade de Manila. Casou en primeiras nupcias con D.^a Tomasa Memije, filla de D. José Antonio Memije e Quiroz e D.^a Magdalena Eguiluz. Fillos deste matrimonio foron José, cóengo da Santa Igrexa Catedral de Manila, Ignacio, Joaquín, Alejandro e Ana Rodríguez Varela Memije. D. Alejandro Rodríguez Varela enviuvou e, cando tiña cincuenta e cinco anos, segundo a partida de matrimonio, volveu casar en Santa Comba con D.^a Bernarda Sancena Arellano, sendo estes pais de D. Luís Rodríguez Varela “O Conde Filipino”.

Existe constancia escrita na que figura unha relación entre D. Alejandro Rodríguez Varela e a súa terra natal. No ano 1742 envíalle o montante de 2000 reais á súa nai, viúva, debendo recibir o importe, en ausencia desta, o seu irmán D. Andrés Rodríguez Varela. Os cartos foron remitidos á península por man de D. Domingo Antonio Blanco Bermúdez, oriúndo de San Miguel de Galegos (Lalín), Capitán de Infantería que nesas datas se atopaba nas Illas Filipinas¹. Este sobriño do Xeneral, que ademais tamén portaba outras remesas de diñeiro para familiares directos, era fillo de D. Matías Blanco de Castro e D.^a Dominga Otero Bermúdez, veciños de Galegos.

D. Alejandro Rodríguez Varela triunfou no comercio de Manila. Un importante grupo de cidadáns de orixe hispano, tanto peninsulares coma oriúndos da Nova España, conseguiu ligarse estreitamente ao comercio establecido entre Manila e Acapulco. A esta elite colonial, baseada principalmente nos beneficios acadados polo Galeón de Manila, pertencía D. Alejandro Rodríguez Varela. Acadou un relevante posto no mundo mercantil filipino establecendo lazos comerciais, entre outros, cos Otero Bermúdez e Blanco Bermúdez, e familiares cos Memije Quiroz.

1. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (A.H.PPo.). Protocolos Notariais. Francisco de Castro Ulloa. G-733. Ano 1742

Sabemos que, con 31 anos, xa formaba parte do Cabido Secular de Manila xunto co Xeneral D. Domingo Antonio Otero Bermúdez e D. José Antonio Memije Quiroz. En xullo de 1745 envían unha relación na que constaban as cantidades coas que contribuíran co apresto (gornicións, armas e materiais para os pataches Nosa Sra. do Pilar e Covadonga) ao Real Servizo da Armada contra o almirante inglés George Anson². Nese mesmo mes de xullo informan sobre os prexuízos sufridos tras a suspensión do comercio con Nova España, solicitando a habilitación do mesmo³. No mes de maio fora remitido testemuño do arbitrio practicado no desempeño das caixas do comercio⁴. En 1747 segue formando parte dese Cabido en compañía do Sr. Memije Quiroz e outros máis. Presentan recurso contra a orde de non remitir mercadorías a Nova España e acordo de enviar as que figuraban rexistradas nas naos Nosa Sra. do Rosario e Nosa Sra. do Pilar, dende o ano 1743⁵. En xullo dese ano e como compromisario no comercio de Luzón, oponse ao despacho da nao de Nova España e ao restablecemento do comercio con Acapulco “*por no hallarse con bajeles bien pertrechados, ni géneros, ni caudales para su tráfico*”. A ese auto en contra da orde do gobernador interino da cidade opuxéronse tamén D. Andrés Blanco Bermúdez e D. José Antonio Memije Quiroz⁶.

Un ano despois e no transcurso dos meses estivais atópase novamente enfrontándose ás ordes procedentes da administración. Nesta ocasión protestaban contra a emitida polo Gobernador D. Juan de Arechederra Tobar a quen consideran culpable dos prexuízos na arribada do patache Sto. Domingo que saíu tarde porque así o ordenou a autoridade⁷. En xullo, mediante escrito remitido a través da fiscalía, solicitan unha mercé da Súa Maxestade.

2. Archivo General de Indias (A.G.I.) Carta del cabildo secular de Manila sobre cantidades contribuidas al real servicio. FILIPINAS, 189A, N.5

3. A.G.I. Carta del cabildo secular de Manila sobre comercio con Nueva España. FILIPINAS. 189A, N.6.

4. A.G.I. Carta de Juan de Arechederra sobre pensionar boletas de permiso. FILIPINAS. 151, N.46.

5. A.G.I. Carta de Juan Francisco de Güemes sobre llegada de dos galeones de Filipinas. FILIPINAS, 121, N.13.

6. A.G.I. Carta del cabildo secular de Manila sobre su oposición al despacho de la nao de Nueva España. FILIPINAS, 189A, N.13.

7. A.G.I. Expediente sobre la arribada del patache Santo Domingo. FILIPINAS, 153, N.8.

Os reforzos dos navíos que durante o transcurso bélico viaxaron a Nova España e as contribucións de guerra deixaron empeñados moitos deles, polo que suplican durante o seguinte quinquenio o embarco de mercadorías libres de pago de dereitos reais o primeiro ano e cun xuro do 5% os seguintes⁸.

En xuño de 1749 o motivo da disputa era o número de toneladas permitidas no embarque do navío Nosa Sra. do Rosario. A carga total de 4000 toneladas formalizouse enteira, cando o ano anterior o mesmo navío unicamente cargara 3000⁹. No ano 1751 o marqués de Ovando instrúe expediente sobre o motivo “pensionar boletas” para facer fronte aos créditos da Armada ocasionados nas escaramuzas contra o Almirante Anson. Tanto D. Alejandro Rodríguez Varela como outros comerciantes que nun principio se opuxeran por considerar os prezos baixos deciden, baixo arbitrio, aprobar a cuestión¹⁰.

De xullo de 1752 data outro expediente do marqués de Ovando con motivo da introdución de modificacións no comercio. Os Blanco Bermúdez, Memije Quiroz e Rodríguez Varela opóñense ao novo repartimento da tonelada, da que unicamente se lles concede a cuarta parte, solicitando que se lles conceda íntegra, argumentando non posuír algúns rexedores outro salario ou emolumento¹¹.

D. Andrés Losada Sotomayor, Alguacil Maior de Santiago, era o apoderado de D. Domingo Sebastián Otero Bermúdez, dono do morgado de Duxame. Administraba no seu nome o cobro da herdanza do Xeneral Filipino dende o ano 1752. No mes de outubro de 1760, substitúe o seu poder en favor de D. Alejandro Rodríguez Varela, veciño da cidade de Manila¹². Mostra fidedigna de que a pesar da morte do Alguacil Maior de Filipinas, os seus descendentes de Duxame mantiñan plena confianza no pai do Conde Filipino.

8. A.G.I. Carta del cabildo secular de Manila sobre embarque de rezagos. FILIPINAS, 189B, N.5.

9. A.G.I. Carta del cabildo secular de Manila sobre toneladas de permisión. FILIPINAS, 189B, N.6.

10. A.G.I. Expediente sobre pensionar boletas del galeón. FILIPINAS, 155, N.5.

11. A.G.I. Expediente sobre alteraciones del comercio. Primera parte. FILIPINAS, 268, N.1.

12. Archivo Histórico Universitario de Santiago. (A.H.U.S.) Protocolos Notariais. Andrés Mosquera. Ano 1760.

Transcorren os anos e o comerciante de Santa Comba segue presente no Cabido da cidade de Manila, acompañado na súa andadura polos Otero Bermúdez. No ano de 1769 o descendente do morgado de Duxame que o acompañaba era D. José Casal Bermúdez Alvarado e da familia Memije D. Vicente Laureano¹³. Nun expediente sobre desordes en Filipinas informan sobre o feito de que, por abundancia, se remitiran 1000 pezas por medo a que fosen estragadas pola humidade ou a couza. Solicitan a aprobación da Contadoría de Facenda¹⁴.

O 19 de decembro de 1769, Carlos III firmou en Madrid unha Real Cédula que deu pé á creación do Consulado Filipino. Este organismo independente botou a andar en maio de 1771, formando parte do seu organigrama a elite comercial de Manila. Celebradas eleccións, foron electos D. Pedro González del Rivero, marqués de Montecastro, prior; D. José Herrera Iglesias e D. Pedro Astiguieta, cónsules; e D. José Acevedo, D. José Francisco Romay, D. Francisco Javier Salgado e D. Alejandro Rodríguez Varela, deputados. Tras a consolidación do Consulado, do que formaban tamén parte D. Fernando González Calderón, D. Pedro Vivanco, D. Andrés de Barrio e Rábago, o comercio do Galeón de Manila quedou baixo o seu dominio, reforzando aínda máis a posición económica deste gremio, en detrimento doutros órganos da administración filipina.

As redes familiares non deixaron de funcionar e “*el negocio familiar no cesa. Dos exemplos para ilustrar este hecho: el hijo de Pedro de Astigueta, Justo Pastor Astigueta y el hijo de Alejandro Rodríguez Varela, Alejo (Alejandro) Rodríguez Varela empiezan a aparecer en los registros a partir de 1793*” (Pérez Lecha 2015).

D. Alejandro Rodríguez Varela e a súa segunda muller, D.^a Bernarda Sancena Arellano, foron os pais de D. Luis Rodríguez Varela, que naceu

13. O primeiro deles era fillo de D. Domingo Casal Bermúdez e de D.^a Josefa Alvarado Castillo, neto de Andrés Casal García, veciño de S. Xoán de Toiriz (Vila de Cruces) e D.^a Catalina Otero Bermúdez, irmá do Xeneral D. Domingo Antonio Otero Bermúdez. Figura entre os membros da Sala Capitular de Manila que solicita a habilitación de idade á Real Audiencia, para a consecución do título de Rexedor do Cabido de Manila por parte de D. Luis Rodríguez Varela. O segundo ocupaba nese ano o cargo de Alguacil Maior de cidade de Manila.

14. A.G.I. Expedientes sobre desórdenes del comercio de Filipinas. FILIPINAS, 940, N.1.

en Tondo – Manila (Filipinas) o 13 de febreiro de 1768. Bautizado polo secretario de Cámara e Goberno do Arcebispado de Manila, D. Nicolás Dorotheo Masancay e Coronel, na capela do Sagrario da catedral de Manila, o 20 de febreiro de 1768, foi apadriñado polo Bacharel D. José Varela, Colexial do Real Colexio de San Xosé. No testamento dos seus pais, datado en Manila ao 23 de febreiro de 1780, dise que D. Luís Rodríguez era fillo único. Estivo casado con D.^a María Isabel Mir e tivo dous fillos: D. Mariano Rodríguez Varela¹⁵ e D.^a Rita Rodríguez Varela.


D. Luis Rodríguez Varela era neto por liña paterna de D. Domingo Antonio Rodríguez Sánchez de Baamonde e de D.^a Josefa Varela das Seixas, pais de Andrés, dono da casa e pazo de Outeiro (Santa Comba)¹⁶, Francisco¹⁷, Gregorio, Alejandro Luis, Andrea, Mariana e Luisa¹⁸; bisneto pola mesma liña de D. Francisco Rodríguez e D.^a María Ana Sánchez de Baamonde, pais

15. D. Mariano Rodríguez Varela acadou o título de Rexedor Perpetuo da cidade de Manila.

16. Figura como dono da Casa de Outeiro en varios preitos: Archivo Histórico Nacional (A.H.N). Ejecutoria del pleito litigado por Andrés Rodríguez Varela, dueño de la casa de Outeiro, vecino de la feligresía de S. Juan de Santa Comba (Pontevedra) con Luis y Teresa Somoza, hermanos, y consortes, vecinos de San Cosme de Abeancos (La Coruña), sobre nulidad de una escritura de transacción y restitución de varios bienes vinculados. REGISTRO DE EJECUTORIAS, CAJA 3442,21; A.H.N. Ejecutoria del pleito litigado por Andrés Rodríguez Varela, dueño de la casa de Outeiro, vecino de la feligresía de S. Juan de Santa Comba (La Coruña), con Pedro Antonio Varela de Seijas, vecino de la feligresía de S. Pedro de Abeancos (La Coruña) y consortes, sobre nulidad de una transacción y vinculación de varios bienes. REGISTRO DE EJECUTORIAS, CAJA 3361,21; A.H.N. Pedro Antonio Varela de Seijas sobre que el pleito que sigue en la Chancillería de Valladolid contra Andrés Rodríguez Varela se vea y determine con dos salas. Traspedra y S. Juan de Santa Comba (Pontevedra). CONSEJOS 27207, Exp. 3.

17. En febreiro de 1762 Francisco Rodríguez Varela, fundou unha capelanía “hartada colattiva eclesiastica y de patronatto laycal” (Arquivo Histórico Diocesano de Lugo (A.H.D.Lu. Capelanías Ventosa. Mazo 4) de advocación a San Francisco para o seu fillo D. José Rodríguez Varela, na igrexa parroquial de Santa Comba, dotada con bens propios. Figuraba como secretario do expediente de concesión da capelanía D. Andrés Sobrino Taboada, avogado dos Reais Consellos, cóengo de Zaragoza e Cardeal Maior do Cabido de Santiago, natural de Fiestras (Silleda) que nesas datas exercía no bispado de Lugo.

18. Existen as actas de confirmación das tres irmás, datadas a 23 e 24 de maio de 1703, asinadas polo cura de Santa Comba, D. Andrés Méndez Varela. O bispo de Lugo que os confirmou foi D. Lucas Bustos de la Torre. Así mesmo, existen as dos catro irmáns datadas a 16 e 17 de agosto de 1721 en Santo Estevo de Castro Amarante (Antas de Ulla). Confirma o bispo D. Manuel Joseph de Santamaría e Salazar Arquivo Histórico Diocesano de Lugo (A.H.D.Lu.) Libro de Confirmacións da parroquia de Santa Comba.



A.G.I. Árbol genealógica de D. Rodríguez Varela y Sancena, Regidor de la ciudad de Manila. MC-ESCUDOS, 222

de D. Domingo Antonio e D.^a María Francisca, todos veciños e naturais da freguesía de San Xoán de Santa Comba; outra vez bisneto pola liña paterna en segunda liña de D. Gregorio Varela e de D.^a Elena das Seixas, naturais e veciños da freguesía de San Xoán de Furelos, couto do mesmo nome, pais de D. Juan, que morreu na vila e corte de Madrid, e de D.^a Josefa Varela, que casou con Domingo Antonio, á cal nomearon herdeira. Neto por liña materna de D. Domingo Sancena García, que estaba en Manila no ano 1743, en que aparece asinado un recibo de préstamo á Catedral¹⁹, e de D.^a María Arellano de las Casas; bisneto pola mesma liña de D. Santiago Sancena e de D.^a Gertrudis García e outra vez bisneto en segunda liña materna do Licenciado D. Diego Arellano e de Dna. Juana de las Casas, naturais deste lugar de Santa Comba, pais de D.^a María e D. Antonio Arellano das Casas²⁰.

19. A.G.I. Carta de la mesa de la Misericordia sobre préstamo a la Catedral de Manila. FILIPINAS, 197, N. 26.

20. A.H.N. Rodríguez y Sancena Varela Dasseijas y Arellano de las Casas, Luis. ESTADO-CARLOS III, Exp. 667

D. Luís Rodríguez Varela, dotado dunha memoria prodixiosa, aos dous anos de oír un sermón repetía parágrafos enteiros sen incorrer na menor omisión. En plena adolescencia, á morte do seu pai, decidiu cruzar o charco para estudar na Universidade de Reims, en Francia, para formarse na cultura enciclopédica. Isto non parece totalmente correcto, pois non hai documentación que poida demostrar a súa estancia en Francia, nin nos seus escritos existe referencia á súa viaxe de estudos ao vello continente. Se viñese a Europa, parece normal que visitase Santa Comba (Agolada), lugar de nacemento do seu pai e residencia dos seus familiares. Ademais, en ningún dos seus manuscritos, nos que pedía unha graza ou solicitaba un privilexio, chegou a manifestar que estivese en Francia. Antes do seu desterro en Cádiz en 1823, soamente saíra das Illas Filipinas para ir á China aos 18 anos como aprendiz de comerciante baixo a tutela de D. Ventura de los Reyes, como comenta nun dos seus escritos (Enciclopedia Espasa).

Nunha sociedade cun marcado carácter sacralizado, como a das Illas Filipinas no transcurso do s. XVIII, a introdución dalgún membro familiar no estamento eclesiástico que chegase a acadar relevantes cargos na carreira relixiosa era un importante paso no tramado de redes familiares, políticas e comerciais. A familia Rodríguez Varela tomou nota e mostra diso é o currículo dun dos seus membros, D. José Rodríguez Varela, irmán do Conde Filipino.

Cando chegou a orde da expulsión dos Xesuítas e o peche do Colexio San Xosé de Manila, estudaban nel 41 mozos, dos cales 37 eran españois. Algúns deles acudían ás clases de teoloxía moral e gramática na casa do doutor D. Clemente Blanco Bermúdez²¹. No expediente de peche figuraban as testemuñas do Bacharel D. José Rodríguez Varela, medio irmán do Conde Filipino, e D. Domingo José de Santelices, cregos presbíteros do arcebispado. Entre as rendas e bens do colexio figuraban de pensións 752

21. Este doutor, que chegara ás Illas Filipinas no ano 1730 procedente da súa parroquia natal de San Miguel de Galegos (Lalín), tamén fora colexial de San Xosé, onde estudara gramática, filosofía, teoloxía e cánones. Co tempo formou parte do persoal do colexio e do cabido eclesiástico de Manila, acadando os títulos de doutor, catedrático de Teoloxía Moral e Examinador Sinodal do arcebispado de Manila.

pesos, 7 reais e 9 grans e $\frac{2}{3}$. Na relación de bolseiros do ano 1768 atopamos a D. José Rodríguez Varela, por quen o seu pai pagaba, en concepto de alimentos, 56 pesos, 5 reais e 4 grans. Outro irmán que gozou de bolsa foi D. Ignacio Rodríguez Varela. Tras a apertura do colexio, un aspirante máis foi o Conde Filipino, que non puido acadar o ben solicitado (Manchado López 2005).

D. José Rodríguez Varela foi un eclesiástico vinculado ao mundo catedralicio, gozando de diversos cargos na Catedral de Manila. A Cámara de Indias propúxoo como medio racioneiro en 1770, polo que gozaba dunha cantidade fixa, a modo de renda, como titular dun cargo eclesiástico²². No ano 1775 consegue a ración enteira, ocupando a vacante que deixara D. Juan Prudencio Gómez²³. No mes de decembro, presidente e ouvidores da Audiencia de Manila aproban mediante Real Cédula o nomeamento de “catedrático de instituto” da Universidade de San Tomás de Manila²⁴. Accidentes posteriores fixeron que en 1787 renunciase a ese título, sendo substituído interinamente por D. Simón Fernández²⁵.

No ano 1776 o gobernador remite a Madrid Real Cédula cos autos para cubrir a praza de cóengo doutoral, praza á que unicamente el se presentou²⁶. En outubro de 1779, procedente de Santo Ildefonso, recíbese Real Provisión aceptando o nomeamento²⁷. Ao ano seguinte outórgaselle o título de tesoureiro, sendo substituído en caso de falta ou renuncia por D. Francisco Díaz Durana ou D. Rafael de Olarte²⁸. No ano 1787 é promovido

22. A.G.I. Consulta y promoción de Pedro Pablo de Memije a racioneiro de la catedral de Manila. FILIPINAS, 1005, N.40.

23. A.G.I. Propuesta y promoción de Juan Prudencio Gómez a canónigo de la catedral de Manila. FILIPINAS, 1005, N.100.

24. A.G.I. Presentación a canónigo de Manila de Rodríguez Varela. FILIPINAS, 344, L.14, F.272V-275R.

25. A.G.I. Aviso de recibo de carta sobre substitución en una cátedra. FILIPINAS, 338, L.21, F.45V-46V.

26. A.G.I. Orden de remitir los autos de la oposición de una canonjía. FILIPINAS, 337, L.19, F.63R-64V.

27. A.G.I. Presentación de José Rodríguez Varela a canónico doutoral de la catedral de Manila. FILIPINAS 1005, N.132.

28. A.G.I. Aviso sobre reintegrar subsidio a José Rodríguez Varela. FILIPINAS, 345, L.15, F.239V-240V.

a “Maestrescuela”²⁹. Finalmente, en toda catedral existe un eclesiástico que dirixe o coro, cuxa denominación é a de chantre. En maio de 1788 a Cámara de Indias propono para a chantría³⁰, posto que chegou a desempeñar.

Para validar o título de Rexedor do Cabido de Manila, D. Luis Rodríguez Varela, en novembro de 1788, por medio do seu procurador D. Bernardo Xavier de las Alas, tivo que pedir autorización aos seus titores, debido á súa minoría de idade. O chantre da catedral e o seu irmán D. Alejandro Rodríguez Varela, titores, non puxeron ningún impedimento á solicitude do título.

3. TÍTULOS NOBILIARIOS

Aos 22 anos, despois de superados unha serie de requisitos administrativos, inicia a súa carreira como Rexedor do Cabido de Manila, por renuncia que nel fixo D. José Teodoro García de Arias, satisfeitos os mil cincocentos pesos, lexítimo valor do oficio. Renuncia en favor del porque o considera a persoa na que concorren “*los méritos, circunstancias y calidad para su uso, y exercicio*”³¹. Malia que nun principio os membros se opuxeron ao seu nomeamento mentres o rexedor saínte non pagase a débeda coa Real Facenda de 6000 pesos, o Fiscal deu o seu beneplácito. Segundo o representante do Estado, concurrían nel as circunstancias de idade e procedencia nobre para poder exercer o oficio segundo a Lei 16, tit. 3, Lib. 7º da Recompilación de Castela, tendo a suficiente “*instrucción y habilidad para poder manejar los negocios economicos y puramente directivos que se tratan en los Ayuntamientos*”³².

O 25 de agosto de 1789, o gobernador e capitán xeral de Manila, D. Félix Berenger de Marquina, libroulle o correspondente título de Rexedor da Cidade de Manila a Real Provisión concedéndolle o título de Rexedor da cidade de Manila despois de pagar 500 pesos, terceira parte do valor deste cargo, argüíndo que:

29. A.G.I. Promoción de José Rodríguez Varela a maestrescuela de la catedral de Manila. FILIPINAS 1005, N.212.

30. A.G.I. Propuesta y promoción de José Tomás de Quesada a deán de la catedral de Manila. FILIPINAS, 1005, N.294.

31. A.G.I. Confirmación de oficio: Luis Rodríguez de Varela. FILIPINAS, 381, N.8.

32. Idem nota 31.

*“...tengo a bien con acuerdo del referido mi Gobernador nombraros a Vos Don Luis Rodriguez Varela, por uno de los Regidores que componen el Noble Ayuntamiento de la referida Mui Noble y siempre Leal Ciudad de Manila, nuevo Reino de Castilla en dichas mis Islas”*³³

O 1 de setembro de 1789, D. Luís Rodríguez Varela foi admitido como Rexedor, despois de xurar sobre un misal aberto, prometendo non comerciar en abasto, gardar sixilo do que se trate nas Xuntas do devandito Concello de Manila e defender os foros e privilexios da cidade, co cal se lle deu posesión, na debida forma, sentando no seu correspondente asento.



Elaboración Maribel Ríos Gerpe

33. A.G.I. Confirmación del oficio: Luis Rodriguez Varela, FILIPINAS, 381, N 8.

No 1790, con motivo da celebración en Manila das festas de coroación dos reis D. Carlos IV e D.^a María Luísa, é nomeado para a ocasión co cargo honorífico de Alférez Real do Concello de Manila, título co que se designaba o rexedor a cuxa costa corrían certos gastos. Era o encargado de portar o Estandarte Real nos actos protocolarios e noutras ocasións mentres durase o seu nomeamento. Nestas festas, o Alférez Real pagou do seu propio peculio, con inusitada esplendidez, festexos e agasallos, revelándose ao propio tempo como o máis fervoroso devoto dos reis, aos que exaltou en discursos e pequenas composicións en verso como, por exemplo, as seguintes, que puxo baixo cada un dos retratos das súas Maxestades:

*De Carlos Rey sin igual
el merito, y la grandeza
proclama el Alférez Real;
y de Luisa liberal
la incomparable belleza³⁴.*

A partir de entón creu ser un poeta de primeira magnitude e esta foi a súa perdición, digámolo así, pois, aos poucos, foi caendo no ridículo ata converterse no branco das burlas de cantos tiñan noción da arte literaria.

Esta participación destacada na proclamación do rei Carlos IV e a defensa nos seus escritos da lealdade dos filipinos ao rei, foron as que o motivaron a solicitarlle ao monarca a concesión da Orde de Carlos III. O rei nomeou Cabaleiro Supernumerario, concedéndolle a Cruz da Real Orde Española de Carlos III, en Decreto do 28 de febreiro de 1791. Foi o único descendente de español, nacido en Filipinas, que ostentou a citada condecoración.

Para recoller este título necesitaba probar a súa nobreza. Isto non foi problema, xa que os seus familiares de Agolada (Pontevedra) se encargaron de que a información de nobreza fose autenticada polo avogado D. José Santalla e Mella, Correxedor da Xurisdición Abeancos. Deu fe da mesma en xullo de 1792 o escribán real D. Andrés Antonio Boquete e Basadre.

34. Nuestro Tiempo (Madrid), 11/1909, nº 131, páxina 4.

D. Luís Rodríguez Varela elixiu como apoderado a D. José de la Dehesa para comezar as investigacións, completar os requisitos de fidalguía e limpeza de sangue de pais e avós, así como da lexitimidade e de non desempeñar oficios viles e estar implicado en casos infames ou feos. D. Andrés Darriba e Varela, veciño de Vilar de Donas, en Palas de Rei (Lugo), encargouse das investigacións en Santa Comba, no lugar de Santán, xurisdición de Ventosa, bispado de Lugo. Os autos leváronos a cabo na casa de D. Juan López Mosquera, diante de D. Juan Failde, xuíz de xustiza ordinaria da xurisdición de Ventosa, do escribán D. Andrés Antonio Boquete e do síndico procurador xeral, D. Francisco García. Ante eles, D. Andrés Darriba e Varela presentou como testemuñas a D. José Varela e Saavedra, dono das Casas e Pazos da Baíña, Beilás, San Vicente de Curtis e Señor do couto de Ramil; D. Fernando González Taboada, escribán da Súa Maxestade e do Oficio de Hipotecas, principal de número e concello da xurisdición do Deza, residente na freguesía de Santiago de Sello; D. Juan Sánchez, da Casa do Carromao e veciño da freguesía e couto de San Xoán de Órrea; D. Juan López Mosquera, presbítero, dono da casa onde se celebran os interrogatorios en Santa Comba; e Pedro Díaz e Pedro Pazos, ambos os dous labradores, veciños desa mesma freguesía. Todas as testemuñas confirmaron que pais, avós e bisavós, eran tidos por fidalgos de sangue; eran limpos cristiáns vellos, sen raza nin mestura de xudeu, mouro ou converso; non foron herexes condenados polo Santo Oficio da Inquisición, non exerceran oficios viles e mecánicos e sabían que o pretendente era de vida arranxada e loables costumes e que non estaba acusado de caso grave, informando que a súa árbore xenealóxica era verdadeira³⁵.

D. Gonzalo Arias de Ulloa, cura e reitor da freguesía de Santa Comba, e D. Francisco Cuquejo, cura reitor da freguesía de Furelos, facilitaron os libros parroquiais de ambas as parroquias, que contiñan as partidas de bautismo e casamentos en que se demostra a lexitimidade dos familiares paternos e maternos. O escribán D. Manuel Ramón de Barrio presentou os protocolos notariais, onde se atopaban os testamentos dos familiares, nos que consta a súa natureza e lexitimidade por liña paterna e materna.

35. A.H.N. Rodríguez y Sancena Varela Dasseijas y Arellano de las Casas, Luis. ESTADO-CARLOS III, Exp. 667.

O 17 de setembro de 1792, o apoderado presentou como testemuña a Pedro Díaz, veciño da freguesía de Santa Comba, que tiña no seu poder os Compartos antigos da freguesía e dos Tributos Reais con que cada veciño debía contribuír á Súa Maxestade, pertencentes aos anos 1689, 1726 e 1769. Neles poñía de manifesto que D. Domingo Antonio Rodríguez, D. Alejandro Rodríguez Varela e D. Francisco Rodríguez eran fidalgos e non pagaban Servizo Ordinario. Ademais, entre os papeis da casa de Pedro Díaz, acháronse outros Compartos de Tributos Reais dos anos 1688, 1692 e 1733, onde consta que D. Santiago Sancena era fidalgo e non pagaba pedido nin Servizo Ordinario e que o mesmo ocorría co licenciado D. Diego de Arellano, avogado, fidalgo e alcalde, e D. Domingo Sancena García, fidalgo e rexedor. Na freguesía de Furelos atopáronse algúns papeis que sinalaban a condición de nobre de D. Luís Rodríguez Varela e os seus ascendentes, que se achaban en poder de Juan de Caxide, quen tiña algúns Padróns e Compartos antigos da freguesía, con algúns repartimentos de Tributos Reais e Ordinarios do ano 1699. Entre os figurantes estaba D. Gregorio Varela e Losada, alcalde.

A legalidade desta información de nobreza, foi posta en interdito no ano 1960 por D. Antonio Taboada Roca, licenciado en farmacia, veciño de Melide e irmán do Conde de Borraxeiros. Publicou nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* un artigo no que cuestionaba a autenticidade da documentación presentada para acadar as probas de nobreza para a obtención da Cruz de Carlos III. Argumentaba este investigador que “*nos expresamos así, porque la que contiene su expediente para hacerse Caballero de la Orden de Carlos Tercero es inexacta. Y la de su madre completamente falsa*”. Amparaba tal afirmación no feito de que a xenealoxía materna, cuxo orixe se sitúa en Santa Comba, estaba falsificada e que o avó paterno non era de clase fidalga, tal e como demostra o Padrón de Calle-Hita de 1708 (Taboada Roca 1960).

Continuando a liña comezada polo Sr. Taboada Roca, achégase unha serie de datos que confirman que as probas de nobreza presentadas para a obtención da Cruz de Carlos III eran completamente fraudulentas.

- 1) Non hai ningunha noticia nin documento escrito de que D. Alejandro Rodríguez Varela regresase á súa parroquia natal e menos coa fin de contraer matrimonio.
- 2) Examinados os libros de bautismos, matrimonios e defuncións da parroquia de Santa Comba, o Padrón de Calle-Hita e o Libro Real de Legos do Catastro de Ensenada, en ningún deles figura o apelido Sancena. Bases de datos xenealóxicas inclúen unha D.^a Bernarda Sancena Arellano, nacida en Grixoa (A Coruña), o 3 de decembro de 1729, filla de Domingo Sancena e María Arellano, veciños todos eles de Grixoa (A Coruña).
- 3) No libro de matrimonios N.º I (1716-1852) non se reflicte nin o enlace do seu avó do ano 1724 nin o do pai de 1764, nin existen signos visibles de que as follas fosen extraídas do mesmo.
- 4) Esa acta de matrimonio de 1764 está redactada polo sacerdote D. Crisanto Sanjurjo. Nos libros parroquiais dese ano e de anos anteriores e posteriores non se puido localizar ese cura. Cotexada a base de datos do A.H.D.Lu., na que se relacionan os sacerdotes que se ordenaron na historia da diocese de Lugo, tampouco figura.
- 5) As redes familiares e comerciais puideron xogar así mesmo un importante papel, estando presentes unha vez máis os Otero Bermúdez. Entrando no mundo da especulación é significativo que o encargado de autenticar o expediente de nobreza fose o avogado e xuíz da xurisdición de Ventosa, D. José Santalla Mella, marido de D.^a Vicenta Otero Bermúdez, filla do herdeiro do morgado de Duxame, D. Domingo Sebastián Otero Bermúdez, sobriño do Xeneral Filipino D. Domingo Antonio Otero Bermúdez de Sotomayor.

Non podendo facelo en Manila, o apoderado continuou en Madrid coas Probas de Nobreza que acreditaban vida e costumes de D. Luis Rodríguez Varela. Presentou as seguintes testemuñas fidedignas que facilitaron a información ante o escribán D. Vicente de Villaseñor e Acuña, o 8 de decembro de 1792: D. Manuel de Muro, Capitán do rexemento de

infantería do Rei na cidade de Manila; D. Cosme de Urquijo, Capitán do rexemento fixo de Manila; Frei Francisco Hidalgo, relixioso da Orde de Predicadores, residente no convento da nosa Señora de Atocha, que fora procurador xeral da provincia de Filipinas que estaba na cidade de Manila; Frei Manuel de Jesús María, relixioso agostiño descalzo, residente no convento de Copacabana de Madrid, Comisario xeral en Filipinas; Frei Vicente de Tejada da Orde de Predicadores no convento do Rosario de Madrid, que fora procurador Xeral da súa orde en Manila; Frei Matías Octavio da Lama, da Orde de Santo Agostiño, residente no convento de San Felipe o Real de Madrid, Procurador Xeral da súa orde en Manila. Todas as testemuñas fixeron constar a súa arranxada vida e loables costumes e ser dunha conduta moderada e prudente. O 29 de decembro de 1792 foron aprobadas as Probas de Nobreza presentadas, nas que quedaba demostrada a súa lexitimidade e nobreza, cristiandade, arranxada vida e bos costumes.

Cando chegou a Manila a noticia da concesión da Cruz de Carlos III, estaba á fronte da alcaldía maior de Pangasinán (provincia na rexión de Illocos), da que foi cesado polo gobernador de Filipinas, D. Rafael María de Aguilar Ponce de León. A razón fora un descuberto na Real Facenda de máis de 17.000 pesos, que motivou que fose apresado e embargados os seus bens. No xuízo de residencia no que se someteron a revisión as súas actuacións saíu á luz que recibira un suborno de 500 pesos de emigrantes chineses sobre cobros a embarcacións estranxeiras (Comyn 2007). Por este delito, o xuíz e rexente da Audiencia de Manila, D. Agustín Ignacio de Emparán, considerou que era motivo para non impoñerlle as insignias de tan alta condecoración. O gobernador de Filipinas tamén se negou, coa escusa de que el non pertencía a ningunha Orde Militar. Finalmente e ante as queixas do Sr. Rodríguez Varela a Madrid, as insignias de Carlos III impúxollas, en xuño de 1800, o Conde D. José de Avilés e Maón³⁶.

Tres anos despois da concesión da Orde de Carlos III, solicítalle á Corte un título de nobreza de Castela, que lle foi expedido polo propio rei de España Carlos IV co nome do Conde Filipino, en Aranzuez, a 18

36. A.H.N. Ministerio de Asuntos Exteriores, H.2955, exp. 1 y 12: cartas de Rafael María de Aguilar y de Nicolás Mesia y Caicedo a D. Pedro de Ceballos. Manila, 20 de julio de 1804.

de xaneiro de 1795, “*en consideración al merito y circunstancias de D. Luis Rodríguez Varela, Regidor perpetuo de la ciudad de Manila, se ha servido S. M. hacerle merced de titulo de Castilla para sí, sus hijos y herederos con la denominación de Conde Filipino*”³⁷.

Nas portadas dos seus panfletos, despois de cinco ou seis apelidos, adoitaba poñer “*Conde Filipino*”: “*Sancena, Sánchez, Baamonde, García, Das Seixas, Arellano, Martínez, de las Casas, Caballero de la Real Distinguida Orden Española de Carlos III, Regidor Perpetuo de esta M. N. Ciudad de Manila por S. M., su Sindico Procurador General*”.

4. DESTERRO NA PENÍNSULA IBÉRICA

Considerar Filipinas como un teatro de conspiracións non era, nos anos 20 do s. XIX, algo inhabitual. Tras a restauración do sistema constitucional e actuando como Correxedor de Tondo, D. Luis Rodríguez Varela tivo que enfrontarse a unha insurrección motivada polo suposto envelenamento das augas do río Pásig por parte duns cidadáns de orixe francesa e que foi a causa de que, vítimas das iras populares, morresen preto de 300 estranxeiros. Sendo a máxima autoridade xudicial dos pobos dos arredores da cidade de Manila, onde se iniciou a matanza, foi acusado de incompetente e proposta a súa destitución no cargo (Llobet 2018).

En novembro de 1822 aparecen colgados da porta da igrexa de Santa Cruz uns pasquís con contido difamatorio en contra das autoridades coloniais e peninsulares. Un grupo de crioulos, entre os que se encontraba o Conde Filipino (acusado da autoría deses escritos), durante o transcurso da noite do día 3 de xaneiro de 1823, foron detidos. Entre eles figuraba o seu sobriño D. Manuel Rodríguez Varela (Capitán dos “Flecheros” de Luzón) xunto con D. José Ortega (Real Compañía de Filipinas) e outras influentes personalidades, como D. Domingo Rojas (membro da Deputación Provincial de Filipinas), o nobre letrado D. José Mamerto Mollo, o industrial D. José Mijares, D. Miguel Fernández de Luna (Deputado electo para Cortes en 1814) e varios oficiais filipinos do exército, persoas sen antecedentes e sen apenas instrución

37. A.G.I. Conde Filipino, 1772. TITULOS_DE_ CASTILLA, 4, R.11

de causa ningunha. Foron deportados na fragata mercante Vitoria a Cádiz (España) polo Gobernador Xeral D. Juan Antonio Martínez (segundo carta dirixida ao Secretario de Estado e de Despacho da Gobernación de Ultramar), acusados de conspirar contra o goberno local español por opoñerse aos peninsulares e traballar por un cambio radical na colonia.

No ano 1824 a Sala de Xustiza do Supremo Consello de Indias fíxose eco da causa que, contra a Súa Maxestade e contra a Patria, confabularon os desgraciados filipinos. O 13 de setembro o Tribunal fallou a favor dos filipinos, argumentando que non houbera motivo fundado para desterralos. Ademais, condenou o Estado ao abono dos gastos e a que fosen resarcidos por danos e prexuízos. O fallo do Tribunal foi confirmado definitivamente o 20 de agosto de 1826. Así mesmo, reiteraba o dereito a poder regresar a Filipinas e que o procedemento non ocasionase prexuízo ningún na opinión, fama e respectivas carreiras dos reos.

Naquela época era Ministro de Gracia e Xustiza D. Francisco Tadeo Calomarde e Arría, quen suspendeu o cumprimento da execución do Consello. Retivo os filipinos en España e expediu unha Real Orde pedindo informes a Manila sobre os inconvenientes que puidese ocasionarlle ao país o regreso dos desterrados. A pesar do veredicto favorable do Tribunal e das innumerables reclamacións que fixeron, tiveron que transcorrer algúns anos para que se lles permitise regresar a Manila. Nunca foron indemnizados por eses prexuízos e menos compensados polos males que tiveron que padecer³⁸. O Conde Filipino indultado, despois de renunciar aos seus puntos de vista liberais, nunca regresaría a Manila, pois morrería en Sevilla o 7 de decembro de 1824.³⁹

Así acabou a vida política deste ardente defensor dos nados no seu país e para os cales desexou os mesmos dereitos políticos que os que tiñan os nados na metrópole. Tales ideas estaban en contra das que defendían os peninsulares residentes en Filipinas, de aí as burlas de que foi obxecto e a persecución que padeceu. Foi un home extremadamente cabaleiroso e honrado.

38. El Corresponsal, nº 1025 de fecha 22 de marzo de 1842.

39. Ruth de Llobet. Archivo Histórico Municipal de Sevilla, Referencias: Oficio 3, Notario Manuel M^a Rodríguez de Quesada y Trujillo, Lib. 2º de 1824, fols. 467r/469v. Signatura: 1954. Sobre tres pliegos de papel sellado 4º, de 40 maravedís, para el año 1824.

5. OBRA LITERARIA

Seguramente a principal paixón da vida do Conde Filipino foi a literatura. Aínda que os seus escritos foron moitos, poucos deles chegaron a ver a luz, sendo custeados a maior parte deles cos seus propios cartos. Moitos foron escritos cun marcado carácter autobiográfico, pois corrían asociados aos principais feitos da súa vida e das súas ideas. Existe unha abundante bibliografía deste personaxe no que incumbe á súa produción literaria e unha palabra, coa que diversos bibliógrafos catalogaron este home, serve para o definir: precursor. Retana, que o consideraba sedicioso, mostrando na súa obra sentimentos independentistas como a exaltación que fai dos fillos do país ou da cidade de Manila, considerouno o “Precursor da Política Redentorista”. Nick Joaquín tñíao polo reivindicador dos fillos do país e do movemento emerxente dos crioulos de principios do século XIX. Xustificaba o dereito dos crioulos a participar no goberno das illas como expertos coñecedores do terreo e da súa sociedade. Como reclamante da lexitimidade política dos insulares, catalogouno de “Precursor do Nacionalismo Filipino”. Outros autores tomárono polo Precursor ideolóxico e literario de reformistas como o Padre Burgos ou D. José Rizal.

É un dos poucos panfletistas, seguramente o único, de inicios do s. XIX, do que chegaron noticias e do que se conservan suficientes obras (Llobet 2018). Segundo Llobet, a súa obra pasou por diversas etapas. Nunha primeira, a través da obra literaria buscaba o favor real para ascender socialmente. Nunha segunda, os escritos revestían un marcado carácter patriótico e, nunha terceira, seguiu demostrando unha posición monárquica pero máis crítica. Avogou pola apertura de universidades locais para ensinar materias como medicina, matemáticas e navegación, así como escolas primarias gratuítas para os pobres. Na súa época pediu a igualdade de dereitos de todos os residentes naquelas illas, a mellora do sistema educativo ou a representación local nas Cortes Españolas.

A súa carreira literaria parece que se inicia en 1790. Da súa man xorden, nos anos finais do s. XVIII, tres opúsculos inéditos escritos en 1799, titulados “*Año dorado*”, “*Siglo ilustrado*” e “*Fin de la centuria 18^a*”. Se estes opúsculos desagradaron a algún dos estamentos de Manila, máis o fixo a

publicación en 1803 de “*Al templo de la verdad*”, onde os representantes eclesiásticos foron os seus contrarios.

No ano 1809, como reacción á invasión Napoleónica, publicou a súa primeira obra, “*Proclama Historial*”, destinada a animar os vasallos que Fernando VII tiña en Filipinas a que defendesen o seu rei contra Napoleón, emperador dos franceses. Ese mesmo ano publica “*Elogio a las provincias de los Reynos de la España europea*”, “*Elogio a las mujeres de España*” e a súa obra máis importante “*El Parnaso Filipino*”, composto exclusivamente de poesías súas. Un ano despois, o Gobernador Xeral de Filipinas, D. Mariano Fernández de Folgueras, autoriza as publicacións, alentando o seu celo patriótico e a defensa das leis e os bos costumes.

Ao ser elixido deputado a Cortes D. Ventura de los Reyes, a cidade de Manila decidiu darlle instrucións por escrito e o encargado de redactalas foi o Conde Filipino, que en 1810 databa o documento, aprobado logo polo Cabido. Propuxo un plan completo de reformas, baseadas en economías inescusables, así como a creación de escolas de indios a cargo de relixiosos.

No ano 1813 publicou “*Glorias de España y Filipinas*”, onde defende a Constitución de 1812, “*dichosos vosotros Indios Filipinos, que sois gobernados por una legislación tan dulce...*” e en 1814 un novo “*Parnaso Filipino*”, onde recompilou as súas principais poesías. Nese ano 1814, D. José de Gardoqui, Gobernador Interino de Filipinas, remite unha carta ao Secretario de Estado e do Despacho da Gobernación de Ultramar. Remite dúas copias de “*El Parnaso Filipino*” e copia do expediente que se instruíu, en virtude do recurso que o Conde Filipino presentou, resentido coa crítica que un anónimo, baixo o nome de D. Julián Porras del Roble, fixo do libro. Unha obra que financiou cos seus propios cartos e pola que suplicou que se tivese “*la bondad de permitir que mi obra se mantuviese en los cuerpos de guardia, para que sirviendo de entretenimiento a la tropa, emplease esta todo el tiempo de su descanso en leer tan honrosa y nunca satisfecha ambición del filipino por su Soberano*”⁴⁰.

40. A.G.I. Duplicado de carta de José de Gardoqui remitiendo impresos. FILIPINAS, 509, R.1, N.13.

6. CONCLUSIÓN

Malia que o continente americano non foi un destino preferente para a emigración galega ata o derradeiro terzo do s. XIX, algúns dos habitantes da Comarca do Deza decidiron cruzar o Atlántico e probar sorte nese Novo Mundo. Outros, tal é o caso que nos ocupa, usaron ese continente como trampolín para arribar ao arquipélago filipino. Prova disto é a presenza nas terras de D. Domingo Antonio Otero Bermúdez e o seu irmán D. Pedro Otero Bermúdez, forxadores dunha poderosa dinastía continuada polos sobriños Blanco Bermúdez e Casal Bermúdez, ou mesmo da saga dos Rodríguez Varela. Ambas as familias son destacadas representantes na presenza das naos e galeóns da Carreira de Indias.

De entre algúns dos importantes homes oriúndos da Comarca do Deza que triunfaron tanto no comercio como na política destacaremos a D. Domingo Ramos de Soto, natural de Salgueiros (Vila de Cruces), mecenas de parte da obra eclesiástica e da relevante escola da súa parroquia, ou a D. Francisco Gil Taboada, Virrei de Nova España e do Perú, natural de Soutolongo (Lalín). Tampouco é a nosa intención deixar esquecidos outros indianos que fomentaron a economía e o ensino, remitindo importantes sumas de cartos ás súas aldeas natis e que formarán parte dunha futura publicación sobre este tema: D. Bernardo e D. José Sampaio (naturais de Noceda), D. Pedro Fernández Carballo (de Anzo), D. Manuel Casheda (de Madriñán), todos eles do concello de Lalín; D. Pedro Martínez (presbítero de Tuiriz, Vila de Cruces) ou D. José Romero del Villar (de Escuadro, Silleda), que deixaron o seu sinal en Arxentina, Costa Rica, Trinidad e Tobago ou Uruguai.

Tras deixar atrás a súa aldea natal en Santa Comba (Agolada), D. Alejandro Rodríguez Varela forxou nas Illas Filipinas un importante lugar no mundo do comercio, estreitamente ligado ao Galeón de Manila. Abertas lles quedaron as portas aos seus descendentes, especialmente ao benxamín, D. Luis Rodríguez Varela, ao cabo, o Conde Filipino. Criticado por vivir e suxeitarse aos diferentes gobernos lexítimos e por sacrificar o seu propio caudal e talento en prol dos monarcas, o certo é que forxou un importante papel e destino na sociedade filipina e peninsular. Pertencía a esa clase denominada fillos do país ou simplemente españois filipinos

ou crioulos. Algúns historiadores pensaban que non podía considerarse o primeiro escritor filipino, pois polas súas venas non corría sangue propiamente filipino, a pesar de nacer e vivir plenamente naquelas illas.

Defensor do valor, o mérito e da fidelidade dos seus irmáns filipinos, que sempre mostraron adhesión á Nación Española, a súa figura, cualificada en ocasión de quixotesca, non foi impedimento para que Carlos IV lle concedese a Cruz de Carlos III e o título de Conde Filipino.

OBRA LITERARIA E PANFLETOS DE LUÍS RODRÍGUEZ VARELA:

- Al templo de la verdad. Año 1803.
- Año Dorado. Año 1799.
- Elogio a las Provincias de los reinos de la España Europea: Imprenta de Nuestra Señora de Loreto del Pueblo de Sampaloc, por Fr. Jacinto de Jesús, Lavajos. Año 1809.
- Elogio a las Mujeres de España. Imprenta de Nuestra Señora de Loreto del Pueblo de Sampaloc, por Fr. Jacinto de Jesús, Lavajos. Año 1809.
- El Parnaso Filipino. Imprenta de Nuestra Señora de Loreto del Pueblo de Sampaloc, por Fr. Jacinto de Jesús, Lavajos. Año 1809.
- Fin de la centuria 18°. Año 1799.
- Glorias de España y Filipinas. Año 1813.
- Proclama Historial. Imprenta de Nuestra Señora de Loreto del Pueblo de Sampaloc, por Fr. Jacinto de Jesús, Lavajos. Año 1809.
- Siglo Ilustrado. Año 1799.

A handwritten signature in black ink, reading "Luis Rodríguez Varela". The signature is written in a cursive style with a large, decorative flourish at the end.

BIBLIOGRAFÍA

- Artigas y Cuerva, Manuel (1908): El Parlamento Filipino en *Biblioteca nacional Filipina*, vol. 1. Manila: Biblioteca Nacional Filipina.
- Baena Zapatero, Alberto (2019): De imperios a naciones en el mundo ibérico. Ediciones Doce Calles.
- Cebreiro Ares, Francisco (2019): Redes comerciales y traslado de herencias entre el Imperio Hispánico y Galicia: Andrés de Losada Sotomayor y los retornos monetarios a Compostela (1744-1790), en *e-Spania. Revue interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales et modernes*.
- Chust Calero, Manuel (2007): 1808. La eclosión juntera en el mundo hispano, en *Fondo de Cultura: El Colegio de México*.
- Comyn, Tomas de (2007): Estado de las islas Filipinas en 1810. Imprenta de Rupullés.
- Cullinane, Michael (2008): Ciudad de Cebú: The Spanish City that failed, 1565-1757 (Artículo no publicado).
- Enciclopedia Espasa 1887-1889. Rodríguez Varela (Luis).
- Fernández Cortizo, C. (2012): Población rural, mundo urbano y migraciones, en Dubert, I. (coord.): *Historia de la Galicia Moderna*. Santiago, pp. 75-85.
- González Lopo, Domingo L. (2018): Una red familiar de intereses comerciales entre Manila, México y Cádiz en el siglo XVIII: los Otero Bermúdez, en *Memoria del 56º Congreso Internacional de Americanistas*.
- Hidalgo Nuchera, Patricio (2017): Constitucionalismo y emergencia del criollismo en las islas Filipinas (1809-1815), en *AHDE* Tomo LXXXVII.
- Llobet, Ruth de (2009): El poeta, el regidor y la amante: Manila y la emergencia de una identidad criolla filipina, en *Istor: revista de historia internacional*, Año 10, nº 38, pp. 65-92.
- Llobet, Ruth de (2018): Luis Rodríguez Varela: Literatura panfletaria criollista en los albores del liberalismo en Filipinas, 1790-1824”, en *REVISTA DE CRÍTICA LITERARIA LATINOAMERICANA*. Año XLIV, Nº 88, pp. 131-153.

- Manchado López, Marta María (2005): Consecuencias de la expulsión de los Jesuitas: Filipinas, en *Tres grandes cuestiones de la historia de Iberoamérica: ensayos y monografías*. Madrid: Fundación Ignacio Larramendi.
- Medina, José Toribio (1896): La imprenta en Manila desde sus orígenes hasta 1810. Biblioteca Nacional de Chile.
- Montero y Vidal, José (1894): Historia General de Filipinas desde el descubrimiento de dichas islas hasta nuestros días. Madrid: M. Tello.
- Nick Joaquín (2005): A Question of Heroes. Pasig City (Metro Manila): Anvil Publishing, Inc. (primera edición, 1977).
- Pérez Lecha, Manuel (2015): El Galeón de Manila y la élite colonial filipina: 1769-1821, en Asociación de Historia Contemporánea. Universitat de València, *Culturas políticas en la contemporaneidad. Discursos y prácticas políticas desde los márgenes de las élites. Culturas e identidades en las élites de la España Contemporánea*.
- Retana, W. E (1895): Archivo del bibliófilo filipino. Imprenta de la viuda de M. Munuesa de los Ríos. Madrid.
- Retana, W. E (1894): El precursor de la política redentorista. Imprenta de la viuda de M. Munuesa de los Ríos. Madrid.
- Taboada Roca, Antonio (1960): El Conde Filipino. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XV, 45.
- Veyra, Jaime C. de (1961): La hispanidad en Filipinas, Ed. Robles Hermanos, Madrid.

HISTORIA

TRASDEZA OU SILLEDA? APUNTAMENTOS HISTÓRICOS SOBRE O NOME DUN CONCELLO

Diego Frade Amil

Resumo

Trasdeza e Silleda son dous termos empregados de xeito indistinto para referírmonos ao conxunto formado polas 33 parroquias do occidente deza, situadas ao oeste do río que dá nome á comarca. No presente traballo revisaremos os cambios administrativos producidos ao longo do século XIX que motivaron a asignación de distintos nomes a estas terras, tratando de dar luz sobre se ambas as denominacións fan referencia á mesma realidade ou non.

Palabras chave

Chapa, concello, nomes, século XIX, Silleda, Trasdeza

Abstract

Trasdeza and Silleda are the two names equally used to identify a group of 33 parishes in West Deza, on the West of the river which gives name to the region. This paper revises the administrative changes that took place throughout the 19th century thus explaining the different names given to this territory. It then sheds light on whether or not both denominations refer to the same facts.

Key Words

Chapa, council, names, 19th century, Silleda, Trasdeza

1. INTRODUCCIÓN

A día de hoxe, a utilización do nome Trasdeza e dos xentilicios trasdeza e trasdezá como sinónimos de Silleda e silledense, respectivamente, é moi recorrente entre a veciñanza deste concello, dende a propia administración local ou nos medios de comunicación, por exemplo. Pero, realmente trátase de conceptos que designan a mesma realidade, ou estaremos dándolle a Trasdeza un uso máis extenso ou menor do que lle corresponde? A finalidade deste traballo non é dar unha resposta contundente á cuestión anterior, senón expoñer da forma máis rigorosa posible as semellanzas e as diferenzas das distintas denominacións empregadas para nomear as terras

da marxe esquerda do río Deza. Aínda que se trata de topónimos moi antigos, o seu uso indistinto para designar un mesmo espazo vén motivado polos diferentes cambios levados a cabo no século XIX. Este foi un período de notables mudanzas nos ámbitos social, económico ou político, entre outros. Nestes eidos aplicáronse medidas que aínda repercuten na actualidade. O eixo central deste traballo serán os cambios e as decisións tomadas que configuraron a denominación do actual concello de Silleda, así como o territorio que abrangue.

A grandes trazos, os nomes que recibiron estas terras ao longo do século XIX conforman a terna **Trasdeza – Chapa – Silleda**, sobre os cales iremos vendo distintos aspectos e detalles. Na Sección 2 centrarémonos no topónimo Trasdeza, orixinalmente asignado a unha realidade física que tamén serviu para nomear outras dúas entidades: unha de carácter eclesiástico, un arciprestado dependente da diocese de Lugo; e outra, administrativa, unha xurisdición adscrita á antiga provincia de Santiago.

Para o público en xeral, poida que resulte curioso ou estraño atopar o nome Chapa na mencionada terna. A pesar da súa curta vida, o concello de Chapa constituíu o paso intermedio entre a xurisdición de Trasdeza, vestixio do Antigo Réxime, e o concello de Silleda tal e como hoxe o coñecemos, transicións que explicaremos nas Seccións 3 (de Trasdeza a Chapa) e 4 (de Chapa a Silleda). Remataremos na Sección 5 coas conclusións que podemos extraer en función do explicado nos apartados previos.

2. A TERRA MÁIS ALÁ DO DEZA

A denominación **Trasdeza** non agocha ningún segredo dende o punto de vista toponímico. Está composta por dous elementos: TRAS (< lat. TRANS ‘detrás de, máis alá de, ao outro lado de’) e DEZA, nome do principal río destas terras (Ares Vázquez, 1998). Así pois, para un observador situado na parte central ou oriental da nosa comarca, Trasdeza é o nome que reciben as terras situadas ao outro lado do Deza, na súa marxe esquerda. Abarca esta denominación os terreos comprendidos entre o mencionado río (polo leste e o norte) e o monte do San Sebastián de Meda (polo oeste), acoutados tamén

polo río Ulla ao norte e pola Serra do Candán ao sur. É un territorio que ocupa arredor duns 169 km² e con altitudes que varían entre case os 1000 metros nos cumios da citada serra ata os menos de 100 na ribeira do Ulla. Estas terras atópanse bañadas por outras correntes de auga como o Toxa, o río da Mera (da Gouxa ou de Rosende, mais nunca *Oisa¹), o río Cervañiña ou da Casela, entre outros (véxase Fig. 1). O territorio así delimitado recibe tamén os nomes de **Terra de Trasdeza** ou **Val de Trasdeza**, e non resulta inusual a utilización do artigo ‘o’ acompañando ao topónimo nalgunha das súas formas (p.e, Val do Trasdeza). Agora ben, partindo desta designación como realidade física, Trasdeza tamén foi empregado ao longo da historia para designar dúas entidades de creación humana: unha eclesiástica e outra política ou administrativa.




Figura 1. Mapa hipsométrico das terras de Trasdeza. Fonte: Visor de Información Xeográfica de Galicia

No eido eclesiástico, Trasdeza serviu para nomear o arciprestado máis occidental da diocese de Lugo, conformado por 32 parroquias (véxase Fig. 2): Santa María de Abades, San Pedro de Ansemil, Santiago de Breixa, Santa María de Carboeiro, San Mamede do Castro, San Salvador de Cervaña, San Cibrao de Chapa, Santa María de Cortegada, San Salvador de Escuadro, San Martiño de Fiestras, Santa María de Graba, San Miguel de Lamela, San Salvador de

1. Para máis información sobre esta denominación inventada, véxase Abeledo Penas, Alfredo (2008): “Arroio de Oisa... Ulo o Río da Gouxa?”, Anuario Descubrindo 10, 317-354.



Figura 2. Detalle do arciprestado de Trasdeza no mapa da diocese de Lugo de Tomás López (1768). Fonte: Instituto Geográfico Nacional

laro, San Tirso de Manduas, San Fiz de Margaride, San Cristovo de Martixe, Santa María de Merza, San Mamede de Moalde, San Martiño de Negreiros, San Miguel de Oleiros, San Tomé de Parada, San Martiño de Pazos, San Xiao de Piñeiro, San Miguel de Ponte, San Paio de Refoxos, San Martiño de Relas, San Xoán de Saídres, San Miguel de Siador, Santa Baia de Silleda, Santiago de Taboada, San Martiño de Vilar e Santa María de Xestoso². Este arciprestado manteríase invariante ao longo do tempo ata o arranxo parroquial do bispo don Gregorio Aguirre en 1890, no cal non variou o número de freguesías asociadas a el, aínda que mudaron outros aspectos como a creación de novos curatos, modificacións de anexos, segregación de lugares..., detalles que esperamos poder tratar nun futuro traballo. A denominación ‘Arciprestado de Trasdeza’ perdurou ata o ano 2010, momento en que os arciprestados de Deza – Dozón e Trasdeza se unificaron nun só, Deza – Trasdeza. No 2017 desaparece Trasdeza do nome tras unha nova reorganización, pola cal se engloban baixo o nome de Deza os arciprestados de Camba – Ventosa e Deza – Trasdeza.

Administrativamente, Trasdeza foi tamén o nome dunha xurisdición adscrita á desaparecida provincia de Santiago, baixo o señorío do arcebispo

2. Convén indicar que as parroquias de Santa Baia de Cira e San Martiño de Dornelas, actualmente no concello de Silleda, pertencen eclesiasticamente á arquidiocese de Santiago, por iso non figuran no listado do arciprestado de Trasdeza; mentres que a parroquia de Merza, no actual concello de Vila de Cruces, formou parte do mencionado arciprestado, a pesar de estar na marxe dereita do Deza.



Figura 3. Detalle da xurisdición de Trasdeza no Mapa do Reino de Galicia de Tomás López (1784). Fonte: Instituto Geográfico Nacional

compostelán, encargado de nomear o xuíz ordinario³ (véxase Fig. 3). Estaba conformada por 23 freguesías que, en orde alfabética, eran: Abades, Breixa, O Castro, Cervaña, Chapa, Cortegada, Escuadro, Fiestras, Graba, Laro, Manduas, Margaride, Martixe, Moalde, Negreiros, Oleiros, Pazos, Ponte, Rellas, Siador, Silleda, Taboada e Vilar, con capitalidade no núcleo do Foxo (tamén coñecido como O Foxo de Deza), na parroquia de Silleda. No Interrogatorio do Catastro de Ensenada sobre Trasdeza, indícase que “(...) también son acumulados a esta Jurisdicción, y andan incorporados

3. A información contida nos dous seguintes parágrafos foi elaborada na súa maioría a partir da documentación consultada en PARES (Portal de Archivos Españoles) e de Fernández Rey, Manuel (2005): “Los cotos jurisdiccionales en Trasdeza”, Anuario Descubriendo 7, 185-207.

con ella en los tributos reales los cotos de Refoxos, Rosende, Bazar, San Nicolás, Outeiro y Vilariño”, cuxa característica común era a total inclusión dos territorios nas terras de Trasdeza:

- O couto de Refoxos correspondíase coa parroquia do mesmo nome e era dos dominios do mosteiro cisterciense de Santa María de Aciveiro, na Terra de Montes, cuxo abade designaba o xuíz do couto.
- O couto de Rosende tomaba o nome do lugar homónimo, dividido entre as parroquias de Ponte e Vilar, englobando este lugar e os de Meixomence e As Casas do Monte na parroquia de Ponte. Nel exercía xurisdición a Encomenda de Beade, dependente da Orde de San Xoán de Xerusalén ou de Malta.
- O couto de Bazar correspondíase co lugar do mesmo nome, situado na parroquia de Abades, e era dominio do cabido compostelán.
- San Nicolás fai referencia a un couto xurisdiccional radicado no lugar do Couto na parroquia de Negreiros, baixo señorío do cabido lucense.
- Finalmente os coutos de Outeiro e Vilariño correspondíanse cos respectivos lugares do mesmo nome das parroquias de Manduas e Lamela. Parte do lugar de Outeiro estaba incluído noutro couto, denominado Outeiro de don Pedro de Neira.

Máis alá destas parroquias, as restantes freguesías que conforman o actual concello de Silleda pertencían por aquel entón a diversos coutos e xurisdicións, cuxas fronteiras traspasaban as terras de Trasdeza:

- Carboeiro, Saídres e Xestoso, tamén pertencentes á provincia de Santiago, formaban parte do couto de Carboeiro, xunto coas parroquias de Merza, Fontao, Bodaño e San Pedro de Losón, na marxe dereita do Deza e pertencentes á provincia de Lugo.
- Ansemil constituíase como un couto propio (xunto con parte das parroquias de Breixa e Martixe) e conformaba un enclave da xurisdición do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares nas terras de Trasdeza.
- Parada estaba incluída na xurisdición de Deza e, polo tanto, na provincia de Lugo.

- Cira e Dornelas pertencían á xurisdición de Cira, xunto con outras parroquias de ambas as beiras do Deza e do Ulla.
- Lamela estaba dividida entre a xurisdición de Cira e o couto de Piñeiro do Marqués de Santa Cruz, formando parte o lugar de Vilariño do couto homónimo, como vimos con anterioridade.
- Piñeiro estaba dividido en tres coutos xurisdicionais: Piñeiro de Gonzalo de Villar, Piñeiro de José de Valenzuela (xunto con parte de San Pedro de Orazo) e Piñeiro do Marqués de Santa Cruz (xunto con parte de Lamela).

Podemos observar, polo tanto, que o número de parroquias pertencentes ás terras de Trasdeza é maior que a cantidade de freguesías que formaban parte do arciprestado de Trasdeza ou das que conformaban a xurisdición do mesmo nome. De feito, é sinxelo ver que todas as parroquias que formaban parte da xurisdición tamén estaban incluídas no arciprestado, pero non ao contrario. Esta é a principal diferenza coas denominacións que se adoptarían no século XIX, que abranguen un maior número de parroquias.

3. DA XURISDICIÓN DE TRASDEZA AO CONCELLO DE CHAPA

A Constitución de 1812, emanada das Cortes de Cádiz, supuxo o primeiro paso para acabar co sistema político, económico e social imperante ata esa época, denominado habitualmente como Antigo Réxime. Entre outras cousas, nesta carta magna poñíanse as bases para a supresión de señoríos e xurisdicións e a creación de novas entidades locais. A breve vixencia trala súa promulgación (19 de marzo 1812 a 4 de maio de 1814) non foi impedimento para a aprobación por parte das Cortes de senllos decretos onde se establecían as regras para a formación dos concellos (Decreto de 10 de xullo de 1812) e para o goberno das entidades provinciais e municipais (Decreto de 11 de agosto de 1813). Non sería ata o segundo período de vixencia da Constitución, o denominado Trienio Liberal (1820 – 1823), cando a formación dos concellos constitucionais tería lugar. Nas terras de Trasdeza constituíronse diversos concellos nas parroquias de Breixa, Escuadro, Graba, Lamela, Laro, Manduas, Silleda

e Taboada, mais non todas as parroquias destas terras foron parte dalgún destes concellos, coma no caso de Carboeiro e Saídres, que quedaron incluídas no concello establecido en Merza (Fernández Rey, 2012). Este novo período constitucional remataría en 1823 coa ocupación do territorio español por parte do exército francés dos Cen Mil Fillos de San Luís e a disolución das Cortes por parte de Fernando VII.

Da volta ao absolutismo e ás estruturas do Antigo Réxime dá boa mostra o “Diccionario geográfico y estadístico de España y Portugal” (1826 – 1829), coloquialmente coñecido como “Diccionario Miñano”, en alusión ao seu autor, o xeógrafo Sebastián de Miñano y Bedoya. No tomo IX (1828) recóllese a seguinte acepción sobre Trasdeza:

TRASDEZA, Jurisd. Abad., S., Ord. y Ecl. de España en Galicia, provincia y arzobispado de Santiago⁴. Se compone de 23 feligresías, á saber: Sta. María de Abades, Santiago de Breija, San Mamed de Castro, San Salvador de Cerbaña, S. Ciprián de Chapa, Sta. María de Cortegada, San Salvador de Escuadro, San Martín de Fiestras, Santa María de Graba, San Salvador de Laro, San Tirso de Manduas, San Félix de Margaride, San Cristóbal de Martije, S. Mamed de Moalde, San Martín de Negreiros, S. Miguel de Oleiros, S. Martín de Pazos, S. Miguel de Ponte, San Martín de Rellas, S. Miguel de Siador, Santa Eulalia de Silleda, Santiago de Taboada y San Martín de Villar, (...). Dista 4 ¼ leguas de la capital.

Á morte do rei Fernando VII e baixo a rexencia da súa esposa María Cristina, decretáronse numerosas medidas que trataban de romper coas estruturas do Antigo Réxime. No ámbito administrativo no que nos imos mover destaca a división territorial de 1833 de Javier de Burgos, na que o estado español quedaba conformado por 49 provincias, pasando o Reino de Galicia de 7 provincias (Betanzos, A Coruña, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui) a só 4 (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra). Con esta nova distribución territorial, as terras de Trasdeza pasaban da antiga provincia de Santiago á de Pontevedra, de nova creación.

4. Esta adscripción ao arcebispado de Santiago é unha errata, pois xa comentamos con anterioridade que as parroquias das terras de Trasdeza (en particular as que conformaban a xurisdición do mesmo nome) formaban parte da diocese de Lugo, salvo Dornelas e Cira que, efectivamente, pertencen á arquidiocese compostelá.

3.1. ‘Ayuntamiento’ de Trasdeza⁵

O primeiro paso para a conformación do precedente dos concellos actuais atópase no “Real Decreto para el arreglo provisional de los ayuntamientos de la Península é islas adyacentes” do 23 de xullo de 1835, publicado ao día seguinte na Gaceta de Madrid. Nel establecíanse a reorganización das estruturas administrativas dos “ayuntamientos” (Título I e II), as condicións de electores e elixibles (Título III), a organización das eleccións (Título IV) e as facultades e obrigas do alcalde (Título V), tenentes de alcalde (Título VI), das corporacións municipais (Título VII) e do procurador do común (Título VIII), así como as características das sesións plenarias (Título IX) e as funcións do secretario do concello (Título X). Estas medidas de constitución de concellos aplicáronse nas distintas xurisdicións existentes nese momento.

Atendendo ás disposicións deste decreto, o 3 de xaneiro de 1836 reuníanse en Santa Baia de Silleda o licenciado don Julián Francisco Seoane, xuíz ordinario da xurisdición de Trasdeza, e o procurador don Antonio Rey Quintela para acordar as medidas relativas á elaboración do listado de electores e o resto de arranxos de cara á organización das eleccións, tras as cales se debían nomear un alcalde, un tenente de alcalde, cinco rexedores ou concelleiros e un procurador. Os electores eran os maiores contribuíntes de cada unha das 24 parroquias da xurisdición (as 23 incluídas na definición do dicionario Miñano ás que se unía San Paio de Refoxos), mais non todos eles podían ser elixidos para formar parte da corporación municipal. O 26 de febreiro tivo lugar a elección dos concelleiros, sendo nomeado como primeiro dos mesmos (ou alcalde) o licenciado don José Conde López, avogado de 31 anos, veciño de Breixa pero con ascendencia paterna na parroquia de Ponte. Por estar establecido en terras do Ribeiro, Conde rexeitou o seu nomeamento como alcalde de Trasdeza, pasando a asumir ese cargo Antonio Villar, veciño da parroquia de Escuadro.

5. A información exposta nas Seccións 3.1 e 3.2 foi elaborada na súa maioría a partir da documentación consultada no catálogo Atopo da Deputación de Pontevedra.

Como xa indicamos con anterioridade, non todas as parroquias que conforman o actual concello de Silleda pertencían á xurisdición de Trasdeza, polo que pasaron a formar parte dos concellos creados nas súas respectivas xurisdicións:

- As parroquias de Cira, Dornelas, Lamela e Piñeiro quedaron encadradas no concello de Cira, xunto con outras tamén pertencentes á antiga xurisdición do mesmo nome, situadas todas elas ao sur do río Ulla (e polo tanto adscritas á nova provincia de Pontevedra), mentres que as restantes parroquias desta xurisdición quedaron encadradas na provincia da Coruña.
- Así mesmo, o couto xurisdicional de Carboeiro tamén tornou en concello coas mesmas parroquias que contaba (entre elas –lembros– a propia de Carboeiro, Saídres e Xestoso).
- Parada mantívose no novo “ayuntamiento” formado na xurisdición de Deza.
- Ansemil pasou a formar parte do concello creado con capital en Camanzo, como tamén lles pasou a outras freguesías que formaban parte do señorío de San Paio de Antealtares.

3.2. Concello constitucional de Chapa

Unha das primeiras referencias documentais da parroquia de **Chapa** data de 1087, ano en que foi doada a ‘ecclesia Sancti Cipriani’ ao mosteiro de San Pedro de Ansemil. En 1171 foi doada unha cuarta parte da mencionada igrexa ao mosteiro de Carboeiro. Xa no século XIII, cítase de novo esta parroquia nunha venda dunha casa por parte de Maior Muniz situada no ‘burgo de Chappa’ (Ares Vázquez, 1998). Etimoloxicamente, o seu nome ten orixe prerromana, cun significado similar ao da palabra “laxe”, é dicir, pedra ou rocha plana (García Porral, 2015). Bañada polo río Toxa, destaca sobre esta corrente de auga a Ponte da Pedra, paso secular do camiño cara a Compostela. Nos termos desta parroquia existiu en tempos unha fortaleza medieval e conta cunha capela do século XVIII dedicada a San Brais. É un punto xeográfico de referencia por atoparse nela a intersección entre as estradas N-525 (Santiago – Ourense) e N-640, nomeada en moitos documentos como “estrada Chapa – Carril”.

de Deza xa estudaron varios autores (Vidal Neira e López Fernández, 2020). O alcalde citaba no seu escrito o feito acontecido o día 14 de novembro do ano anterior, cando unha facción de carlistas asaltou Chapa, sendo asasinados nesa incursión 13 soldados do destacamento de Silleda. Dende esa data, as sesións plenarias leváronse a cabo en Silleda, alegando “que tal vez es el punto más céntrico de todo este distrito municipal y que más comodidad presta a sus moradores, en donde se halla estacionado permanentemente un destacamento de tropa”. Con todo, dende o goberno provincial comunicaron que o establecemento da capitalidade debía realizarse por Real Orde. Pero debido ás circunstancias, permitiron o traslado das sesións do pleno á vila de Silleda, ata que o citado pleno considerase que xa non se daban os motivos para tal cambio e se celebrasen de novo estas sesións en Chapa.

A documentación consultada desta época permítenos afirmar que o traslado do pleno á vila de Silleda converteuna na capital *de facto* do concello, prolongándose esta situación alén das circunstancias que precipitaron tal cambio. Isto provocou protestas por parte dos veciños das parroquias do noroeste do municipio, as máis afastadas da vila de Silleda. Así, nun escrito ao goberno provincial con data 25 de xaneiro de 1839, José Lugo, Joaquín Villar (Cira), Pascual Fernández, Francisco Collazo (Dornelas), Juan de Castro, Vicente López de Neira (Piñeiro), Manuel Gómez, Pedro Barreiro (Abades) e Juan de Muras (Lamela), en representación dos veciños das súas respectivas parroquias, argumentaban que o traslado estaba motivado en realidade pola conveniencia dos membros da corporación, que residían na contorna de Silleda e lles resultaba máis cómodo o establecemento da capital na citada vila. Alegaban os mencionados veciños os inconvenientes que tiñan para acudir a Silleda (principalmente motivos de tempo e seguridade), pedíndolle ao goberno provincial a reposición do consistorio na parroquia de Chapa. Precisamente, nas actas das eleccións dese mesmo ano faise referencia á casa consistorial da “nova” capital, situada nunha vivenda do lugar de Campo, núcleo a día de hoxe case absorbido pola vila de Silleda. Seguindo a liña do escrito anterior, o veciño de Martixe Antonio Fidalgo presentou outra petición o 22 de decembro de 1839. Fidalgo, nomeado elector para as eleccións de 1840, denunciaba os intereses por parte de determinadas persoas de que as sesións do concello se seguisen celebrando na vila de Silleda no canto de ter lugar en Chapa, así como certas prácticas para manter a

capitalidade afastada de onde lle correspondía. E, por suposto, a distancia era outro dos argumentos expostos por este veciño de Martixe para pedir o retorno das funcións do concello á parroquia de Chapa.

Igual que o dicionario Miñano no seu momento, na década de 1840 temos outra gran fonte de información sobre as entidades poboacionais e administrativas da época: o “Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar”, coloquialmente denominado “Diccionario Madoz”. Foi levado a cabo polo político pamplonés Pascual Madoz entre 1845 e 1850 e nel recóllense descrições tanto dos novos concellos formados a partir de 1836 como das xurisdicións que substituíron. Así, temos as seguintes entradas:

CARBOEIRO: antigua jurisdicción en la denominada provincia de Santiago; constaba de las feligresías de Carbia, **Carbaeiro**, **Gestoso y Saidres**⁷, cuyo señorío ejercía el ex-monasterio de San Martin de Santiago, orden de San Benito, quien nombraba juez ordinario.

CIRA: jurisdicción antigua en la provincia de Santiago, se componía de las feligresías de Añobre, Boqueijon, Castro, Cebreiro, **Cira**, Codeso, **Dornelas**, Enquerentes, Fojanes, Fuentes, Gastrar, Gres, **Lamela**, Ledesma, Loimil, Lojo, Oural, Ribeira, Sergude, Siabrejo, Sueira, Vascuas y Villas: en todas ellas ejercía el señorío el conde de Altamira (...) por cuyos señores se nombraban los jueces ordinarios.

CHAPA: ayuntamiento en la provincia de Pontevedra (8 leguas), partido judicial de Lalín (2), audiencia territorial de la Coruña (10), diócesis de Lugo (10), exceptuando las feligresías de Cira y Dornelas, que corresponden a la diócesis de Santiago (5 ½): SITUADA a la margen izquierda del río Deza, y en los valles que por este lado forman los afluentes, especialmente el Toja: le combaten todos los vientos, y el CLIMA es muy saludable. Comprende las feligresías de Abades, Santa María; Ansemil, San Pedro; Breija, Santiago; Carboeiro, Santa María; Castro, San Mamed; Cerbaña, San Salvador; Cira, Santa Eulalia; Cortegada, Santa María; Chapa, San Ciprián (cap.); Dornelas, San Martin; Escuadro, San Salvador; Fiestras, San Martin, Gestoso, Santa María; Graba, Santa María; Lamela, San

7. Faltan nesta definición as demais parroquias do couto de Carboeiro por pertencer no seu momento á provincia de Lugo. Estas aparecen nunha entrada anterior do dicionario, tamén titulada CARBOEIRO.

Miguel, Laro, San Salvador; Manduas, San Tirso; Margaride, San Félix; Martige, San Cristóbal; Moalde, San Mamed; Negreiros, San Martin; Oleiros, San Miguel; Parada, Santo Tomé; Pazos, San Martin; Piñeiro, San Julián; Ponte, San Miguel; Refojos, San Pelayo; Rellas, San Martin; Saidres, San Juan; Siador, San Miguel; Silleda, Sta. María⁸; Taboada, Santiago; y Villar, San Martin (...).

TRASDEZA: jurisdicción de la antigua provincia de Santiago, compuesta de las feligresías de Abades, Breija, Castro, Cerbaña, Cortegada, Chapa, Escuadro, Fiestras, Grava, Laro, Manduas, Margaride, Martixe, Moalde, Negreiros, Oleiros, Pazos, Ponte, Rellas, Siador, Silleda, Taboada y Villar: era nombrado el juez ordinario por el arzobispo de Santiago y otros partícipes.

TRASDEZA: antigua jurisdicción en la provincia de Pontevedra, partido judicial de Lalín: comprendía el valle formado por el río Toja y otros pueblos situados a la izquierda del río Deza, todos los cuales componen hoy día el ayuntamiento de Chapa. Correspondía el señorío al arzobispo de Santiago.

4. SILLEDA, CAPITAL OFICIAL E NOVO CONCELLO


Segundo algúns autores, o territorio próximo á vila de **Silleda** podería ter sido a área na que habitaron os metacios, antigo pobo que deu nome a unha das 143 'ecclesiae' enumeradas no Parroquial Suevo no século VI (Sánchez Pardo, 2014). O nome desta parroquia aparece en documentos do ano 998 ('Exilieta') e 1395 ('Silleda'), mais non parece clara a súa etimoloxía, onde a raíz SIL- pode ter orixe prerromana, a semellanza do río Sil (García Porral, 2015). Tal descoñecemento deu pé a certas explicacións populares, cando menos



Figura 5. Selo do concello de Chapa (ano 1847). Fonte: Atopo, Deputación de Pontevedra

8. Identifícase de forma errónea a advocación da parroquia de Silleda, sendo realmente Santa Baía (ou Santa Eulalia en castelán).

curiosas, que aínda perviven na tradición oral. Unha delas sitúa a orixe deste nome nun roubo sucedido nunha feira no que hoxe sería Silleda. Tras levarlle sen pagar algo a un tendeiro, o individuo botou a correr. A vítima do seu furto comezou a perseguilo con claras intencións de usar a violencia, se era capaz de alcanzalo. Vendo isto, a xente alí presente comezou a berrar ‘A ver **si lle dá...**’, converténdose esta expresión no topónimo que estamos a tratar. Precisamente a feira, celebrada na hoxe desaparecida carballeira de Outeiro, ás aforas da primixenia vila de Silleda, foi un dos motores para o seu desenvolvemento. Celebrado nos séculos XIX e XX os días 6 e 23 de cada mes e xermolo das actuais Feira Internacional de Galicia e Central Agropecuaria de Galicia, sobre este mercado e algunha das rutas que conducían a el teñen tratado varios investigadores silledenses (Frade Amil 2014, Pereiro Lázara 2014).



*Figura 6. A vila de Silleda no voo americano de 1956/7.
Fonte: Visor de Información Xeográfica de Galicia*

O nacemento e posterior desenvolvemento da actual vila de Silleda non pode entenderse sen a existencia do Cruce, denominación popular que recibiu (e aínda recibe) a antiga intersección entre o camiño real que unía Compostela con Ourense e o procedente do Ribeiro, aos que se engadiu o camiño que daba acceso á mencionada feira, camiños que hoxe se corresponden coas rúas do Trasdeza (N-525), Avenida do Parque e Progreso, respectivamente (Pereiro Lázara, 2015). A pesar de dar nome á parroquia, o lugar de Silleda víase superado en importancia polo núcleo do Foxo, onde estaba instalada a capital da antiga xurisdición de Trasdeza, pero a desaparición desta entidade administrativa cambiou os papeis.

Tras o cambio oficioso da capitalidade de Chapa a Silleda e as súas repercusións, a finais de 1852 comezan os trámites para que este traslado alcanzase a súa oficialidade. Así, o 16 de novembro dese ano, o alcalde remitiulle ao goberno provincial o acordo do pleno no que se aproba a petición do traslado. Entre as razóns que motivan tal petición indícanse o carácter céntrico da vila de Silleda, a súa maior poboación e a súa mellor situación, así como o feito de que neste lugar foi proxectada a construción do cárcere, ao que se lle darían as dimensións suficientes para albergar a casa consistorial. O feito de que se construíse o cárcere en Silleda xa dá a entender os intereses que había en que se establecese a capital de xeito oficial nesta vila. Para tal cambio, era preciso elaborar un expediente no que constasen as distancias entre as parroquias e a nova capital, o número de veciños de cada unha e as razóns que aconsellasen levar a cabo esa variación. Este expediente foi remitido ao goberno provincial en 8 de febreiro de 1853, tras a aprobación por parte do pleno municipal.

O 15 de febreiro de 1853 remitiuse ao Ministerio de Gobernación o mencionado expediente, que foi aprobado en Real Orde o día 2 de maio. O 15 de xuño, o gobernador José María de Michelena mandaba poñer en coñecemento os cambios de capitalidade e nome do termo municipal, “que en lo subcesivo se titulara Distrito municipal de Silleda”, sendo publicado no Boletín Provincial o 20 de xuño. Tal cambio foi aplicado con prontitude, do cal son unha boa mostra as imaxes que podemos ver na Figura 7. Ambas as dúas mostran cadanseu selo da alcaldía. No selo

esquerdo, sacado dun documento do día 26 de xuño, obsérvase como foi tachado “Chapa” e escrita a man a nova denominación do concello. En setembro xa atopamos o novo selo (dereita), co novo nome do municipio.




Figura 7. Selos da alcaldía do 26 de xuño de 1853 (esquerda) e do 1 de setembro de 1853 (dereita). Fonte: Atopo, Deputación de Pontevedra

O número de parroquias do novo municipio mantívose nas 33 herdadas do extinto concello de Chapa, xa que co cambio de capitalidade e nome non se modificaron os lindeiros do municipio. Porén, existe constancia documental da petición por parte de numerosos veciños da parroquia de Orazo (A Estrada) para anexionar esta parroquia ao concello de Silleda. Nun escrito con data 2 de decembro de 1855 expuxéronlle ao goberno provincial a conveniencia de segregarse do seu concello, indicando como maior inconveniente a maior distancia á capital do mesmo fronte ao menor traxecto que terían que percorrer cara á vila de Silleda. Tamén argumentaban a súa tese cos numerosos accidentes xeográficos que tiñan que salvar para acudir á Estrada, mentres que non existían obstáculos no relevo que separasen Orazo das veciñas parroquias silledenses nin supuxesen problemas á hora de acudir á capital deste municipio. Pero, como ben é sabido, tal anexión non tivo lugar.

Con este cambio, pechábase o proceso iniciado case dúas décadas antes, tras o cal as antigas terras de Trasdeza asumiron a nova denominación de Silleda. O establecemento da capitalidade nesta vila⁹ supuxo, co tempo, un dos principais factores para o asentamento de nova poboación e o consecuente desenvolvemento urbanístico. A pesar do cambio de denominación, o nome de Trasdeza segue moi vinculado en concreto á casa do concello silledense (véxase Fig. 8): dende o ano 2009 a rúa na que está situado o consistorio (tramo urbano da estrada N-525) recibe o nome de “Rúa do Trasdeza”.



*Figura 8. Casa do concello de Silleda (ca. 1950).
Fonte: Atopo, Deputación de Pontevedra*

9. Diversas fontes consultadas falan dun establecemento provisional da capital no núcleo do Foxo ata a finalización das obras da actual casa consistorial nas décadas finais do século XIX, mais non puidemos polo momento ratificar esta afirmación documentalmente.

5. CONCLUSIÓNS

Neste traballo procuramos mostrar as distintas denominacións que recibiron as actuais terras do concello de Silleda e os cambios que deron lugar á aparición dalgunhas delas. En resumo, vemos que:

- Por unha banda, desde o punto de vista xeográfico, podemos considerar que todas as parroquias que conforman este municipio pertencen a Trasdeza. Pero puidemos comprobar que non todas elas pertenceron ás entidades eclesiástica (arciprestado) e administrativa (xurisdición) que tomaron este mesmo nome.
- Por outra banda, todas as parroquias trasdezás formaron parte do extinto concello de Chapa e forman parte do actual concello de Silleda. Polo tanto, tería cabida o emprego de Trasdeza e Silleda a modo de sinónimos, sempre que en ambos os casos nos esteamos a referir ao territorio que abranguen as 33 parroquias. Agora ben, se queremos referirnos a Silleda como entidade administrativa, quizais non teña sentido usar a denominación Trasdeza.

Mais, como xa dixemos, non é o obxectivo deste artigo impoñer un nome sobre o outro, senón presentar cada denominación e dar a coñecer certos aspectos relevantes. Queda ao bo criterio do lector o uso dun ou doutro topónimo no xeito en que crea conveniente.

BIBLIOGRAFÍA

- Abeledo Penas, Alfredo (2008): “Arroio de Oisa... Ulo o Río da Gouxa?”, *Descubriendo. Anuario de Estudos do Deza* 10, 317-354.
- Ares Vázquez, Nicandro (1998): “Toponimia do Concello de Silleda”, *Lucensia* 17, 301-331.
- Fernández Rey, Manuel (2005): “Los cotos jurisdiccionales en Trasdeza”, *Descubriendo. Anuario de Estudos do Deza* 7, 185-207.
- Fernández Rey, Manuel (2012): *Historia de Saídres. Una feligresia milenaria*, Deputación de Pontevedra.

- Frade Amil, Diego, “Un camiño caído no esquecemento”, Faro de Vigo (27/09/2014).
- García Porral, Xoán Carlos [coord.] (2015): *A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda: IX Proxecto Didáctico Antonio Fraguas*. Santiago de Compostela: Editorial Alvarellos.
- Pereiro Lázara, Perfecto: “Las ferias de Silleda en el siglo XIX”, Faro de Vigo (30/11/2014).
- Pereiro Lázara, Perfecto: “Silleda, un cruce con historia”, Faro de Vigo (15/11/2015).
- Sánchez Pardo, José Carlos (2014): “Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del parroquial suevo”, *Hispania Sacra* LXVI, 439-480.
- Vidal Neira, Antonio; López Fernández, José Ramón (2020): “Carlistas e liberais na terra de Deza durante a primeira guerra carlista (1833-1840). Algúns apuntamentos sobre o conflito”, *Descubriendo. Anuario de Estudos do Deza* 13, 367-398.

DOCUMENTACIÓN E MAPAS EN LIÑA:

- Biblioteca Virtual de Andalucía (<http://www.bibliotecavirtualdeandalucia.es/>):
 - Pascual Madoz (1845-1850): “Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar”, Tomos V (Caabeiro-Carrusco, 1846), VI (Ca Sebastiá-Córdoba, 1847), VII (Cordobelas-Ezterripa, 1847) e XV (Toledo-Vettonia, 1849).
 - Sebastián de Miñano (1826-1829): “Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal”, Tomo IX (Toro-Villavicencio de los Caballeros, 1828).
- Deputación de Pontevedra: ATOPO, Catalogo documental e bibliográfico (<https://atopo.depo.gal/>):
 - Expedientes de eleccións municipais en Carboeiro, Cira, Lalín e Trasdeza (1836).
 - Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 103 (24/12/1836).
 - Petición do concello de Chapa para a traslación da capital a Silleda

- en razón das incursións facciosas ás que está exposta Chapa (1838).
- Queixa de varios veciños de parroquias do distrito de Chapa relativa ás funcións que exerce o concello (1839).
 - Expedientes de eleccións municipais en Chapa (1839, 1840 e 1847-1849).
 - Traslado da capital do concello de Chapa ao pobo de Silleda (1852-1853).
 - Solicitude de varios veciños da parroquia de San Pedro de Orazo para ser agregados ao concello de Silleda (1855).
 - Casa do concello de Silleda (ca. 1950) (Fotografía).
- Habilitados Nacionales: Secretariados, Interventores y Tesoreros de la Administración Local (<https://habilitados-nacionales.com/>):
 - “Real Decreto de 23 de Julio de 1835 para el arreglo provisional de los Ayuntamientos de la Península e Islas adyacentes”.
 - Instituto Geográfico Nacional (<https://www.ign.es/web/ign/portal>):
 - Tomás López de Vargas Machuca (1768): “Mapa general del obispado de Lugo” <https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/024173.html>.
 - Tomás López de Vargas Machuca (1784): “Mapa geográfico del Reyno de Galicia” <https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/030708.html>.
 - Portal de Archivos Españoles (PARES) (<http://pares.culturaydeporte.gob.es/>):
 - Catastro de Ensenada: Interrogatorios (1752) e Comprobacións (1762) das xurisdicións de Trasdeza e Cira, da parroquia de Parada e dos coutos de Rosende, Outeiro e Vilariño, Outeiro de Pedro de Neira, Piñeiro do Marqués de Santa Cruz, Piñeiro de José de Valenzuela, Piñeiro de Gonzalo Villar, San Nicolás, Refoxos, Carboeiro e Ansemil.
 - Visor de Información Xeográfica de Galicia (<http://mapas.xunta.gal/visores/basico/>).
 - Carta Xeométrica de Domingo Fontán (1845).
 - Voo Americano (1956-1957).
 - Mapa hipsométrico.

ORIXE E HISTORIA DA CASA DE NEGREIROS DE SAN MAMEDE DO CASTRO

Daniel García Coego

Resumo

Este traballo recolle un estudo acerca das propiedades, negocios e historia da coñecida como Casa de Negreiros durante o século XVI e comezos do XVII. Situada antigamente na parroquia de San Mamede do Castro, no concello de Silleda, foi orixe dunha familia de amplas riquezas con ampla descendencia na Comarca do Deza.

Abstract

This paper presents a study regarding the properties, businesses and history of the House known as Negreiros throughout the 16th and 17th centuries. Located in the parish of San Mamede do Castro, council of Silleda, it was the origin of a wealthy family with a wide offspring in the Deza region.

Palabras chave

Xoán de Negreiros, San Mamede do Castro, Trasdeza, Silleda

Key Words

Xoán de Negreiros, San Mamede do Castro, Trasdeza, Silleda

1. INTRODUCCIÓN

Durante o século XVI existiu unha casa na parroquia de San Mamede do Castro, en Silleda, de gran riqueza e abundantes propiedades. Tratábase da Casa de Negreiros, que tivo a súa orixe na parella formada por Xoán de Negreiros, o Vello, e Inés de Negreiros, os fundadores da saga e proxenitores de Xoán de Negreiros, o Mozo, quen continuou a liñaxe e lle deu se cabe máis esplendor. Tomaron a casa e os seus propietarios este nome do lugar no que se asentaban, que curiosamente xa non se coñece como tal na mencionada parroquia aínda que o topónimo se mantivo polo menos ata a primeira metade do século XX na documentación oficial. Na actualidade, desgraciadamente parece terse esquecido, como xa destacaba Don Manuel

Fernández Rey na súa primeira aproximación á figura de Xoán de Negreiros e o seu patrimonio (Rey 2013). Neste estudo especulaba a localización da morada dos nosos personaxes no edificio coñecido como “Casa Grande”, dotado de certas propiedades arquitectónicas diferenciadas das casas da contorna, cunha portada imponente e posibles restos de edificacións antigas.

Dentro deste traballo farase un percorrido completo pola figura de ambos os dous Xoán de Negreiros, tentando aclarar algúns puntos que polo momento permanecían escuros ou equivocados, comezando pola hipotética localización do afamado lugar de Negreiros, o volume das posesións e negocios familiares e o suposto oficio de escribán de Xoán de Negreiros o Mozo, que non foi tal e trátase dun erro recorrente na bibliografía causado por un homónimo.

2. ONDE ESTABA O LUGAR DE NEGREIROS?

Como xa se mencionou, semella que actualmente non se lembra o topónimo de Negreiros na parroquia de San Mamede do Castro, perdido no tempo como tantos outros na contorna e no rural galego en xeral. Se cabe, este nome é un caso bastante curioso, pois así se chama tamén a parroquia que linda polo oeste coa de San Mamede, San Martiño de Negreiros. Tendo en conta que ambas as parroquias foron anexas e polo tanto compartiron crego moitos anos, a relación é clara e pode ter orixe nesta situación.

Non obstante, non temos que ir moitos anos atrás para atopar unha referencia concreta a este lugar na documentación oficial, xa que nas minutas cartográficas que se fixeron do concello de Silleda no ano 1945 a zona xusto ao sur da vía e túnel do tren aparece referenciada como “Coto de Negreiros”, tal e como se pode observar na Figura 1. O lugar corresponderíase coas casas preto da zona que na cartografía oficial actual se coñece como “O Agriño”.

A documentación das partillas de Xoán de Negreiros o Mozo (ARG 4443/2), permite ademais caracterizar como era o mencionado lugar no século XVII e despexar a incógnita da situación da Casa de Negreiros. Este compoñíase dos seguintes edificios coas súas respectivas terras anexas. Inclúese para cada un deles a transcripción do texto descritivo feito nestas partillas:



Figura 1: Extracto das minutas cartográficas da zona de San Mamede do Castro. Ano 1945. Fonte: IGN. Licenza CC-BY-SA 4.0

Torre de Negreiros

La casa torre y celeiro de este lugar con sus portales, ventanas y salidos.

Casa de cociña

La casa de cocina de este lugar de Negreiros desde la torre abajo con su sobrado sobre la corte, portales, alpendre, madera, teja, salidos y más de que se compone fue tasado en mil seiscientos y quarenta reales. La eredad, nabal y salido de dicha casa, con sus huertas avajo de ella, como está circundado llieba en sembradura tres anegas de pan. Demarca con el rego antiguo que vaja de la fuente de Negreiros asta llegar a la corredoira que vaja de la iglesia do Castro para el lugar do Tellado y topa en la que de él sale para este de Negreiros que ba topar junto a la torre.

Casas vellas e palleira

Casas viejas avajo de las principales en este lugar de Negreiros, otra más arriba de la torre, un pajar en el ayra con sus salidos, piedra, teja, madera y más de que se componen.

Casa e nabal xunto á casa de Cabaleiro

Una guerta que llaman nabal y dos casas viejas junto a él, avajo de la que vive Domingo Cavaleiro, yendo deste lugar de Negreiros para la fuente a mano derecha.

Nabal

Nabal, cerradura y salido que confina con las casas principales de dicho lugar de Negreiros, dando buelta por el rigueiro avajo que sale de la fuente de Negreiros asta bater en la congostra que viene de la iglesia de Castro asta llegar al Camino Real y buelve por el palomar a dichas casas dentro por un muro que está entre ellas y dicha cerradura.

En base a estas informacions e tendo en conta a localización expresada polas minutas cartográficas do 1945, pódese acoutar con alta probabilidade o antigo lugar de Negreiros coas terras e casas representadas na Figura 2, tendo en conta que a fonte que se coñece actualmente como “do Rigueiro” é probablemente a referida como Fonte de Negreiros.

Por outra banda, hai que ter en conta tamén que, segundo di a tradición oral da parroquia de San Mamede, a igrexa trasladouse nalgún momento do castro á súa actual localización debido ao asasinato dun crego que se perpetrou nela. A existencia desta antiga igrexa queda precisamente corroborada no texto das partillas, onde se di que a leira de Porto Eirexe e Gatoi está “sita más abaixo de la Yglesia Biexa de San Mamede do Castro”. Debido a isto, débese ter coidado nas interpretacións dos camiños que fan referencia á igrexa, pois poden ter en conta a localización actual ou ben a primixenia deste antigo edificio, do que se di que estivo emprazado na croa do castro.

Situado o lugar de Negreiros no mapa, cómpre falar dos seus habitantes e en especial da familia que tomou os apelidos deste lugar, dándolle fama nas terras de Trasdeza sobre todo nos séculos XVI e XVII.




Figura 2: Probable localización do lugar de Negreiros en San Mamede do Castro. Fonte: IGN, con modificacións propias. Licenza da imaxe orixinal CC-BY-SA 4.0

3. XOÁN DE NEGREIROS O VELLO, O PATRIARCA DA SAGA

O 16 de febreiro de 1530 é a data máis antiga da que se ten constancia da raíz da casa de Negreiros. Neste día, ante o notario Pedro Lorenzo de Ben, o racioneiro de Santiago Xoán de Santa Cruz e outros consiliarios da confraría dos Clérigos do Coro concédennlle en foro a Xoán de Negreiros, de profesión labrador e veciño de San Mamede do Castro, a metade do lugar de Negreiros. A renda anual a pagar por este lugar era de catro reais de prata (ACS P 005).

Nada se sabe da ascendencia deste personaxe, aínda que polo tratamento que se lle dá nesta primeira escritura pódese supoñer que era unha persoa de

condición plebea dedicada aos labores do campo e que moi probablemente foi ascendendo pouco a pouco no novo sistema de clases aparecido tras a fin do medievo. A maior parte das pistas acerca da súa actividade pódense extraer a partir dun preito do ano 1568 na Real Audiencia de Galicia no que Xoán de Negreiros o Mozo, xunto co seu curador Lope de Lago, xa que por aquel momento aínda era menor, reclamaban a conta dos antigos curadores do rapaz, que foran morrendo en anos previos (ARG 2848/32). Segundo as informacións destacadas neste preito, Xoán de Negreiros o Vello casara en primeiras nupcias con Inés Cabaleira, da que aparentemente non deixou descendencia. Así e todo, na exposición das preguntas para facer un interrogatorio a diversas testemuñas pódese ler, aínda que riscado posteriormente, “criaron por su hija legítima a María de Negreiros”.

Tras o falecemento desta primeira muller, Xoán de Negreiros o Vello casou con Inés de Negreiros, que tamén tivera xa un primeiro matrimonio con Xoán do Campo, do cal lle quedaron tres fillas: Teresa, Mariña e Xoana do Campo. Ambos os dous criaron por fillos nese seu segundo matrimonio a Xoán de Negreiros o Mozo, que continuará a liña da casa de Negreiros, e mais Teresa de Negreiros (ver Figura 3). Xoán de Negreiros o Mozo debeu nacer aproximadamente entre os anos 1543 e 1548, pois no preito previamente mencionado declara ter necesidade de curador *ad litem* por ser maior de 20 anos, pero menor dos 25. Desta documentación pódese extraer tamén unha data probable para o casamento dos seus pais, que debeu ter lugar arredor do ano 1542. Así o testemuña Alonso de Negreiros, que declarou ser veciño de porta do matrimonio e cuñado de Xoán de Negreiros o Vello, mencionando que os viu facer vida xuntos por espazo de 15 ou 16 anos. Inés de Negreiros faleceu no ano 1557, facendo testamento na súa casa por medio do escribán de Trasdeza Galaor Varela.

Neste testamento, mandou ser enterrada na igrexa de Santa Baia de Silleda e deixou orde de ceder certos cartos e recursos ás igrexas parroquiais de Silleda, Ponte, Saídres, Breixa, Negreiros, Carboeiro, Margaride e Siador. Destaca especialmente que deixou á “hermita y hobra de Nuestra Señora Santa María do Castro media anega de trigo”. Esta ermida xa non existe na actualidade no Castro, aínda que se mantén o culto á virxe, polo que puidera referirse esta mención á antiga igrexa ou ermida que se situaba na cima do

castro. Por outro lado, non se trata dunha equivocación da transcripción, pois diferénciase claramente da igrexa de San Mamede do Castro, para a cal a testadora manda facer un crucifixo grande de pau pintado. Ao seu marido deixoulle por herdanza toda a metade que a ela lle correspondía nos cabalos e machos que tiñan, con todos os seus atavíos de ir á ribeira, e tamén a metade de todas as cuncas de prata que posuían e mais toda a parte de trigo sementado na estibada que tiñan con Xoán do Campo nos chans de Santa Baia. Ao seu fillo, Xoán de Negreiros o Mozo, mellorouno en terzo e quinto de todos os seus bens e deixou o remanente por igual a todos os fillos do primeiro e segundo matrimonio. Nomeou por testamentarios ao seu esposo Xoán de Negreiros o Vello e o seu irmán Francisco de Palmou.




Figura 3: Familia de Xoán de Negreiros o Vello. Fonte: Elaboración propia

Por outra banda, Xoán de Negreiros o Vello faleceu dous anos máis tarde, en marzo de 1559, sendo enterrado tamén na igrexa de Silleda e facendo testamento, que lamentablemente non se conserva ou, polo menos, non se atopou polo momento. Das dilixencias feitas á súa morte para o reconto de bens, pódese ver como casou por terceira vez cunha muller de nome Mariña Vázquez, que recibiu os seus bens dotais por medio de Gregorio

Núñez, o seu xenro, e por iso se apartou da herdanza do seu finado marido. Este deixara nomeado no seu testamento como titor dos seus fillos, ambos os dous menores de quince anos, a Bibian de Arcos, veciño de Graba, o cal faleceu aos catro ou cinco anos, deixando de novo ao neno sen quen administrase os seus bens á idade de doce anos¹. O seguinte titor foi Nuno de Cumbraos, veciño de Escuadro e pai de Gregorio Núñez, o marido de Teresa de Negreiros. Faleceu tamén ao pouco tempo, ao redor do ano 1565, e foi finalmente no 1568 cando se desenvolveu todo o preito relativo aos bens da Casa de Negreiros que finalmente lle habían de quedar a Xoán de Negreiros o Mozo (ARG 2848/32).

3.1. As terras e casais de Xoán de Negreiros o Vello

Pouco máis se sabe da orixe de Xoán de Negreiros o Vello, pero o que queda claro é a capacidade que tivo para aumentar os seus bens a través de diversas compras, trasposos e trocos que fixo fundamentalmente entre os anos 1543 e 1558, segundo se pode ver polo inventario de escrituras que quedaron despois do seu finamento. Así, por exemplo, adquire diversos lugares que se listan a continuación, entre moitos outros, como é o caso da metade do lugar de Maragouzos en Saídres (30 de outubro de 1543), os lugares de Marza e Segade en Oleiros e Cortegada respectivamente (21 de decembro de 1544), o lugar de Framián en Cortegada (4 de maio de 1546), un terzo do lugar da Meda en Moalde (17 de abril de 1550), os dereitos sobre os lugares de Riobó e outros na mesma parroquia de Negreiros (febreiro de 1555), a aldea da Mera en Silleda (14 de abril de 1555), a metade do lugar de Cóscaros en Siador e tamén a metade de Taboada Vella en Taboada (21 de setembro de 1555). A última adquisición da que se ten constancia é a de toda a parte e herdanza que Rodrigo de Compostela e María da Brea, veciños de Breixa, tiñan no lugar de Outeiro de Quilmelas en San Martiño de Negreiros (28 de xuño de 1558). Aínda outorgaría un foro en xullo do mesmo ano a Alonso Rey, veciño de San Martiño de Vilar, como curador dos seus fillos Xoán e Teresa, do lugar enteiro do Barral e o lugar e casal de Mazarelos, todo na

1. Teresa de Negreiros, que tamén era menor, preferiu que os seus bens fosen administrados polo seu marido, Gregorio Núñez.

mesma parroquia de Vilar. A renda pedida era de sete fanegas de centeo e dous pares de capóns cebados.

Ademais destas transaccións, son de especial interese unha serie de escrituras referentes ao lugar de Negreiros de San Mamede do Castro, que orixinariamente non era totalmente propiedade desta familia. O 6 de marzo de 1551, unha metade deste lugar e casal de Negreiros foi traspasada e vendida ao noso personaxe por parte da Confraría da Nosa Señora da Concepción de Santiago. Neste mesmo senso, ten tamén especial relevancia a existencia dunha escritura de venda que fixeron Alonso de Negreiros e os homes de Mariña e Inés Cabaleira na súa representación, entre outras persoas, a Xoán de Negreiros o Vello de toda a herdanza de bens raíces que tiñan alí. A posesión sobre o mesmo seguiría sendo completada por outra venda que Aldonza da Cal, viúva, fixo a Xoán de Negreiros o Vello da cuarta parte do lugar e casal de Negreiros onde vivía Xoán Cabaleiro, probablemente o seu esposo. Fíxolle tamén Gonzalo de Cervaña un traspaso da metade dos lugares de Negreiros que ficaron de Alonso Calzado, da metade do terreo do Marco do Couto e a herdade da Cheda. Así mesmo, o Alcalde Maior de terra de Trasdeza, Lope Rodríguez, e o seu meiriño, Gómez Rodríguez, deron mandamento e auto de posesión deste lugar a Xoán de Negreiros o Vello por mor dunha escritura de venda que lle fora feita por Sancha Rodríguez. Desta maneira, pouco a pouco, Xoán de Negreiros o Vello foi adquirindo para si o territorio arredor da súa morada, consolidando os comezos da Casa de Negreiros (ARG 2848/32).

A todo o anterior hai que engadir tamén as adquisicións que levou a cabo en dúas vilas da terra de Trasdeza de bastante importancia e actividade naquel momento: Chapa e O Foxo de Deza. No caso de Chapa, comprou unha casa na vila, propiedade de Inés de Valladares e o seu home Bastian de Trasar. Esta casa aforoulla a Martiño de Chapa máis tarde. En canto ao Foxo de Deza, Alonso de Quintá e Gregorio de Cóscaros vendéronlle a parte e quión que tiñan nunha casa nese lugar, na que adoitaba vivir Bartolomé do Foxo. Pedro do Foxo tamén lle vendeu unha cuarta parte da casa do Foxo e mais unha herdade anexa. O auto de posesión desta casa foille dado polo Alcalde Maior do Conde de Altamira, señor daquelas terras por aquel momento.

Resta por comentar que, malia que maioritariamente Xoán de Negreiros o Vello comprou moitas propiedades para si mesmo e coa súa muller Inés de Negreiros, tamén gozou dalgúns foros, como era habitual naquela época. Así, sabemos que chegou a ter arrendado o beneficio de Santa María de Graba ou que Dona Urraca de Moscoso lle fixo foro pola súa vida e tres voces do muíño e pazo de Vilaverde e herdades da Calzada de Chapa, por renda de dúas fanegas de centeo anuais. A maiores, o mosteiro de San Paio de Antealtares deulle o foro do lugar e fincas de Bustelo en San Salvador de Escuadro o 14 de xuño de 1557 (AHUS CLERO 840).

3.2. Un posible comerciante de viño e gandeiro do século XVI?

A diferenza doutras casas de importancia no Deza como as dos Taboada ou Arias Somoza (Buxán, C. G. 2006), non semella que a de Negreiros teña unha orixe en escudeiros de grandes señores, aínda que a falta de documentación tampouco permite dilucidar o contrario. Precisamente é o inventario dos seus bens o que mostra unha serie de elementos que poden dar unha pista acerca do seu oficio ou quefaceres.

Así, todo parece indicar que a Casa de Negreiros tiña unha relación especial co viño do Ribeiro, xa que nela se inventariaron cinco pipas e un “bugallo”. Dentro das pipas quedaron seis moios² de viño tras a morte de Xoán de Negreiros o Vello, valorados en 26 ducados e 6 reais. O volume total de capacidade para almacenar viño era de algo máis de 30 moios, equivalentes a uns 4500 litros, polo que se pode descartar o autoconsumo. De todas maneiras, para facérmonos unha idea dos volumes de viño manexados pola Casa de Negreiros naquela época e a evolución que vai sufrir no futuro, podemos recorrer ás rendas percibidas por algúns mosteiros no século XVI a xeito de comparación, xa que daquela eran os grandes produtores de viño. Así pois, atopamos que as

2. O moio e o canado eran antigas medidas de capacidade para líquidos. Da mesma maneira que co ferrado ou outras medidas, a súa equivalencia actual variaba segundo o lugar. Non obstante, poderíamos considerar como capacidade estándar para o moio 144 litros e para o canado 36 litros. Así, un moio de viño estaba formado por catro canados.

rendas de viño de Oseira en 1544 eran de 665 moios de viño e as de San Clodio no ano 1608 de 908 moios de viño (Saavedra, P. 2018), cantidades que en comparación son bastante superiores á adega da casa de San Mamede do Castro.

Por outra banda, a existencia desta posible actividade comercial vinícola vese reforzada pola presenza de varios machos de carga nas cortes de Negreiros, que tiñan os seus atavíos para carretar o viño desde o Ribeiro xunto con ata once odres e sacos, e varias peles limpas e sen pegar, preparadas para fabricar máis recipientes. Pódese deducir quizais pola existencia destes animais e útiles que, probablemente, coa axuda dos seus criados, Xoán de Negreiros o Vello exerceuse certa actividade como arrieiro de viño, dado que non se ten constancia nesta época de ningunha renda da casa que tivera como pago moios ou canados de viño. Neste senso, a ratificación final deste negocio vén dada pola existencia de diversos rexistros no inventario de papeis. Xoán de Negreiros o Vello vendeulle a Teresa González, veciña da cidade de Santiago, 43 moios de viño branco (6192 litros), cada un por un prezo de dous ducados, o que fai un total de 86 ducados. Así mesmo, noméase tamén a existencia dunha cédula do que debía Pedro de Reguenga por catro moios de viño branco menos un canado e outros dous canados e medio de viño tinto. Posiblemente, moitas das escrituras de obrigas recollidas no inventario, que ascendían a preto de 2000 reais en total, fosen deste tipo ou relacionadas coa venta de gando.

Mencionábase anteriormente a existencia de varios machos de carga na casa de Negreiros, pero estes non eran os únicos animais nas súas cortes. Grazas ao mencionado inventario pódese saber a totalidade do gando que a familia tiña en propiedade en 1559 (ver Táboa 1), que non era nada desprezable e tiña unha valoración total de preto de 3000 reais. Con todo, débese mencionar que o gando bovino de femias e crías non se valorou, aducindo que lles quedaba aos fillos menores do propietario para medralos e sacarlles proveito. Tamén tiñan en parcería moitas pezas de gando bovino en casas de varias persoas en parroquias como Silleda, Ansemil, Breixa, Saídres ou Laro, entre outras.

GANDO NA CASA DE NEGREIROS	
24 carneiros, 7 ovelas e 4 cordeiros.	36 cabras e castróns con 6 cabritos.
1 cabalo branco areado con sela e esporas.	1 cabalo de traballo cor castaña coa súa albarda e atavía, sobrecarga, monta e lazos.
1 cabalo de traballo cor “rosilla” co seu atavío.	3 machos e 1 mula cos seus atavíos.
3 porcas, dúas paridas e unha preñada.	14 pezas de porcos grandes e pequenos.
9 patos.	11 galiñas.
8 bois e 10 vacas grandes.	14 crías de vaca de diversas idades e sexo (tenreiros, almallos, xovencas).
GANDO EN PARCERÍA	
10 bois, $\frac{3}{4}$ dun boi e 4 metades doutros.	
19 vacas e 5 metades doutras.	
24 crías de vaca, $\frac{3}{4}$ partes doutra e 9 metades.	

Táboa 1: Gando propiedade da Casa de Negreiros en 1559.

Fonte: Elaboración propia a partir de ARG 2848/32

Amais, en 1559 a Casa de Negreiros tiña rendas que ascendían ata 60 fanegas de centeo anuais. Non obstante, a tulla da casa estaba preparada para almacenar cantidades maiores, ata algo máis de 200 fanegas repartidas entre varias arcas e huchas.

Á vista de todos estes datos, pódese observar a contía dos bens da Casa de Negreiros nesta etapa. Como resultado desta actividade, o matrimonio de Xoán de Negreiros o Vello e Inés de Negreiros adquiriu tamén en propiedade algúns bens de carácter máis precioso para o habitual nun entorno labrego. No inventario fálase, por exemplo, da existencia dunha cinta de prata cun “tejillo” de veludo, con once botóns e nos cabos unha fibela nun e, no outro, unha fibela grande (“hebillón” no texto orixinal).

Este cinto valorouse en peso e valor dun marco de prata³. Tamén quedaron dúas cuncas de prata, douradas e con pé. Unha tiña un adorno dunha viña e outra unha roseta no fondo. Valoráronse en catro marcos de prata. Menciónase ademais a existencia doutras dúas cuncas de prata que Xoán de Negreiros tiña prestadas, cada unha por valor dun marco de prata.

4. XOÁN DE NEGREIROS O MOZO. O ESPLENDOR DA CASA DE NEGREIROS

Sen dúbida, o período entre a década dos 70 do século XVI e a morte de Xoán de Negreiros o Mozo en 1628 é o de máis esplendor e riqueza na Casa de Negreiros. Trátase duns anos nos que os bens da familia aumentaron copiosamente e a actividade económica é considerable. No ano 1573, Xoán aínda actuaba en certa medida de maneira conxunta coa súa irmá Teresa e o seu cuñado Gregorio Núñez de Cumbras, pois compraron xuntos a parte que lle pertencía a Pedro de Cóscaros no lugar do mesmo nome. O preito pola súa tutela non debía estar resolto aínda nesta época, pois é no ano 1577 cando ambos os dous e outras persoas, como Pedro de Recimil, chegan a unha concordia diante do escribán Fernando Varela, da cal se descoñece o contido (ARG 4441/2).

O 1 de xuño de 1578, ante Galaor Varela, Xoán de Negreiros acorda o contrato de dote coa que ía ser a súa primeira dona, Margarida Fernández da Senra, filla de Fernando da Senra e Marquesa da Senra, fundadores da casa do mesmo nome na parroquia de Escuadro. Viviron xuntos ao longo de case 20 anos, durante os cales compraron, entre outras, numerosas propiedades na contorna do lugar de Negreiros (agro de Barrelas, herdade de Pena Negra, lugar das Figueiras, Tellado e Mourelas, etc.), unha casa na vila de Chapa que fora de Isabel de Toubes, parte da sinecura de San Martiño de Negreiros, diversos lugares en Margaride, Fiestras, Saídres ou Taboada e rendas de pan noutras parroquias como Breixa ou Negreiros (ARG 4443/2).

3. Un marco de prata equivalía a 67 reais.

Nesta época destaca como Pedro de Recimil e Teresa de Negreiros lle aforaron en 1582 ao matrimonio a metade do lugar de Negreiros, que lle correspondía a Teresa por herdanza do seu pai, así como o lugar do Igraxario pola súa vida e tres voces por renda anual de catro fanegas de pan centeo. É moi probable que, ao ano seguinte, chegasen a algún tipo de acordo sobre a propiedade deste lugar, pois fixeron escritura de concordia e partillas, que foi rexistrada por Álvaro Varela. Nove anos máis tarde, en 1591, Xoán de Negreiros o Mozo fixo tamén partillas do referido lugar con Alonso Cabaleiro e no 1598 adquiriu de Alonso de Negreiros e María Cabaleira a parte do lugar que estes tiñan.

Margarida debeu morrer antes de novembro de 1597, tendo feito o seu testamento diante do escribán Alonso Rodríguez o 27 de xullo de 1596. Tiveron por fillos a Xosé⁴, María⁵, Inés⁶, Xoán e Agustín Fernández de Negreiros. Non deixou o noso personaxe de adquirir bens e propiedades tras a morte da súa muller, pois xa en novembro de 1597 adquire unha casa na rúa do Castro en Santiago que era propiedade de Bieito Mosquera, da que non se sabe nada nas partillas e debeuna vender, polo tanto, anos máis tarde. Tamén, en marzo de 1598, comproulle a casa e pombal do lugar de Outeiro en Silleda á viúva Inés Froiz, lugar no que vivirán posteriormente os seus fillos cregos Xoán e Agustín e seu neto Francisco Fernández de Negreiros, que a herdará deles.

Case dous anos foi o tempo que Xoán de Negreiros o Mozo permaneceu como viúvo de Margarida. O 22 de xullo de 1598 no lugar de Costela, en San Fiz de Margaride, diante do escribán Sebastián Pereira, compareceron Xerónimo de Roxas e Xoán de Negreiros para o establecemento do dote do casamento do segundo con Xerónima de Roxas, filla do primeiro e mais de Inés de Roxas. Xerónimo de Roxas mellorou en terzo e quinto a súa filla e deulle en dote diversos bens (ARG 4441/2). En primeiro lugar,

4. Casou con Isabel Dogando e tivo por fillos a Agustín, Xoán e Margarida. Tivo a Francisco Fernández de Negreiros como fillo bastardo.

5. Casada co escribán Álvaro Varela do Barreiro. Fillo seu foi Francisco Varela, que iniciou o preito con Francisco Sarmiento de Soutomaior pola misión en posesión dos bens do seu avó.

6. Casada en primeiras nupcias con Alonso Teixeira e en segundas con Andrés Gutiérrez de Bustillo.

a torre e lugar de Costela e os lugares do Outeiro e Bragandos en San Fiz de Margaride e Silleda, que adquirira de Inés López de Brandariz no ano 1584 (ACS P 098). Tamén o lugar de Andamollo en San Tirso de Manduas, fanega e media de renda do lugar da Carballeira en San Mamede do Castro, que tiña en foro o propio Xoán de Negreiros, e mais a parte que tiña na casa e lugar do Rañadoiro en Escuadro. Como condición, Xerónimo de Roxas pediu que Xoán de Negreiros se comprometese a non mellorar a ningún dos fillos do seu primeiro matrimonio, quen aceptou estas condicións. O dote en arras para o casamento foi de 300 ducados.

Débese destacar que Xerónimo de Roxas non era nativo do Reino de Galicia, senón probablemente chegado de Castela, tal e como se menciona na escritura citada de confirmación de vendas feita por Inés López de Brandariz. Tiña certa influencia na contorna, pois foi xuíz da terra de Trasdeza pola Igrexa de Santiago, segundo aparece mencionado no testamento de Gregorio Socarreira, veciño de Breixa (AHUS CLERO 840) e previamente fora xuíz de Noia. No ano 1586 menciona vivir en Chapa coa súa filla e, atopándose en Tordesillas, dálle a esta poder para que poida tomar no seu nome un foro do lugar de Breixa, feito polo mosteiro de Antealtares (AHUS CLERO 840).

O matrimonio entre Xoán de Negreiros o Mozo e Xerónima de Roxas tivo un fillo, de nome Gabriel de Roxas. Posteriormente, Xerónima de Roxas faleceu sobre o ano 1608, deixando no seu testamento ao seu fillo como herdeiro dos seus bens. Gabriel foi mellorado en terzo e quinto polo seu pai na dotación para o casamento con Ana Abraldes Teixeiro, filla de Diego Gallos Abraldes Feixoo e Isabel Teixeiro. A moza foi dotada pola súa nai e o seu tío o cóengo Gaspar Abraldes con 2000 ducados. Este matrimonio tivo unha filla, outra Xerónima de Roxas, pero finou moi cativa con sete meses de vida, cinco meses despois do falecemento do seu pai Gabriel. Debido a isto, Ana Abraldes quedou como herdeira dos bens da súa filla e esposo, e casou de segundas con Francisco Sarmiento de Soutomaíor, sendo así como a Torre de Costela e outras propiedades dos Roxas e Negreiros pasaron a esta familia logo dun longo proceso de preitos e partillas.

Finalmente, Xoán de Negreiros o Mozo fixo o seu testamento en 1628, na súa casa de Negreiros diante do escribán e xenro seu, Pedro Xil Varela⁷. Faleceu probablemente en novembro dese mesmo ano. Logo da súa morte, comezou un longo proceso de partillas entre a súa descendencia (ver Figura 4), que duraría preto de 50 anos, polo menos ata o ano 1673.




Figura 4: Descendentes de Xoán de Negreiros o Mozo.

Fonte: Elaboración propia

4.1. As posesións e negocios de Xoán de Negreiros o Mozo

Se xa nos tempos de Xoán de Negreiros o Vello as propiedades da casa eran destacables, o seu fillo medrounas considerablemente. Amais da casa matriz na parroquia do Castro e as leiras e soutos asociados a ela, Xoán adquiriu outras vivendas como a torre de Costela, grazas ao seu segundo matrimonio con Xerónima de Roxas, a casa do Sueiro en Escuadro, a casa do Outeiro en Silleda e tamén outras en Chapa e no Foxo de Deza, que lles foron quedando, ben aos seus fillos ou ben arrendadas. Igualmente, comprou tamén unha granxa de 100 cavaduras con bodega no lugar de Názara, parroquia de Santa María de Cenlle e outra de 20 cavaduras en Esposende, en Ribadavia.

No relativo ao gando, este tamén sufriu un enorme aumento e, especialmente, destaca a existencia de múltiples rabaños de eguas e mulas que andaban soltos polos montes preto da Casa de Negreiros e da do Sueiro.

7. Estaba casado con María López, filla ilexítima de Xoán de Negreiros, igual que Xoán de Castro.

A valoración total dos animais era de case 13900 ducados, moi superior á dos que tiveran os seus pais. As seguintes táboas (ver Táboa 2, Táboa 3, Táboa 4 e Táboa 5) recollen a variedade e número de todo este gando, así como o valor en reais que se lle deu no seu momento a cada peza e ao total.

CASA DE NEGREIROS EN SAN MAMEDE DO CASTRO		
Tipo de gando e cantidade	Valor unitario	Valor total
10 bois e 2 vacas mansas de labrar a terra.	275	3300
20 vacas e becerros de monte.	66	1320
100 pezas de ovellas.	9	900
40 leitóns.	22	880
18 leitóns de ceba.	100	1800
1 cabalo de raza cor rubia.	1100	1100
2 cabalos de campo.	550	1100
2 mulas.	600	1200
1 egua cun poldro de 2 anos.	200	200
8 mulas de carretar viño.	800	6400
3 machos.	1100	3300
7 fatos de eguas, cada un con 36 eguas que andaban polos montes de Lamas e Tras dos Castros.	300	75600
50 mulas e machos dun ano nestes rabaños.	220	11000
60 mulas e machos de 2 e 3 anos que andaban cos rabaños.	300	18000
20 poldros de 2 ou 3 anos nos rabaños.	100	2000
	TOTAL	128100

*Táboa 2: Gando na casa de Negreiros.
Fonte: Elaboración propia a partir de ARG 4443/2*

TORRE DE COSTELA EN SAN FIZ DE MARGARIDE		
Tipo de gando e cantidade	Valor unitario	Valor total
2 bois mansos	220	440
12 vacas e bois de monte.	100	1200
	TOTAL	1640

Táboa 3: Gando na torre de Costela.
Fonte: Elaboración propia a partir de ARG 4443/2

CASA DO SUEIRO EN SAN SALVADOR DE ESCUADRO		
Tipo de gando e cantidade	Valor unitario	Valor total
4 bois mansos.	275	1100
1 vaca mansa con 2 crías.	-	440
30 vacas de monte coas súas crías.	88	2640
1 caballo de raza de cor castaña	1122	1122
50 pezas de gando de ovelas, machos e femias.	8	400
24 leitóns de monte.	22	528
12 leitóns cebados.	100	1200
1 caballo de campo.	440	440
1 rabaño de 20 eguas.	300	6000
20 mulas e machos no rabaño anterior.	220	4400
1 macho para este rabaño.	1100	1100
	TOTAL	19370

Táboa 4: Gando na casa do Sueiro.
Fonte: Elaboración propia a partir de ARG 4443/2

CASA DO OUTEIRO EN SANTA EULALIA DE SILLEDA		
Tipo de gando e cantidade	Valor unitario	Valor total
4 bois mansos.	220	880
12 vacas de monte.	80	960
40 pezas de gando de ovellas.	8	320
12 leitóns de monte.	132	1584
	TOTAL	3744

*Táboa 5: Gando na casa do Outeiro.
Fonte: Elaboración propia a partir de ARG 4443/2*

Os negocios co gando deberon de ser bastante proveitosos para a familia, pois un tal Tomé Fernández, veciño de Villaluenga en Castela quedou debendo 1800 ducados por un rabaño de mulas, que cobrou posteriormente Francisco Sarmiento de Soutomaioir.

O viño seguiu tendo tamén importancia na economía da Casa de Negreiros, sobre todo tendo en conta a compra das granxas no Ribeiro, que debían producir unha cantidade importante del. A gran maioría deste viño debía venderse na bodega do Foxo de Deza, onde atendía Margarita do Foxo. Ademais, Xoán de Negreiros tiña tamén a propiedade do portádego deste lugar á metade co Arcebispo de Santiago. Este dereito herdouno posteriormente Francisco Sarmiento de Soutomaioir e, no ano 1763, consistía en catro marabedís por cada carga de sardiña e dous por cada cabalería sen domesticar (“zerril”) (Abeledo Penas, 2010).

Na seguinte táboa (ver Táboa 6), recóllese a capacidade de almacenamento en moios que existía nas bodegas repartidas no Ribeiro e en terras de Trasdeza.

Lugar	Medio de almacenamento	Capacidade
Negreiros	3 pipas que sempre estaban cheas.	24
Bodega do Foxo	12 toneis.	120
Casa do Sueiro	4 toneis.	40
Bodega do Rañadoiro	2 pipas de viño branco e 1 pipa de tinto.	12
Granxa de Názara	3 cubas de viño branco.	45

Táboa 6: Capacidade de almacenamento de viño da Casa de Negreiros.

Fonte: Elaboración propia a partir de ARG 4443/2

O total de viño, que era maioritariamente branco, ascendía a 241 moios, cunha equivalencia aproximada de 34700 litros de viño. Tendo en conta que cando faleceu Xoán de Negreiros en 1628 o prezo do moio no Ribeiro era de 50 reais e en Trasdeza de 60, o valor total de viño podería ser de entre 1100 e 1300 ducados. Esta información permítenos coñecer tamén o coste adicional engadido ao viño despois de ser transportado desde o Ribeiro.

Froito das transaccións comerciais con toda esta mercancía de viño, gando e tamén de gran, xerábanse as escrituras de obrigas cando os compradores non pagaban ao contado. No reconto de papeis á morte de Xoán de Negreiros (ARG 4441/2) hai unha longa lista deste tipo de documentos, que pasa dos 300, aínda que desgraciadamente non se fai referencia máis que ás persoas involucradas, mencionando en moi poucos casos o motivo de facer a escritura. Non obstante, chegaron aos nosos días as obrigas feitas a Xoán de Negreiros durante o ano 1584, recollidas nas escrituras de Álvaro Varela do mesmo ano (ARG 46874-3503). Neste caso, o número de documentos chega aos 59, o que dá unha idea da elevada actividade económica anual do noso personaxe, polo menos na terra de Trasdeza. A cantidade total recollida nas escrituras é de 4082 reais, dos cales 748 foron pola venda de cinco bois mansos. O resto repártese entre gran (centeo e millo) e moios de viño branco. No relativo ao viño, destaca

a súa presenza en 25 das obrigas. En total menciónanse 55 moios e medio de viño, o que fai case un total de 8000 litros distribuídos nas parroquias circundantes só no ano 1584. En canto ao gran, repartíronse en total 42 fanegas de pan centeo e 20 fanegas de millo.

Sen dúbida, Xoán de Negreiros o Mozo debeu ser un gran negociante para a súa época e, polo tanto, acumulou grandes riquezas coas que fixo crecer as propiedades e rendas, pero tamén conservou bens materiais como é o caso das pezas de prata que posuía. Entre elas atopábanse cinco cuncas, dúas vinagreiras, un saleiro e unha pementeira e dous xerros. Tiña tamén unha cadea de ouro fino valorada en 150 ducados, e ouro e prata en dobróns e reais que valían máis de 4000 ducados en total.

4.2. As rendas da casa de Negreiros

As rendas que cobraba a Casa de Negreiros eran diversas, maioritariamente en parroquias do actual concello de Silleda, aínda que tamén noutros lugares máis afastados como Bascuas en Vila de Cruces, Anseán en Lalín ou mesmo Gurgueiro en Agolada. Foron case 100 rendas que se cobraban maioritariamente a colonos de terras aforadas, pero que tamén proviñan de parte das sinecuras de Negreiros, Vilar, Anseán e Gurgueiro. É de destacar que Xoán de Negreiros tiña o dereito de presentación total nas parroquias de Negreiros, Escuadro e Margaride, e a metade nas de Chapa, Rellas, Silleda e Siador. Unha terza parte do dereito de presentación da de Escuadro foille doada por Xerónimo Fraiz no ano 1595.

Para ter unha mellor idea do seu valor monetario, a información proporcionada polos taxadores nas partillas do defunto é vital. Desta forma, os ferrados de centeo e pan valorábanse en 44 reais e o ferrado de trigo en 55 reais, que tiña tamén o mesmo prezo que un par de capóns. Hai que ter en conta ademais, tal e como se recolle nas partillas, que unha fanega en terra de Trasdeza equivalía a seis ferrados. Con toda esta información construíuse a Táboa 7, que contén o resumo de todas as rendas de pan, trigo, centeo e capóns da Casa de Negreiros e o valor final do total en reais.

PARROQUIA	RENDAS	PAN	TRIGO	CENTEO	CAPÓNS	OUTRAS
Fiestras	1	-	-	12	2	-
Escuadro	11	20	-	159	12	-
Margaride	1	54	-	-	4	Lutuosas.
Siador	17	87	-	147	12	-
Cortegada	7	99	-	44	2	-
Ponte	15	51	-	160	2	-
Sáidres	7	30	48	-	10	-
Negreiros	5	72	-	128	2	-
O Castro	4	42	6	10	4	-
Breixa	3	12	6	9	2	-
Manduas	4	-	42	18	6	-
Silleda	7	-	-	120	-	-
Moalde	2	-	-	30	2	-
Taboada	1	-	-	144	4	-
Vilar	2	150	-	120	24	-
Chapa	1	-	-	24	2	-
Bascuas	1	-	33	-	4	200 peros.
Anseán	1	-	-	72	-	-
Gurgueiro	2	12	-	72	4	-
Mugares	1	-	-	-	-	6 canados de viño branco.
TOTAL	93	629	135	1269	98	-
VALOR	-	27676	7425	55836	2695	-

Táboa 7: Rendas da Casa de Negreiros no século XVII.

Fonte: Elaboración propia a partir de ARG 4443/2

Pódese ver como se percibían, nun ano ideal, algo máis de 2000 ferrados de cereais e case 100 capóns cebados. O equivalente en reais de todo o conxunto era de 93632. Co gallo de facer unha comparativa para ter unha idea da importancia destas rendas na xurisdición de Trasdeza podemos recorrer, por exemplo, a aquelas percibidas polo mosteiro de Carboeiro, obtidas dos Libros Cobradores (Seijas, M.M. 2001). É no período 1601-1650, enmarcado aproximadamente na época na que se comezan as partillas, cando se rexistran as maiores rendas do cenobio, que eran de 998 ferrados de centeo e 140 ferrados de trigo. Como se pode ver, á luz da táboa anterior, as rendas da Casa de Negreiros eran aproximadamente as mesmas en trigo, pero tiñan máis beneficio tanto en centeo como en pan.

5. O ESCRIBÁN XOÁN DE NEGREIROS E O SEU IRMÁN DOMINGO CABALEIRO

Para rematar este artigo, é necesario despejar un equívoco comunmente establecido ata o de agora acerca de Xoán de Negreiros o Mozo. Moitas veces interpretouse que este era a mesma persoa que un homónimo seu, escribán real e receptor do número da Real Audiencia en Santiago. Malia que é probable que gardasen algunha relación de parentesco ou de orixe, ambos os dous son persoas diferentes segundo queda testemuñado polos seus testamentos e outra documentación da época. O escribán deu o seu testamento en Santiago, ante Pedro Díaz de Valdevieso, o 29 de xaneiro de 1615 (AHUS S-823). Nel manda ser enterrado na Capela da Nosa Señora do Camiño e nomea como herdeira á súa muller María Oanes de Boado, filla de Macías Vázquez, tamén escribán, e Isabel Díaz de Cervela, polo que se ha de supoñer que non deixaron descendencia. Trátase, polo tanto, doutra persoa distinta do noso personaxe pois, como xa sabemos, Xoán de Negreiros o Mozo testou ante Pedro Xil Varela na súa casa de Negreiros en 1628 (ARG 4441/2).

Por outra banda, o escribán de Santiago, que chamaremos a partir de agora Xoán de Negreiros o Escribán para evitar confusións, figura ademais como irmán de Domingo Cabaleiro, tamén notario do número e cabido da cidade de Santiago. Así consta, por exemplo, nunha carta de pago dada precisamente

ao noso Xoán de Negreiros o Mozo por parte de Xoán de Negreiros o Escribán⁸ (ACS P 083), entre outras escrituras. Cabaleiro debeu comezar a súa andadura como escribán en Santiago sendo criado do notario Gonzalo da Regueira antes do 1573 (AHUS S-404), pois no ano 1574 comezan xa a rexistrarse os seus propios protocolos. En 1569 xa firmaba un rogo en lugar de Alonso de Sachocos, veciño de San Martiño de Negreiros, que fixo o seu testamento diante do mencionado Gonzalo da Regueira (AHUS S-353).

No relativo a Xoán de Negreiros o Escribán, este figura como cumpridor testamentario de Domingo Cabaleiro en varias escrituras do Arquivo da Catedral de Santiago. Domingo Cabaleiro faleceu en Santiago o 28 de xuño de 1596, de acordo cunha anotación do seu irmán (ACS P 127). Estaba casado con María Fernández de Deza, filla do patrón de Cervaña e vicario de Deza, Pedro Fernández de Deza. O dote para o casamento de ambos os dous foi de 600 ducados (ACS P 068).

Desta unión deixou Domingo Cabaleiro por fillos a Pedro e Antonia Fernández de Deza. O curador foi seu tío Antonio Fernández, crego de Abades e Martixe. A súa nai, María Fernández, casou en segundas nupcias co tamén escribán Pedro das Seixas e acordouse a voda entre o menor Pedro Fernández de Deza e María das Seixas, filla do secretario do Santo Oficio, Francisco Martínez Cervela, que pasou a ser o seu novo curador. Esta situación levaría a sucesivos preitos polos bens e curadoría do menor (ACS P 123).

No relativo á posible relación entre ambos os dous Xoán de Negreiros coincidentes no tempo, existen diversas posibles ligazóns. A primeira é, por suposto, a do nome e apelido de Negreiros, que aparece tamén nun dote concedido por Domingo Cabaleiro a Xenebra de Negreiros (ACS P 085), no que o escribán achegou 40 ducados e varios roupaxes, sendo proporcionados os 22 ducados restantes pola obra pía fundada polo Arcebispo Xoán de Tabera, polo que é posible que Xenebra de Negreiros fose orfa (García, S.R. 1994), e incluso aínda con estas características irmá de Xoán de Negreiros e Domingo Cabaleiro.

8. Precisamente nesa escritura refírense a Xoán de Negreiros de San Mamede do Castro como “o Vello” e ao escribán como “o Mozo”. De aí que cambiemos a terminoloxía para non causar equívocos.

Doutra banda, a relación entre ambos os personaxes debía ser cordial en certa medida, pois Xoán de Negreiros o Mozo pagou en 1581 sesenta ducados a Xoán de Oubiña Mariño, curador de Pedro de Prado, en nome de Xoán de Negreiros o Escribán por razón de 60 fanegas de centeo que lle foran arrendadas a este último (ACS P 083). Igualmente, Domingo Cabaleiro fíxolle unha obriga por cincuenta ducados dun préstamo que lle realizara (ACS P 108).

Non obstante, o punto clave que podería marcar esta relación vén dado tamén a través doutro apelido, o propio Cabaleiro neste caso. Está documentada neste artigo a existencia de Cabaleiros no lugar de Negreiros cunha máis que posible relación de parentesco con Xoán de Negreiros o Vello. Débese lembrar que a súa primeira muller foi Inés Cabaleira e que Alonso de Negreiros, veciño deles, dixo ser o seu cuñado e estaba casado con María Cabaleiro, que debía de ser polo tanto irmá da primeira. A familia de Xoán de Negreiros o Vello fixo partillas con eles ou comproulles propiedades en varias ocasións e un Alonso Cabaleiro foi o titor de Agustín e Xoán Fernández de Negreiros, netos de Xoán de Negreiros o Mozo. Porén, polo momento aínda que todo apunta a unha posible relación de parentesco entre todos estes personaxes, non se pode asegurar totalmente sen coñecer cales foron os proxenitores de Domingo Cabaleiro e Xoán de Negreiros o Escribán.

FONTES

- Arquivo da Catedral de Santiago (ACS). Protocolos notariais. Gonzalo de Reguera. P 068. Ano 1575.
- Arquivo da Catedral de Santiago (ACS). Protocolos notariais. Juan Rodríguez da Costa. P 123. Ano 1599.
- Arquivo da Catedral de Santiago (ACS). Protocolos notariais. Juan Rodríguez de Moíño. P 083, P 085, P 098 e P 108. Anos 1581, 1582, 1587 e 1591.
- Arquivo da Catedral de Santiago (ACS). Protocolos notariais. Pedro Díaz de Valdevieso. P 127. Ano 1596.

- Arquivo da Catedral de Santiago (ACS). Protocolos notariais. Pedro Lorenzo de Ben. P 005. Ano 1530.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Ansemil (San Paio): Foros. CLERO 840.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Protocolos notariais. Alonso García de la Vega. S-404. Ano 1573.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Protocolos notariais. Gonzalo de Reguera. S-353. Anos 1564-1570.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Protocolos notariais. Pedro Díaz de Valdevieso. S-823. Libro de testamentos. Anos 1615-1618.
- Arquivo do Reino de Galicia (ARG). Protocolos notariais. Álvaro Varela. Caixa 46874-3503. Ano 1584.
- Arquivo do Reino de Galicia (ARG). Real Audiencia 2848/32.
- Arquivo do Reino de Galicia (ARG). Real Audiencia 4441/2.
- Arquivo do Reino de Galicia (ARG). Real Audiencia 4443/2.

BIBLIOGRAFÍA

- Abeledo Penas, A. (2010). *O Foxo de Deza. Apuntes para unha débeda histórica: a súa revitalización*. Silleda: Centro de Documentación Municipal do Concello de Silleda.
- Buxán, C. G. (2006). *Os escudeiros de Cercio. Descendencia dunha estirpe medieval*. Lalín: Seminario de Estudos de Deza (*Colección Deza Básicos*, 9).
- García, S. R. (1994). “Casar doncellas pobres, paradigma de la caridad eclesiástica”. *Obradoiro de Historia Moderna* 3, 71-85.
- Fernandez Rey, Manuel (2013). “Juan de Negreiros: sus dominios, siglo XVI”, *Descubriendo. Anuario de Estudos do Deza* 12, 557-566.
- Saavedra, P. (2018). “El control de los patrimonios monásticos en la Galicia moderna”, *Historia Agraria* 74, 7-36.
- Seijas Montero, M. (2001). *Las tierras de Trasdeza en el siglo XVIII: dominio del priorato de Carboeiro*. Pontevedra: Deputación Provincial.

PROXECTO DO ARRANXO PARROQUIAL DO ARCIPRESTADO DE DEZA DE 1888-1889 (PREVIO AO DEFINITIVO DE 1891)

Xoán Carlos García Porral

Resumo

En 1891 produciuse o último grande arranxo e demarcación parroquial de varias dioceses segundo o artigo 24 do Concordato de 1851 entre o goberno da raíña Isabel II e o papa Pío IX. Ata chegar á solución final, fixéronse algúns borradores. O último, iniciado en 1888 pero rematado en marzo de 1889, foi realizado para o arcebispado de Deza, que inclúe todas as parroquias lalinenses. Alí pódense atopar os lugares pertencentes a cada parroquia, o número de veciños, a agregación e segregacións de matrices e anexos. Tamén aparecen as aldeas que forman parte dunha parroquia e despois doutra, así como a eliminación e creación de novas parroquias.

Palabras chave

Arciprestado de Deza, parroquias de Lalín, Diocese de Lugo

Abstract

In 1891, the last main parish revision and demarcation of several dioceses took place according to the Concordat article 24 of 1851 between the ruling of Queen Isabel II and Pope Pío IX. Until a final solution was reached, a number of drafts were written. The last one, started in 1888 but finished in March 1889, was made for the Archbishopric of Deza, and included all the parishes in Lalín. This draft documents places belonging to every parish, its population, the addition and segregation of territories and annexed land. It also includes small villages which were part of one parish and later of another, as well as the removal of parishes and creation of new ones.

Key Words

Archbishopric of Deza, parishes of Lalín, Diocese of Lugo

A *división eclesiástica* garda unha importante relación cos concellos xa que hai que ter en conta que a parroquia, territorialmente, foi a base sobre a que se asentaron os concellos constitucionais galegos e os seus lindeiros os que determinaron as extremas aos do correspondente termo municipal (Fariña 1990: 83). Ao establecérense os novos concellos constitucionais, as

autoridades eclesiásticas e civís, bispos e gobernadores, intentaron adaptar a división parroquial á municipal. A organización territorial da Igrexa, dividida en dioceses, arciprestados e parroquias, non se axustaba, nin se axusta, á división territorial civil da Comunidade. Mesmo os límites das dioceses tampouco coinciden cos das provincias.

1. PRECEDENTES

1.1.- Do “Condado de Deza” á “Xurisdición de Deza”

En Galicia, as divisións parroquial e arciprestal tiveron moi poucas alteracións dende o ano 1587 ata datas recentes, a non ser nas derradeiras décadas co incremento da poboación urbana e o despoboamento do rural. Deste xeito, case todas as parroquias de Lalín formaron sempre parte do Arciprestado de Deza, Diocese de Lugo. A relación destas parroquias do Concello con esta Diocese remóntanse a finais do século VI e principios do VII, na que foi constituído o Condado de Deza, unha das divisións da diocese lucense, nun concilio celebrado en Lugo no ano 569, sendo bispo Nitigio. Xa no século XVII, as terras de Deza aparecen divididas en cotos e xurisdicións pertencentes ás provincias de Santiago e Lugo. Desta última formou parte a Xurisdición de Deza, que practicamente comprendía as terras das parroquias que hoxe forman parte do concello lalinense, ademais das parroquias de O Sisto e Sanguinedo (que pasaron a Dozón), Toiriz e Asorei (que pasaron a Vila de Cruces) e Parada de Laro (que se integrou en Silleda). En 1833, esta xurisdición pasou a denominarse Concello de Lalín (Vázquez 1989: 191).

1.2. A relación das parroquias do Arciprestado de Deza de 1755

A demarcación do arciprestado de Deza coñecémola dende 1645, época na que figuraban na Diocese un total de 39 arciprestados (López 2002: 372-373). Pero a primeira relación documentada sobre as parroquias que o formaban non a temos ata o ano 1755, sendo incluída no libro titulado *Razón universal de todas las piezas eclesiásticas de este Obispado de Lugo*, documento oficial cuxo contido foi provocado polo regalismo borbónico coa tramitación do Concordato de 1753 entre a España de Fernando VI e a Santa Sé de Bieito XIV (García Conde 1991: 741ss).

Segundo esta relación, son 50 as parroquias que formaban parte do Arciprestado de Deza, das que 49 pertencen ao Concello de Lalín (a número 50 é San Pedro de Espiñeira, que é do Irixo), que serían 51 se aparecese reflectida a de Alemparte, daquela formando parte do arciprestado de Camba, e Rodís, que non aparece na lista.

RELACIÓN DAS PARROQUIAS NO INVENTARIO DE 1755		
	PARROQUIA PRINCIPAL OU ÚNICA	ANEXOS
1	ALBARELLOS	
2	BARCIA	ANSEÁN
3	BENDOIRO	PRADO
4	BERMÉS	VAL
5	BOTOS	A XESTA
6	CADRÓN	PALIO
7	CERCIO	CELLO
8	DONRAMIRO	DONSIÓN / LALÍN (de ARRIBA)
9	<i>ESPIÑEIRA</i>	LEBOZÁN / ZOBRA
10	FILGUEIRA	SANTISO
11	GALEGOS	CAMPOSANCOS
12	GOIÁS	A PENA
13	GRESANDE	CRISTIMIL
14	LOSÓN	BUSTO
15	MACEIRA	CASTRO DE CABRAS
16	MÉIXOME	MADRIÑÁN
17	MONEIXAS	CATASÓS
18	MUIMENTA	PARADA / ALPERIZ
19	NOCEDA	ANZO
20	PALMOU	CANGAS / SELLO / ERBO / FONTECABALOS
21	SOUTOLONGO	
22	VILANOVA	DOADE / LODEIRO
23	VILATUXE	

2. O PROXECTO DE 1888¹

Os arranxos parroquiais establecéronse no artigo 24 do Concordato de 1851 entre a Raíña Isabel II e o Papa Pío IX. Este artigo reza así:

A fin de que en todos los pueblos del reino se atienda con el esmero debido al culto religioso y a todas las necesidades del pasto espiritual, los MM. RR. arzobispos y RR. obispos procederán desde luego a formar un nuevo arreglo y demarcación parroquial de sus respectivas diócesis, teniendo en cuenta la extensión y naturaleza del territorio y de la población, y las demás circunstancias locales, oyendo a los cabildos catedrales, a los respectivos arciprestes y a los fiscales de los tribunales eclesiásticos, y tomando por su parte todas las disposiciones necesarias a fin de que pueda darse por concluido y ponerse en ejecución el precitado arreglo, previo el acuerdo del Gobierno de S. M., en el menor término posible.

Entre o 1851 e o 1891 realizáronse tres proxectos (1856, 1867 e 1888) para darlle cumprimento ao establecido no citado artigo. Nós só reproduciremos aquí o último deles, no que os cambios que se propoñían case se cumpriron nun 100% con respecto á delimitación actual das parroquias de Lalín. Concretaremos esas variacións e deixaremos constancia dos motivos que se argumentaron para facer segregacións e/ou agregacións de parroquias e lugares. No proxecto queda constancia da parroquia matriz obxecto de arranxo, así como do seu anexo (*ayuda*). En cada unha delas, enuméranse os lugares que a forman ou a conformarán e o número de veciños (casas) que compoñen cada parroquia. Nalgunhas, tamén se refiren as agregacións ou segregacións que se teñen previsto realizar, así como un apartado de observacións no que se razoan os motivos destas modificacións.

2.1. Presentación do proxecto

En cumprimento de lo que dispone y manda la Circular de su Señoría Ilma. y Rvma de 10 de Noviembre último, relativa al Arreglo Parroquial, he convocado la junta del Clero de este Arciprestazgo, a fin de nombrar en ella los dos Señores Párrocos que han de acompañar al Arcipreste que

1. O documento orixinal do *Proyecto de Arreglo Parroquial del Arciprestazgo de Deza* foi facilitado por Óscar González Murado, Director do Arquivo Diocesano de Lugo.

suscribe en tal operación. En dicha junta despues de haver conferenciado lo necesario y conveniente resultaron elegidos por mayoría de votos los señores Lic. Don Francisco Tallón, y Don Dámaso Mato, parrocos de San Juan de Tuiriz y Santiago de Sello, quienes asociados del que suscribe, hemos visitado la mayor parte de las parroquias del distrito, informándonos bien de las distancias, dificultad de caminos, y más ciscunstancias necesarias, siendo el resultado el siguiente.

Cercio 25 de Diciembre de 1888

2.2. O proxecto por parroquias

2.2.1. Proyecto de Arreglo Parroquial de S. Esteban de Barcia:

San Esteban de Barcia (matriz):

- Pueblos que la forman: Afonsis, Amboade, Barcia, Jar, Outeiro, Rivela
- Vecinos: 95
- Agregaciones y su procedencia: Se agregan a esta parroquia los cuatro vecinos del lugar de Afonsis perteneciente a San Lorenzo de Villatuge por las razones que se dirán abajo en las obervaciones

San Andrés de Anseán (ayuda):

- Pueblos que la forman: Alén, Anseán, Soutullo, Ulleiro, Vilela
- Vecinos: 48

Observaciones:

En este proyecto se agregan a S. Esteban de Barcia los cuatro vecinos del lugar de Afonsis, pertenecientes a San Lorenzo de Villatuge. Cierito es que este lugar dista de Villatuge 766 metros, y de Barcia 1387 metros; y que componiendose de seis vecinos, solo dos de estos pertenecen a Barcia. Esto no obstante la Comisión, en el proposito de que desaparezca la anomalía de pertenecer dicho pueblo a dos parroquias, ha resuelto agregarlo en su totalidad a Barcia. 1º) Por que su posición topográfica contribuye a que se oigan mas facilmente en él las campanas de Barcia, que las de Villatuge.

2º) Porque el Templo de Barcia ofrece mayor comodidad por su magnificencia y por el menor numero de vecinos que en el se reúnen. 3º) Porque son muchos los beneficios que la Iglesia de Barcia ha recibido de los parroquianos de Afonsis, especialmente de la Casa del difunto Sr. Canónigo Honorario D. Andrés Ramos. Quien ha reconstruido su espaciosa nave, levantando su elevada y esbelta torre, costeados Confesionarios, retocando esculturas que la decoran, y regalado las preciosas vestiduras sacras y muchísimas alajas que posee en abundancia. No ha sido solo este miembro ilustre de tan noble familia el que elevó a tal esplendor y grandeza la Iglesia de Barcia, pues también su Señor hermano D. Ignacio, residente en Buenos Aires, hizo el generoso desprendimiento de regalar las sonoras y armoniosas campanas, que penden de sus remates. Siendo pues, la Iglesia no solo agradecida, es que también remuneradora de sus bienhechores, es de sentir la Comisión, que, a evitar por una parte el que el mencionado Afonsis continúe perteneciendo a dos parroquias distintas, y por otra el rudo golpe de separar de Barcia dos vecinos, cuyos nombres están esculpidos de relieve en este templo, deben ser agregados los de Villatuge a Barcia. 4º) Por que los once vecinos de Jar pertenecientes a Barcia, de donde no quieren en manera alguna segregarse, se sirven de su Iglesia por los terminos del lugar de Afonsis, y es una improcedencia el que un lugar de una parroquia tenga que pasar por parroquia distinta para sus funciones y ministerios espirituales.

2.2.2. Proyecto de Arreglo Parroquial de San Miguel de Bendoiro:

S. Miguel de Bendoiro:

- Pueblos que la forman: Bendoiro, Campo, Castro, Empedrada, Iglesia, Jubin, Laje, Pedrouzos de Abajo, Pedrouzos de Arriba, Vilar do Rio, Vilasoa
- Vecinos: 145

San Martín de Prado (ayuda):

- Pueblos que la forman: Borralla, Iglesia, Jesteira, Liñares, Moldes, Outeiro, Prado, Pradujao
- Vecinos: 95

2.2.3. Proyecto de Arreglo Parroquial de Santa María de Bermés:

S. María de Bermés (matriz):

- Pueblos que la forman: Bermes do Fondo, Camino Real, Campo, Iglesia, Lamela, Ois Grande, Ois Pequeno, Orjás, Regado, Riádigos, Viento de Arriba
- Vecinos: 94

S. Andrés de Vale (ayuda):

- Pueblos que la forman: Abonjo, Carrio, Rigueira, Vale
- Vecinos: 23
- Segregaciones y su tendencia: Se segregan de esta parroquia los siete vecinos del lugar de Mato para agregarlos a Santiago de Cercio, mediante lo han solicitado ellos mismos en atención a la menor distancia y mejor camino.

2.2.4. Proyecto de Arreglo Parroquial de San Juan de Botos:

S. Juan de Botos (matriz):

- Pueblos que la forman: Ateán, Botos, Bouza, Casarón, Fontao, Lamela, Padrón, Porto, Riveira, Reguengo, Sestelo, Somoza, Vaján, Vilamayor, Vilar
- Vecinos: 128

S. Pedro Feliz de Gesta (ayuda):

- Pueblos que la forman: Carreiras, Carrás, Devesa, Ferverza, Gesta, Medelo, Navallo, Pazo, Pontenoufe, Sanfiz, Sante, Vila
- Vecinos: 118

Observaciones:

La parroquia de Santa Eulalia de Donsión distante de su matriz Lalín 4 kilometros esforzados, y de Botos solamente dos, debiera en buen arreglo

ser ayuda de San Juan de Botos. Y en este caso la de San Pedro Feliz unirse a S. Juan de Villanueva. Empero, vista la tenaz oposición de todos los vecinos de Donsión en pertenecer a la de Botos, especialmente la de la familia de Don Jose Blanco, que es la que lleva el timón de la política en el distrito de Lalín, la Comisión preveendo un obstaculo poderoso a la aprobacion de un arreglo que involviere tal modificación, deja las cosas en su primitivo estado.

2.2.5. Proyecto de Arreglo Parroquial de Santiago de Cercio:

Santiago de Cercio (matriz):

- Pueblos que la forman: Cercio, Girón, Iglesia, Loucenzo, Mato, Pallotas, Santavaya
- Vecinos: 84
- Agregaciones y su procedencia: Se agregan a esta parroquia los vecinos del lugar de Mato, así los que pertenecen a S. Cristobal de Camposancos, como los que pertenecen a S. Andres de Vale. 1º) Porque debe desaparecer la anomalía de que este lugar continúe siendo de dos parroquias. 2º) Por que la mayor parte de sus vecinos lo han solicitado en el mismo sentido. 3º) Por que dicho lugar dista de Cercio mitad menos que de las parroquias a que hoy día pertenece. Así bien se agregan el lugar de Santavaya y los vecinos de Girón pertenecientes todos a Sta Eulalia de Palio por razones que se dirán en las obsevaciones.

San Martin do Cello (ayuda):

- Pueblos que la forman: Cello, Cornado, Pazos

Observaciones:

El presente proyecto suprime la Iglesia de Santa Eulalia de Palio, unida a S. Esteban de Cadrón. 1º) Por que veintidos de sus vecinos equidistan de la de S. Julian de Rodis. 2º) Por que los restantes once vecinos, contenidos en los pueblos de Santavaya y Girón deben pertenecer a Cercio.

3º) Por que los tres de Girón, siendo éste lugar de dos parroquias y equidistando de Cercio, deben ser arrastrados a esta parroquia por el mayor numero. 4º) Por que los ocho vecinos de Santavaya distan de Cercio menos de 2500 metros. 5º) Por que siendo la Misa alternativa entre Rodis y Palio es una anomalía obligar a treinta, o, si se quiere, a cuarenticinco vecinos de Rodis a recorrer la distancia de dos a tres kilometros, y algunos más, para aprovecharse del pasto espiritual en Santa Eulalia en los días alternados. 6º) Por que además de que Santa Eulalia, o Santavaya es un reberbedero de calor en verano y un pozo de aguas en invierno, su Iglesia es inservible. 7º) Por que los referidos once vecinos de Santavaya y Girón acostumbran recurrir a Cercio en los días que no les corresponde la Misa.

2.2.6. Proyecto de Arreglo Parroquial de Santa Marina de Cangas y S. Julian de Rodis:

Santa Marina de Cangas:

- Pueblos que la forman: Cancelas, Cangas, Casanova, Esguiza, Montrigo, Vila
- Vecinos: 43
- Agregaciones y su procedencia: Se agrega a esta parroquia el lugar de Cangas perteneciente a S. Julian de Rodis. 1º) Por que es el único que dá nombre a dicha parroquia. 2º) Por que dista mitad menos que de Rodis. 3º) Por que entre dicho lugar y la Iglesia de Rodis media el Rio de la Fabrica cuyas frecuentes crecientes interceptan el paso.

San Julian de Rodis:

- Pueblos que la forman: Fabrica, Hermida, Palio de Abajo, Palio de Arriba, Raña, Rodis de la Iglesia, Rodis del Medio
- Vecinos: 62
- Segregaciones y su tendencia: Se segrega de esta parroquia el lugar de Cangas, para unirlo a Santa Marina de Cangas por las razones arriba indicadas.

Observaciones:

Se unen estos dos anejos, pertenecientes el primero a Santiago de Sello y el segundo a S. Esteban de Cadrón, distantes entre si 2200 metros, por exigirlo así la buena administración del pasto espiritual en ambas parroquias. 1º) Por que los veintiocho vecinos de Santa Marina de Cangas distan de la matriz Sello lo menos cuatro kilometros. 2º) Por que estos vecinos deben tener Misa continua por las razones que se indican en este proyecto al tratar de las segregaciones de Sello. 3º) Por que es indispensable que San Julian de Rodis sea tambien segregado de su matriz Cadrón por razones indicadas hablando de las segregaciones de Cadrón. Y como las dos deben tender al punto mas cercano, por eso la comisión creé deben unirse entre si con las condiciones arriba señaladas.

2.2.7. Proyecto de Arreglo Parroquial de San Pedro Feliz de Espiñeira:

S. Pedro Feliz de Espiñeira (matriz):

- Pueblos que la forman: Candosa, Carballeda, Couso, Espiñeira, Munín, Santas
- Vecinos: 94

Santa Marina de Zobra (ayuda):

- Pueblos que la forman: Ameijedo, Cabaña, Cantiño, Chedas, Iglesia, Liñeiras, Portela, Portomartin, Trigueira, Zobra
- Vecinos: 75

Santiago de Lebozán (ayuda):

- Pueblos que la forman: Bustelo, Carrofeito, Castiñeira, Espiño, Hermida, Lebozán, Samprizón
- Vecinos: 57
- Agregaciones y su procedencia: Se agrega a esta parroquia el lugar de Bustelo perteneciente a San Pedro de Doade de Villanueva por estar mucho más cercano.

2.2.8. Proyecto de Arreglo Parroquial de Santa María de Filgueira:

Sta. María de Filgueira (matriz):

- Pueblos que la forman: Cardejia, Cima do Alle, Espiño, Fondo do Alle, Hermida, Iglesia, Outeiro, Porto do Alle, Rivas Altas, Vilar
- Vecinos: 100

S. Román de Santiso (ayuda):

- Pueblos que la forman: Arriba, Iglesia, Porrál, Santiso do Fondo, Seijo, Taberna, Vila, Vilariño
- Vecinos: 90

2.2.9. Proyecto de Arreglo Parroquial de S. Miguel de Galegos:

S. Miguel de Galegos (matriz):

- Pueblos que la forman: Campo de Agrelo, Galegos, Penas, Toimil
- Vecinos: 48

S. Cristobal de Camposancos (ayuda):

- Pueblos que la forman: Camposancos, Chares, Goleta
- Vecinos: 27
- Segregaciones y su tendencia: Se segregan de esta parroquia los once vecinos del lugar de Mato para unirlos a la parroquia de Santiago de Cercio por haberlo solicitado ellos mismos en atención a la menor distancia y mejor camino.

2.2.10. Proyecto de Arreglo Parroquial de San Miguel de Goyás:

S. Miguel de Goyás (matriz):

- Pueblos que la forman: Beilás, Casanovas, Casares, Cazome, Cotarelo, Delaparte, Iglesia, Palmaz, Pareizo, Ponte, Porcallos, Revoira, Santón, Tojo, Veiga

- Vecinos: 202

S. Cristobal da Pena (ayuda):

- Pueblos que la forman: Barreira, Carragoso de Arriba, Casanova, Jaján, Pena, Souto
- Vecinos: 44
- Segregaciones y su tendencia: Se segregan de esta parroquia los lugares de Carragoso de Abajo, Corredoira, Garcia-Sanchez, Feás, Pontillón y Portaceiro para unirlos a la parroquia de Lalín. 1º) Por la menor distancia y mejores caminos. 2º) Por que así lo han solicitado los vecinos en su mayor parte.

Observaciones:

Al Nordeste de la Iglesia de Goyas, y a la distancia de cuatro a cinco kilómetros de la misma se halla la hermita de S. Ramón da Veiga, esta en los terminos de la parroquia de Goyás. En sus inmediaciones se hallan los lugares de Ponte y Veiga pertenecientes a dicha parroquia, que dán un total de catorce vecinos; los que unidos a veintidos del lugar de Carballeda, perteneciente a S. Lorenzo de Muimenta, de donde distan 2500 metros, y se hallan a menos de un kilómetro de la referida Ermita, formarán una parroquia de treintiseis vecinos en la mencionada de San Ramón; y de esta manera hacerse acreedores a la Misa y mas beneficios espirituales en la subsodicha Ermita.

La parroquia de la Pena se deja por ayuda de Goyás con la condición de ser trasladada la actual Iglesia a la Ermita de Jajan, según ya lo tiene prevenido el Ilmo. y Rvmo. Obispo. No siendo asi, la Comisión es de sentir se suprima esta Iglesia agregando todos lo lugares a la matriz de Goyas; y se eriga en ayuda de Goyás la que se forme en la dicha S. Ramón da Veiga.

2.2.11. Proyecto de Arreglo Parroquial de Santiago de Gresande:

Santiago de Gresande (matriz):

- Pueblos que la forman: Gresande, Insua, Porreiros, Ramil, Souto, Vales
- Vecinos: 78

- Agregaciones y su procedencia: Se agrega a esta parroquia la Casa del lugar de Insua, conocida por el nombre do Alto, perteneciente a la unida Cristimil, por cuanto los demas vecinos pertenecen a esta parroquia

S. Jorge de Cristimil (ayuda):

- Pueblos que la forman: Barreira, Cristimil de Abajo, Cristimil de Arriba, Gundufe, Lucenza, Mato, Quinta, Sanjorge
- Vecinos: 102
- Segregaciones y su tendencia: Se segrega de esta parroquia la Casa del lugar de Insua, conocida por el nombre do Alto, para agregarla a Santiago de Gresande por estar mas cercana a esta; y por el mejor camino.

2.2.12. Proyecto de Arreglo Parroquial de Santa Eulalia de Losón:

Sta. Eulalia de Losón (matriz):

- Pueblos que la forman: Alle, Brenzos de Abajo, Brenzos de Arriba, Corpiño, Devesa de Abajo, Devesa de Arriba, Lameiro, Losón, Milleirós, Montouto, Outeiro, Rivas, Samartin do Ermo, Senín, Souto
- Vecinos: 133
- Segregaciones y su tendencia: Se segrega de esta parroquia el lugar de Porto do Carrio para unirlo a Santiago de Fontao.

S. Facundo de Busto (ayuda):

- Pueblos que la forman: Cagides, Lamparte, Sestos, Souto
- Vecinos: 32

2.2.13. Proyecto de Arreglo Parroquial de Santa María de los Dolores de Lalín:

Sta. María de los Dolores de Lalín (matriz):

- Pueblos que la forman: Alfonselle, Agruchave, Carballeira, Carragoso de Abajo, Corredoira, Feás, Filgueiroa, Garcia-Sanchez, Iglesia,

Lagazós, Lalín, Outeiriño, Penela, Pontillón, Portaceiro, Revoredo, Rigueiriño, Rio, Trascastro, Villa de Lalin

- Vecinos: 284
- Agregaciones y su procedencia: Se agregan a esta parroquia los lugares de Carragoso de Abajo, Corredoira, Garcia Sanchez, Feás, Pontillón y Portaceiro, pertenecientes a S. Cristobal da Pena por haberlo así solicitado los mismos en atención a la menor distancia.

Sta. Eulalia de Donsion (ayuda):

- Pueblos que la forman: Bergazos, Carballude, Donsion, Estivelle, Fondovila, Iglesia, Pena
- Vecinos: 72

Observaciones:

El presente proyecto de arreglo suprime las iglesias de Donramiro y Lalín, erigiendo en Iglesia parroquial la Ermita sita en el centro de la Villa de Lalin. Al tomar éste acuerdo la Comisión, tuvo en cuenta que la mayor parte de los lugares que comprenden ambas parroquias distan de la Villa menos de un kilómetro; y que las dichas Iglesias estan tambien distantes de la mencionada Ermita menos de un kilómetro.

La parroquia de Donsión debiera pertenecer, o ser ayuda de Botos, de donde dista mitad menos que de Lalin. Mas vista la tenaz resistencia que todos los vecinos de la misma, y especialmente la familia de D. Jose Blanco, presentan en ser segregados del Curato de Lalin; y visto que de aqui puede, efecto de la poderosa influencia de los Blancos en Política Gobernante, surgir un poderoso obstaculo, que estorbe la aprobación del Arreglo, la Comisión deja esta parroquia en su primitivo estado.

2.2.14. Proyecto de Arreglo Parroquial de San Pedro de Losón:

S. Pedro de Losón (matriz):

Artoño (Santa Eulalia)	042	200
Berredo (Santa María)	031	163
Borraxeiros (San Cristóbal)	074	407
Ydián (Santiago)	030	180
Basadre (Santa María)	012	060
Basadre (San Esteban)	006	030
Ramil (San Martín)	015	075
Brántega (San Lorenzo)	033	165
Órrea (San Andrés)	032	160

Agra (San Miguel)	014	070
Sejo (Santiago)	014	073
TOTAL	642	3233

Este ayuntamiento se compone de veinte y cuatro parroquias, y en ellas seiscientos y cuarenta y dos vecinos, y tres mil doscientas y tres almas. Son sus límites y demarcaciones por el naciente con la montaña de Farelo y la nombrada da Pena que la separan del partido de Taboada.– Norte con el río Ulla que le separa del partido de Arzúa y con los puentes Ramil, Basadre, Arcediago, Mourazos y Nuevo.– Mediodía y poniente con el río Arnego, ayuntamiento de Lalín y Carbia, y con los puentes Arnego, Toiriz, Carmuega, Bilariño y Caballos. Tiene las poblaciones de su comprensión encadenadas entre sí y es la circunferencia de la capital sin que la mayor distancia del pueblo a que pertenece cada una de ellas esceda a más de a legua y media ni se observe otra alguna particularidad de consideración para su establecimiento que merezca atestarse por los comisionados que subscriben. José Ulloa Pimentel. José María Teijeiro. Manuel Costa Varela. Pedro Caxide. José María Osorio Rivadeneira. José Crespo.

Partido judicial de Lalín. Ayuntamiento de Chapa

PARROQUIA	VECIÑOS	ALMAS
Chapa (San Ciprián)	022	110
Parada (San Tomé)	054	270
Refoxos (San Pelagio)	027	135
Laro (San Salvador)	073	365
Oleiros (San Miguel)	042	210
Cortegada (Santa María)	076	380
Taboada (Santiago)	050	250
Vilar (San Martín)	051	255
Siador (San Miguel)	038	190
Silleda (Santa María)	092	460
Fiestras (San Martín)	042	210
Graba (Santa María)	126	630

Escuadro (San Salvador)	190	950
Moalde (San Mamed)	074	370
Rellas (San Martín)	018	190
Margaride (San Pedro)	026	130
Negreiros (San Martín)	041	205
Ponte (San Miguel)	032	160
Manduas (San Tirso)	052	260
Breja (Santiago)	030	150
Martige (San Cristóval)	020	100
Ansemil (San Pedro)	026	130
Pazos (San Martín)	017	185
Sáidres (San Juan)	051	255
Abades (Santa María)	027	135
Carboeiro (Santa María)	033	165
Gestoso (Santa María)	016	180
Lamela (San Miguel)	070	350
Dornelas (San Martín)	074	370
Castro (San Mamed)	016	180
Cira (Santa Eulalia)	097	485
Ansemil (San Pedro)	027	135
Piñeiro (San Julián)	084	420
Cerbaña (San Salvador)	033	165
Castro (San Miguel)	050	250
TOTAL	1797	9345

Este ayuntamiento se compone de treinta y cinco parroquias, y en ellas mil setecientos noventa y siete vecinos, y nueve mil trescientos y cuarenta y cinco almas como ba manifestado; sus límites y demarcaciones por el naciente con el río Deza y Puente Taboada, que le separa del ayuntamiento de Lalín; mediodía con la montaña nombrada de la Rocha que lo separa del partido de Tabeirós.— Poniente con el río Ulla y puente del mismo

nombre y por el norte con el río y puente Cira, en donde se considera útil el establecimiento de un teniente de alcalde, por ser punto de tránsito público. Los pueblos agregados a este dicho ayuntamiento están lo posible reunidos y a la circunferencia de su capital; sin que se observe otra alguna particularidad de consideración para su establecimiento que merezca atestarse por los comisionados que subscriben. José Ulloa Pimentel. José María Teijeiro. José Crespo.

Partido judicial de Lalín. Ayuntamiento de Carbia

PARROQUIA	VECÍÑOS	ALMAS
Carbia (San Juan)	095	465
Losón (San Pedro)	030	140
Bodaño (San Mamed)	025	115
Fontao (Santiago)	020	096
Merza (Santa María)	085	420
Oirós (Santa María)	028	132
Asorei (Santa María)	007	034
Portodemouros (San Salvador)	018	085
Dujame (San Miguel)	018	086
Loño (San Mamed)	024	110
Larazo (San Juan)	040	195
Ynsua (San Tomé)	100	485
Piloño (Santa María)	086	425
Salgueiros (San Pedro)	020	096
Ollares (Santa María)	014	070
Obra (San Tomé)	034	166
Brandariz (San Miguel)	060	295
Gres (Santiago)	033	138
Añobre (Santiago)	023	116
Bascuas (Santa María)	032	233
Sabrejo (Santa María)	038	260
Camanzo (San Salvador)	112	550

Arnego (Santa María)	016	075
Cumeiro (San Pedro)	038	185
Ferreirós (San Ginés)	014	066
Vesejos (San Feliz)	028	130
Lugar de Cortizada	013	060
Lugar de Pastoriza	011	052
TOTAL	1060	5320

Este ayuntamiento se compone de mil sesenta vecinos y cinco mil trescientos veinte almas en veinte y seis parroquias y dos lugares. Sus demarcaciones por el nacimiento con el río Arnego, que le separa del ayuntamiento de la Golada; por el norte con el río Ulla, que le separa del partido de Arzúa; mediodía y poniente con el río Deza y además le separan los puentes San Justo, Basebe y Remisquibe sobre la Ulla que le separa del partido de Arzúa, por el norte; y con los puentes Arnego y Toiriz que le separan de la Golada por el nacimiento, y la colocación de los pueblos de que ba compuesto justamente arreglada, reunidas sus parroquias a la circunferencia de la capital en grado que la mayor distancia del pueblo a que pertenece cada una de ellas la es de a legua y legua y media, sin que se observe otra alguna particularidad de consideración para su establecimiento que merezca atestarse por los comisionados que subscriben. José Ulloa Pimentel. José María Teijeiro. Manuel Costa Varela. Pedro Caxide. José María Osorio Rivadeneira. José Crespo.

Partido judicial de Lalín. Ayuntamiento de Lalín.

PARROQUIA	VECINOS	ALMAS
Lalín (San Martín)	43	212
Donramiro (Santa María)	44	216
Pena (San Cristóval)	34	166
Albarellos (Santa María)	10	50
Maceira (San Martín)	24	118
Goyás (San Miguel)	117	568
Filgueira (Santa María)	57	225
Fuente Cabalos (San Mamed)	8	36

A división municipal do partido xudicial de Lalín (1835-1836)

Moimenta (San Lorenzo)	26	124
Parada (Santa María)	7	36
Alperiz (San Pedro)	10	48
Cadrón (San Estevan)	15	72
Rodís (San Julián)	16	77
Cangas (Santa Marina)	13	63
Palio (Santa Eulalia)	16	74
Cercio (Santiago)	21	102
Cello (San Martín)	14	68
Sello (Santiago)	32	156
Erbo (San Pedro)	19	92
Vermés (Santa María)	30	144
Palmou (San Juan)	25	130
Vale (San Andrés)	17	79
Losón (Santa Eulalia)	31	150
Anzo (San Juan)	32	158
Noceda (Santa María)	54	263
Madriñán (San Adriano)	24	100
Busto (San Facundo)	18	84
Méijome (Santiago)	28	134
Santiso (San Román)	37	181
Bendoiro (San Miguel)	75	368
Prado (San Martín)	24	120
Donsión (Santa Eulalia)	58	282
Botos (San Juan)	80	393
Villanueva (San Juan)	72	353
Jesta (San Feliz)	52	215
Moneijas (San Adriano)	33	163
Catasós (Santiago)	80	392
Sanguñedo (Santa María)	37	179

Zobra (Santa Marina)	36	170
Lebozán (Santiago)	31	148
Villatuge (San Lorenzo)	99	485
Barcia (San Estevan)	51	210
Anseán (Santiago)	24	116
Gresande (Santiago)	45	221
Cristimil (San Jorge)	46	230
Sotolongo (Santa María)	49	244
Lodeiro (San Pelagio)	40	197
Doade (San Pedro)	47	235
Toirís (San Juan)	96	470
Galegos (San Miguel)	27	129
Campos Ancos (San Cristóval)	18	084
Sisto (San Juan)	50	203
Castro (San Pedro)	22	106
Alemparte (Santa María)	11	56
O (San Salvador)	104	520
Dozón (Santa María)	57	285
Sa (Santiago)	40	200
Vilarello (San Andrés)	21	105
Maceiras (San Remigio)	23	115
Mosteiro (San Pedro)	7	35
Vidueiros (Santa María)	30	150
TOTAL	2307	11105

Este ayuntamiento se compone de sesenta y una parroquias y en ellas se contienen dos mil trescientos siete vecinos y once mil ciento cinco almas, como se reconoce siendo sus límites y demarcaciones por el norte con el río Arnego, puente Vilariño, Toyrís, Carmoega y Caballos, naciente con el puente Pedroso que le separa del ayuntamiento de Rodeiro, mediodía con la montaña nonbrada del Maranís y partido del Carballino, poniente con el río Candán, también Deza, y con el Puente Taboada, que le separa del

ayuntamiento de Chapa, y aunque parece de estensa población, se considera conveniente por ser el de cabeza de partido y estar las parroquias enlazadas entre sí, y no mui distantes de la capital del ayuntamiento, y de la del partido judicial. Asimismo, se gradúa útil, el establecimiento de un teniente de alcalde radicable en el pueblo de San Salvador de la O, por ser punto de tránsito público, sin que se observe otra alguna particularidad de consideración para su establecimiento que merezca atestarse por los comisionados que subscriben.

En vista das reticencias expostas polo gobernador da provincia a José Ulloa Pimentel por crear uns concellos tan grandes, este xustifica esta división nun oficio do 21 de outubro de 1835 cos seguintes argumentos:

En vista del oficio de V.S. fecha 21 del corriente en que se sirbe prevenirme proceda de nuevo en unión con los demás comisionados que la mayor parte se allan ausentes y enfermos y a refundir la división de ayuntamientos de este partido, aumentando otros tres, o cinco; debo manifestarle que no cruzando por medio de dichos ayuntamientos así multiplicados ríos caudalosos y ásperas montañas contemplo impracticable su multiplicación, guardándose las otras circunstancias de que las capitales de cada uno sean lugares de alguna comodidad y no medien distancias notables de los más pueblos al de la capital.

Por otra parte, reducidos a pequeña población los referidos ayuntamientos en este país tienen que resultar varios en que no haya una persona regular para alcalde ni regidores, fiados de consiguiente estos cargos municipales a paisanos toscos, que cual a máquinas un escribano, un curial, o picapleitos cualquiera los dirija haciendo lo que le dé la gana, esta verdad se conoció aquí bien cuando la constitución del año de 20, por estar dividido el distrito en muchos ayuntamientos. La división en solos cinco que hemos formado evita todos estos males, y me parece la más conforme según las circunstancias del país; pero si no obstante todo debe aumentarse el número de ayuntamientos, se servirá V.S. devolverme los diseños de los cinco que reformaron, aunque repito, no lo contemplo acertado.

Finalmente, esta proposta foi estudada tanto pola Deputación Provincial como pola Xunta de Armamento e Defensa en sesión do día 18 de decembro de 1836 e aprobada, coa única modificación de crear un novo concello, o de Dozón, por considerar excesivamente grande o de Lalín, desbotando todas as outras reclamacións de concello propio formuladas no

mes de outubro de 1835, principalmente. Nesta decisión foi fundamental a opinión favorable de Juan José Órrea⁵, deputado provincial, e de Benito Espinosa Varela, vocal da Xunta de Armamento e Defensa⁶:

La comisión presenta a V.E. el arreglo de los antecedentes ayuntamientos, fundándose en el dado por el alcalde don José Ulloa Pimentel con acuerdo de los comisionados nombrados al efecto. No hay duda que a primera vista parecen de una larga dimensión, mas en las circunstancias en que se halla aquel partido en estado de sitio, no hay personas de capacidad para componer los ayuntamientos por haberse trasladado a puntos tranquilos, pero la comisión en el proyecto que presenta ha procurado arreglarse a unas demarcaciones naturales, sin perjuicio de que a lo subcesibo dentro de los mismos puedan subdividirse. No obstante, ha tenido en consideración a las esposiciones de los vecinos de Dozón y San (Juan) de Sisto, y por esto les ha demarcado el ayuntamiento que se reconoce, agregándole la parroquia de Sanguñedo. Todas las otras esposiciones que existen en el expediente son efecto del descuido con que se miró en asunto de tanta gravedad, pues viéndose los pueblos abandonados, clamaban individualmente por arreglarse si bien en sus cálculos no siempre era acertada. Si V.E. tiene a bien aprobar el proyecto según va manifestado, no por eso se priva a los pueblos que a lo subcesibo y en tiempos más tranquilos se haga la variación que sea más justa.

Non obstante, a aprobación definitiva da división aínda tardaría un ano, período no cal houbo moitas discusións e intentos de variar a proposta. Mais, ao final, faríase oficial coa publicación no Boletín Oficial da Provincia da nova planta municipal, o 24 de decembro de 1836 dos concellos de Carbia (con cambio de nome a Vila de Cruces en 1944), Agolada e Chapa (con cambio de nome a Silleda en 1853) e o 28 de decembro de 1836 os de Rodeiro, Lalín e Dozón, sendo os da comarca os derradeiros da provincia en ser oficialmente constituídos segundo o Real Decreto do 23 de xullo de 1835.

5. Fidalgo e gran propietario de Madriñán (Lalín).

6. Dono do pazo de Cascaxide, en Escuadro (Silleda), dotado dun gran poder e influencia política. Para máis información sobre el, consúltese: <https://historiadeza.wordpress.com/2020/05/02/diputados-al-congreso-y-al-senado-por-el-distrito-de-prado-lalin/>. Consulta o 13/08/2021.




Figura 2: Sinatura dos comisionados designados para a división en concellos do partido xudicial de Lalín

4.2. As reivindicacións veciñais acerca da creación dos concellos

Como consecuencia da proposta presentada polos comisionados, diversas parroquias presentaron ante a Deputación Provincial e o gobernador civil escritos de queixa respecto a esta e de solicitude de creación de novos concellos por non estar de acordo coa división territorial establecida.

Os argumentos en que se basearon estas instancias para solicitar a modificación de lindes eran moi similares por estar recollidos, en parte, na propia lexislación. Pódense agrupar baixo a seguinte división:

- a.- Factores de tipo xeográfico (distancia territorial, malas comunicacións, orografía complicada...).
- b.- Cambio de relacións sociais e económicas ocasionadas pola modificación das antigas xurisdicións nas que se movían tradicionalmente as parroquias, especialmente transcendentales cando a nova división supoñía unha alteración dos lindes provinciais ou do partido xudicial respecto á situación anterior.

c.- Os precedentes de creación de concellos do período do trienio liberal (1820-1823).

Imos ver, a continuación, cales foron estas reclamacións concretas, agrupándoas polos actuais concellos:

Concello de Dozón:

Comezamos por Dozón por ser o único caso no que as reclamacións de constitución dun novo concello se tiveron en conta. Entre o 1 de marzo e o 2 de xuño de 1836 os veciños, representados polo procurador Pedro González, presentaron tres escritos (ADP 390/1) solicitando a conversión do antigo couto real de Dozón en concello dado que

dicha jurisdicción se compone de doscientos veynte y dos vecinos y su número de parroquias el de siete, en la que siempre se conserbó desde que la memoria humana no alcanza un alcalde, procurador y escribano de número, con cuyos individuos formaba y forma en el día ayuntamiento, ocupando en lugar del numerario un secretario fiel de fechos eligido por los restantes concejales, por tener aquel que ir a fijar su residencia a la capital de dicho partido de Lalín; esta jurisdicción por su situación topográfica en que se alla situada y según la línea divisoria, se alla confinando con la provincia de Orense y partido del Carballino y parte de mediodía cuya población se reconoce dispersa y en distintos pueblos, causa de las asperezas del terreno montañoso, de manera que del último pueblo que divide dicha provincia de Orense y partido del Carballino de esta y de la de Lalín, a que pertenece, hay la distancia de tres leguas de mal camino y áspera montaña.

Ademais, afirman que

esta jurisdicción de Dozón en época de 1821 y de 1822 con varias parroquias que se le agregaron de Deza y la jurisdicción de Camba formó uno de los más lucidos ayuntamientos que entonces se abían formado (...) sucede que quando devían de agregarle a Dozón, como lo an sido en dicha época de veinte y uno de la confinante jurisdicción de Camba y de la dicha de Deza y formar en aquella un ayuntamiento no lo an verificado y sí unir Dozón a Deza, en el día cabeza de partido, para allí formar un abultado ayuntamiento; esta unión de Deza a Dozón es perjudicial a los vecinos que represento por los motivos siguientes: primero, la jurisdicción de Deza aunque sola sin agregación de

ninguna es de contar en el día tres mil vecinos, los que también se hallan dispersos en varios pueblos y parroquias, y los últimos de estos al centro de la capital que es Lalín tener que hacer la jornada de más de tres leguas y medias de camino montañoso y cuando que en ella no se formen dos ayuntamientos para uno es demasiado; segundo, aún cuando que en Dozón no formase por sí solo el número suficiente de vecinos como lo forma, dichos comisionados deviendo tener a la vista que Dozón se hallaba rayando con la jurisdicción de Camba y su centro una legua corta de distancia para unirle a ésta y no a Deza, que la es como queda manifestado de tres y tercero, que de la formación de dichos ayuntamientos con tanta extensión es visible el perjuicio que deja verse a todos sus havitantes en concurrir de puntos tan grandes a la cabeza de ayuntamiento, ya a sus asuntos particulares, ya cuando sean llamados por la actoridad para cumplimiento de reales órdenes y sorteos, cuando esteen muchas vezes en el mayor afán de los trabajos del campo, y cansados tengan que presentarse por seren comprendidos, e ya por que los son sus hijos o parientes y sin que puedan regresar en uno o más días a sus ogares.

Pola súa banda, solícítase tamén a agregación da parroquia do Sisto, antigo couto dentro da antiga xurisdicción do Deza xa que

dicho coto y parroquia se compone de cuarenta vecinos, en el que siempre se ha conserbado un alcalde en virtud de pibilegio particular que hasta el día disfrutaba, aunque para lo político y gobernatibo se hallaba, y aún en el día halla incorporado dicho coto y parroquia a la jurisdicción de Deza

e ademais

manifestar que atendiendo a la cercanía que hay de dicha parroquia y coto del Sixto al ayuntamiento y jurisdicción de Dozón solicitan los que representan la unión de su vecindario a dicho ayuntamiento de Dozón para con las parroquias que le componen y más que se le agreguen formar ayuntamiento en que por su situación topográfica en que está aquel situado con esta parroquia forma un ayuntamiento muy local y grande proporción a los avitantes que en una y otras residen, de manera que de esta unión a los que representamos se nos siguen muchos y grandes veneficios, así como al contrario de quedar agregados a la jurisdicción de Deza los perjuicios que son consigüentes por la larga distancia y otros inconbenientes que tienen para no consentir la unión con Deza y solicitar el que se les agregue a Dozón, como punto céntrico.

Estas peticións foron atendidas, seguramente co obxectivo de rebaixar a gran extensión do concello de Lalín, o maior de toda a provincia. E aínda lle habían de engadir a parroquia de Sanguíñedo, pertencente, ao igual que O Sisto, á antiga xurisdición do Deza.

Por outra banda, en 1837 o concello de Dozón tamén solicitaría que os lugares de Ruiriz e A Pallota se desmembre do de Camba e se lle unan a el, en tanto que forman parte da parroquia de Mosteiro, encadrada no antigo couto real (ADP 390/9):

En 3 de junio el señor gefe político traslada un oficio del indicado ayuntamiento terminante a que los lugares de Ruiriz y Pallotas se desmembre del de Camba, a que fueron agregados y hagan parte del distrito de Dozón, supuesto que aunque enclavados en los límites de la antigua jurisdicción de Camba, pertenecen a la parroquia de Mosteiro de dicho Dozón, donde siguen sugetos, como siempre, al encabezado con la hacienda, y cuya parroquia está dentro del mismo distrito.

De acordo cos principios seguidos no momento á hora de configurar os municipios, antepúxose o criterio da unión de parroquias sobre o respecto aos límites das antigas xurisdicións, motivo pola cal esta reivindicación foi tamén atendida.

Non obstante, os veciños do lugar da Pallota non quedaron conformes e iniciaron unha longa reivindicación para conseguir a súa unión con Camba, antepoñendo a proximidade xeográfica e a tradición histórica á división parroquial. Tras a tramitación dun longo expediente en 1852 (ADP 390/13), a súa demanda non foi estimada.

Concello de Agolada

No concello de Agolada, fundado na unión das vellas xurisdicións de Ventosa e Borraxeiros, coñecemos o intento das parroquias do antigo couto de Basadre por constituír un concello propio, tal como existira no período do trienio, de acordo coas seguintes argumentacións presentadas polo seu procurador síndico Manuel Bernárdez (ADP 390/4): o couto está formado polos lugares de Basadroa (na parroquia de Eidián), e as parroquias de

Santa María e Santo Estevo de Basadre e San Martiño de Ramil, aos que solicitan que se lles engada o resto da parroquia de Eidián (lugares de Eidián, Amance e Galegos) e mais as parroquias de Berredo e Artoño (da xurisdición de Borraxeiros). Aínda que ten escasa veciñanza (90 veciños) e sen ingresos municipais (proprios e arbitrios), contan con casa de audiencia, arca de arquivos e alcalde así como cunha baixa litixiosidade e cargos non remunerados que farían viable a súa existencia. Do mesmo xeito, sinalan que a legua e media que os separa do núcleo de Agolada dificultaría a súa vida diaria cando sexan reclamados polas autoridades municipais.

A maiores deste caso, as parroquias de Brocos e Brántega, antigamente nas xurisdicións de Abeancos e Camanzo, respectivamente, que pasaron a depender fundamentalmente do novo concello de Vila de Cruces, son esgazadas delas e pasan a integrarse agora no novo concello de Agolada.

É especialmente significativo o caso de Brocos, que foi esquecido da relación proposta polos comisionados e como tal saíu publicada no boletín oficial da provincia. Por este motivo, o alcalde de Agolada, solicita en 1837 aclaración sobre “si la parroquia de San Miguel de Brocos deve corresponder a aquella municipalidad o otra de las inmediatas porque no se hace mención de ella en la división municipal” (ADP 390/8).

En todo caso, como veremos máis adiante, os veciños de Brocos tiñan solicitado con anterioridade a súa incorporación a un novo concello creado a maiores dos de Carbia e Agolada co obxecto de unirse, basicamente, as parroquias pontevedresas da antiga xurisdición de Abeancos, coas que lindaba.

Concello de Rodeiro

No caso de Rodeiro, coincidente basicamente coa antiga xurisdición de Camba, temos dúas reclamacións á nova configuración municipal. A primeira é da parroquia de Salto, coa particularidade de que esta non se presenta tanto contra a división municipal como contra a anterior división en partidos xudiciais e provincias. Deste xeito, Bernardo Buján, como alcalde procurador xeral do antigo couto de Santo Estevo de Salto de Agüela, solicita

en 1835 a súa dependencia do partido xudicial de Chantada (ADP 390/3), pola maior proximidade desta vila respecto a Lalín e da cidade de Lugo respecto da de Pontevedra xa que, a maiores “el expresado coto está sujeto a la jurisdicción de Amarante para la paga de tributos, reales sorteos de quintas y utilidades, si bien oprimidos con cargas a que se les quiere estrechar por este partido judicial de Lalín a que por aora están sujetos”.

En consecuencia, o gobernador civil de Pontevedra pídelle informes ao alcalde maior do partido de Lalín, ao alcalde maior do partido de Chantada e ao xuíz de Amarante acerca da situación topográfica do antigo couto de Salto, do número de veciños e da distancia a Lugo e a Pontevedra, a Chantada e a Lalín. A resposta foi claramente contraditoria ata o punto de que Mariano Feijóo, xuíz de primeira instancia de Lalín conclúe que: “este pueblo de la capital de Lugo dista 9 leguas y de la de Pontevedra lo mismo, de la caveza de este partido de Lalín 2 leguas y media y de la de Chantada 3 y media”.

En consecuencia, esta petición non foi atendida xa que, ademais, implicaría unha modificación profunda dos límites administrativos que non se considerou oportuno emprender.

Non obstante, non contentos os veciños da parroquia coa resolución do asunto, volveron facer un escrito en 1844 dirixido ao xefe político da provincia e ao Ministerio de Gobernación solicitando agora a súa incorporación a Antas de Ulla (ADP 390/16-17), que foi desestimado polos mesmos motivos.

A segunda reclamación sería a dos veciños das parroquias de Carboentes, Arnego, Asperelo, Senra, Riobó, Rodeiro, Alceme, Negrelos e Pedroso, xa en 1841 (ADP 390/12). A súa natureza é claramente distinta ás outras dado que non se cuestiona tanto a conveniencia dos límites municipais como a ineficacia e o caciquismo imperante no novo concello, motivo polo cal reclaman outro que se xestione de forma diferente ao existente.

Apelando, non obstante, á existencia dun municipio previo no período 1813 e 1820-1824, e ás distancias e malas comunicacións coa súa capital (que curiosamente tamén pedía a separación), quéixanse do corrupto

funcionamento da vida municipal encabezada polo alcalde Franciso Javier Vales, José Osorio e o secretario Joaquín Diéguez, estes dous últimos ademais colaboradores dos carlistas.

As súas reivindicacións foron atendidas a medias xa que, aínda que non se dividiu o concello de Rodeiro, si que se anuláron as eleccións previas nas que se aprobaran o nomeamento de cargos municipais.

Por último, faise constar que da antiga xurisdición de Camba desprendeuse a parroquia de Castro, que pasou a depender do concello de Lalín, sen saber moi ben cales foron as causas que motivaron tal decisión.



Figura 3: O actual concello de Rodeiro, levantado no mesmo lugar e a semellanza da fortaleza alí existente, centro da xurisdición de Camba

Concello de Silleda

O concello de Chapa, fundamentado nas parroquias da antiga xurisdición de Trasdeza, sufriu os seus principais problemas de delimitación na parte noroccidental, coincidente coa antiga xurisdición de Cira. Esta problemática xorde do empeño do deputado provincial de Tabeirós,

Juan Antonio de la Vega, en 1836, en rectificar a liña divisoria dos partidos xudiciais de Lalín e Tabeirós (ADP 390/7) coa seguinte argumentación:

Las siete parroquias de San Miguel de Castro (que comienza en Puente Ulla), Santa Eulalia de Cira, San Martín de Dornelas, San Julián de Piñeiro, San Miguel de Lamela, San Salvador de Cervaña y San Mamed de Moalde (ésta casi en su totalidad) están situados al Oeste del pequeño río de Cervaña, que deve ser el lindero de ambos partidos porque los cuadra, cortando el triángulo escaleno enclavado en del de Taveirós, y formado por las siete parroquias incorporadas sin el debido examen al de Lalín.

Del Fojo Corbelle, capital que deve ser del partido de Tabeirós, la aldea más lejana de dichas siete parroquias sólo dista legua y media, y una más a su capital actual La Estrada; cuando de la de Lalín, la más próxima dista cuasi cuatro leguas y cinco las más remotas. Según el censo que impreso existe en la diputación, el partido de Lalín tiene 164 pueblos o parroquias, 8866 vecinos, 44454 almas con la proporcional extensión territorial, cuando el de Taveirós no comprende ahora más que 71 pueblos, 6083 vecinos y 30415 almas. La población de las referidas siete parroquias es aproximadamente de 570 vecinos que unidos a los de Orazo, Loimil, Oca y Arnois pueden formar un ayuntamiento; muchas de ellas en la época del año 20 al de 23 estaban agregadas al partido de Taveirós; no puedo descubrir la menor razón para que últimamente se añadiesen al de Lalín, ya de más magnitud sin igual en la provincia; y para tantas consideraciones creo de mi dever inclinar el ánimo de V.E. a la incorporación de las expresadas siete parroquias al partido de Taveirós, drestribuyéndole en los ayuntamientos que siguen (...)

En consecuencia, propón a creación dun concello en Orazo onde se inclúen as sete parroquias actuais de Silleda que, por suposto, pasarían a depender do partido xudicial de Tabeirós.

Non obstante, esta proposta desbotouse, de acordo co informe elaborado por Juan Manuel Fontenla, comisionado pola Deputación Provincial de Pontevedra reunida en Xunta de Armamento e Defensa:

2º Que aunque merece atención la rectificación que ofrece el señor Vega de los límites del partido, estendiéndolos por el norte y nordeste hasta los ríos Deza y Cervaña, me persuado que esto no pertenece al expediente

que nos ocupa, sino más bien a otro general sobre límites de provincias y partidos que la diputación anterior debió haber formado y remitido a la Comisión mixta de la Corte; en este espediente convengo que se tenga presente la opinión del señor Vega, sin perjuicio de que en este se arreglen las municipalidades de manera que esperimenten pocas alteraciones en cualquiera rectificación de límites generales.

Relacionado con este tema e como precedente do cambio de capitalidade de Chapa a Silleda en 1853, podemos situar dous escritos presentados á Deputación Provincial:

O primeiro, datado en 1838 (ADP 390/10), solicita o traslado provisional da capitalidade do concello a Silleda “en razón de las incursiones facciosas hechas ya y a que está espuesta Chapa”, tendo en conta que o lugar de Silleda contaba cun cantón militar ou destacamento de tropa na primeira guerra carlista que lle outorgaba unha maior seguridade para o desenvolvemento da actividade municipal, mentres que Chapa xa fora invadida por unha incursión facciosa en novembro de 1837. Esta petición foi atendida, se ben facendo fincapé na provisionalidade da medida.

Non obstante, nun segundo escrito, este de 1839 (ADP 390/11), varios veciños das parroquias de Cira, Dornelas, Piñeiro, Abades e Lamela queixábanse de que, aínda que a capitalidade do concello estaba en Chapa, como punto céntrico, na práctica as sesións do concello e o despacho de asuntos gubernativos realizábase “más allá del cantón de Silleda”, o cal lles causaba prexuízos derivados da maior distancia a recorrer ata ese punto. Por este motivo solicitaban a volta da capitalidade efectiva a Chapa, tal e como estaba aprobado.

A maiores, hai que mencionar a solicitude presentada polos veciños da parroquia de Ansemil, en 1835 (ADP 390/4), na que piden a creación dun novo concello na xurisdición de Carboeiro, ao que se lle una o antigo couto de Ansemil, e que teña a capital en Merza:

dicho coto es uno de los agregados al de Brántega y Camanzo, separado de aquel en donde reside la justicia la larga distancia de tres leguas de terreno montuoso y de difícil tránsito y del segundo una legua larga con iguales dificultades por lo que la unión de Ansemil a Brántega y Camanzo

para la formación de ayuntamiento ofrece dificultades graves y perjuicios de mucha consideración, lo mismo que agregándose a la jurisdicción de Trasdeza, por separarlos por un lado el río Toja y por otro el de Chapa, que no tienen puente y con mucha frecuencia se corta toda comunicación por el crecimiento de aguas.

El coto de Ansemil se compone de la parroquia de San Pedro de este nombre, de los lugares de Paradela y Moa, de la de San Cristóbal de Martije, y del lugar de Pena en la de Santiago de Breija, que en todo compone la población de treinta y ocho vecinos. Por este número reducido no les es posible formar ayuntamiento separado, siéndolo por lo mismo forzosa la agregación a otro pueblo de los más inmediatos, que atendida la situación local de Ansemil y las circunstancias que quedan espresadas, no puede ser otro que el inmediato coto de Carboeiro, como confinante con aquel, cuyos terrenos de ambos se hallan mistos, y otros muchos intereses rurales y agrícolas: pueden comunicarse con suma facilidad y prontitud por la corta distancia de un cuarto de legua, único que dista el centro de la parroquia de Merza, que es la cabeza del coto de Carboeiro, y median otras muchas circunstancias de interés público y particular que obligan a los vecinos de Ansemil desear se les permita agregarse al ayuntamiento que se forme en Carboeiro, sin que sirba de obstáculo el hallarse separados por el río Deza, por cuanto este tiene dos puentes, el de Sulago y el de Carboeiro, que jamás se toman por las abenidas, especialmente el último.

Así mesmo, hai que mencionar o caso da parroquia de Parada de Laro, que pertencendo á antiga xurisdición do Deza, tamén foi agregada ao concello de Silleda.

Concello de Vila de Cruces

Foi o máis complicado de delimitar debido ao gran número de xurisdicións existentes no seu territorio con anterioridade á súa creación, motivo polo cal tamén foi o que sufriu un maior número de reclamacións e peticións de alteración de lindes (ADP 390/4).

En primeiro lugar, a alcaldía real e ordinaria do couto de Brandomés (parroquia de Brandariz)– e os veciños da parroquia de Obra solicitan a creación dun concello denominado Brandomés e con capital en Brandariz

dado que, xuntas, achegaban o suficiente número de veciños que, como sabemos, debía ser un mínimo de 100.

Pola súa banda, as parroquias do antigo couto de Piloño (Salgueiros, Piloño e Ollares⁷) “a fin de evitar atrasos y gastos a los naturales a distancias más largas para dar cumplimiento a sus soberanas disposiciones por conducto de las autoridades que la dirijan, tratan de establecer dicho ayuntamiento en la de Piloño, en donde lo ha sido antes de ahora, como más numerosa en vecinos y que entre los tres pasa del número de vecinos”.

Non podían ser menos as parroquias das xurisdicións de Abeancos e Caxide que tamén solicitan concello propio con base na unión das parroquias de Larazo e Ínsua “para que se le conceda un juez con su correspondiente ayuntamiento y se hunan las parroquias de San Juan de Larazo y su hunida Santa María de Arnejo, San Mamede de Loño y su hunido San Jinés de Ferreirós segundo se manifiesta (...) a fin de hebitar la largitud que media de este coto a la parroquia de Carbia y en este haver la cuota de ciento y treinta vezinos”. Resulta paradoxal esta proposta xa que sen o resto de parroquias que comprendían estas xurisdicións no Antigo Réxime, especialmente Duxame, Cumeiro e Portodemouros, o concello proposto non tería sequera continuidade xeográfica ao non seren limítrofes.

Ao respecto, hai que indicar que a parroquia de Ínsua, anteriormente pertencente ao couto de Dombodán, fora incorporada en 1835 ao couto de Caxide polo gobernador civil (ADP 390/5), ao considerar máis propicia esta adscrición para a xestión político-administrativa, ao estar a freguesía de Dombodán encadrada na provincia da Coruña (concello de Arzúa), e ser conveniente para a defensa contra as frecuentes incursións facciosas na zona.

Non obstante, non todos os veciños das parroquias destas xurisdicións consideraron esta opción como a máis indicada. Por isto, presentouse tamén outra proposta alternativa de unión das parroquias de Brocos, Arnego, Larazo, Loño, Cumeiro, Ferreirós e Besexos nun novo concello, moito máis argumentada e racional, por parte do procurador síndico xeral de Abeancos, ás que solicitan engadir Toiriz, Sabrexo e Carbia. A capital

7. Curiosamente, a parroquia de Obra, tamén deste couto, preferiu xuntarse con Brandariz.

estaría nas Cruces de Besexos xa que “todas estas claman se señala punto de ayuntamiento en este pueblo pues además de ser el céntrico, el más transitado y abitado por las tropas que se ocupan en perseguir la facción y sería muy molesto el tener la justicia más separada de esta carretera pues de las parroquias todas la más distante es de media legua”.

Do mesmo xeito, o procurador de Abeancos de Abaixo (a parte da xurisdición encadrada ao sur do Ulla) solicitou aclaración ao gobernador civil da provincia de Pontevedra o 12 de outubro de 1835 de se seguían nese momento dependentes do partido xudicial de Lalín ou á xurisdición de Abeancos comprendida na provincia da Coruña, confirmándolle aquel que se considerasen no gubernativo dependentes da provincia de Pontevedra (ADP 390/2).

Por último, tamén o antigo couto de Carboeiro reclamaba concello propio, con capital en Merza. As razóns expostas para este fin son as seguintes:

El coto de Carboeiro se compone de la parroquia de Santa María de Merza, Santiago de Fontao, San Pedro de Losón, San Mamed de Bodaño, lugares de Senín y Puerto del Carrio en Santa Eulalia de Losón, parroquia de San Juan de Saídres, Santa María de Carboeiro, lugar y coto de Pastoriza en la de San Juan de Carbia, lugar de Cortizada en la de Santa María de Sabrejo, parroquia de Santa María de Jestoso y lugar de Requeijo en Santiago de Méijome, cuyos pueblos, a excepción de los dos últimos, se hallan confinantes y limítrofes dentro de un radio de media legua desde el centro, si bien aquellos a alguna mayor distancia, pero no de difícil comunicación, formando entre todos una población de trescientos vecinos, aprosimadamente. Tienen de mistidumbre muchos terrenos, labrantes, prados, pastos y arbolados, por manera que en este respecto dependen los unos de los otros, como también del reparto de contribuciones y más cargas públicas, que repartiéndose en globo a todo el coto, se subsidian en parte aliquotas, dependiendo la de cada pueblo de la de los demás.

Todas estas circunstancias exigen que estos pueblos continúen unidos como hasta aquí han estado porque de separarlos, agregándolos a los distintos ayuntamientos que pueden formarse en la circunferencia, se seguirían graves perjuicios a los vecinos tanto en razón de sus intereses rurales y domésticos como en la devida proporción en el reparto de cargas públicas.

Por separado la utilidad que les proporciona la facilidad de comunicarse y reunirse cuando sea preciso para juntas y otros motivos de interés público; el mismo ávito que tienen de hacerlo en sitio conocido; y el conocimiento respectivo que se tiene entre vecinos los unos de los otros, tan útil y necesario para el reparto de contribuciones y elecciones municipales son también circunstancias muy atendidas para el objeto de que se trata.

Parecerá tal vez un obstáculo para la unión propuesta el hallarse algunos de estos pueblos separados por el río Deza, como son las parroquias de Saídres, Carboeiro y Jestoso; mas no lo es en realidad por cuanto tiene dos puentes, el de Sulago y Carboeiro para transitar y comunicarse con toda comodidad y seguridad sin el menor riesgo no habiendo egemplar de que en jamás estubiese cortada la comunicación ni puede estarlo, especialmente por el último por la segurísima construcción.

Aunque la parroquia de San Pedro de Losón pertenece a Carboeiro en su mayor parte, tiene dos pequeños lugares, el de Pazo y Outeiriño, de doce vecinos, que hasta aquí pertenecieron a la jurisdicción de Deza; mas habiendo ciertas cargas que costea la parroquia sin atenderse a su riqueza territorial o población, como el pago de boletines y otras de igual naturaleza, resulta un gravamen para los más vecinos en no contribuir aquellos lugares al pago en alibio de toda la parroquia por lo que parece más justo se le agregue a Carboeiro a fin de que así contribuya la parroquia por entero cual corresponde.



Figura 4: Vista de Merza, capital da xurisdición de Carboeiro, señoreada pola casa e pazo da torre de Reboredo

Pola súa banda, algunhas parroquias da antiga xurisdición de Cira (en concreto Carbia, Sabrexo e Bascuas de Gondufe) tamén quixeron facer partícipe ao gobernador civil da provincia de Pontevedra dos seus desexos de unión coas parroquias do couto de Piloño (ADP 390/7) polas facilidades existentes para as comunicacións entre elas:

Que como hasta aora se hallasen dichas tres parroquias reunidas al ayuntamiento formado en dicha jurisdicción de Cira, compuesto de varias parroquias de esta dicha provincia de su cargo, y otras de la provincia de La Coruña; pero por orden del señor gobernador de ésta se dividieron dichas parroquias de ambas provincias, quedando sólo de ésta de su cargo diez parroquias tan distantes que de las que exponen a las restantes cuasi tres leguas, y además atrabiesa un río bien caudaloso y baja al río Ulla; cuyas dos causales acarrean a los que exponen grabísimos perjuicios en el uso de justicia como también por los montes y caminos des poblados que median en dicho tránsito.

Y en aten(ción) a que dichas tres parroquias que exponen se hallan rodeando, y las dos primeras partiendo frutos con la parroquia y coto de Piloño que también se halla formado y aprobado; sin preceder entre dicho coto y las que exponen otra justicia alguna, mal paso ninguno como tampoco más distan que medio cuarto de legua, cuyas tres circunstancias son en tal grado beneméritas y combenientes a las tres que exponen para el uso y administración de justicia que precisamente le exforzan a exponerlo y elebarlo por medio de este escrito al alto y poderoso conocimiento de V.S. a quien rendidamente suplican que en atención a los causales perjudiciales y circunstancias tan combenientes según quedan referidas, se digne mandar se agreguen dichas tres parroquias que exponen al referido coto de Piloño, sin que las siete restantes le molesten en el que formen de por sí.

Esta demanda contou coa opinión favorable de Juan Antonio de la Vega, deputado de Tabeirós e entremetido en todo o que tiña que ver coa xurisdición de Cira e a unión das parroquias desta comprendidas ao Oeste do río Cervañiña ao partido que el representa. No caso que nos ocupa, tendo en conta que estas parroquias se sitúan ao Leste do río Cervañiña, aproveitaría o escrito dos veciños destas tres parroquias para facer a seguinte proposta:

1º. Que los vecinos de las referidas parroquias de Gres, Añobre, Obra, Brandariz, Salgueiros, Ollares, Camanzo, Vascuas, Merza, Carvia, Sabrejo y Piloño, sin perjuicio de las variaciones que exija la general división

municipal del partido de Lalín, por ahora se reúnan, procediendo a la formación de un solo ayuntamiento.

2º. Que estimando que deven incorporarse al partido de Taveirós, y separase del de Lalín las espresadas parroquias de Castro, Cira, Dornelas, Piñeiro, Lamela, Cervaña y Moalde, sus vecinos se unan a los de Arnois, Oca, Loimil y San Pedro de Orazo, formando otro ayuntamiento cuya capital sea este último pueblo.

Por último, temos o caso de tres parroquias comprendidas na antiga xurisdicción do Deza que se negan a integrarse no concello de Carbia e reclaman a súa incorporación ao de Lalín: Toiriz, Oirós e Asorei (ADP 390/6). Basicamente, os argumentos expostos polos veciños consisten en defender a tradición administrativa que os une á capital do Deza xa que “desde cien y más años, y en fin desde que la memoria humana no alcanza, siempre fueron domiciliarios de esta antiquísima jurisdicción de Deza” e manifestan a súa oposición posto que

últimamente a llegado a su noticia que por los distritos de aiuntamientos del partido corresponde su pequeña población al formado por capital de Carbia, distante una legua de la parroquia de Oirós. Esta novedad les ha sido sumamente sensible, máxime cuando todos los habitantes de ella ya por relaciones de comunicación, ya por intereses e ya porque el costumbre les tiene ahecho de unir a Lalín, capital siempre de la jurisdicción de Deza a que pertenecen, se les separó de su verdadero distrito, como de su patria y como de entre sus amigos y conocidos llebándoles al de Carbia donde no tiene relaciones, conocimientos ni el mismo trato. Por separado hay que pasar el río Porto a Couso, que en tiempo de invierno se inflama, de suerte que no da tránsito de a pie ni de a caballo para pasar a Carbia, ¿y será justo que a estos infelices vecinos por presumida comodidad se les haia de espatriar a distinta población, de la que nunca saldrá un regidor o representante, alternándose por consiguiente el pago de contribuciones, quintos y otras gabelas? No señor. Los esponentes están contentos y satisfechos de las órdenes vigentes pero por su mismo bien no deben consentir en la espatriación que se les prepara.

Este tema xerou unha forte controversia entre as dúas corporacións municipais na defensa da integración das parroquias nos seus respectivos concellos, ata o punto de que o gobernador político Manuel Gutiérrez Cagide indica, logo da petición dos pertinentes informes, que:

en los evacuados por las dos corporaciones municipales no aparece la imparcialidad que era de desear para la mejor instrucción del expediente. El señor Órrea dice que la distancia de dichas parroquias es igual a ambos ayuntamientos que para dirigirse al de Carbia hay que pasar algunos riachuelos de poca consideración pero que es más sospechoso el tránsito a Lalín por tener en medio el llamado Carrio y concluye manifestando que no halla inconveniente en que se acceda a la solicitud de los exponentes atendiendo a intereses que ecsisten entre los vecinos de las citadas parroquias y los de Lalín. El señor Espinosa propone por las razones que manifiesta que el ayuntamiento de Carbia se divida en dos según el proyecto que acompaña y que en el interín no halla reparo que las referidas parroquias continúen unidas como antes al de Lalín.

Non obstante, e a pesar da frontal oposición dos veciños e os informes favorables aos seus argumentos dos representantes provinciais, a incorporación ao concello de Carbia acabou por verificarse. Neste feito quizais pesaron dúas cuestións: os desexos de non incrementar aínda máis o concello de Lalín, xa de por si moi extenso, e a tardanza en presentar as reclamacións por parte dos representantes veciñais, a finais de 1836, cando xa a aprobación da nova división municipal era un feito e non se quería demorar máis.

Concello de Lalín

Deixamos para o final a configuración do concello de Lalín polas súas peculiaridades. O seu deseño enfrontouse a unha grande oposición desde o mesmo momento da presentación da proposta de división municipal por parte dos comisionados, polo gran número de parroquias que agrupaba, como xa vimos. Esa realidade, xustificada na intención de respectar a unión da maior parte da antiga xurisdición do Deza no novo concello constitucional, quizais foi a causa de que lle fosen subtraídas algunhas parroquias limítrofes para compensar tamén a menor superficie dos concellos veciños e de que se lle concedese o dereito a formar corporación a Dozón.

Non obstante, a subdivisión do concello planeou xa desde a súa creación⁸ e, se non se chegou a emprender no momento seguramente foi polas présas en aprobar a nova división municipal e o contexto de

8. Véxase a división municipal do concello no trienio liberal que se tomaba como referencia.

guerras carlistas da época (con Lalín como teatro central de operacións) que dificultaba moito a tarefa.

Mais en sesión do 13 de abril de 1842 a Deputación Provincial aprobou a subdivisión do concello en catro independentes, que poderían ser tres ou cinco se a topografía do territorio o aconsellase (ADP 390/14). A razón desta decisión, a maiores do xa exposto, sería o seu mal funcionamento nos primeiros anos que a Deputación atribuíu a que “una de las causas que entorpecen la buena administración del distrito municipal de Lalín es su demasiada extensión y el excesivo número de parroquias de que se compone” xa que, nese momento, contaba con 51 parroquias e 1842 veciños.

Ao día seguinte, o 14 de abril de 1842, a Deputación Provincial solicitalle a Eusebio de la Fuente, xuíz de primeira instancia de Lalín, que elabore unha proposta de delimitación dos novos concellos, a cal presentou xa o 1 de maio de 1842, de acordo co seguinte resultado:

Actual distrito municipal de Lalín dividido en cuatro ayuntamientos que llenan las indicaciones apetecidas por la Excelentísima Diputación Provincial:

San Martín de Lalín: Lalín (capital), Donramiro, Donsión, Botos, Jesta, Villanueva, Catasós, Castro, Alemparte, Maceira, Albarellos, Goiás, Sello, Fuente Cabalos, Moneijas, Pena y Filgueira.

San Adrián de Madrián: Madrián (capital), Santiso, Méijome, Busto, Losón, Anzo, Bendoiro, Prado, Noceda y Bermés.

San Esteban de Barcia: Barcia (capital), Doade, Sotolongo, Lodeiro, Gresande, Cristimil, Anseán, Lebozán, Zobra y Villatuge.

Santa Marina de Cangas, capital Montrigo: Cangas, Camposancos, Bal, Galegos, Cercio, Cello, Cadrón, Muimenta, Alperiz, Parada, Palmou, Palio, Erbo y Rudís.

Almas de que se compone cada uno:

Lalín: 2142, Madrián: 1021, Barcia: 1341, Montrigo: 1020. Total: 5324.

Non obstante, a Deputación seguramente non contaba coa frontal oposición e mobilización da veciñanza do Deza. Así, a reacción por parte

dos lalinenses non se fixo esperar e no propio mes de maio e xuño, a través de apoderados, presentáronse varios escritos con sinaturas da maior parte dos cabezas de familia de 31 parroquias, representados, principalmente, polo veciño de Noceda Domingo Antonio Pérez.

As razóns esgrimidas nestes escritos para opoñerse á subdivisión poden resumirse na seguinte exposición:

Además de que habiando formado desde remota época una misma jurisdicción o un mismo pueblo, se romperían lazos, cortarían relaciones y hirirían intereses de consideración, y por lo mismo no atinan con la causa de utilidad que preparase tal proyecto. Ni la importancia de la población ni el número de sus habitantes lo aconseja, porque casi todos los ayuntamientos de la provincia son iguales o mayores bajo ambos conceptos. El espíritu del país lo resiste porque ataca su costumbre e interés de buscar la autoridad administrativa en la cabeza de partido donde mensualmente se celebran dos mercados y con el cual están en continuo contacto, residiendo en el mismo no sólo el juez de 1ª instancia sino algunas personas de mediana instrucción que pueden dirigirles más negocios, y finalmente porque ven en tal proyecto un aumento de gastos cuando su miseria ha llegado, por las circunstancias en que se halló el país con motivo de la infame y atroz guerra civil que felizmente terminó, al extremo. Sólo unos cuantos, excelentísimo señor, que desean el mando para poner en juego sus reprobados manejos y aprovecharse de la sencillez y buena fe de los moradores de este distrito, representarían a V.E. solicitando la espresada división que repugna la inmensa mayoría de aquellos.

Esta oposición debeu minar as intencións da Deputación Provincial e, aínda que a proposta foi aprobada, o xefe político, do cal se requiría a tramitación do oportuno expediente, non debeu levar adiante este plan. Esta foi a causa de que, aínda hoxe, o concello de Lalín siga sendo un dos máis grandes de Galicia.

